

ACTAS
DO XIII CONGRESO INTERNACIONAL
DE GALICIA E NORTE DE PORTUGAL DE
FORMACIÓN PARA O TRABALLO

Santiago de Compostela
14 e 15 de xullo de 2011

Mobilidade, Formación, Orientación e Emprego no ámbito transfronteirizo



EDICIÓN A CARGO DE
Antonio F. Rial Sánchez
Margarita Valcarce Fernández
Eva M.^a Barreira Cerqueiras
Laura Rego Agraso
Raquel Mariño Fernández
M.^a José Méndez Lois
Pilar Carnota Carneiro
Elisa Teresa Zamora Rodríguez

UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

publicacións

Mobilidade, Formación, Orientación e Emprego no ámbito transfronteirizo

Como consecuencia da globalización e da construción dunha Europa común e coa eliminación das fronteiras entre os países membros para facer efectiva a libre circulación de traballadores e traballadoras, a mobilidade da poboación transfronteiriza de Galicia a Portugal e viceversa pasou de ser unha realidade ilegal e agachada a avanzar na perspectiva dunha situación legal, normalizada e visíbel. Emerxen así novas necesidades compartidas, entre as que destacan a formación e a orientación para o traballo en ambos contextos. Entendemos, pois, que tanto unha como a outra se converten en estratexias de primeira orde para a normalización da mobilidade no emprego.

Coñecer as boas prácticas e proxectos, xa realizados ou en proceso de desenvolvemento, vinculados coa mobilidade é o obxecto desta decimoterceira edición do Congreso de Formación para o Traballo, coa intencionalidade anexa de tomar conciencia das carencias existentes, aproximarnos aos resultados da investigación e poñer en valor os efectos da actividade desenvolvida polos distintos axentes implicados nos ámbitos da formación, a orientación e o emprego no contexto luso-galaico.

**Mobilidade, Formación, Orientación
e Emprego no ámbito transfronteirizo**

CURSOS E CONGRESOS DA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
N.º 215

Mobilidade, Formación, Orientación e Emprego no ámbito transfronteirizo

Actas do XIII Congreso Internacional de Galicia e Norte de Portugal de Formación para o Traballo

Santiago de Compostela, 14 e 15 de xullo de 2011

Edición a cargo de
ANTONIO F. RIAL SÁNCHEZ
MARGARITA VALCARCE FERNÁNDEZ
EVA M.^a BARREIRA CERQUEIRAS
LAURA REGO AGRASO
RAQUEL MARIÑO FERNÁNDEZ
M.^a JOSÉ MÉNDEZ LOIS
PILAR CARNOTA CARNEIRO
ELISA TERESA ZAMORA RODRÍGUEZ

2012

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>



Esta obra se encuentra bajo una licencia internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra no incluida en la licencia Creative Commons BY-NC-ND 4.0 solo puede ser realizada con la autorización expresa de los titulares, salvo excepción prevista por la ley. Puede Vd. acceder al texto completo de la licencia en este enlace: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.es>



This work is licensed under a Creative Commons BY NC ND 4.0 international license. Any form of reproduction, distribution, public communication or transformation of this work not included under the Creative Commons BY-NC-ND 4.0 license can only be carried out with the express authorization of the proprietors, save where otherwise provided by the law. You can access the full text of the license at <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/legalcode>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2012

Edita

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
www.usc.es/publicacions

DOI: <https://dx.doi.org/10.15304/cc.2022.140>

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

Antonio RIAL SÁNCHEZ / Margarita VALCARCE FERNÁNDEZ	13
---	----

PRÓLOGO

Manuel Joaquim LOPES RAMOS	15
----------------------------------	----

Conferencias e Mesas redondas

Evolución histórica das relacións transfronteirizas Galicia-Norte de Portugal

Rubén Camilo LOIS GONZÁLEZ / Francisco José ARMAS QUINTÁ	19
--	----

Movilidad transfronteriza: perspectivas de futuro

Teresa GONZÁLEZ VENTÍN	33
------------------------------	----

Mobilidade transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal: diagnóstico e perspectivas de futuro

Francisco CARBALLO-CRUZ	41
-------------------------------	----

As oportunidades na cooperación transfronteiriza de Galicia e Norte de Portugal na formación e no emprego

María José CORTES JIMÉNEZ	57
---------------------------------	----

O contributo da Galiza e do Norte de Portugal para o desenvolvemento das Regiões na Europa

Antonio PEGO	65
--------------------	----

<i>Cualificación, acreditación e certificación para a mobilidade</i> María Eugenia PÉREZ FERNÁNDEZ	67
<i>O Sistema Nacional de Qualificações: certificação, relevância e transparência</i> Sandra LAMEIRA	79
Panel de entidades de formación	
<i>O proxecto Desirée 3. Repositorio de obxectos de aprendizaxe. Sindicato Comisións Obreiras</i> Alberto PERMUY LEAL	87
<i>Operación España</i> Inmaculada VIEJO GÓMEZ	99
<i>A motivação para a aprendizagem ao longo da vida: práticas desenvolvidas pelo Centro de Formação Profissional de Chaves</i> Ana Isabel FERNANDES MOREIRA / Diana CARVALHO DE MEIRELES	103
Comunicacións e pósters	
Mesa de comunicacións 1: Necesidades de formación	
<i>Unha proposte Europea de curriculum para a orientación da carreira</i> Elena FERNÁNDEZ REY / Cristina CEINOS SANZ / Ana I. COUCE SANTALLA / Rebeca GARCÍA MURIAS / Miguel Anxo NOGUEIRA PÉREZ / Sílvia VÁZQUEZ BARGIELA	113
<i>A formación en Tecnoloxía da Información e da Comunicación do profesional da orientación dende o marco do proxecto europeo DICBDPEC</i> Miguel Anxo NOGUEIRA PÉREZ / Elena FERNÁNDEZ REY	123
<i>Proyecto DICBDPEC: aspectos socioeconómicos de la orientación para la carrera</i> Rebeca GARCÍA MURIAS / Sílvia VÁZQUEZ BARGIELA	135
<i>Desarrollo profesional de los orientadores: presencia e incidencia de las competencias de orientación para la carrera en los planes de formación</i> Cristina CEINOS SANZ / Ana I. COUCE SANTALLA	147
<i>La formación por competencias profesionales. La materia "Escuela inclusiva y atención a la diversidad" en el Grado de Educación Infantil de la Facultad de Ciencias de la Educación del Campus de Ourense</i> María del Pilar GONZÁLEZ FONTAO / Eva Mónica MARTÍNEZ SUÁREZ	163

<i>La formación por competencias profesionales. La materia "Orientación y tutoría con la familia" en el Grado de Educación Infantil de la Facultad de Ciencias de la Educación del Campus de Ourense</i> María del Pilar GONZÁLEZ FONTAO / Eva Mónica MARTÍNEZ SUÁREZ	175
<i>Necesidades formativas de los profesionales de la orientación: un estudio a partir de las competencias adquiridas en las prácticas</i> María Luisa RODICIO-GARCÍA / María Josefa IGLESIAS-CORTIZAS	185
<i>El docente universitario, una visión desde sus competencias hasta su formación</i> Óscar MAS TORELLÓ / Patricia OLMOS RUEDA	197
<i>La adaptación de las enseñanzas musicales superiores al EEES. Aproximación a las disonancias entre oferta formativa y el desempeño profesional</i> Silvana LONGUEIRA MATOS	213
<i>Valoración de la formación de pilotos en la Universidad</i> Fernando LÓPEZ-AZCÁRATE FERNÁNDEZ	227
<i>Características de los estudiantes de las titulaciones de piloto en la Universidad</i> Fernando LÓPEZ-AZCÁRATE FERNÁNDEZ	239
<i>El diseño de situaciones de aprendizaje en la Formación Profesional. Una aproximación desde las competencias profesionales docentes de la Educación Media Técnico Profesional (EMTP) chilena</i> Gladys ASTETE CERECEDA / Antonio NAVÍO GÁMEZ	251
<i>Factores condicionantes en la formación para el empleo en los jóvenes inmigrantes marroquíes no acompañados. El caso de un centro residencial de acción educativa (CRAE)</i> Antonio PÉREZ ROMERO / Pedro JURADO DE LOS SANTOS	273
<i>El Plan de Formación en empresa basado en competencias. Un modelo para una Institución del Tercer Sector</i> Antonio PÉREZ ROMERO	285
<i>Dispositivos de formación en cooperativas agroalimentarias de éxito. Dos casos gallegos</i> María Isabel DOVAL RUIZ / Adolfo PÉREZ ABELLÁS / María Ainhoa ZABALZA CERDEIRIÑA	299

<i>El sentido de la formación basada en las necesidades de los trabajadores: la experiencia de cuatro empresas ubicadas en Galicia</i>	
M. ^a Luis RODICIO-GARCÍA / Manuela RAPOSO RIVAS / M. ^a Esther MARTÍNEZ FIGUEIRA	313
<i>Estudio de necesidades y marketing para la formación: el caso de una pequeña empresa del sector turístico</i>	
Eva María BARREIRA CERQUEIRAS / Pablo RIAL GONZÁLEZ	327
<i>O perfil profesional do docente universitario da titulación de Pedagogía en clave transfronteiriza</i>	
Eva María BARREIRA CERQUEIRAS	341
Mesa de comunicacións 2: Orientación profesional	
<i>Orientação vocacional em grupo com adolescentes a través da arte cinematográfica</i>	
Sofia RODRIGUES / Joaquim LUÍS COIMBRA	357
<i>Significados e desafios associados à vivência do desemprego e o impacto no desenvolvimento vocacional</i>	
Ana Margarida MARTINS / Carlos GONÇALVES	367
<i>Orientação Vocacional em Contexto Escolar: a pluriparticipação e o esboroar de fronteiras entre alvos de intervenção</i>	
Ana MOUTA / Núria SOARES / Inês NASCIMENTO	387
<i>A deslocalização do espaço de intervenção: a utilização sistemática de um blogue focado no desenvolvimento vocacional</i>	
Ana PAULINO / Ana MOUTA / Inês NASCIMENTO	397
<i>Necesidades de la Formación Profesional en centros educativos de Jaén</i>	
Antonio PANTOJA VALLEJO / Cristóbal VILLANUEVA ROA	405
<i>Transformações no mundo do trabalho e seus significados: como orientar em tempos de crise?</i>	
Fabiana SOARES FERNANDES / Carlos GONÇALVES	417
<i>Xénero e orientación profesional</i>	
María Julia DIZ LÓPEZ	429
Mesa de comunicacións 3: Empleo e inserción sociolaboral	
<i>Evaluación de la transferencia de la formación continua mediante el modelo ETF de factores</i>	
Carla QUESADA PALLARÈS / Pilar PINEDA HERRERO / Berta ESPONA BARCONS	443

<i>Enseñanza técnica y formación profesional como estrategia de inserción laboral de los jóvenes en Cabo Verde</i> Alcides FERNANDES DA MOURA	455
<i>Estudio e análise das posibilidades profesionais dos titulados superiores en música: formación, valoración e orientación</i> M.ª Elena SOBRINO FERNÁNDEZ	469
<i>El emprendedor en solitario: identificación de competencias profesionales y substrato legal en Galicia y Norte de Portugal</i> Carmen Delia GARCÍA-FUENTES DE LA FUENTE / Rebeca VILA BLANCO	477
<i>Estudio exploratorio sobre as expectativas de emprego dun grupo de titulados superiores en Galicia</i> Neves ARZA ARZA / Mercedes GONZÁLEZ SANMAMED	489
<i>Mobilidade na procura de emprego</i> Mercedes GONZÁLEZ SANMAMED / Eduardo Xosé FUENTES ABELEDO	503
<i>Iniciativas e mecanismos para a procura de emprego</i> Eduardo FUENTES ABELEDO / Neves ARZA ARZA / Pablo César MUÑOZ CARRIL	515
<i>Aprendizaxe-servizo e desenvolvemento de competencias para a vida laboral</i> Alexandre SOTELINO LOSADA	527
<i>O papel da ordenación territorial da Formación Profesional inicial na inserción laboral: o caso dunha comarca galega</i> Laura REGO AGRASO	537
Mesa de comunicacións 4: Diversidade laboral	
<i>As interpretacións do colectivo de profesionais no acceso das mulleres con discapacidade ao emprego</i> Alicia DÍAZ BALADO	551
<i>A cuestión laboral nos modelos teóricos da discapacidade</i> Alicia DÍAZ BALADO	559
<i>El empleo con apoyo desde un enfoque pedagógico: la formación de preparadores laborales en el contexto universitario</i> Juan J. LEIVA OLIVENCIA	565

<i>La contribución de la formación en la mejora de la inserción sociolaboral de los jóvenes en riesgo de exclusión: estado de la cuestión en el contexto catalán</i> Patricia OLMOS RUEDA / Óscar MAS TORELLÓ / Pedro JURADO DE LOS SANTOS	575
---	-----

Mesa de comunicaciones 5: Aprendizaxe ao longo da vida

<i>Em busca de novas oportunidades: a auto-eficácia na promoção da aprendizagem ao longo da vida</i> Ângela A. BRAGANÇA / Joaquim L. COIMBRA / José M. CASTRO	587
--	-----

<i>Identificación e análise de boas prácticas de formación nas empresas galegas</i> M. ^a Luisa RODICIO-GARCÍA (coord.) / M. ^a Isabel DOVAL RUIZ / Adolfo PÉREZ ABELLÁS / Héctor M. RODRÍGUEZ CAGIAO / Alfonso CID SABUCEDO / Manuela RAPOSO RIVAS / Eduardo FUENTES ABELEDO / Pablo C. MUÑOZ CARRIL / Raquel MARIÑO FERNÁNDEZ / M. ^a Esther MARTÍNEZ FIGUEIRA	597
---	-----

<i>Análisis de los dispositivos de formación vigentes en Galicia</i> María del Mar SANJUÁN ROCA / Antonio RIAL SÁNCHEZ / Pilar CARNOTA CARNEIRO / Rocío GARCÍA PAZOS / Raquel MARIÑO FERNÁNDEZ / Margarita VALCARCE FERNÁNDEZ / Elisa ZAMORA RODRÍGUEZ	613
---	-----

<i>Desarrollo de iniciativas europeas de formación de adultos en España y Portugal</i> María del Mar SANJUÁN ROCA / M. ^a José MÉNDEZ LOIS	635
---	-----

Mesa de comunicaciones 6: Indicadores e circunstancias da mobilidade

<i>A inmigración portuguesa cara Galicia: unha ollada ás novas necesidades de formación</i> Diana PRIEGUE CAAMAÑO / Cristina VARELA PORTELA	657
--	-----

<i>La transnacionalización educativa en España y Brasil. Construcción de espacios comunes y perspectivas para la formación docente universitaria</i> Luciana LEANDRO DA SILVA	675
--	-----

<i>Cruzando a raia: galegos no Norte de Portugal. Unha emigración histórica</i> Rocío BOTANA IGLESIAS	691
--	-----

<i>A migración feminina na eurrrexión Galicia-Norte de Portugal: algúns apuntes para a investigación cualitativa e a orientación profesional a partir duns poucos datos relativos ao caso de Ourense</i> Margarita VALCARCE FERNÁNDEZ	705
--	-----

Mesa de comunicaciones 7: Novas tecnoloxías

<i>Estrategias docentes para un aprendizaje significativo en el entorno de trabajo</i> Antonio FABREGAT PITARCH / Isabel María GALLARDO FERNÁNDEZ	721
--	-----

<i>O e-learning nas empresas galegas: un estudo de caso</i> Héctor Manuel RODRÍGUEZ CAGIAO / Pablo César MUÑOZ CARRIL	733
<i>Potencialidades del CMAPTOOLS en la investigación interregional: un análisis de buenas prácticas docentes</i> M. ^a Esther MARTÍNEZ FIGUEIRA	747
<i>Software audiovisual para la investigación sobre docencia universitaria: un caso analizado</i> M. ^a Esther MARTÍNEZ FIGUEIRA / Manuela RAPOSO RIVAS	759
Presentacións en modalidade de póster	
<i>Análise do manual de avaliación da actividade docente da USC</i> Raquel MARIÑO FERNÁNDEZ / Rocío GARCÍA PAZOS	775
<i>Inteligencia Emocional (IE), liderazgo afectivo, capital emocional y empresa</i> M. ^a del Carmen GUTIÉRREZ MOAR / Teresa M. ^a GUTIÉRREZ MOAR	785
<i>Las competencias en la educación musical</i> Silvana LONGUEIRA MATOS	793
<i>Intereses académicos y profesionales de las/os alumnas/os de Formación Profesional de Galicia: un análisis diferencial por sexo</i> Ana M. ^a PORTO CASTRO / M. ^a Josefa MOSTEIRO GARCÍA / José CAJIDE VAL / Rita RADL PHILIPP / Dolores CASTRO PAIS / Silvia SIERRA MARTÍNEZ / M. ^a Elena SOBRINO FERNÁNDEZ	807
<i>Caracterización dos docentes de Formación profesional inicial na comarca do Barbanza: cuestións de interese en relación coa ordenación territorial dos ciclos formativos</i> Laura REGO AGRASO	821
<i>Reconocimiento y acreditación de competencias profesionales en Galicia</i> M. ^a del Pilar CARNOTA CARNEIRO	833

Presentación

ANTONIO RIAL SÁNCHEZ
MARGARITA VALCARCE FERNÁNDEZ
Directores Comité Organizador

Constatado está, a través de distintas publicacións que a Eurorexión Galicia-Norte de Portugal constitúe unha comunidade de traballo cunha identidade histórica, xeográfica, cultural, social e económica propias.

É nesta comunidade na que nos propuxemos, na trece edición do Congreso Internacional de Galicia e Norte de Portugal, analizar todo o relativo á circulación das persoas na base da actividade humana da poboación activa. Como se comporta nas interrelacións que se producen entre os distintos factores que definen a migración temporal ou definitiva neste contexto por motivos de traballo.

Sendo conscientes da complexidade desta meta, enténdemos obrigado abordar a mobilidade, a formación, a orientación e o emprego neste ámbito transfronteirizo, na perspectiva —coma sempre— de provocar a reflexión e promover a aprendizaxe continuada de tódalas persoas que nos distintos escenarios (científicos, políticos, técnicos, formativos e produtivos) exercemos responsabilidades de diversa natureza en relación a estas temáticas.

É no intercambio onde reside á esencia da aprendizaxe non formal e en eventos como este no que se fai efectiva a formación permanente dos/as profesionais motivados

por desenvolver o coñecemento que fará posíbel o progreso e o avance de comunidades como a nosa, nesta periferia atlántica da Unión Europea, área transfronteiriza de grandes oportunidades, na que construír referentes e dende a que aportar conclusións, que desexamos resulten de utilidade para as institucións, as políticas e as persoas no goce de novos dereitos, como consecuencia de novos marcos legislativos.

Esta décimo terceira publicación, é a principal evidencia do traballo feito, unha aportación máis para a investigación, o estudo e a aplicación de todo o exposto, discutido e falado.

MANUEL JOAQUIM LOPES RAMOS
Ex-Delegado Regional do Norte
Instituto Emprego e Formação Profissional (IEFP)

Os tempos actuais apresentam como principal característica, um acelerado processo de transformação e de mudança.

Esta mudança é um autêntico desafio que se nos coloca permanentemente e que nos permite abrir também novas janelas de oportunidades, permitindo às gerações mais novas libertarem-se de preconceitos e estigmas que condicionam a procura individualizada dos melhores caminhos.

Dada a impossibilidade de se prever com segurança, o que será o futuro para os mais jovens, resta-nos apostar na sua aprendizagem para que se possam apetrechar das ferramentas necessárias a enfrentarem essa transformação.

Nesta grande Europa Comunitária, cada vez mais, é possível e urgente apostar na sua diversidade, nas potencialidades que cada região apresenta e naturalmente em cada um dos seus cidadãos.

Em boa hora se apostou nesta ligação entre a região da Galiza e o Norte de Portugal.

A história destes povos sempre esteve interligada. É uma região natural com muitos e variados usos e costumes e uma base linguística comum, que querem partilhar entre si as suas idiossincrasias e manter acordado o sonho de uma Europa sem fronteiras.

O tema deste XIII Congresso, “mobilidade, formação e emprego transfronteiriço” não podia reflectir de forma tão actual um dos desafios mais imediatos que os diversos povos enfrentam, quer na Europa, quer no resto do mundo.

Cada vez com mais insistência, procura-se definir um quadro de competências e de atitudes que assegure e favoreça uma transição para a vida activa, facilitando a adaptabilidade às transformações actuais e futuras das novas gerações.

Já Roberto Carneiro, em 1988 referia que “... o processo de formação implica a aquisição de uma sólida formação de base que favoreça no futuro a reconversão e a mobilidade profissionais, resultantes do processo acelerado de mudanças sociais e tecnológicas”.

É este o desafio que se nos coloca e para o qual teremos de mobilizar todas as nossas energias, fazendo deste *nosso espaço*, um lugar de partilha de novas oportunidades, de apoio a todos aqueles que nos dois lados procuram encontrar soluções que visem o reforço das suas potencialidades e naturalmente o seu desenvolvimento sustentado, de forma a valorizar toda a vasta riqueza humana e patrimonial que foram construindo e consolidando ao longo da *nossa história*.

Acreditamos que desta forma e independentemente das dificuldades que estes tempos nos acarretam, é possível manter e reforçar este *congresso*, para que ele possa ser um, de muitos outros espaços de reflexão e partilha, entre os nossos povos e mantenha acesa a vontade de continuarmos a partilhar aquilo que nos é tão querido.

Conferencias e mesas redondas

CONFERENCIA INAUGURAL

Evolución histórica das relacións transfronteirizas Galicia-Norte de Portugal

RUBÉN CAMILO LOIS GONZÁLEZ

FRANCISCO JOSÉ ARMAS QUINTÁ

Universidade de Santiago de Compostela

1. Introducción

O interese que suscitou o estudo das fronteiras e particularmente a Galego Portuguesa, veu motivado pola diversidade dos puntos de vista coa que é tratada. Entre eles pódese citar á fronteira como algo diverso e cambiante, como unha liña trazada nun mapa, ou como unha experiencia vital que configura as identidades dos que viven entorno a ela. No marco da Xeografía Política, os límites internacionais, interrexionais, e entre provincias e municipios, son un tema de crecente interese nesta ciencia social, debido ó carácter cambiante das mesmas. No marco da Unión Europea, a fronteira adquiriu unha especial relevancia, xa que fixo desaparecer moitas das funcións tradicionais entre os países membros; a delimitación dos mercados nacionais, de traballo, de territorios que comparten unha mesma moeda, etc. Ó mesmo tempo, a Unión Europea trata de impermeabilizar as súas fronteiras exteriores. Dende o noso punto de vista, o concepto de fronteira segue a ser válido para todas as realidades, aínda que xa non existan dúas fronteiras internacionais idénticas no mundo. Doutro lado, o distinto peso das rexións en Europa e a convivencia de estados centralistas e outros moi descentralizados, debuxan un mapa moi complexo que suscita un grande interese entre os estudosos da Xeografía e a Ciencia Política.

O presente artigo ter como obxectivo abordar os significados de fronteira, doutros afíns como demarcación, delimitación e deslinde, así como expoñer algúns exemplos de cooperación transfronteiriza, entre os que se destaca os procesos de cooperación na Eurorrexión Galicia Norte de Portugal. Este traballo está dividido en catro apartados. No primeiro deles afóndase nos conceptos de fronteira, demarcación, delimitación e deslinde, baseado nun conxunto de definicións sobre o feito fronteirizo do Dicionario de Geografía urbana, urbanismo y ordenación del territorio (ZOIDO, DE LA VEGA, MORALES, MAS y LOIS, 2000), que foron actualizadas e revisadas. No segundo apartado preséntanse tres exemplos de cooperación transfronteiriza; a rexión de Barents, un amplo espazo de cooperación entre os países nórdicos e Rusia; as implicacións que tivo o establecemento de Zonas Económicas Exclusivas en Europa para as fronteiras marítimas; e a cooperación transfronteiriza entre Galicia e o Norte de Portugal. No terceiro apartado estudase a Eurorrexión Galicia Norte de Portugal, o proceso de conformación do eixo urbano atlántico, os contrastes poboacionais no seo da Eurorrexión, as relacións económicas e a mobilidade da súa poboación, ben sexan de carácter laboral ou con fins turísticos. Por último, o cuarto apartado está dedicado ó estudo das cidades, conxuntos históricos e patrimonio monumental no entorno da raia galego portuguesa.

2. Espazos de cooperación territorial. Os significados de fronteira, demarcación e delimitación

Debemos comezar este apartado realizando unha clarificación terminolóxica en relación ós conceptos de fronteira, demarcación e outras palabras afíns tales como delimitación e deslinde, co fin de expor unha das bases teóricas principais da análise do feito fronteirizo. Para iso, a metodoloxía seguida baséase nas definicións recollidas no Dicionario de Xeografía Urbana, Urbanismo e Ordenación do Territorio (ZOIDO, DE LA VEGA, MORAIS, MAIS e LOIS, 2000) a partir das cales se expoñen novas reflexións.

Unha *demarcación* é calquera operación oficial de dar un límite con valor político-administrativo a un territorio ou parte do mesmo. O establecemento dunha marca ou un límite territorial respondeu tradicionalmente á necesidade de dispor de unidades significativas, tanto para contar con entidades de base para a organización político-administrativa do territorio, como para o estudo de problemas territoriais e para a planificación desa natureza. O acto máis reiterado e básico desa natureza son as demarcacións municipais e nacionais. A partir das mesmas, e dende a ordenación do territorio, aparecen novas necesidades relacionadas coa planificación territorial, circunstancia que pode levar a facer compatibles ou inadecuadas certas demarcacións. Son exemplos clásicos do acto de demarcar a división provincial ou o establecemento

de límites con países veciños, e máis recentemente para referirnos á demarcación das áreas metropolitanas ou de servizos, así como de calquera entidade administrativa que poida xurdir.

A *delimitación* é o acto de establecer os confins ou límites dun ámbito cuxa natureza, función ou sentido se fixou previamente, por exemplo, un Estado-nación, unha rexión ou unha entidade para o desenvolvemento rural. Este termo pode ser entendido como o de significación máis xeral, precisado por outros como demarcación ou deslinde. Aínda que na linguaxe coloquial os mesmos se utilizan frecuentemente como sinónimos, cabe entender tamén que demarcación contén o matiz de establecer un límite con valor administrativo ou oficial nalgún sentido, e que deslinde se utiliza expresamente para facer referencia a actos de delimitación tecnicamente minuciosos e procedimentalmente moi rigorosos, como pode ser o caso do deslinde dun monte público. A delimitación é unha operación esencial no coñecemento e comprensión do espazo xeográfico e dos territorios entendido como o acto que culmina calquera proposta de intervención sobre un determinado ámbito.

No que respecta ó *deslinde* é a operación pola cal se determinan os límites materiais precisos dun espazo, sexa un solar, un termo municipal ou unha nación. Cando existen problemas de deslinde entre territorios, o responsable técnico para o caso de España é o Instituto Xeográfico Nacional, o cal se encarga de arbitrar, mesmo de establecer a liña límite ou linde aceptada. Poderíamos dicir que o deslinde é a operación máis usual de apropiación dun espazo, de separación cos demais espazos. A partir da mesma virían a delimitación, a demarcación (debe de existir unha autoridade superior que a sancione) e a fixación de fronteiras.

Dende a perspectiva da análise de *fronteiras*, a separación entre dous estados-nación significa en sentido xenérico, unha delimitación ou unha demarcación, dado que se acompaña dun significado político-administrativo, materializándose mediante unha operación de deslinde. Aínda que existen moitas interpretacións que afirman a existencia de fronteiras desde a Idade Media, o feito fronteirizo é contemporáneo. Na Idade Media, no feudalismo, existiron numerosos territorios, xurisdicións e señoríos coas súas correspondentes delimitacións e demarcacións. Con todo, denominar a todo isto fronteira é moi arriscado. Estes acordos eran moi volubles e o estado absolutista tiña moi limitado o seu instrumental de poder. Na Idade Moderna, as demarcacións eran fráxiles e respondían as lóxicas de dominio dos monarcas ou dalgúns señores, antes que a unha delimitación de dous estados soberanos onde os cidadáns exercen a soberanía.

A construción de fronteiras foi un produto da afirmación dun aparello estatal moderno e da conformación de mercados nacionais. O significado actual de nación procede do período napoleónico e a nación, como expresión da vontade soberana dos cidadáns, ten dereito a exercer o control sobre un territorio perfectamente demarcado. A partir desta idea créase un exército, unha administración e un aparello lexislativo

nacional que debe ser aplicado até os confins do propio territorio. O desenvolvemento dos estados modernos foi desigual e pódese afirmar que a finais do século XIX, xa estaban completamente consolidados e que existían verdadeiras fronteiras.

Entre 1870 e 1945, co fin da Guerra franco-prusiana e as unificacións alemá e italiana, e o remate da IIª Guerra Mundial, estendeuse a época dourada dos Estados-nación e das fronteiras. Unha época dourada que se sacralizou co reparto de Europa na Conferencia de Ialta e co proceso de descolonización de África e Asia. Hoxe en día, o concepto clásico de Estado-nación omnipotente e omnipresente entrou en crise debido ao incremento da mobilidade da poboación e á globalización. No pasado, pertencer a unha nación ía parello a ter unha residencia case permanente, e se se tiña que saír era necesario pedir un salvoconduto ou dispor de pasaporte. Só unhas minorías moi restrinxidas conseguían abandonar por certos períodos o seu propio país. Esta situación mudou radicalmente. A mellora nas comunicacións e a revolución dos transportes, en especial coa proliferación das compañías aéreas de Low Cost, provocou que as persoas crucen na actualidade con asiduidade as fronteiras, ben sexa para a práctica do turismo, por motivos laborais ou para procurar unha residencia máis barata.

3. Algúns exemplos de cooperación transfronteiriza.

Hai unha serie de elementos que se repetiron en case todos os exemplos de cooperación desenvolvidos en épocas recentes en Europa e que deseguido se citan. As fronteiras foron creadas en Europa para demarcar os mercados nacionais fortemente impulsados polas transformacións económicas rexistradas entre finais do século XVIII e todo o XIX. Nese período, a acusada división política do continente fixo que as aduanas internas, se convertesen dende moi cedo en trabas ó desenvolvemento económico. Por iso, todas as medidas iniciais de cooperación entre nacións se basearon na eliminación das barreiras fronteirizas ó tránsito de mercadorías. No interior de unidades supranacionais consolidadas, como o caso da Unión Europea, facilítase o libre tránsito de persoas sen ningún tipo de obstáculos. Con todo, entre a Unión Europea e outros territorios europeos, e para quen se desprace desde fóra dos límites da mesma, xa se impón unha mobilidade limitada.

Un aspecto no que sen dúbida se avanzou no ámbito da cooperación transfronteiriza, foi o da mellora substancial das relacións entre rexións e localidades veciñas separadas por un límite internacional. Nestes últimos tempos, os exemplos son variados, como a constitución da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, coa intención de crear un espazo económico integrado. Doutra banda, o consenso obtido ao redor da moeda única europea, o Euro, demostra a práctica inutilidade de moitas divisións internacionais neste inicio do século XXI. Un aspecto no cal existe consenso, pero

onde os avances foron escasos é na construción dunha voz europea común no marco da política exterior. Cando se consiga isto desaparecerá un dos campos clásicos das competencias nacionais, e a medio prazo isto debe ocorrer.

A continuación amósanse tres exemplos de prácticas de cooperación bastante diferentes entre sí, cos que se pretende ilustrar a polisemia do termo cooperación aplicado ás relacións entre nacións. O primeiro deles é o da Rexión de Barents, un amplo espazo de cooperación entre os países nórdicos (concretamente entre as súas provincias setentrionais) e Rusia, no seu militarizado sector ártico noroccidental. O segundo caso son as implicacións que tivo o establecemento de Zonas Económicas Exclusivas (ZEE) en Europa para as fronteiras marítimas coa súa correspondente definición dunha Política Pesqueira Común (PPC). Por último, as múltiples vertentes da cooperación transfronteiriza hispano-portuguesa a partir da incorporación dos dous países ibéricos no proceso de construción europea.

No extremo Norte de Europa, os últimos anos significaron a posta en marcha dunha orixinal experiencia de reorganización espacial despois da desaparición da Unión Soviética. Trátase da Rexión de Barents, que procura desenvolver as relacións interrexionais entre as provincias máis setentrionais de Noruega, Suecia e Finlandia e o ártico noroccidental ruso. É unha área cunha poboación moi débil, con rexións desde menos de 1 habitante por quilómetro cadrado a outras que poden superar os 10. Ricas en recursos naturais, pesca no Mar de Barents e minas no extremo noroccidental de Rusia, son moi dependentes das axudas que proveñen dos respectivos gobernos.

A creación da Rexión de Barents supuxo unha completa reorganización do espazo en toda esta ampla área. Tentáronse eliminar as fortes barreiras que sempre houbo con Rusia e tamén favorecer a creación dun espazo de decisión relativamente autónomo das capitais situadas máis ao Sur. Detéctase unha orientación a impulsar os intercambios comerciais e os investimentos exteriores directos dos nórdicos en Rusia. Finalmente, existe interese por unha explotación e facer rendible de forma conxunta e máis eficiente de determinados recursos naturais (pesca e minerais).

O proceso de creación de fronteiras no mar, froito dos acordos acadados nas Conferencias sobre os Dereitos do Mar, tivo como consecuencia o xurdimento dos conceptos de *mar territorial* e de *Zona Económica Exclusiva (ZEE)*, co fin de explotar os recursos oceánicos até as 200 millas máis aló das costas do estado soberano. Debuxouse, deste xeito, unha completa territorialización dos océanos que pasaron a ser administrados con maior ou menor intensidade polos países ribeiregos en todo o mundo. Este proceso resulta curioso, pois supuxo introducir lindes nun ámbito como o mariño cando nos espazos continentais os mesmos perdían importancia.

A instauración das ZEE beneficiou a moitas nacións ricas en recursos, que a partir dese momento puidéronos explotar racionalmente, esixir compensacións fortes a outras potencias que operaban nas súas augas e establecer cotas de captura para

conseguir unha pesca sustentable. Entre estas nacións predominaban as do Sur, países de América Latina, Asia e microestados do Pacífico. Pola contra, o novo dereito do mar prexudicou ás flotas máis depredadoras que se abastecían por todo o mundo, lonxe do seu porto base. Este era o caso de Xapón, as dúas coreas, a antiga URSS ou España.

No espazo das Comunidades Europeas foi necesario adoptar unha política común que se baseou en fusionar as ZEE dos países membros en augas do Atlántico (non así do Mediterráneo) para abordar a súa explotación conxunta. A Unión Europea asumiu a regulación dunha serie de zonas oceánicas consideradas desde hai máis de vinte anos comúns. O sistema de xestión das ZEE está baseado nos informes de técnicos da Unión Europea, que avalían de xeito regular os stocks de pescado de cada área. Logo o goberno europeo propón uns volumes de capturas para as seguintes campañas, e esta proposta é ratificada ou ben modificada polos ministros das diferentes nacións. Máis tarde o reparto de dereitos de pesca entre países materialízase por zonas e especies.

No que atinxe á cooperación hispano-portuguesa, a pesar da súa veciñanza e de que comparten o espazo común da Península Ibérica, Portugal e España mantiveron unhas relacións oficiais de desconfianza, ignorancia mutua e disputas ocasionais desde o século XVII, cando o primeiro país liberouse do control dos reis casteláns e conseguiu a súa independencia. A militarización sistemática da fronteira na época dos ditadores Franco e Salazar contribuíu a endurecer as condicións de vida dos habitantes destes espazos, condenados a practicar o contrabando e a emigrar. Mesmo nos sectores máis ricos da raia hispano-portuguesa, as dificultades de conexión cos veciños do outro país actuaron como unha traba para o desenvolvemento económico a escala supralocal.

Este panorama só comezou a mudar no ano 1986, coa integración dos dous países na Comunidade Europea. A aposta de España e Portugal por participar da Europa unida implicou negociar en paralelo a adhesión; ir eliminando progresivamente os obstáculos fronteirizos; rebaixar as dotacións de forzas de seguridade na raia, e apostar pola creación dun mercado común ibérico, xa que se formaba parte doutro mercado único continental moito máis amplo. Desde finais de 1980 conséntase un gran incremento das inversións de capital no país veciño. Isto é especialmente importante entre Galicia e o Norte de Portugal, onde os intercambios comerciais multiplicáronse nos 1990 de forma notable.

Dende a Unión Europea dedicáronse numerosos esforzos desde o punto de vista económico para impulsar proxectos de cooperación conxunta entre municipios e rexións fronteirizas. A maioría dos recursos incluíronse no programa Interreg que, nunha primeira fase, procurou mellorar as infraestruturas de comunicación entre España e Portugal, e fomentar os contactos directos entre veciños das comunidades raianas. Tamén se apoiou a localización de empresas e actividades produtivas preto da fronteira. Insistiuse, por tanto, en eliminar o significado de periferia e marxinalidade asociado á fronteira, e apostouse pola creación de espazos emerxentes conxuntos.

4. A Eurorrexión Galicia Norte de Portugal.

Pódese sinalar que Galicia-Norte de Portugal preséntase como un exemplo moi destacado de cooperación entre rexións fronteirizas na Península Ibérica e en xeral, en todo o Suroeste de Europa. A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal engloba un espazo percibido historicamente como único, o cuadrante Noroeste da Península, utilizando ó Douro como límite meridional máis ou menos aproximado, e ás aliñacións montañosas que serven de separación coa Meseta castelá como confín Este (as denominadas Serras Orientais e Sudorientais en Galicia, e Trás-Os-Montes en territorio luso). Esta delimitación coincidiría a grandes trazos (e aquí volvemos á elaboración dos mitos nacionais teorizada por E. Hobsbawn en 1990), coa antiga provincia romana da Gallaecia. A Gallaecia englobaba á terra dos castros, ás áreas periféricas de Imperio moi valoradas pola súa produción de ouro, un territorio que se romanizou serodia e intensamente, e un ámbito onde as cidades de Braccara, Lucus e Astúrica, augustas as tres (Braga, Lugo e Astorga), funcionaron como os centros urbanos de referencia (ver figura 1).

A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal foi o espazo dunha sociedade campestre, baseada no policultivo de autosubsistencia e nunhas elevadas densidades de poboación, analizada por xeógrafos clásicos como O. Ribeiro (1945), J. García Fernández (1975) e A. Bouhier (1979). Por outra banda, os territorios entre o Douro e Estaca de Bares actuaron, de forma secular, como orixe de moreas de emigrantes transatlánticos, tanto a Arxentina, Uruguai, Cuba e Brasil; unha emigración que serviu para aliviar unha tendencia moi marcada cara a superpoboación rural. As súas cidades localízanse de forma maioritaria nunha franxa litoral próxima ó Atlántico (de Ferrol e A Coruña a Porto e Gaia, pasando por Santiago, Pontevedra, Vigo, Viana do Castelo, Braga e Guimarães), o que reforza a vocación oceánica do territorio. Os intercambios de poboación entre Galicia e Portugal, aínda que pouco numerosos, foron constantes e o proceso de industrialización e despregue económico dende os 1960 coincidiu no tempo. Estamos ante un territorio, rexión transfronteiriza, con algo máis de 50.000 km², cun tamaño semellante entre as dúas entidades (29.574 km² en Galicia e 21.288 km² na Região Norte), e unha poboación estimada en 6,5 millóns de habitantes (preto de 3,8 no Norte de Portugal e 2,8 en Galicia) (Lois, 2007).

A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal foi construída oficialmente dende os anos 1980 a partir dunha importante mobilización política e institucional. Esta foi especialmente intensa en Galicia, que ó afirmarse como Comunidade Autónoma, tratou dende principio de reforzar as súas relacións con Portugal (Beramendi e Maiz, 1991). Ó Sur do Miño, unha serie de líderes rexionais encabezados case sempre polo alcalde de Porto e un lobby de ministros do Norte no goberno portugués, déronse presa por abrazar a idea de rexión transfronteiriza. Ademais, a entrada de España e Portugal nas Comunidades Europeas, permitiu que de xeito progresivo se fose diluíndo a fronteira

común, multiplicándose os intercambios comerciais e de persoas, así como no establecemento de territorios de planificación (as NUTS 2 e 3) no marco da Europa das rexións.

A mobilización política e institucional comentada viuse favorecida polos beneficios económicos da desaparición da fronteira, así como polo desenvolvemento de estratexias conxuntas entre Galicia e o Norte de Portugal. En primeiro termo, un espazo denso e rico na franxa litoral atlántica puido buscar as súas sinerxías sen a existencia dun límite político administrativo absurdo de finais do S.XX. O comercio exterior entre ambos territorios multiplicouse por máis de vinte dende 1986, e os investimentos exteriores directos progresaron de forma paralela. Doutro lado, tamén se conformaron algúns grupos empresariais conxuntos e un bo número de empresas galegas instaláronse en parques empresariais do Norte luso, e mesmo se chega a planificar solo industrial conxunto. Os fluxos turísticos tamén se viron incrementados de xeito notable a través do Miño.



Figura 1. Principales núcleos de población de Galicia y Región Norte. Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE (España); INE (Portugal) e IGE. Datos 2009.

A conformación dun espazo económico continuo de A Coruña a Porto, e de maneira especial entre as Rías Baixas e a desembocadura do Douro, constituíu un factor indiscutible de crecemento sostido do sistema produtivo de ambas as rexións nos últimos vinte e cinco anos (Meixide e Castro, 2001; Lois, 2007). Pola súa banda, no

interior (a chamada raia seca entre Ourense e Alto Douro-Trás Móntes) a superación da fronteira favoreceu o impulso de proxectos de desenvolvemento, á vez que se melloraban as grandes infraestruturas de comunicación, incrementando a accesibilidade de comarcas rurais e en declive do Sur ourensán e o extremo nororiental portugués. Así mesmo, débese de apuntar que a integración económica no marco da Eurorrexión xa xustifica que unha cifra de 5.000 a 10.000 traballadores cruzan diariamente a fronteira para cumprir a súa xornada laboral no territorio veciño (ver figura 2).




Figura 2. Tráfico medio diario dos pasos fronteirizos entre Galicia e Norte de Portugal. Fonte: Observatorio transfronterizo España / Portugal, 2003.

A existencia de símbolos comúns e unha cultura historicamente emparentada aporta un substrato ideolóxico de unidade á rexión transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal. O mantemento dunha referencia territorial na Gallaecia romana tórnase importante na conciencia colectiva dos galegos e no desexo de non depender tan intensamente de Lisboa dos portugueses entre o Douro e o Minho. Poden sinalarse ademais outros elementos, como a lembranza histórica dunha Idade Media cun reino en principio común e que logo daría nacemento a Portugal; unha continuidade xeográfica secular que xustifica a enorme tradición xacobeá, e o mantemento de varios ramais do Camiño de Santiago en toda a Região Norte; a existencia dunha lingua orixinaria común galego-portuguesa, que aínda conserva unha coincidencia léxica en máis do 90% das palabras, e permite a comunicación natural e directa entre os habitantes dos dous territorios, é tamén un importante nexos de unión; a evolución compartida dunha rica lírica no medievo obriga a empezar cos mesmos temas o estudo da historia literaria de ambos pobos; e, por suposto, a idealización do portugués por parte do nacionalismo e o pensamento autonomista galego, e a relativa admiración do *espanhol* en Portugal, que se materializa nun aprecio directo á Comunidade Autónoma percibida como máis próxima. Unha cultura con indubidables lazos de irmandade que foi impulsada nos últimos decenios mediante intercambios literarios continuos, a existencia de monográficos sobre o territorio veciño na prensa de cada unha das rexións, a participación en festivais conxuntos e toda unha serie de eventos que non fixeron senón reforzar o sentimento común de complicidade transnacional.

5. Cidades, conxuntos históricos, espazos singulares e patrimonio monumental no entorno na raia galego portuguesa

Os espazos de fronteira entre Galicia e a Região Norte son moi variados, marcándose sobre todo a diferenza entre unha raia húmida rica e dinámica, e outra seca rural, menos activa e con problemas de abandono. A primeira delimita o Sur de Pontevedra, a área urbana de Vigo, e o Alto Minho portugués. A segunda o borde meridional de Ourense co Alto Douro e Tras-Os-Montes.

A maior parte das cidades abaluartadas, os castelos e as fortalezas da fronteira localízanse na raia húmida, sendo ademais os exemplos máis destacados polas súas dimensións e tipoloxicamente mellor definidos. Esta raia húmida non é só unha, senón que é factible atopar varias neste sector de contacto entre a provincia de Pontevedra e o Alto Minho. Diferéncianse catro sectores incluídos dentro desta denominación: o eixo do Miño, o eixo secundario do Limia, o eixo costeiro e os puntos defensivos illados (ver figura 3).

A orixe da arquitectura militar que atopamos na raia húmida data basicamente da Idade Media, aínda que daquela o concepto de fronteira entre dous estados non




Figura 3. A raia fronteiriza galego portuguesa. Fonte: Elaboración propia.

existía tal como se entende agora. Moitas veces a súa construción relaciónase máis con enfrontamentos entre a nobreza local, ou polo temor ás invasións e saqueos de pobos. A partir do século XVII si se consolida este espazo como un sector fronteirizo, sendo o máis importante da raia entre Galicia e Portugal. Deste xeito as estruturas defensivas medievais ampliáanse e modernízanse para poder adaptarse ás tácticas e armamentos da época. Na vertente portuguesa consolídanse centros abaluartados de grandes dimensións como Valença do Minho, Caminha ou Monçao, ou menores como o de Vilanova de Cerveira. No lado galego asentábase a principal cidade de toda esta área, Tui, que conta cunha importante catedral fortificada que posuía funcións relixiosas e militares, á que se unían murallas e castelos relacionados con importantes señores feudais.

Ao redor do río Limia, que nace no interior da provincia de Ourense e descorre cara o mar en dirección nordés suroeste, atravesando a rexión portuguesa de Minho, pódese observar unha segunda liña de vilas amuralladas e castelos. As estruturas son, en xeral, de época medieval pero dada a instauración definitiva da raia en terras máis ao Norte, xunto ao Minho, os castelos e murallas perderon en gran medida o seu sentido, de xeito que as grandes obras da arquitectura e enxeñaría militar da Idade Moderna apenas tiveron plasmación neste territorio. Con respecto ó eixo do Limia, é necesario apuntar que en Portugal e noutras liñas secundarias da fronteira, tamén se mantivo un dispositivo de núcleos abaluartados perante o temor dunha invasión española.

Os ríos non eran os únicos espazos acuáticos de relación e enfrontamento entre España e Portugal nestas terras do Noroeste. A vocación marítima tanto de Galicia como da rexión minhota, fixeron que sempre destacasen pola importancia dos seus portos e das súas flotas, co que se crearon estruturas militares que protexían das posibles incursións dende o mar. A principal vila no lado portugués no eixo costeiro é Viana do Castelo, pequena capital de distrito coñecida pola beleza do seu centro histórico. Das antigas murallas e fortificacións pouco queda, conservándose mellor os fortes e fortíns que se estenden ó longo da liña costeira como os de Áncora, do Cao ou da Ínsua.

O núcleo costeiro máis importante da raia en Galicia é Baiona, vila litoral nunha enseada ó sur da Ría de Vigo. O gran complexo do recinto de Monte Real foi construído entre os séculos XI e XVII pensando máis no gran inimigo das costas galegas, Inglaterra, que en Portugal. Nesta área tamén existiron algunhas outras fortalezas costeiras, nunca tan numerosas nin de dimensións tan grandes como as minhotas. Este é o caso da Guarda, que acusa un avanzado estado de abandono, case ruinoso. Como xa observamos noutras ocasións, o interese de Portugal por manter a súa estrutura defensiva intacta, polo menos até o S.XIX, non tivo o seu correlato en España, onde dende comezos do S.XVIII as cidades abaluartadas da raia foron caendo nunha progresiva deterioración.

Ademais destes tres eixos fundamentais tamén se pode atopar algunhas construcións militares illadas non asociables a ningunha das liñas de defensa descritas. A maior parte das veces son edificios de traza e cronoloxía medieval que, durante os séculos X a XV, xogaron un papel importante nos litixios territoriais e señoriais, pero que co asentamento definitivo da fronteira mudaron a súa función militar por outra de carácter residencial pacego. Estes torreóns ou estruturas defensivas durante os séculos XVII e XVIII viron ampliadas as súas instalacións con balcóns, xardíns, galerías, columnatas e outros elementos que lles foron conferindo un carácter de pazos e xa non de simples castelos, dos que normalmente só conservan a torre. Este é o caso do portugués de Aguiá ou os galegos de Tebra e A Picoña.

No que respecta ó patrimonio monumental na raia seca, a existencia de cidades abaluartadas ou calquera tipo de estruturas militares é, en xeral, anecdótica, debido a que neste área o concepto de fronteira sempre foi ambiguo. Tan só podemos destacar dous grandes centros fortificados a cada lado da fronteira no curso do Támeqa, Monterrei e Chaves. No lado galego sobresaíu durante séculos a cidade de Monterrei, unha das máis importantes da provincia por entón, cun gran castelo medieval e un impresionante conxunto abaluartado barroco. O emprazamento defensivo deste centro e diversas causas políticas levaron ó seu declive e ó crecemento da vila próxima de Verín. Fronte a Monterrei está Chaves no lado portugués, importante localidade, modélica pola complexidade do seu deseño urbano e militar. O centro está no seu castelo medieval, e a este séguelle unha cerca medieval parcialmente conservada que foi ampliada cun sistema de baluartes entre os séculos XVI e XVIII; ademais conta con dous grandes fortes

- ❖ Programa de intercambio de técnicos de emprego coa finalidade de coñecer mellor a situación do emprego e a súa xestión a outro lado da fronteira, neste intercambio traballáronse as posibilidades de mellora dos métodos e ferramentas de traballo conxuntamente.
- ❖ Fíxase un Foro anual concibido como un lugar onde compartir experiencias e traballar en todas aquelas cuestións que afectan á mobilidade das persoas traballadoras
- ❖ Programa de Transferencia a outros territorios que artículase a través dunha serie de actuacións orientadas a dar a coñecer este proxecto mais aló das áreas xeográficas correspondentes aos socios participantes, estas actuacións se centran en accións de divulgación de resultados e metodoloxías para outros territorios transfronterizos con características similares.
- ❖ Por último desenvolvéronse na localidade de Faro as Xornadas de peche co obxectivo de dar a coñecer os resultados acadados no marco do proxecto IBERMOVILITAS.

ACTIVIDADE 5: XESTIÓN E AVALIACIÓN DO PROXECTO

Todas actuacións do proxecto foron sometidas a unha avaliación externa que a súa vez era unha actividade propia do mesmo.

Resultados¹

Así pois nestes momentos están rematadas as fases de formación en todasa as áreas transfronterizas participantes no proxecto, así como a meirande parte das actividades de prácticas en empresa, estase a rematar a fase piloto dunha aplicación

¹ Para mais información pódense dirixir a dirección da páxina web do proxecto: www.ibermovilitas.org

intranet de xestión de ofertas de traballo a ambos lados da fronteira e que estimamos será un produto que seguirá mantendo a comunicación entre todos os servizos públicos de emprego socios deste proxecto logo de finalizar o mesmo e que seguirán a xestionar ofertas en ambos países cumprindo así o obxectivo principal do proxecto que é impulsar e promover a mobilidade laboral no ámbito territorial hispano-luso.

INDICADORES DE REALIZACIÓN	
ACTIVIDADE	RESULTADOS
Espazos web, intranet , plataforma de e-formación y bases de datos	5 espazos web
Nº de beneficiarias do xénero feminino que participaron nas actividades de formación (Total socios)	80
Nº de beneficiarios de xénero masculino que participaron nas actividades de formación (Total socios)	70
Nº de estudos sobre mercados de traballo transfronterizos (total socios)	4 (un estudo de mercado laboral por cada área de cooperación)

INDICADORES DE RESULTADO	
ACTIVIDADE	RESULTADOS
Nº publicacións distribuídas	100 manuais de acollida
Material publicitario	1.600 dipticos
Promedio de visitas a la página web	136visitas/día
Nº de horas de formación de activos (Total socios)	2.430 horas impartidas

O contributo da Galiza e do Norte de Portugal para o desenvolvimento das regiões na Europa

ANTONIO PEGO

Associação Empresarial de Portugal

Em nome do Senhor Presidente da AEP, Eng^o José António Barros, uma saudação especial para a realização deste 13^o Congresso Internacional Galiza e Norte de Portugal de Formação para o trabalho agora sobre o tema “Mobilidade, Formação, Orientação e Emprego no âmbito transfronteiriço”.

Trata-se de um evento já com uma história relevante e um contributo inquestionável para a apresentação, a reflexão e a discussão das boas práticas e dos projectos que as duas regiões espanhola e portuguesa promovem no domínio de formação, orientação e emprego.

O meu pequeno contributo para esta mesa redonda institucional vai pois aproveitar para dar a conhecer um projecto em que a AEP participa e que envolve a Região Norte de Portugal e as Regiões espanholas da Galiza e de Castela e Leão. Refiro-me ao projecto das Macro Regiões que será candidato aos apoios da União Europeia, no quadro futuro dos incentivos comunitários.

Por se tratar de um projecto com uma grande envolvente institucional: associações empresariais, confederações sindicais, universidades, IEFP, centros de tecnologia e formação e entidades de âmbito regional; por enquadrar uma abrangência geográfica significativa e um enquadramento político sólido e sobretudo por todos os actores

envolvidos considerarem que a escala macro-regional é a mais adequada para a implementação de políticas nas áreas de economia do conhecimento da sociedade digital, do ambiente, do emprego da cultura e do turismo.

As grandes linhas já definidas pelos empresários e parceiros sindicais no Grupo de Trabalho Emprego e Relações Laborais parecem-nos perfeitamente enquadráveis com a temática desta mesa redonda com a devida adaptação ao contexto transfronteiriço em debate. Essas grandes linhas corporizam os seguintes objectivos programáticos que do nosso ponto de vista constituem prioridades de desenvolvimento das nossas regiões:

- criar e difundir um sistema integrado de gestão de ofertas ao nível do emprego, de formação e da certificação profissional, harmonizando e capitalizando as experiências existentes, fomentando dinâmicas inovadoras de oferta e procura no mercado e promovendo a gestão de diversidade no mercado de trabalho;
- garantir o reconhecimento das qualificações e certificações profissionais inter-regiões, tendo por referência o Quadro Europeu das Qualificações;
- promover a adaptabilidade das Empresas e indivíduo às TIC – Tecnologias da Informação e Comunicação e aos perfis da sociedade de informação e conhecimento, desenvolvendo respostas formativas regionais ou locais ajustadas aos públicos das regiões envolvidas;
- estimular a mobilidade efectiva de jovens recém-licenciados e activos desempregados qualificados através de acções inter-regiões de reorientação, reconversão e inserção;
- criação e desenvolvimento de programas de incentivo/estímulo ao Empreendedorismo de âmbito regional através de dispositivos inovadores que promovam bolsas de ideias criadores de empresas, formação de empreendedores, linhas de financiamento de capital de risco, ...
- identificação de sectores emergentes sobretudo de natureza industrial, com potencialidades de crescimento e com as necessidades de competências requeridas por esses sectores.

Este é o quadro de desenvolvimento futuro da Europa: uma **Europa das Regiões** sólida porque envolvendo áreas geográficas e populações muito relevantes, dinâmicas de desenvolvimento capazes de produzir pensamento estratégico e de criarem dinâmicas de desenvolvimento ousadas, e inovadoras e orientadas para o trabalho comum e para a criatividade colectiva.

Cualificación, acreditación e certificación para a mobilidade

MARÍA EUGENIA PÉREZ FERNÁNDEZ
*Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Xunta de Galicia*

As palabras que dan título a esta conferencia: Cualificación, acreditación, certificación e mobilidade non cabe dúbida que son termos cun importante significado en si mesmo, pero ao mesmo tempo cunha estreita relación.

A estas alturas, todos deberiamos ter claro que para avanzar a cualificación profesional, contar con persoal cualificado é imprescindible no panorama no que nos atopamos, coa globalización dos mercados, os continuos e cada vez mais rápidos cambios que se producen na nosa sociedade, cambios tecnolóxicos e nos procesos productivos, así como o continuo avance da sociedade da información, e de maior esixencia de calidade. Polo que as tiñas de actuación cara o emprego fan un especial énfase e oriéntanse cara a obtención dunha poboación activa cualificada. Así a homoxeneización da cualificación entre as persoas facilita e permite a súa mobilidade, e a libre circulación de traballadores e profesionais entre países.

No actual panorama de globalización dos mercados e de continuo avance da sociedade da información, as estratexias coordinadas para o emprego que postula a Unión Europea oriéntase con especial énfase cara a obtención dunha poboación activa cualificada e apta para a mobilidade e libre circulación, cuxa importancia resáltase expresamente no Tratado da Unión Europea.

No marco actual, o sistema ha de fomentar a formación ao longo da vida, integrando as distintas ofertas formativas e instrumentando o recoñecemento e a acreditación das cualificacións profesionais a nivel nacional, como mecanismo favorecedor da homoxeneización, a nivel europeo, dos niveis de formación e acreditación profesional de cara ao libre movemento dos traballadores e dos profesionais no ámbito do mercado que supón a Comunidade Europea

Nesta tendencia de modernización e mellora, que se corresponden coas políticas da Unión Europea elaborouse a **Lei Orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional**, cuxa finalidade é a creación dun Sistema Nacional de Cualificacións e Formación profesional que dote de unidade, coherencia e eficacia á planificación, ordenación e administración desta realidade, coa fin de facilitar a integración das distintas formas de certificación e acreditación das competencias e das cualificacións profesionais.

Formación Profesional

Conxunto de accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das profesións, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica.


Formación profesional do sistema educativo

Formación continua

Formación a

Accións de inserción e reinserción laboral

O Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional constitúe o elemento central en torno ao que xira a Lei de Cualificacións e da Formación profesional, a regulación que leva a cabo parte do concepto técnico de cualificación profesional, entendida como o conxunto de competencias con significación para o emprego, adquiridas a través dun proceso formativo formal e incluso non formal que son obxecto dos correspondentes procedementos de avaliación e de acreditación. En función das necesidades do mercado de traballo e das cualificacións que este require, desenvólvense as ofertas públicas de formación profesional.



A citada Lei establece no artigo 3.5 que un dos fins do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional é o de avaliar e acreditar oficialmente a cualificación profesional, calquera que fora a súa forma de adquisición, e no seu artigo 4 establece que un dos seus instrumentos é o procedemento de recoñecemento, avaliación, acreditación e rexistro das cualificacións profesionais.

Os sistemas de recoñecemento da competencia profesional estanse a implantar con éxito na maior parte dos países desenvolvidos, especialmente nos europeos, tratando de capitalizar as aprendizaxes adquiridas polas persoas fóra do ámbito educativo, contribuíndo de maneira destacada á aprendizaxe das persoas ao longo da vida.

En Galicia contamos cun amplo colectivo de traballadores con cualificación profesional, pero que carecen da correspondente certificación oficial, feito que supón unha situación real de desvantaxe sobre as posibilidades efectivas de mobilidade profesional e social, así como de inserción laboral e calidade no emprego.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establece un procedemento de recoñecemento da competencia profesional personalizado e flexible, coa fin de lles facilitar ás persoas traballadoras a posibilidade de recoñecer e certificar a súa experiencia laboral e as aprendizaxes adquiridas por outras vías de formación.

Plan de
Acreditación
 da experiencia profesional

A finalidade deste procedemento consiste, en definitiva, en posibilitar á po-boación traballadora o recoñecemento e certificación das competencias profesionais conseguidas a través da experiencia acumulada ao longo da vida, acreditándolles oficialmente o seu saber facer e orientándoos e informándoos dos distintos procedementos que unidos a este lles permita acadar un título de formación profesional.

Os departamentos de orientación son un dos piares básicos neste procedemento, xa que son os encargados de informar sobre o mesmo e, nos centros onde se desenvolvan as probas, os orientadores ou orientadoras deberán elaborar, de ser o caso, un plan de formación para os candidatos, que lles permita unha vez rematado o proceso de avaliación, adquiriren os déficits de competencia detectados.


Debido a que o paso dos candidatos polo procedemento de recoñecemento de competencias debe ir acompañado da mellor e máis axeitada información e orientación, é de suma importancia o papel e a implicación de tódolos orientadores no proceso a fin de garantir a fiabilidade, a obxectividade e o rigor técnico do mesmo. Así pois, a orientación e a tutoría no contexto actual, convértense nun proceso de axuda imprescindible que se desenvolve mediante unha intervención continuada e técnica, coa implicación de axentes educativos, sociais e profesionais, e que conduce á necesidade do establecemento de accións específicas dirixidas á actualización continua da información que se lle poda proporcionar ao alumnado.

Ademáis disto, e para facilitar a orientación, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, realizou varios estudos sobre a inserción laboral dos titulados e das tituladas de formación profesional. A relevancia deste estudo radica en que facilita datos fiables para concretar a eficiencia da FP como ferramenta para a inserción laboral e así poder impulsar a aplicación das correccións oportunas de cara á mellora da calidade desta ensinanza e a súa utilidade social.


Estes estudos recollen os datos máis salientables de inserción laboral nos últimos anos, e os datos do último estudo de inserción laboral indica que preto do 81% das persoas tituladas de F.P. atopou emprego nos seis meses seguintes á finalización do ciclo formativo, e máis do 70% delas indica que o seu emprego está relacionado cos estudos cursados.

Así mesmo, neste interese pola inserción profesional e a creación de emprego na nosa comunidade e enlazando con todo o anterior, á hora da creación de emprego e mellorar a competitividade e o crecemento económico resulta fundamental fomentar o espírito emprendedor como capacidade básica que se inculca mediante a aprendizaxe permanente. Esta tarefa pódese fomentar dende varios ámbitos, sendo fundamental a labor que lle corresponde ao ámbito educativo.

O espírito emprendedor non debe considerarse só como un conxunto de calidades e habilidades co obxectivo de crear unha nova empresa, senón como unha actitude



Gráfica 1. Inserción laboral. Tempo en atopar emprego.



Gráfica 2. Relación emprego - estudos de FP .

xeral ante a vida, que pode ser de utilidade tanto nas actividades profesionais, como na vida cotiá de calquera persoa.

A nosa Comunidade Autónoma, introduce o fomento do espírito empresarial como un dos obxectivos que ten que acadar o noso sistema educativo. Ao longo do proceso de aprendizaxe débense identificar e potenciar aquelas características da personalidade que conduzan a promover entre o alumnado o perfil ideal do emprendedor.

EduEmprende

Xornadas informativas

Charlas de sensibilización e orientación

Publicacións de referencia para o alumnado

Obradoiros de

Viveiros de

Nas distintas etapas do proceso educativo establécense materias coa finalidade básica de potenciar o desenvolvemento do espírito emprendedor e relacionar ao alumnado coa realidade do seu contorno socioeconómico e produtivo.

Así, na etapa da educación secundaria obrigatoria impártese a materia de Obradoiro de iniciativas emprendedoras co obxecto da preparación do alumnado para a súa inserción laboral, prestándolle unha especial atención á orientación educativa e profesional.

Nas ensinanzas profesionais e máis concretamente nas de formación profesional dentro do sistema educativo, contéplase especificamente o obxectivo de afianzar o espírito emprendedor para o desempeño de actividades e iniciativas empresariais, e así promover as saídas profesionais como empresario e que o alumnado adquira as competencias necesarias para a creación da súa propia empresa.

En España, a Lei orgánica 5/2002 das cualificacións e da formación profesional, polo que se crea o Sistema Nacional de Cualificacións Profesionais, cita como un dos fins dente sistema o de avaliar e acreditar oficialmente a cualificación profesional calquera que fora a súa forma de adquisición. Facilitando a integración as distintas formas de certificación e acreditación das competencias e cualificacións profesionais.

Deste xeito, a obtención da cualificación profesional ten unha dobre vía: directamente a través da formación ou mediante a acreditación da experiencia laboral das persoas o que potencia ademais a formación a longo da vida das persoas que poderán acreditar a súa experiencia de forma oficial e completar a súa formación, podendo obter no seu caso un título.

Procedemento de acreditación de competencias

FASE 1	• ASESORAMENTO
FASE 1	• AVALIACIÓN DA COMPETENCIA PROFESIONAL
FASE 1	• ACREDITACIÓN E REXISTRO DA COMPETENCIA PROFESIONAL

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria considerou dende un primeiro momento a importancia da posta en marcha do procedemento de acreditación da experiencia laboral cara a cualificación do poboación galega. Así leváronse a cabo de forma experimental, no ámbito da súa xestión, procesos de recoñecemento, avaliación e acreditación da competencia profesional en centros educativos públicos.

A finalidade foi posibilitar que os traballadores e traballadoras poideran validar competencias adquiridas pola experiencia profesional ou mediante aprendizaxes non formais e informais. Isto permitiu que moitos traballadores puideran obter unha certificación oficial das súas competencias que a súa vez lles motivaba de cara ao aprendizaxe a o longo da vida.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, apoió todas as iniciativas relacionadas con este proceso; implicándose e participando no Proxecto ERA, desenvolto no ano 2003, que tivo como finalidade a de deseñar, experimentar e contrastar unha metodoloxía para levar a cabo procesos de acreditación de competencias.

Posteriormente foron moitos os pasos que se deron ata ter deseñados os métodos e procedementos ademais dos instrumentos e da formación adecuados para acometer este procedemento dunha forma obxectiva e fiable, tal e como se establece na Lei 5/2002 das cualificacións e da formación profesional.

A experimentación deste proceso de forma continuada permitiunos traballar, aportar e contrastar as nosas experiencias con outras comunidades, así como aportar as nosas consideracións ao Grupo de Traballo creado non seo do Consello Xeral da Formación Profesional que estudou a posta en marcha destes procedementos a nivel nacional.

Convocatorias que se realizaron dirixidas á obtención dun título de formación profesional

Convocatorias realizadas no marco do Real Decreto 942/2003, do 18 de xullo, polo que se determinaban as condicións básicas que deben reunir as probas para a obtención dos títulos de técnico e técnico superior de formación profesional específica. Desenvolvéronse sobre a base da Orde do 11 de febreiro de 2005 pola que se regulaban as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e técnico superior de formación profesional específica en Galicia.

Convocatoria do 2007, na que incidiu a publicación do Real Decreto 1538/2006, do 15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, cuxa finalidade ademais da obtención dun título de formación foi a obtención dunha acreditación parcial acumulable de unidades de competencia.

Convocatorias que tiveron por obxecto unicamente a acreditación de unidades de competencia

Convocatorias directamente dirixidas á acreditación de unidades de competencia. Convocatorias no marco do Real Decreto 942/2003, do 18 de xullo.

- a) Dirixidas á obtención dun título de formación profesional:
 - Resolución do 4 de marzo de 2005, da Dirección Xeral da Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se convocan probas para a obtención do título de técnico de formación profesional nos ciclos formativos e prazas que se determinan.
 - Resolución do 0 de febreiro de 2006, da Dirección Xeral da Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se convocan probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de formación profesional específica nos ciclos formativos e prazas que se determinan.
- b) Dirixidas á obtención dun título de formación profesional ou á acreditación de unidades de competencia (acreditación parcial acumulable)
 - Resolución do 15 de xaneiro de 2007, da Dirección Xeral da Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se convocan probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de formación profesional específica, así como de acreditación de unidades de competencia.
- c) Dirixidas exclusivamente á acreditación de unidades de competencia
 - c.1) Anteriores ao Real Decreto 1224/2009 do 17 de xullo
 - Orde do 25 de febreiro de 2008 pola que se convocan unidades de competencia e prazas para o recoñecemento, a avaliación, a acreditación e a certificación da competencia profesional, e se determina o correspondente procedemento experimental.
 - c.2) Convocatorias realizadas no marco do Real Decreto 1224/2009, do 17 de xullo.
 - Orde do 1 de setembro de 2009 pola que se convocan unidades de competencia e prazas para o recoñecemento, a avaliación, a acreditación e a certificación da competencia profesional, e se determina o correspondente procedemento experimental.
 - Orde do 21 de marzo de 2011 pola que se convoca o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, de distintas familias profesionais.

Convocatoria marzo 2011

No D.O.G. nº 60 de 25 de marzo de 2011 publícase a Orde de 21 de marzo pola que se convoca o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Segundo o RD 1224/2009, de 17 de xullo (B.O.E. do 25 de agosto) o procedemento queda estruturado en tres fases:

1ª Asesoramento

2ª Avaliación


3ª Acreditación e rexistro da competencia

Ademais conta cunha admisión previa na que tras a revisión da documentación achegada polos solicitantes, verificase o cumprimento, por parte dos candidatos, dos requisitos esixidos para participar no procedemento.



As características deste procedemento, que abarca mais de seis meses, esixe a intervención de especialistas cualificados dos mundos educativo e laboral, os cales tras un proceso de formación son habilitados para o exercicio das funcións de asesoramento e avaliación, motivo polo que xustifica a convocatoria dun número limitado de prazas.



Os acordos de cooperación entre o Estado e as comunidades autónomas establecen que as convocatorias priorizarán aqueles ámbitos profesionais relacionados co desenvolvemento da Lei de dependencia e cos sectores estratéxicos para a economía do estado e das diferentes comunidades. Por este motivo foron convocadas UC das familias profesionais de sanidade, servizos socioculturais, mantemento de vehículos, electricidade e electrónica, fabricación mecánica e hostalería e turismo.

Os datos correspondentes a fase de admisión son os seguintes:



Gráficos correspondentes aos datos por centro e ciclo:





En próximas convocatorias se dará resposta ás necesidades do tecido productivo, engadindo a oferta novas unidades de competencia, correspondentes ás cualificacións profesionais do Catálogo nacional e aos títulos de formación profesional. Será aumentada a oferta naquelas unidades de competencia nas que detectouse gran demanda, incorporando novas sedes de realización en distintas provincias.

O Sistema Nacional de Qualificações: certificação, relevância e transparência

SANDRA LAMEIRA

Agência Nacional para a Qualificação, I.P

1. O Sistema Nacional de Qualificações (SNQ)

O processo de reforma do Sistema de Educação e Formação português iniciou-se em 2007 com a denominada “Agenda de Reforma para a Formação Profissional”. No âmbito desta reforma criou-se, em 2007, o Sistema Nacional de Qualificações (Decreto-Lei n.º 396/2007, de 31 de Dezembro). A criação deste Sistema em Portugal teve como principais objectivos:

- Aumentar a proximidade entre os sistemas de educação e formação e o mercado de trabalho através de uma oferta relevante de formação inicial e contínua, ajustada às necessidades do tecido empresarial, tendo por base as necessidades actuais e emergentes das empresas e a integração socioprofissional de grupos com particulares dificuldades de inserção.
- Aumentar o nível de qualificação da população portuguesa, dando prioridade à generalização do nível secundário como qualificação mínima da população.
- Apostar na qualificação de dupla certificação, quer através do aumento e generalização da oferta de cursos de educação e formação profissional (jovens e adultos), quer através do reconhecimento, certificação e validação de competências de aprendizagens formais, informais e não formais.
- A criação de um Catálogo Nacional de Qualificações, com o objectivo de regulação da oferta certificada.

Para atingir estes objectivos o Sistema Nacional de Qualificações consagrou como principais instrumentos:

- O Catalogo Nacional de Qualificações
- O Quadro Nacional de Qualificações
- O dispositivo de Reconhecimento, Validação e Certificação de Competências, escolares e profissionais, que permite aos adultos, através da mobilização de um conjunto de instrumentos, reconhecer as suas competências adquiridas e desenvolvidas ao longo da vida.
- A Caderneta Individual de Competências, que regista todas as competências e formações adquiridas pelo indivíduo ao longo da vida – associadas a qualificações do Catálogo Nacional de Qualificações e a outras ações de formação não referenciadas ao Catálogo.

Nesta apresentação explicitam-se apenas dois destes instrumentos: o Catálogo Nacional de Qualificações e o Quadro Nacional de Qualificações.

2. O Catálogo Nacional de Qualificações

O Catalogo Nacional de Qualificações (CNQ) é um instrumento de gestão estratégica das qualificações de nível não superior, contemplado no Acordo para a Reforma da Formação Profissional celebrado entre o Governo e os Parceiros Sociais (Março 2007), e criado como instrumento do Sistema Nacional de Qualificações (SNQ).

O CNQ contempla qualificações que se pretendem relevantes para a atividade económica, abrangendo todos os sectores de actividade visando assim assegurar uma maior articulação entre as competências necessárias ao desenvolvimento socioeconómico do País e a oferta formativa promovida no âmbito do SNQ.

O Catálogo pretende ainda flexibilizar a obtenção da qualificação no contexto da promoção da aprendizagem ao longo da vida (ALV), independentemente das vias de acesso através da:


- Modularização dos referenciais de formação – definindo percursos formativos organizados em unidades de formação de curta duração (25 e/ou 50 horas)
- Disponibilização de referenciais para processos de reconhecimento, validação e certificação de competências.

O CNQ visa ainda contribuir para elevar a coerência, a transparência e a comparabilidade das qualificações acessíveis a nível nacional e internacional, garantindo para isso, a articulação com o Quadro Nacional de Qualificações (QNQ) e com o Quadro Europeu de Qualificações (QE).

- A organização do Catálogo Nacional de Qualificações (CNQ)

O Catálogo Nacional de Qualificações está organizado em áreas de educação e formação e integra para cada qualificação um perfil profissional, um referencial de formação e um referencial de reconhecimento, validação e certificação de competências:

- O perfil profissional integra o conjunto das actividades associadas à qualificação, bem como os saberes, saberes-fazer e saberes sociais e relacionais necessários para exercer as actividades.
- O referencial de formação de dupla certificação consiste num conjunto conteúdos e outras informações que orientam a organização e o desenvolvimento da formação em função do referencial de competências associado.
- O referencial de reconhecimento, validação e certificação de competências (RVCC) identifica o conjunto de competências, organizadas em unidades coerentes, adquiridas em contextos não formais e informais, que devem ser demonstradas, com vista à atribuição de uma certificação escolar (equivalência ao nível básico ou ao nível secundário de educação) e/ou profissional (nível 2 ou nível 4 de qualificação do Quadro Nacional de Qualificações).



O CNQ contempla, hoje, 256 qualificações (relativas a 39 áreas de educação e formação), que integram mais de 6500 unidades de formação e curta duração (UFCD), apresentando 84 referenciais para os processos de reconhecimento, validação e certificação de competências profissionais e 9 qualificações adaptadas a pessoas com deficiências e incapacidades.

No quadro da sua atualização, desde 2008, o CNQ integrou 48 novas qualificações, excluiu 21 qualificações, tendo ainda sido reestruturadas 82 qualificações.

- A atualização e o desenvolvimento do Catálogo Nacional e Qualificações

A atualização e o desenvolvimento do Catálogo Nacional de Qualificações é da responsabilidade da Agência Nacional para a Qualificação, I.P. (ANQ) em articulação com os Conselhos Sectoriais para a Qualificação (CSQ).

Os Conselhos Sectoriais para a Qualificação são entendidos como plataformas de reflexão técnico-consultivas, organizadas numa lógica sectorial que visam identificar as qualificações essenciais para a competitividade e modernização do tecido produtivo e para o desenvolvimento pessoal e social do indivíduo.

Estes CSQ podem integrar, entre outros, especialistas indicados por associações sindicais e associações de empregadores, empresas de referência, entidades formadoras de natureza variável (escolas profissionais, escolas públicas, centros de formação profissional, ...) e peritos independentes.

No quadro de evolução do Catálogo Nacional de Qualificações, está previsto que este seja totalmente organizado de acordo com um modelo de qualificações baseadas em competências, em função dos resultados de aprendizagem associados ao Quadro Nacional de Qualificações.

3. O Quadro Nacional de Qualificações (QNQ)

O Quadro Nacional de Qualificações é um instrumento do SNQ que classifica todas as qualificações produzidas no âmbito do sistema de educação e formação nacional, em função de 3 domínios: conhecimentos, aptidões e atitudes, independentemente das vias de acesso.

A criação do QNQ teve por base um conjunto de premissas, dos quais se destacam:

- A necessidade de integrar e articular as qualificações obtidas no âmbito dos diferentes subsistemas de educação e formação (educação, formação profissional, ensino superior), num quadro único;
- A importância de valorizar e considerar as competências adquiridas em contexto não formais e informais;
- A melhoria da legibilidade, transparência e a comparabilidade das qualificações;
- A valorização da dupla certificação associada sobretudo às qualificações de nível secundário;

O Quadro Nacional de Qualificações (QNQ)

Níveis	Qualificações
1	2.º ciclo do ensino básico
2	3.º ciclo do ensino básico obtido no ensino básico ou por percursos de dupla certificação
3	Ensino secundário vocacionado para prosseguimento de estudos de nível superior
4	Ensino secundário obtido por percursos de dupla certificação ou ensino secundário vocacionado para prosseguimento de estudos de nível superior acrescido de estágio profissional - mínimo de 6 meses
5	Qualificação de nível pós-secundária não superior com créditos para prosseguimento de estudos de nível superior
6	Licenciatura
7	Mestrado
8	Doutoramento

(Portaria nº 782/2009, de 23 de Julho)

- A garantia da articulação com o Quadro Europeu das Qualificações (QEQ), designadamente na utilização do QEQ como um instrumento de referência para comparar os níveis de qualificações dos diferentes sistemas de qualificações na perspectiva da aprendizagem ao longo da vida.

Tendo em conta este conjunto de premissas poder-se-á assumir que o QNQ detém 2 características:

- Ser um Quadro compreensivo, na medida em que inclui as qualificações produzidas nos vários subsistemas do sistema de educação e formação, (ensino básico, secundário, superior) e contempla as diferentes vias de acesso à qualificação (formação profissional e os processos de reconhecimento, validação e certificação de competências).
- Ser um quadro integrador, na medida em que, em cada nível de qualificação, associa um nível de escolaridade a uma certificação profissional e adota, também para cada nível de qualificação, de forma integradora diferentes recursos da competência - conhecimentos, aptidões e atitudes - na definição dos resultados de aprendizagem.

Panel de entidades de formación

O proxecto Desiré 3. Repositorio de obxectos de aprendizaxe. Sindicato Comisións Obreiras

ALBERTO PERMUY LEAL
FOREMGA - Comisións Obreiras

1. Introducción e obxectivos do proxecto

Licenza

A licenza elixida para a documentación do proxecto é Creative Commons – Recoñecemento – CompartirIgual.

Estas son as características da licenza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír e comunicar publicamente esta obra.
- Crear obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Recoñecemento — Debe recoñecer os créditos da obra mestra especificado o autor ou licenciamento.
- Compartir baixo a mesma licenza — Se vostede altera ou transforma esta obra, ou xera unha obra derivada, so pode distribuír o obra xerada baixo unha licenza igual a esta.

Entendendo que:

- Renuncia — Algunha destas condicións pode non aplicarse se vostede ten permiso do titular dos dereitos de autor.
- Dominio Público — Cando a obra ou algúns dos seus elementos cheguen ao dominio público segundo a lei vixente aplicable, esta situación non quedará afectada pola licenza.
- Outros dereitos — Os dereitos seguintes non quedan afectados pola licenza de ningunha maneira:
- Os dereitos derivados de usos lexítimos u outras limitacións recoñecidas por lei no se ven afectados por lo anterior.
- Dereitos que non poden ostentar outras persoas sobre a propia obra ou uso, como por exemplo dereito de imaxe ou de privacidade.

Aviso — Ao reutilizar ou distribuír a obra, ten que deixar ben claro os termos da licenza de esta obra.

**2. Introducción**

No contexto do e-learning, ao falar de reutilización asociamos de inmediato o concepto de obxecto de aprendizaxe á reutilización dos mesmos entre plataformas interoperabeis ou sistemas educativos. Grazas ás linguaxes de programación e bases de datos abertas, e ao uso de estándares de metadatos este intercambio é posible.

O proxecto que nos ocupa está destinado a mellorar e facilitar o citado intercambio e a difundir un sistema xa existente, desenvolvido no marco da convocatoria de accións complementarias 2009 e 2010 e cofinanciado pola Xunta de Galicia e o Fondo Social Europeo, aproveita tamén os resultados e a experiencia doutros proxectos, para tentar dar resposta a algúns dos retos que percibimos neste contexto.

Xa o adiantabamos no proxecto ‘Desire 2.0: repositorio mellorado para a catalogación de obxectos de aprendizaxe dixital’, desenvolvido no marco das Accións complementarias 2009‘ *é complicado, pero hai que intentalo*’. A cita fai referencia á complexidade no cambio de mentalidade de todos os actores que interveñen no proceso de ensinanza-aprendizaxe, cambio necesario xa que a incorporación da tecnoloxía nos diferentes eidos deste proceso está levando, dun xeito implacable, a un cambio de paradigma.

As cualificacións profesionais, publicadas a través do catalogo INCUAL, seguen a ser o marco de desenvolvemento dos certificados de profesionalidade. Estes

enmarcan o escenario para que as persoas accedan á formación, e poidan construír o seu itinerario formativo.

Por outra banda, o avance sen fin, da denominada web social, e a xa case presente Web 3.0 ou web semántica, está modificando a pasos axigantados o xeito que as persoas teñen de aprender e de traballar; métodos que inflúen de xeito drástico no cambio de paradigma do traballo docente.

Seguindo a nosa idea orixinal, este proxecto pretende facilitar o devandito cambio mediante unha incidencia dobre : o desenvolvemento de ferramentas que faciliten o intercambio de materiais dixitais e a capacitación docente para a integración das TIC no aprendizaxe, incidindo, neste último obxectivo nun cambio de mentalidade.

De certo, comprobamos que é moi complicado sementar neste eido, pero pensamos que a semente xa está crescendo na nosa Fundación e nos nosos colaboradores. O número de obxectos do repositorio ascendeu, e sobre todo o número dos nosos docentes e colaboradores, interesados neste cambio de paradigma, aumentou de xeito considerable, grazas en certa medida a difusión do mesmo a través de seminarios web, con gurús de renombre neste ámbito (Carlos López Ardao, Tíscar Lara, Cristóbal Cobo, etc.). Seminarios e actividades que contribúen a aumentar as competencias TIC nos docentes e sobre todo o cambio de mentalidade como actores principais.

Sinalábamnos na convocatoria 2009, no proxecto Desire 2.0, que : *‘Son os docentes os que directamente teñen que facer materiais, en especial materiais complementarios, e compartilos con outros. A web 2.0, a web social, esixe unha formación 2.0, unha formación social, con grande intervención dos usuarios, na creación dos contidos. Cómpre pasarmos da cultura da competencia á da colaboración. Iso é, verdadeiramente, innovador.’*

Na nosa Fundación, e este é un feito transferible a calquera outra entidade, temos claro que non é posible dispoñer de materiais didácticos actualizados e mellorados de xeito constante se non e coa colaboración dos docentes, continuando co traballo dos anteriores proxectos, o repositorio, xa posto en marcha, propiciou o interese dalgúns docentes (os mais capacitados tecnoloxicamente) para desenvolver obxectos e sobre todo poñelos a disposición dos demais. Nalgúns casos obxectos sinxelos e noutros, obxectos mais elaborados que comezan a mostrar un cambio na actitude docente : a preocupación polo uso das novas tecnoloxías e recursos na súa actividade docente diaria, e a súa vontade de compartir os obxectos creados. E o que é quizás mellor, achegas á comunidade que o vai utilizar, valorar e reciclar, mellorando o devandito recurso a través dun sistema de colaboración permanente e continuo. Deste xeito cada recurso aportado pode ser personalizado para a construción da aprendizaxe, de xeito grupal ou individual.

3. Obxectivos

A materialización do traballo realizado durante o ano 2011 é un sitio web accesible e estable, dispoñible na URL <http://www.proxectodesire.eu>, onde os usuarios achegan e descargan obxectos de aprendizaxe e recursos dixitais.

Os principais obxectivos do proxecto son:

1. Incorporación ao catálogo de obxectos de aprendizaxe dos obxectos que se desenvolveron ao abeiro da orde de accións complementarias de Galicia do 2009 – 2010.
2. Desenvolvemento dun sistema de mantemento do Catálogo de cualificacións que permita a súa actualización segundo as novas incorporacións das cualificacións profesionais.
3. Afinación na relación dos obxectos do catálogo e mellora no proceso de etiquetaxe.
4. Incorporación e mellora de sistemas de notificacións de incorporacións de obxectos mediante aplicacións para escritorio e dispositivos móbiles.
5. Fomento da comunidade de prácticas mediante a realización de webinars producidas por especialistas neste eido.
6. Redacción de memoria de implementación da catalogación e difusión de materiais didácticos 2008 – 2011 na que se recolla a experiencia deste período.
7. Empaquetado do sistema completo para que garanta a súa transferibilidade a calquera organización que o desexe sen custo de licenza.

4. Que é Desiré 3.0 ?

Desire3 é un repositorio de obxectos de aprendizaxe e recursos dixitais. A parte visible do proxecto é o sitio web <http://www.proxectodesire.eu> pero tamén é algo máis. É o froito de máis de dous anos de traballo adicado a mellorar o sitio web, a promoción e difusión da reutilización e etiquetaxe de obxectos de aprendizaxe e a engadir novos elementos á rede de coñecemento e comunidade de práctica.

A parte non visible está formada polos sete (7) obxectivos fundamentais do proxecto descritos no punto anterior.

4.1. Incorporación ao catálogo de obxectos de aprendizaxe dos obxectos que se desenvolveron ao abeiro da orde de accións complementarias de Galicia do 2009 – 2010.

Incluír no catálogo do repositorio Desire3 os obxectos de aprendizaxe e recursos dixitais que se desenvolveron en Galicia como resultado das accións de acompañamento

á formación na convocatoria 2009-2010 favoreceu sen dúbida a expansión e difusión do proxecto, fundamentalmente en dous puntos: reutilización e cambio de paradigma.

4.1.1. Reutilización

A reutilización é esencial para fornecer o elearning. Con independencia dos indiscutibles beneficios económicos, estudar e compartir os obxectos axuda a mudar da cultura da competencia á cultura da colaboración.

Sinalaba David Wiley no 2003 que a reutilización non é unha tarefa sinxela, que son os propios obxectos de aprendizaxe os que moitas veces teñen problemas prácticos para a facilitar a reutilización. Entre os problemas máis destacados atópanse a granularidade e a arquitectura, xa que a maioría dos contidos nalgunha fase da reutilización requiren ser “reformateados”. En Desire3, e froito do traballo realizado neste ámbito, mellóranse a etiquetaxe de obxectos de aprendizaxe e recursos didácticos. Consideramos que a maioría dos cambios na etiquetaxe desta versión 3.0 favorecen a posibilidade de recuperar o obxecto ou recurso para unha aplicación futura no proceso de aprendizaxe.

Outro punto importante a considerar é o feito de que os obxectos de aprendizaxe non deben permanecer ocultos. Debemos pensar na concentración destes obxectos de aprendizaxe para o seu uso e reutilización. É imprescindible para cumprir esta premissa apoiarse nun sistema de repositorio que automatice as búsquedas de recursos e posibilite a súa incorporación ao catálogo dun xeito sinxelo e “usable” para o usuario.

4.1.2. Cambio de paradigma: mudar da cultura da “competitividade” á cultura aberta da colaboración

A aparición, uso e o crecemento exponencial da rede Internet habilitou unha infraestrutura na que calquera pode participar sen pedir permiso. A “rede” ofrece escasa protección aos dereitos de autor e neste é donde as licenzas Creative Commons propoñen aproveitar os dereitos privados para un beneficio público.

Desire3 licenza os obxectos de aprendizaxe con Creative Commons, fomentando a transición da cultura da competitividade cara a cultura aberta.

As distintas actividades realizadas no proxecto, como por exemplo webinars, talleres web2.0, axudaron difundir e concienciar a necesidade do “cambio cara a cultura aberta”.

Ao longo desta memoria ampliaremos os contidos e actividades relacionadas con este particular.

4.2. Desenvolvemento dun sistema de mantemento do Catálogo de cualificacións que permita a súa actualización segundo as novas incorporacións das cualificacións profesionais.

Unha das maiores dificultades que atopamos no desenvolvemento do Proxecto Desire durante estes tres anos foi a adaptación dos rexistros da base de datos do Sistema Nacional de Cualificacións Profesionais ao sistema de catalogación do repositorio.

Os rexistros correspondentes a cada unha das familias profesionais, unidades de competencia e cualificacións están almacenadas e xestionadas a través dun sistema xestor de bases de datos MySQL. A imposibilidade de identificar a plataforma de orixe, así como o método, protocolo ou tecnoloxía utilizados na exportación dos rexistros e posterior importación a Desire condicionou negativamente tanto a codificación de caracteres como a actualización dos rexistros de cada unha das familias.

O método de actualización foi, en moitas ocasións, un proceso manual en que os desenvolvedores e tradutores inserían e actualizaban os rexistros usando a linguaxe SQL. No punto número X da convocatoria 2010 deste proxecto asinamos o compromiso de desenvolver unha aplicación web pública para facilitar o proceso de actualización da base de datos do Sistema Nacional de Cualificacións Profesionais.

Construída sobre o framework Yii, esta aplicación permite acceder directamente ás seguintes táboas, que gardan a información relacionada co Sistema Nacional de Cualificacións Profesionais.

A aplicación na súa versión final está dispoñible tanto para usuarios finais como para desenvolvedores.

A versión para usuarios finais está dispoñible na url <http://appsncp.proxecto-desire.eu>.

A versión para desenvolvedores está dispoñible no sitio web github.com. Github é unha forxa para aloxar proxectos utilizando o sistema de control de versións Git. No último ano esta forxa está a crecer exponencialmente no que se refire ao número de proxectos libres aloxados, e actualmente é unha referencia no eido do desenvolvemento aberto. Forem Galicia, como xa indicamos, non permanece pasiva antes os novos retos tecnolóxicos do século XXI e publicou o código fonte da aplicación e as instrucións de configuración para calquera organismo, empresa, administración ou particular que desexe estudar ou utilizar o aplicativo.

<http://github.com/foremgalicia/appsncp>

4.3. Afinación na relación dos obxectos do catálogo e mellora no proceso de etiquetaxe.

¿Que é un obxecto de aprendizaxe (en adiante O.A)? Non existe unha definición exacta, máis podemos atopar en multitude de recursos dispoñibles ao longo da rede Internet definicións para os definir un O.A.

Un bo resumo da evolución do concepto podémolo atopar no informe “Uso de estándares aplicados a TIC na educación” publicado polo Instituto de Tecnoloxías Educativas (ITE), ligado ao Ministerio de Educación e Ciencia do Goberno de España.

“A definición máis cita na literatura é a do IEEE, proposta nun dos poucos estándares relacionados co e-learning que finalmente foron aprobados: LOM. LOM define un obxecto de aprendizaxe como ‘calquera entidade, dixital ou non, que pode ser utilizada para o aprendizaxe ou a educación”

No eido do proxecto Desire3 tentamos afinar a definición de O.A. A definición que, ao noso entender, máis se aproxima ás nosas necesidades é a aportada no informe “Deseñando obxectos de aprendizaxe como facilitadores da construción do coñecemento”, das autoras M^a Esther del Moral y Ana Cernea, que definen un O.A como :

“contido organizado en introdución, módulos teóricos que á súa vez teñen un subobxectivo, actividades e avaliacións que poden conter recursos como texto, audio, vídeo...etc. A súa estrutura será flexible, e cada un dos módulos que compoñen o obxecto serán independentes á súa vez e con potencial de reutilización e adaptabilidade para outros O.A.”

É dicir, para que un recurso sexa considerado como obxecto de aprendizaxe debe estar formado por:

- 1.- Introdución ou obxectivo que se pretende conseguir coa súa utilización.
- 2.- Contidos organizados en forma de unidades didácticas.
- 3.- Actividades de reforzo baseadas nos contidos presentados.
- 4.- Recordatorio de ideas clave e información complementaria.
- 5.- Avaliación para indicar se se cumpriron os obxectivos planificados.

4.4. Incorporación e mellora de sistemas de notificacións de incorporacións de obxectos mediante aplicacións para escritorio e dispositivos móbiles.

O xeito en que utilizamos a rede Internet para comunicarnos evolucionou exponencialmente na última década. Pasamos en menos de dez anos de utilizar conexións RTB de 56Kbps a liñas de banda ancha de FTTH de 100Mbps. É evidente que

esta evolución trasladouse aos dispositivos móbiles. Sería impensable fai tano só cinco anos afirmar que o acceso á rede Internet, redes sociais e recursos online sería habitual dende un móbil.

Desire3 é un proxecto vivo, que reacciona con rapidez ante a re-evolución tecnolóxico-educativa que estamos a vivir. Indicabamos na proposta do proxecto que “(..) **as propostas de valor engadido son fundamentais na proposta de Forem Galicia**”. Apostamos polas tecnoloxías móbiles como unha das proposta de valor engadido en Desire3. Un dos obxectivos prioritarios é afianzar a bidireccionalidade nas vías de comunicación dentro da rede de coñecemento, é dicir, tentamos dende o inicio desta versión 3 do proxecto que os contidos fluxan directamente dende o repositorio ao receptor no momento de ser xerados. O auxe dos dispositivo móbiles facilitará, sen dúbida, a transición.

Desenvolvemos dous paquetes de software:

- Aplicación consulta do catálogo para plataformas Android e iPhone.
- Aplicación notificación escritorio para computadores de sobremesa.

4.5. Fomento da comunidade de prácticas mediante a realización de webinars producidas por especialistas neste eido.

Os obxectivos desta fase do Proxecto Desire3, están enfocados a:

1. Validación do servizo de información deseñado e os espazos da comunidade de práctica
2. Engadir novos elementos á rede de coñecemento e comunidade de práctica

Para acadalos, deseñáronse unha serie de actividades non estancas, e dicir, todas perseguiron os mesmos obxectivos, complementándose e solapándose no seu fin.

1.- CONCURSO DE OBXECTOS DE APRENDIZAXE

Co obxecto de promover un dos estándares empregado no proxecto, fundamental para a catalogación e localización de obxectos de aprendizaxe no repositorio, púxose en marcha, na súa III Edición o concurso ‘O MELLOR OBXECTO DE APRENDIZAXE LIGADO O SISTEMA NACIONAL DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAIS’.

Ademais de promover o etiquetaxe dos obxectos mediante os metadatos correspondentes, a través da nosa implementación do estándar LOM-ES, mediante a subida dos obxectos do concurso [e tamén dos subidos e non presentados a concurso] validáronse os formularios e procesos de subida, edición e publicación de obxectos.

Na URL <http://www.proxectodesire.eu/concurso2011> poderá atopar toda a información relacionada co “Concurso de obxectos de aprendizaxe”.

2.- WEBINARS [SEMINARIOS WEB]

Como factor dinamizador do proxecto, programáronse catro webinars, todos eles relacionados con algún dos aspectos primordiais do noso proxecto .Os obxectivos estiveron centrados en presentar outras metodoloxías, ferramentas e procedementos que puxeran aos asistentes no camiño de aplicar novas metodoloxías e paradigmas no seu traballo como docentes. Para acadalos, procuráronse poñentes que transmitiran experiencias locais [Carlos Ardao, da Universidade de Vigo], nacionais [Tiscar Lara, da Escola de Organización Industrial], internacionais [Cristobal Cobo, Oxford Internet Institute, University of Oxford] e transversais [Anna Forés, Universidade de Barcelona].

As conferencias web desenvolvéronse no espazo BlackBoard-Elluminate da Fundación, o cal permite realizar intercambio de opinións e debate entre os asistentes o evento. Tódolos webinars foron difundidos a través do boletín electrónico do proxecto, o usuario twitter @proxectodesire e outros foros sociais relacionados coa docencia, como o grupo facebook ‘Redes Sociales en Educación’.

Os webinars desenvolvidos foron gravados e poden revisarse en calquera momento, xa que están dispoñibles no espazo vimeo : <http://www.vimeo.com/foremgalicia> e foron os seguintes:

1. ¿Por qué prefiro unha rede social fronte a Moodle? [15/06/2011]

Impartido por Carlos López Ardao e dispoñible na url : <http://vimeo.com/25225491>

2. Aprendizaxe invisible: alfabetismos para un mundo plano [13/07/2011]

Impartido por Cristobal Cobo e dispoñible na url : <http://www.vimeo.com/26571711>

3. Outras metodoloxías : escola dixital, aberta e colaborativa [08/09/2011]

Impartido por Tiscar Lara e dispoñible na url : <http://www.vimeo.com/28895347>

4. As e-mocións [19/09/11]

Impartido por Anna Forés e dispoñible na url : <http://www.vimeo.com/29372118>

3.- TALLER ABERTO E COLABORATIVO

Para que ningún docente, ou axente interesado no nos proxecto, non quedase ‘fora de xogo’, desenvolviamos un taller aberto, baseado nun espazo de participación, onde os participantes puidesen aprender, colaborar e debater sobre a web 2.0 e os servizos relacionados coa práctica docente.

O taller estruturouse en catro bloques, onde non houbo rol definido, nin de docente, nin de alumno senón unha proposta de contidos onde os participantes eran guiados polos contidos e conducidos a debater sobre os obxectivos de cada bloque.

Os bloques do TALLER ABERTO WEB 2.0 E SERVICIOS [E ALGÚNS ESTÁNDARES] e o seu obxectivo primordial, foron :

- ¿Qué é a web 2.0 e que podo facer nela / por ela? : Unha achega á Web 2.0 e como podemos empregala na denominada Educación 2.0.

- O Remix [Creative Commons] : Coñecer o uso de licenzas Creative Commons para a compartición de recursos na rede.

- Estándares : Presentar e interactuar, de xeito sinxelo, cos estándares empregado na etiquetaxe e intercambio de información, no ámbito do e-learning.

- Branding : Deseño de accións co obxecto de obter presenza profesional na rede, de xeito que estes redunden na nosa labor como docentes.

4.6. Redacción de memoria de implementación da catalogación e difusión de materiais didácticos 2008 – 2011 na que se recolla a experiencia desenvolta neste período.

A memoria de catalogación que aportamos comeza cunha aclaración semántica conceptual sobre os termos utilizados no desenvolvemento do proxecto, que permite contextualizar o enfoque adoptado en Desire3.

Centrámonos no proceso de análise e da información e documentación desenvolvida polo Grupo de Traballo 9 pertencente ao Subcomité 36 de Tecnoloxías da Información e a Comunicación para o aprendizaxe (SC36) da Asociación Española de Normalización e Certificación (AENOR) ao que pertencen as Administracións Públicas que o editan como obxectivo de seleccionar unha iniciativa de estandarización, aceptada e validada internacionalmente, que se adapte ás necesidades do proxecto en función dos modelos de arquitectura desenvolvidos.

4.7. Empaquetado do sistema completo para que garanta a súa transferibilidade a calquera organización que o desexe sen custo de licenza.

Para empaquetar o sistema completo utilizamos dúas tecnoloxías complementarias.

1.- LIVE DVD

Calquera usuario pode descargar libre e gratuitamente unha imaxe ISO con todo o sistema empaquetado dende a URL <http://www.proxectodesire.eu/iso>

2.- Empaquetado dos compoñentes Desire3 nun servizo de hospedaxe colaborativa.

GitHub é un servizo de hospedaxe colaborativo de código fonte que actualmente está a marcar o rumbo en canto sistemas de control de versións dende a súa aparición no ano 2008. Actualmente (Outubro 2011) Github conta con 1.053.413 usuarios rexistrados e case 3.000.000 millóns de proxectos aloxados.

GitHub é unha parte esencial do ecosistema de desenvolvemento de software, xa que aloxa un sin fin de proxectos notables, incluíndo RubyOnRails, JQuery e o núcleo do sistema operativo Linux.

A Fundación Formación e Emprego de Galicia(Forem Galicia) ten o seu propio espazo en GitHub, onde publica o código fonte sen custo nin restricións para o seu libre uso e difusión.

Espazo oficial Forem Galicia GitHub: <https://github.com/foremgalicia>

Operación España

INMACULADA VIEJO GÓMEZ
Técnico de Formación
Fundación Laboral da Construcción

1. Antecedentes

Con data 28 de xullo de 2004, o Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais do Reino de España (Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración) e a Sociedade Suíza de Empresarios da Construcción (SSE), co apoio financeiro do Fondo Paritario de Formación do Sector Principal da Construcción (PARIFONDS-CONSTRUCCIÓN) asinan un ACORDO a través do cal establécense as bases para a realización de cursos de formación destinados a traballadores españois empregados na industria suíza da Construcción. A realización destes cursos por parte dos traballadores españois implicará unha mellora da súa situación sociolaboral en Suíza. O citado acordo substitúe a outro similar de 9 de maio de 1994, e prorrogase automaticamente de ano en ano.

Anualmente e desde os anos oitenta, realizáronse diversos cursos de “Técnicas Suizas da Construcción” destinados a traballadores españois empregados na industria suíza da Construcción. Este tipo de actuacións coñecéronse tradicionalmente baixo a denominación “OPERACIÓN ESPAÑA”, este ano realizaremos o “PROXECTO OPERACIÓN ESPAÑA 2012”, mediante a cal os alumnos participantes mellorarán a súa situación laboral en Suíza de acordo coas seguintes condicións:

- Indemnización por asistencia: Ao finalizar o curso e tras presentar o certificado de asistencia, o participante recibirá unha indemnización por asistencia do Parifond, equivalente ao 80% do salario obtido antes de comezar o curso.
- Categoría salarial “A”: O participante que finalice o curso debe ser clasificado na categoría salarial “A”, se non o estivese.
- Gastos de desprazamento, aloxamento e manutención: Corren a cargo do participante.
- Contrato de traballo: O traballador de tempada e o seu actual empresario comprométense a concertar un novo contrato de, polo menos, catro meses de duración, para o ano 2012. Se o participante ten un contrato indefinido, a empresa debe conceder permiso ao traballador para asistir ao curso.

A Consellería de Traballo e Asuntos Sociais da Embaixada de España en Suíza, xunto coa Sociedade Suíza de Empresarios da Construción realizan anualmente a convocatoria oficial do curso en España sobre técnicas suizas da construción. O próximo curso realizarase en Galicia durante o primeiro trimestre do 2012.

Tal e como se recolle no ACORDO vixente de 28 de xullo de 2004, os docentes que impartan o curso de “Técnicas Suizas da Construción” deberán realizar anualmente un “Curso de perfeccionamento para monitores” no Centro de Formación da Sociedade Suíza de Empresarios da Construción, en Sursee (Suíza). As datas de realización do citado curso será en de setembro de 2011 como fase previa de preparación da Operación España 2012.

2. Requisitos dos nosos monitores de asisten ao curso en Suíza

Realizar un curso básico de cinco semanas de duración no Centro de Formación da Sociedade Suíza de Empresarios da Construción en Sursee (Suíza) de acordo cos seguintes requisitos:

- Ter polo menos cinco anos de experiencia práctica en construción en España, Suíza, Francia ou Alemaña.
- Posuír bos coñecementos técnicos en Construción
- Capacidade de dirección
- Idade mínima de 25 anos e máxima de 50 anos.

3. Contidos do curso

- Módulo de encofrado
- Módulo de ladrillería

- Módulo de canalizacións
- Módulo de entibados
- Módulo de seguridade e hixiene no traballo
- Módulo de interpretación de planos

4. Reunión de técnicos da Fundación da Construcción en Suíza

Participantes:

Participarán na citada reunión representantes e técnicos de:

- Consellería de Traballo e Asuntos Sociais da Embaixada de España en Suíza.
- Sociedade Suíza de Empresarios da Construcción e do centro de formación da mesma situado en Sursee (Suíza).
- Fundación Laboral de la Construcción.

Obxectivos:

- Definir os materiais didácticos, infraestruturas necesarias e as pautas de preparación e execución do curso “Técnicas Suízas da Construcción”, que se celebrará en España no ano 2012.
- Definir os mecanismos de control do citado curso.
- Establecer os mecanismos de comunicación entre a Fundación Laboral de la Construcción e o Centro de Formación de Sursee.
- Acordar os materiais a fornecer polo Centro de Formación de Sursee e programar o seu envío ao centro de formación da Fundación Laboral de la Construcción no que se realice o curso.

5. Acción formativa que se realiza en España: curso de técnicas suízas

Antecedentes:

As características da acción formativa, específica para adquirir a formación necesaria para traballar no sector da Construcción de Suíza, fixo imprescindible que a maioría do material empregado na mesma (ferramentas, maquinaria e material fungible) proceda de Suíza. Anualmente reponse o material consumido ou obsoleto a través de envíos realizados polo Centro de Formación de Sursee. A pesar de que a duración do curso apenas é de dous meses, a entidade responsable debe custodiar este material ata a realización dun novo curso, actualmente a Fundación Laboral de la Construcción é a encargada da custodia de devandito material.

Obxectivos Xerais:

Fomentar a participación dos traballadores españois en Suíza en actividades de formación profesional e ocupacional e familiarizarlles cos métodos e técnicas suízas de construción, co fin de facilitar a súa promoción na empresa e inserción no mercado laboral.

Adquirir os coñecementos teórico- prácticos necesarios que capaciten aos alumnos nas áreas de encofrado, ladrillería, canalizacións, entibaciones, seguridade e saúde laboral e interpretación de planos, dentro das técnicas utilizadas na construción Suíza, o que redundará nunha maior precisión para realizar o seu traballo no citado país.

Requisitos dos participantes:

Os traballadores españois en Suíza, tanto temporeros como residentes que participen no curso, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Acreditar experiencia no sector da Construción de Suíza de polo menos seis meses.
- Cotizar previamente ao Parifond durante seis meses.
- Ser proposto por un empresario da construción para participar no curso.

Duración do curso: 320 horas

Contidos do curso:

- Módulo de encofrado
- Módulo de ladrillería
- Módulo de canalizacións
- Módulo de entibados
- Módulo de seguridade e hixiene no traballo
- Módulo de interpretación de planos

A motivação para a aprendizagem ao longo da vida: práticas desenvolvidas pelo Centro de Formação Profissional de Chaves

ANA ISABEL FERNANDES MOREIRA

DIANA CARVALHO DE MEIRELES

Centro de Formação Profissional de Chaves

Instituto de Emprego e Formação Profissional, I.P.

1. Contextualização dos âmbitos de intervenção do Centro de Formação Profissional de Chaves, IEFP, I.P.

As medidas de emprego e formação profissional e, nomeadamente a Iniciativa Novas Oportunidades, no âmbito do Plano Nacional de Emprego e do Plano Tecnológico, revelam-se de importância crucial para o reforço da qualificação, enquadrando-se no novo modelo de crescimento, baseado na inovação e no conhecimento, assegurado pela definição de prioridades e estratégias de princípios estruturantes, designadamente a promoção da qualificação dos portugueses, desenvolvendo e estimulando o conhecimento, a ciência a tecnologia, a inovação, a educação e a cultura como principal garantia do desenvolvimento do país e aumento da sua competitividade.

Deste modo, e em termos da renovação do modelo competitivo da economia portuguesa, os domínios da educação e da formação devem centrar esforços e recursos numa significativa alteração dos níveis e padrões de qualificação dos cidadãos,

direccionados para o apoio ao aumento da produtividade, contribuindo, ainda, para uma melhoria da posição competitiva do país.

Neste contexto, o desafio lançado ao IEFP na concretização da aposta na qualificação da população portuguesa e da aprendizagem ao longo da vida, a par de outras instituições igualmente reconhecidas para o efeito, vem atribuir aos Centros de Formação Profissional um papel importante no esforço para a concretização dos objectivos das políticas de emprego e formação profissional.

O Centro de Formação Profissional de Chaves tem a sua origem na necessidade sentida pelas “forças vivas” da Região que via a sua população emigrar, perdendo as suas raízes e tornando a região mais pobre. As pessoas saíam porque não havia emprego e as empresas não se fixavam porque não havia mão-de-obra qualificada disponível.

Tem como área de intervenção a região do Alto Tâmega, constituída pelos Concelhos de Chaves, Valpaços, Boticas, Montalegre, Vila Pouca de Aguiar e Ribeira de Pena.

Actualmente, o Centro desenvolve também formação na Região de Basto nomeadamente em Fafe, Cabeceiras de Basto Vieira do Minho e Póvoa de Lanhoso, nas diferentes modalidades, em dois eixos fundamentais - formação de jovens e adultos - e, em articulação com os Centros de Emprego de Chaves, Cabeceiras de Basto e Fafe.

Numa aposta constante na qualificação de adultos, o Centro de Formação Profissional de Chaves desenvolve dinâmicas e práticas que visam a integração no mercado de trabalho da população adulta, em situação de desemprego, mediante a motivação para a aprendizagem ao longo da vida e desenvolvimento de competências que potenciem, efectivamente, a inserção desta população no mercado de trabalho.

Neste sentido, recorde-se a pertinência da intervenção com adultos em situação de desemprego mediante a análise da situação do mercado de emprego, referente ao mês de Janeiro de 2011, no concelho de Chaves. Segundo dados do IEFP, I.P., dos 2583 inscritos no Centro de Emprego de Chaves, IEFP, I.P., 1 007 são desempregados de longa duração ou seja, 38,99% da população desempregada encontra-se à margem dos processos dominantes de organização das economias há mais de um ano. A análise do desemprego registado, segundo o grupo etário, evidencia que, apesar da população do concelho de Chaves se encontrar envelhecida, é nos indivíduos em idade activa que se encontra a maior percentagem de desempregados.

Acresce-se que 121 têm escolaridade inferior ao 1º Ciclo do ensino básico (4,68%); 663 concluíram o 1º Ciclo do Ensino Básico (25,67%); 503 detêm o 2º Ciclo do Ensino Básico (19,39%); 501 o 3º Ciclo do Ensino Básico; 556 o Ensino secundário (21,5%) e 239 (9,25%) o Ensino Superior. Ou seja, 1287 desempregados (49,8%) têm escolaridade inferior à escolaridade obrigatória.

2. O papel da aprendizagem ao longo da vida na promoção do emprego

O desemprego, e mais concretamente o desemprego de longa duração, dá origem à “nova pobreza” e à exclusão social, que gera a desmotivação, dificulta o crescimento económico e potencia o envolvimento em actividades marginais.

São evidentes as consequências e riscos para a coesão social, pois criam-se situações que desunem as pessoas, aumentam as tensões e os estados de revolta, fragilizando-se as sociedades. E, “na ausência de justiça social, a coesão da sociedade e a estabilidade da democracia estão ameaçadas” (Moura, 1997:21).

É então evidente a necessidade de intervenção do IEFP, I.P., na integração da população desempregada no mercado de trabalho e, mais concretamente, do Centro de Formação Profissional de Chaves, IEFP, I.P. no aumento das qualificações escolares e profissionais desta população.

Assentes nas diversas investigações sobre as atitudes dos portugueses face ao emprego, à formação e à iniciativa, o Centro de Formação Profissional de Chaves investe no desenvolvimento de práticas que julga conducentes a uma maior adequação da oferta formativa às necessidades da população desempregada.

Recorda-se, ainda que de forma breve, as conclusões obtidas pelo Instituto de Estudos Sociais e Económicos (IESE) para o Observatório do Emprego e Formação Profissional, no referente às atitudes e comportamentos concretos da população desempregada.

No estudo realizado, verificou-se que a maioria dos desempregados (59,2%) se encontram desmotivados e revelam algum pessimismo face à possibilidade de integração no mercado de trabalho e a procura de emprego traduz-se em formas tradicionais e estereotipadas nas quais a inovação e iniciativa não assumem significância.

Freire, J.; Bernardo J.; Silva, J.; Melo, L.; Evaristo, T. & Cavaco, V. (2000) concluíram, ainda, que um terço dos inquiridos frequentaram acções de formação profissional ou investiram na qualificação escolar e profissional, sendo que a diferença entre a população empregada e desempregada é significativa. Foi a população empregada que mais investiu neste tipo de iniciativa, considerando a sua avaliação muito positiva para o desempenho profissional.

A ausência de qualificações escolares e profissionais está na base da dificuldade de inserção desta população no mercado de trabalho, a par da prevalência de mentalidades e atitudes que induzem a desmotivação perante o trabalho, à habituação a uma vida instável e centrada na resolução imediatista dos problemas do dia-a-dia, a incapacidade para perspectivar o futuro e o recurso frequente, e por vezes preferencial, aos sistemas de protecção social como forma de garantir a subsistência (Fernandes, 1998).

Apesar da investigação colocar a baixa escolaridade como um dos factores que potenciam o desemprego de longa duração, não se pode confundir o conceito de

aprendizagem com o conceito de escolaridade. De facto, às baixas qualificações escolares e profissionais associam-se as dificuldades de adaptação da população desempregada às mutações económicas e sociais para a transmissão “intra e intergeracional” do fenómeno do abandono escolar e para a aprendizagem da desqualificação social, através da interiorização das normas e das imposições que lhes estão associadas.

Neste contexto, o processo educativo decorre de forma contínua ao longo da vida e destina-se a promover o desenvolvimento integral do indivíduo. As experiências de vida de cada um são, portanto, significativas no processo de aprendizagem (Trilla, 1993:17).

Sendo assim, e segundo Trilla (1993:23), apesar dos conceitos de educação formal, não formal e informal serem distintos, “a soma do educativamente formal, não formal e informal deveria englobar a globalidade do universo da educação”.

A educação para o desenvolvimento “põe claramente em questão os conceitos tradicionais de educação, vinculados, de forma directa ou indirecta, as teorias da educação como ensino, transmissão de conteúdos e competências por parte dos agentes instituídos nos papéis de educadores (...) a outros agentes considerados como educandos” (Silva, 1990:98), focalizando-se antes nos processos de aprendizagem e encarando os destinatários como protagonistas nesse mesmo processo.

Sendo assim, o indivíduo deve ser um sujeito activo no seu próprio processo de aprendizagem e, através da sua experiência de vida, desenvolve competências que lhe permitirão agir a nível individual, grupal e comunitário (Ander – Egg, 2008).

A educação permanente, em diversos contextos (formais, não formais e informais), potencia o desenvolvimento de capacidades e competências e, conseqüentemente, a adaptação às transformações sociais e tecnológicas, com as quais nos confortamos na actualidade. De facto, o crescente desenvolvimento ao nível das novas tecnologias implica a necessidade de actualização permanente ao nível dos conhecimentos científicos, profissionais e técnicos (Ander – Egg, 2008). Num mundo em constante transformação, urge o desenvolvimento de competências ao nível do saber – saber, saber-estar e saber-ser. Aprender a ser, como define Edgard Fauré, constitui-se como uma aprendizagem imprescindível nas dinâmicas associadas à educação permanente (Ander – Egg, 2008).

Apesar da crescente aposta no investimento na aprendizagem ao longo da vida, na actualidade, assistimos a atitudes de desmotivação, apatia e desânimo associados à necessidade de educação permanente. É, então, premente sensibilizar os indivíduos para a pertinência da educação no desenvolvimento da própria vida (Ander – Egg, 2008), promover a reflexão, a capacidade crítica, a iniciativa, dotando os indivíduos de um papel activo no seu próprio processo de aprendizagem e na construção de projectos futuros.

3. Dinâmicas e práticas desenvolvidas pelo Centro de Formação Profissional de Chaves, IEFP, I.P.

Conscientes da importância da aprendizagem ao longo da vida enquanto meio potenciador da empregabilidade de adultos, o Centro de Formação Profissional de Chaves desenvolve diversas modalidades educativas e formativas que pretendem dar resposta às diferentes necessidades e perfil dos adultos que pretendem aumentar as suas qualificações escolares e/ou profissionais.

Neste contexto, o Centro Novas Oportunidades do Centro de Formação Profissional de Chaves assume um papel preponderante no diagnóstico e encaminhamento de adultos para a oferta educativa e/ou formativa mais adequada aos seus interesses, necessidades e perfil.

Os processos de Reconhecimento, Validação e Certificação de Competências, os Cursos de Educação e Formação de Adultos e a Formação Modular são exemplos de modalidades educativas e formativas dirigidas a adultos.

Contudo, na implementação destas modalidades, assistia-se a uma elevada taxa de abandono e a implicação da frequência de ofertas educativas e/ou formativas no desenvolvimento de competências individuais potenciadoras da empregabilidade não parecia clara. A auto-avaliação do Centro de Formação Profissional de Chaves e, mais concretamente, dos processos e metodologias associados à implementação dos processos formativos, permitiu verificar que estes últimos eram pautados pelo desenvolvimento e avaliação de conhecimentos em detrimento do desenvolvimento e avaliação de competências.

Segundo a Comissão Europeia (2004), por competência entende-se o **“Conjunto articulado, transferível e multifuncional, de conhecimentos, capacidades e atitudes indispensáveis à realização e desenvolvimento individuais, à inclusão social e ao emprego”**.

De facto, as diferentes modalidades de educação e formação de adultos são regidas por portarias que identificam o Portefólio Reflexivo de Aprendizagens, as aprendizagens adquiridas ao longo da vida em diversos contextos (formais, não formais e informais), as experiências individuais e a generalização das competências adquiridas em contexto formativo para outros contextos de vida do adulto como essenciais para o desenvolvimento de percursos formativos potenciadores da empregabilidade.

Salienta-se a Portaria 230/2008 que regulamenta a implementação dos Cursos de Educação e Formação de Adultos e das Formações Modulares, que refere que “... avaliação formativa ocorre, preferencialmente, no âmbito da área de PRA, a partir da qual se revela a consolidação das aprendizagens efectuadas pelo adulto ao longo do curso” (ponto 1 do Artigo 30.º) e “Os critérios de avaliação formativa são, nomeadamente: a participação, a motivação, a aquisição e a aplicação de conhecimentos, a **mobilização**

de competências em novos contextos, as relações interpessoais, o trabalho em equipa, a adaptação a uma nova tarefa, a pontualidade e a assiduidade” (ponto 1 do Artigo 42.º).

São, assim, valorizadas as competências do adulto, não apenas ao nível da aquisição de conhecimentos, mas também da sua aplicação em projectos futuros, numa articulação constante entre o desenvolvimento de competências técnicas e de atitudes promotoras de capacidade de reflexão e iniciativa, essenciais à integração no mercado de trabalho.

Neste sentido, o Centro de Formação Profissional de Chaves implementou um conjunto de práticas que visa a integração das diferentes modalidades educativas e formativas tendo como linha de orientação o desenvolvimento integral do indivíduo.

Entre estas práticas destacam-se: (a) a articulação entre coordenadores das diferentes modalidades de educação e formação de adultos e o Centro Novas Oportunidades, enquanto serviço que efectua o diagnóstico e encaminhamento de adultos; (b) a promoção de reuniões entre o coordenador do Centro Novas Oportunidades e os coordenadores das modalidades e; (c) a promoção de reuniões entre os coordenadores das modalidades e as equipas formativas.

A articulação entre coordenadores das diferentes modalidades de educação e formação de adultos e o Centro Novas Oportunidades permite que os percursos formativos sejam “desenhados” em função do diagnóstico das necessidades, interesses e perfil dos adultos encaminhados.

A promoção de reuniões entre os coordenadores das modalidades e as equipas formativas tem como objectivo providenciar informação à equipa técnico - pedagógica acerca do perfil dos adultos; articular a intervenção das diversas Áreas e Unidades de formação; adequar os referenciais do Catálogo Nacional para a Qualificação às necessidades dos adultos (em termos de interesses, motivação, perfil e promoção da empregabilidade); desenvolver instrumentos de aquisição de conhecimentos e competências adaptados às experiências de vida individuais e; desenvolver instrumentos de avaliação de competências que possibilitem a generalização das mesmas para outros contextos de vida dos adultos.

Estas dinâmicas permitem, na prática, que os formandos percepcionem e sintam os percursos formativos como “próximos” à sua experiência de vida, adquirindo um sentido prático que potencia a elaboração de projectos futuros individuais e tornando a aprendizagem, efectivamente, significativa.

Os percursos formativos implementados, nas diferentes modalidades educativas e formativas, permitem que o formando decida de forma autónoma, em articulação com as competências a desenvolver indicadas nos referenciais de formação, os temas a desenvolver em função das necessidades individuais tornando-se, assim, agente activo no próprio processo de aprendizagem.

A elaboração do Curriculum Vitae, de cartas de apresentação, a reflexão acerca das competências adquiridas ao longo da vida, a definição de um plano de procura activa de emprego individualizado e o treino de competências de oralidade e escrita que permitam transmitir, de forma assertiva, as competências adquiridas a uma possível entidade empregadora são exemplos de instrumentos individualizados e não escolarizados que potenciam o treino de competências essenciais à inserção no mercado de trabalho.

Em acréscimo, todas as Unidades de Formação são adaptadas às experiências de vida individual dos adultos, na medida em que os conteúdos ministrados são alvo de reflexão, por parte dos formandos, no sentido de serem aplicados nos seus projectos futuros a nível pessoal e/ou profissional.

A articulação entre o Centro Novas Oportunidades e o Centro de Formação Profissional, a preparação das equipas formativas e a adequação dos percursos formativos às experiências de vida individuais dos formandos fomentam o desenvolvimento da capacidade de reflexão, a promoção da autonomia e iniciativa e elaboração de projectos futuros que julgamos facilitadores da inserção de adultos desempregados no mercado de trabalho.

Enquanto agente central na resposta ao desafio da qualificação de adultos e na instrução do dever de aprender ao longo da vida, o Centro de Formação Profissional de Chaves tem como missão motivar para a aprendizagem permanente, potenciar a experiência de vida, preparando os adultos para opções futuras, num quadro de desenvolvimento das autonomias e de consolidação das escolhas.

Contudo, é apenas com o investimento em dinâmicas e práticas fundamentadas nos pressupostos da educação e formação de adultos¹ que nos parece possível que o aumento de qualificações escolares e profissionais conduza, efectivamente, à empregabilidade.

4. Referências Bibliográficas

Ander – Egg, E. (2008). *Metodologia y Práctica de la Animación Sociocultural*, Madrid:CCS.

Fernandes, A. (1998) *O Estado Democrático e a Cidadania*. Porto: Edições Afrontamento.

Freire, J., Bernardo, J., Almeida E Silva, J., Melo, L., Evaristo T. & Cavaco, V (2000). *Atitudes face ao emprego, trabalho e tempo livre – Os processos de motivação para o trabalho, a formação e a iniciativa*. IEFP.

1 O adulto, integrado numa oferta educativa e/ou formativa, é entendido como portador de uma história de vida e de uma experiência individual e; a Educação e Formação enquanto processo de mudança e de transformação individual numa tripla dimensão do saber (saber estar, saber fazer e saber ser) é entendida como uma tensão permanente entre a reflexão e a intervenção.

- Lages, M. (2001). Desempregados inscritos e não – inscritos nos centros de emprego. Características e atitudes perante o trabalho. IEFP
- Moura, J. (1997). *Sociedade e Trabalho, Problemas da Política de Emprego, 1*, 20 – 25.
- Silva, a. (1990). Educação de Adultos, educação para o desenvolvimento. Rio Tinto: Edições ASA.
- Trilla, J. (1993). La educación fuera de la escuela Barcelona: Ámbitos no formales Y educación social. Editorial Ariel S.A.

Comunicacións e Pósters

Mesa de Comunicaci3n 1
Necesidades de Formaci3n

Unha proposta europea de curriculum para a orientación da carreira

ELENA FERNÁNDEZ REY, CRISTINA CEINOS SANZ, ANA I. COUCE SANTALLA

REBECA GARCÍA MURIAS, MIGUEL ANXO NOGUEIRA PÉREZ

SILVIA VÁZQUEZ BARGIELA

Grupo de Investigación "Diagnóstico e Orientación Educativa e Profesional"
Universidade de Santiago de Compostela

Introdución

O interese crecente pola formación dos profesionais da orientación para a carreira ou orientación profesional na Unión Europea implica que dende diferentes organismos e institucións se analicen e estuden diferentes propostas para elaborar deseños formativos acordes co rol profesional dos orientadores/as.

A formación do orientador entendida como desenvolvemento profesional enlaza co modelo de orientación de natureza colaborativa, na que se concibe este profesional como axente socio-educativo, planificador e xestor de procesos formativos e que pode intervir en sistemas complexos.

O desenvolvemento profesional dos orientadores intégrase nun conxunto de dimensións: coñecemento e comprensión dun mesmo, perfeccionamento pedagóxico, desenvolvemento cognitivo —procesamento da información—, desenvolvemento teórico —reflexión sobre a práctica—, desenvolvemento da carreira profesional -roles emerxentes para o cambio e a innovación- (Howey, 1985; Hackney, 1990).

A multiplicidade de enfoques respecto á identidade profesional en función dos países que se examinen abrangue un amplo abano de posibilidades que van dende unha dedicación exclusiva e específica ás funcións orientadoras á consideración do rol orientador como un complemento secundario á tarefa profesional principal — psicólogo, docente, etc— (Sobrado e Nogueira, 2009). Por esta razón, a formación orientadora que reciben é diferente, xa que intenta axustarse á concepción que se teña da identidade profesional.

Os niveis considerables de variación e diversidade, tanto na modalidade de formación proporcionada, como na súa duración e perfil curricular (Watts e outros, 1996) levan a necesidade de realizar unha reflexión previa sobre o perfil profesional dos orientadores e diagnosticar e priorizar cales son as súas principais demandas formativas para trasladalas a un modelo que poda compartirse no contexto europeo e que teña en conta dimensións como as seguintes:

- Requisitos de acceso e formativos
- Coñecementos teóricos e prácticos necesarios para afrontar a diversidade de ámbitos de intervención
- Valores e actitudes que deben fomentarse
- Habilidades e capacidades a desenvolver

Ademais dos factores anteriores, é importante que a formación contemple á realización de actividades profesionais e de práctica laboral, que aproxime aos profesionais da orientación á súa futura realidade profesional. Estes aspectos figuran na oferta formativa, con frecuencia, cun carácter limitado ou residual cando son claramente demandados polas persoas en formación, así como polas institucións e/ou servizos que empregan a éstas.

Nesta comunicación preténdese presentar o traballo dun grupo de investigadores de sete países europeos para, tomando como punto de partida a análise das realidades nacionais e as necesidades dos orientadores para a carreira, elaborar unha proposta común de currículo formativo seguindo as pautas establecidas no Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

1. Proposta para a formación dos profesionais da orientación para a carreira en Europa

Pódense citar dous antecedentes claros que abordan a nivel europeo a formación dos profesionais da orientación para a carreira e que supoñen un fundamento para propostas posteriores neste sentido.

O primeiro baséase na investigación de Watts (1992) para a elaboración dun perfil de currículo formativo común para os países da Unión Europea, realizada a partir

da análise exhaustiva de trinta e seis profesións diferentes de orientadores profesionais no marco europeo, e na que aporta algunhas consideracións relevantes a ter en conta na estrutura e contidos que deben figurar na formación destes profesionais.

Este estudo estrutúrase en tres áreas interdependentes: valores e metas, habilidades e capacidades e áreas curriculares (Cadro 1)

Cadro 1: Áreas do perfil formativo dos orientadores da Unión Europea

Valores e metas	Habilidades e capacidades	Áreas curriculares
Autoconecemento e autoconciencia da repercusión dos prexuízos persoais e sociais (étnicos, de sexo, clase social, lingua, etc.) Confianza no desenvolvemento persoal	Avaliación diagnóstica, especialmente no dominio de tests psicopedagóxicos	<i>Pedagogía</i> a) Política da Educación e Sistema Educativo b) Didáctica e Formación c) Currículo Educativo d) Teorías e sistemas de Orientación e) Teorías da aprendizaxe escolar
Respecto á autonomía do suxeito e á diversidade persoal e socio-cultural	Entrevista	<i>Psicología</i> a) Evolutiva e da Educación b) Diferencial c) Social e do Traballo
Interese e actitude crítica ante os cambios socio-económicos	Orientación persoal e grupal	<i>Sociología</i> a) Estrutura Social b) Sociología das profesións
Aprendizaxe continua e desenvolvemento profesional	Exploración, análise, procesamento de datos, organización e presentación da información	<i>Economía</i> a) Estrutura económica b) Mercado de traballo c) Oferta e demanda de emprego d) Organización empresarial
Apertura ante as ideas e experiencias innovadoras	Liderado e traballo en equipo	<i>Dereito</i> a) Laboral b) Seguridade Social c) Mercantil
Rectitude e responsabilidade	Análise de tarefas e da oferta e demanda laboral Docencia Negociación Publicidade	<i>Estatística</i>

(Elaboración a partir de Watts, 1992)

Watts (1992) especifica que deberá empregarse unha metodoloxía diversa, na que se combine a celebración de seminarios e clases con accións autónomas dos

estudantes como lecturas e traballos individuais e en equipos e na que teñan un peso relevante as actividades e experiencias prácticas: visitas a empresas, fábricas, talleres, saídas profesionais, etc.

A configuración desta formación implica unha abordaxe multidisciplinar, aínda que cunha maior carga para os contidos ligados aos ámbitos da Pedagogía e da Psicoloxía.

O segundo antecedente vincúlase co estudo de Repetto, Ballesteros e Malik (2000) que se engloba no Proxecto de formación de orientadores europeos e que trata, entre outros obxectivos, de precisar cales serían os contidos e os aspectos metodolóxicos a ter en conta para a elaboración dun curriculum formativo europeo dos orientadores/as.

Tras unha recollida de datos exhaustiva durante dous anos e na que se contou cunha mostra ampla de profesionais da orientación (n=815) con representación de doce países europeos, que responderon a cuestións relativas á valoración das competencias para a realización de tarefas, á formación inicial, á importancia dunha futura formación europea e ás modalidades de formación, estas investigadoras propoñen un desenvolvemento profesional centrado no modelo de competencias (*Competency-Based Teacher Education, CBTE*), "...referido ao triplo obxectivo da adquisición de coñecementos, o desenvolvemento de actitudes e a capacitación nas habilidades e destrezas requiridas polo orientador para a realización das súas tarefas cos clientes da Unión." (Repetto, Ballesteros e Malik, 2000: 169)

Delimitan tamén algunhas esixencias para o logro dos obxectivos formativos:

- Práctica das competencias implicadas nos contidos teóricos. Requírese un proceso explícito para a adquisición das competencias a través dunha aprendizaxe na práctica e dende a práctica.
- Comprensión teórica e práctica de cada competencia específica e aprendizaxe da cando debe usarse.
- Demostración por parte dos docentes do emprego correcto das competencias en cada caso (por exemplo, mediante técnicas de modelado ou dramatización).
- Retroalimentación específica e positiva e no tempo adecuado que permita que o/a orientador/a en formación poida integrala na súa práctica posterior.

2. Deseño preliminar dun plan de estudos para a formación dos profesionais da orientación para a carreira

Tomando como base os traballos expostos no apartado anterior desta comunicación, xurde o Proxecto Europeo "*Development and Implementation of Common Bachelors Degree Programme in the European Context*" (DICBDPEC) que pretende estruturar un

título de Educación Superior específico para a orientación da carreira que poida ofrecer a capacitación de profesionais que traballen, especialmente, nos ámbitos de servizos sociais (incluíndo a atención e intervención de casos), dos servizos públicos de emprego e da xestión de recursos humanos en empresas e/ou organizacións.

Outro dos obxectivos fundamentais do Proxecto é identificar programas académicos facilmente comparables mediante o emprego de créditos ECTS, que ao mesmo tempo permitan recoñecer a variabilidade dos sistemas nacionais particulares.

O resultado esperado do Proxecto será a elaboración dun innovador programa educativo modular para a formación de orientadores para a carreira de nivel de posgrao (*Bachelor*) que utilice créditos ECTS e Suplemento de Diploma ao Título. Tamén se contempla a necesidade de especificar os criterios de calidade para os programas de posgrao de acordo coas Normas e Directrices Europeas para a Calidade da Educación (ESG).

O proceso de traballo desenvólvese nas seguintes fases:

1. Elaboración dos criterios de avaliación de calidade da educación para os orientadores da carreira segundo os estándares de calidade ESG da Unión Europea.
2. Exame comparativo dos planes formativos nacionais para a posterior análise da educación superior e a formación educativa e profesional dos orientadores, as diferenzas e requisitos para a cualificación.
3. Comparación internacional da educación superior e as posibilidades de estudos de posgrao dos orientadores da carreira nos países socios.
4. Realización de estudos sobre o emprego dos mozos no mercado laboral e a adquisición de información sobre estratexias de desenvolvemento económico e social a nivel nacional e no marco dos desafíos da UE.5
5. Redacción dun dicionario terminolóxico.
6. Desenvolvemento dos contidos e competencias a incluír nos módulos formativos.

O modelo no que se fundamenta o deseño curricular é o de competencias, para o cal se toman como referencia os sistemas enunciados por dous organismos internacionais relevantes: a “*International Association for Educational and Vocational Guidance*” (IAEVG) e o “Centro Europeo para el Desarrollo de la Formación Profesional (CEDEFOP Panorama series; 164, 2009), e a aportación significativa de Ertelt (2007) coa súa elaboración dos Módulos Europeos.

A versión preliminar do plan de estudos ten un carácter modular estando composta por quince bloques formativos que abarcan, dende unha perspectiva multidisciplinar, aspectos conceptuais e teóricos e dimensións prácticas e aplicadas en diferentes contextos de intervención (cadro 2).

Cadro 2: Módulos formativos da proposta curricular do Proxecto DICBDPEC

Módulo	Contidos	Ámbito/Disciplina
1	Introdución á Orientación da Carreira e Desenvolvemento dos Recursos Humanos	Aspectos introductorios
2	Xestión da Información	Xestión
3	Estratexias e Instrumentos de Xestión	Xestión
4	Orientación para a Carreira no sistema educativo	Educación
5	Relacións Laborais e Marketing do Servizo	Relacións laborais
6	Psicoloxía ocupacional, educativa e asesoramento da carreira	Psicoloxía
7	Aspectos socio-económicos da Orientación da Carreira	Aspectos socioeconómicos
8	Ética e profesionalización	Ética profesional
9	Xestión de persoal	Xestión
10	Cuestións do mercado laboral e estatística social aplicada	Aspectos socioeconómicos Estatística
11	Lexislación nacional, europea e internacional sobre traballo, mobilidade e orientación para a carreira	Lexislación
12	Coñecemento sobre profesións, competencias e sistemas de clasificación	Aspectos socioeconómicos Mercado laboral Formación
13	Dimensión europea da Orientación da Carreira	Dimensión europea
14	Informática e metodoloxías de investigación e procedimentos de presentación	TIC Investigación
15	Linguaxes e comunicación no contexto da Orientación da carreira	Comunicación

Ademais dos contidos expostos anteriormente, hai un módulo específico de prácticas obrigatorias en diferentes ámbitos profesionais, integrando a opción de realización de prácticas noutro país europeo diferente do propio e outro bloque dedicado á elaboración dun proxecto final de posgrao. Con estes dous requisitos destácase a importancia do coñecemento real dos contextos posibles nos que estes profesionais poden actuar e das experiencias de boas prácticas que poden existir en diversos ámbitos de intervención.

Como se observa no cadro hai unha actualización dos contidos que se inclúen no curriculum formativo respecto ao deseño proposto por Watts (1992) —cadro 1— coa que se pretende adaptarse ás necesidades formativas e dos diversos contextos de intervención dos orientadores para a carreira. Pero, tamén se reflicte que hai disciplinas curriculares que se manteñen no presente deseño (educación, psicoloxía, aspectos económicos, etc.)

Os módulos organízanse nun período lectivo de seis semestres cunha carga lectiva total de 180 créditos ECTS.

3. Conclusións

A formación dos orientadores para a carreira constitúe unha liña de investigación preferente a nivel europeo dende hai, aproximadamente, dúas décadas a través de Proxectos que, partindo da análise dos múltiples contextos e modalidades formativas, pretenden ofrecer unha proposta curricular común que podan asumir varios países.

A tarefa resulta complexa xa que se precisa concibir de maneira similar a identidade profesional dos orientadores (as súas competencias e funcións, os servizos nos que traballan, a súa dedicación, etc.) e fundamentar a proposta nun modelo único, que nas investigacións presentadas nesta comunicación é o de competencias.

Vanse dando pasos positivos que, no caso do Proxecto Europeo “*Development and Implementation of Common Bachelors Degree Programme in the European Context*” (DICBDPEC), terá como resultado o deseño dun programa formativo para os orientadores que recolle as competencias fundamentais sinaladas por organismos e autores de relevancia neste ámbito e que estes profesionais deberán desenvolver e os contidos teóricos e prácticos que, dende a achega de varias disciplinas, terán que adquirir.

O Proxecto non so pretende avanzar no deseño curricular formativo dos orientadores para a carreira en Europa a partir do modelo baseado en competencias (CBTE), senón tamén na posibilidade de analizar como se desenvolvería realmente esa formación e que valoración podería realizarse da mesma a través da implementación da totalidade ou parte dos módulos elaborados por algún dos socios participantes, o que levaría a obter resultados que permitiran mellorar a proposta.

4. Bibliografía

- CEDEFOP (2009). *Professionalising career guidance Practitioner competences and qualification routes in Europe*. Panorama series, 164. Luxembourg: Office for Official Publications of the European Communities.
- Ertelt, B. J. (2007). Wissenschaftliche Aus- und Weiterbildung zur Berufsberatung im internationalen Vergleich. *Report* (30) 1. Consultado en <http://www.die-bonn.de/doks/ertelt0701.pdf> o 3 de maio de 2011.
- Hackney, H. (1990). *Changing context for Counselor preparation in the 1990s*. Alexandría, VA: ACES-AACD.
- Howey, K. (1985). Six major functions of staff development: An expanded imperative. *Journal of Teacher Education*, 36 (1), 58-64.

- Repetto, E.; Ballesteros, B. e Malik, B. (2000). *Tareas y formación de los orientadores en la Unión Europea*. Madrid: UNED.
- Sobrado, L. (1996). Formación y profesionalización de orientadores: Modelos y procesos. *RELIEVE*, vol. 2, n. 2. Consultado en http://www.uv.es/RELIEVE/v2n2/RELIEVEv2n2_3.htm o 7 de xullo de 2011.
- Sobrado, L. M. e Nogueira, M. A. (2009). Rol y funciones de los Servicios de Orientación Europeos, en L. M. Sobrado e A. Cortés (coords.). *Orientación Profesional. Nuevos escenarios y perspectivas*, 305-322.
- Watts, A. G. (1992). *Perfiles profesionales de los consejeros de Orientación en la Comunidad Europea. Informe de síntesis*. Berlín: CEDEFOP.
- Watts, A. G. e outros (1996). *Rethinking careers and vocational guidance*. London: Routledge.

A formación en Tecnoloxías da Información e da Comunicación do profesional da Orientación dende o marco do Proxecto Europeo DICBDPEC

MIGUEL ANXO NOGUEIRA PÉREZ

ELENA FERNÁNDEZ REY

Grupo de Investigación “Diagnóstico e Orientación Educativa e Profesional”

Universidade de Santiago de Compostela

1. Introducción

O Proxecto “Development and Implementation of Common Bachelor’s Degree Programme in the European Context” (DICBDPEC) —“Desenvolvemento e Implementación dun Programa de Grao Común no Contexto Europeo”—, enmárcase dentro do Subprograma Erasmus, que á súa vez se sitúa dentro do “Lifelong Learning Programme” —LLP— (Programa de Aprendizaxe ao longo da Vida), e ten como fin último a harmonización da Educación Superior e os Estudos de Posgrao dos orientadores da carreira nos países que participan como socios.

Liderado pola Slovak University of Technology de Bratislava, conta tamén coa participación de sete Universidades europeas, entre elas a de Santiago de Compostela.

O resultado que se busca co Proxecto consiste en obter nun Programa de Estudos Modular Integrado e Innovador, que abarca os estudos de Grao e Posgrao a través da utilización de créditos ECTS (European Credit Transfer System), e que permitirá

aos orientadores da carreira a consecución do Diploma de recoñecemento conxunto/ Suplemento ao Diploma.

Exponse como obxectivo fundamental do DICBDPEC recoñecer uns programas académicos facilmente lexibles e comparables mediante o uso de créditos ECTS, que á súa vez recoñezan a variabilidade dos sistemas nacionais. Para iso, desenvólvese un marco de cualificacións comparables e compatibles na educación superior e na formación de posgrao de orientadores da carreira, baseadas na descrición de cualificacións en termos de carga de traballo, niveis, resultados de estudo, competencias e perfil profesional. Isto axuda a mellorar o recoñecemento das cualificacións e a apoiar a mobilidade internacional dos estudantes e do persoal universitario en xeral.

Tamén se atopan entre os obxectivos do Proxecto a introdución de innovacións na formación a través de novos métodos e formatos (módulos de e-learning), a re-avaliación dos currícula, o desenvolvemento de títulos conxuntos e o apoio das competencias interculturais e do idioma.

Todas as actividades deste Proxecto apóianse no desenvolvemento e a transferencia de procesos de innovación co soporte das TIC no ensino superior e na formación educativa e profesional no ámbito da orientación da carreira dentro dos países socios.

O Proxecto busca ter impacto sobre a ampliación do Espazo Europeo de Educación Superior dentro do campo da orientación da carreira, e na mellora da calidade da colaboración entre institucións de educación superior no marco da Unión Europea, aumentando así o grao de transparencia e correspondencia entre as cualificacións obtidas no ámbito da educación superior.

O plan formativo preliminar desenvolvido actualmente para os orientadores da carreira desagregase en 15 módulos:

Nº	Título do módulo
1	Introdución á Orientación da Carreira e Desenvolvemento dos Recursos Humanos
2	Xestión da Información
3	Estratexias e Instrumentos de Xestión
4	Orientación para a Carreira no sistema educativo, ámbitos de traballo e redes locais/regionais
5	Relacións Laborais e Mercadotecnia do Servizo
6	Psicoloxía ocupacional, educativa e asesoramento da carreira
7	Aspectos socio-económicos da Orientación da Carreira
8	Ética e profesionalización dos orientadores da carreira
9	Xestión de persoal

10	Cuestións do mercado laboral e estatística social aplicada
11	Lei e lexislación nacional, Europea e internacional no traballo, a mobilidade e a orientación para a carreira
12	Coñecemento sobre profesións, competencias e sistemas de clasificación
Un dos puntos de interese radica en coñecer a dispoñibilidade dos traballadores —tanto empregados coma desempregados— para a mobilidade laboral e as razóns que apoian ou limitan esta decisión. No primeiro caso, compre coñecer en que medida as persoas que traballan nunha empresa ou organización aceptarían realizar tarefas (durante un tempo curto ou longo) en áreas internacionais e valorar as repercusións positivas e negativas que isto pode supoñer a nivel profesional, familiar e persoal. En canto ós desempregados, as análises diríxense a recoller datos sobre os niveis de procura de emprego en zonas distintas ás de residencia. O estudo que presentamos a continuación sitúase nesta segunda perspectiva de xeito que buscamos identificar as áreas de procura de emprego dun grupo de titulados superiores e analizamos se existen diferencias de comportamento tendo en conta o xénero, a idade ou o ámbito científico dos estudos cursados.

2. Xustificación teórica

A nivel do estado español, o Servicio Público de Empleo Estatal, organismo dependente do Ministerio de Trabajo e Inmigración, a través do denominado Observatorio de las Ocupaciones publicou o informe Datos Básicos de Movilidad, no que se inclúe información sobre a mobilidade dos traballadores nos últimos cinco anos tanto a nivel estatal como provincial. Neste informe analízanse os desprazamentos entre provincias vinculados ós contratos laborais, as taxas e fluxos, identificando o perfil dos traballadores, os sectores económicos e os grupos ocupacionais. Na segunda parte deste informe pódese acceder ós datos por provincias. Nunha das conclusións sinalan que o fluxo entre provincias ven condicionado polo seu carácter limítrofe ou por formar parte dunha mesma comunidade autónoma. Aínda que se aprecia unha diversidade de traxectorias derivada dunha mobilidade multidireccional, hai unha certa distribución de carácter radial pola atracción que exerce Madrid. En todo caso, tamén advirten que se detecta mobilidade (de entrada e de saída) entre todas as provincias.

Nos estudos realizados a nivel europeo, España presentaba as taxas máis baixas de persoas dispostas a cambiar de lugar de residencia para atopar emprego. Para algúns expertos, esta situación pode mudar por efecto da crecente crise económica que nalgúns casos pode provocar unha actitude máis positiva e aperturista á mobilidade xeográfica na poboación española. Segundo o IV estudo de mobilidade laboral internacional, elaborado por Randstad, o 42% estaría disposto a emigrar a outro país para encontrar emprego, mentras que as persoas que cambiarían o domicilio habitual a outra comunidade polo mesmo motivo, chega ata o 65%. A idade e o nivel de estudos son factores que determinan unha maior apertura á mobilidade: ó redor do 70% das persoas entre 25 e 34 anos e as que posúen estudos universitarios optarían pola mo-

bilidade xeográfica para atopar emprego. No que fai ó sexo, a maior dispoñibilidade corresponde ós homes (69% fronte o 60%).

A enquisa de Mobilidade Laboral 2006 elaborada por PricewaterhouseCoopers para a Comisión Europea segundo datos proporcionados por directivos de recursos humanos de 445 empresas radicadas en trece países de UE e Suiza, reflicte que a predisposición dos traballadores da UE para cambiar de país permanece en niveis relativamente baixos nos últimos cinco anos. Ademais, España, segue a estar por debaixo da media comunitaria (a penas un 15% dos traballadores pode incluír no seu expediente experiencias de mobilidade laboral nacional ou rexional).

Fronte a estes datos pouco alentadores sobre a dispoñibilidade ó desprazamento por mor do emprego, no estudio titulado Global Mobility Program Management Survey, realizado en 2007, por Deloitte Tax LLP y ORC Worldwide LLC, indícase que a maioría das compañías prevén un aumento significativo das asignacións internacionais, tanto de larga coma de curta duración, e que se vai producir un importante incremento de postos de traballo de carácter global.

Nos estudos realizados por GMAC Global Relocation Services analízanse con certa periodicidade as políticas e prácticas de traslados en diversas compañías. Concretamente, atoparon que máis de dous tercios (69%) das compañías multinacionais informan de que aumentaron considerablemente as asignacións internacionais en 2006. Asemade tamén se apunta que ten aumentado o rexeitamento por parte dos empregados a realizar misións internacionais. Estas resistencias a aceptar traslados ó estranxeiro xustifícase en base a tres razóns: a) intereses familiares (adaptación da familia, educación dos fillos, resistencias por parte da parella, adaptación a outras culturas, duración da misión internacional, idiomas); b) as oportunidades de carreira profesional da parella; e c) efectos sobre a carreira profesional (que desvela unha percepción negativa da experiencia en relación ás melloras no emprego). No estudio apúntase á necesidade dunha formación intercultural como vía para superar estas dificultades.

Efectivamente, a formación intercultural representa un desafío importante na sociedade actual no só como requisito para unha mellor adaptación profesional e laboral a contextos diferentes senón para garantir unha convivencia pacífica e armónica entre cidadáns cada vez máis heteroxéneos e diversos. As institucións de formación deben asumir como un dos seus propósitos importantes a necesidade de preparar para vivir e traballar nun mundo multicultural. Na reforma das titulacións universitarias derivadas do proceso de adaptación a Bolonia, as universidades teñen que organizar a formación en base ás competencias que deben posuír os futuros titulados. Entre as competencias de carácter transversal ou xenéricas (polo tanto comúns a todos os títulos) están aquelas a través das que se insiste na habilidade para traballar nun contexto internacional, coñecemento de culturas e costumes doutros países, apreciación da diversidade e multiculturalidade ou coñecemento dunha segunda lingua (González y Wagenaar, 2003).

Estas competencias estanse a promover nos diversos estudos e actividades universitarias así coma a través de programas específicos de mobilidade entre estudantes universitarios coma a iniciativa Erasmus de xeito que os intercambios poidan axudar a unha mellor formación e, nalgúns casos, mesmo posibilitar ou incluso estimular opcións de emprego noutros países. Efectivamente os programas de intercambio representan oportunidades interesantes para unha apertura a outros ámbitos culturais, científicos, políticos, económicos e laborais (Fuentes e González Sanmamed, 2002), o que sen dúbida pode facilitar outras posibilidades de mobilidade profesional. Neste senso compre destacar que para a Unión Europea a mobilidade dos traballadores é un dos obxectivos valiosos e para a súa promoción desenvólvense diversas accións entre as que cabe destacar a creación da Rede Eures e o plan de acción europeo para a mobilidade.

3. Metodoloxía

Os datos que imos comentar a continuación forman parte dun estudo máis amplo que se realizou con titulados universitarios que, unha vez rematados os estudos estaba cursando o Curso de Aptitude Pedagoxica (CAP) na Universidade da Coruña.

Trátase dunha investigación de carácter exploratorio que se realizou a través de enquisa (Cohen e Manion, 1990) e na que pretendíamos coñecer as percepcións destes estudantes respecto a cuestións vinculadas coa orientación e a titoría na universidade así como a valoración das competencias transversais na súa formación universitaria. Concretamente, no apartado que estamos a presentar, buscábase identificar as expectativas de mobilidade na procura de emprego.

Para a recollida de datos elaborouse un cuestionario. No seu deseño e aplicación tivéronse en conta todas as recomendacións dos expertos para garantir a súa validez e fiabilidade (McMillan e Schumacher, 2005; Torrado, 2004). Na aplicación do cuestionario seguiuuse unha estratexia probabilística de tipo casual (Arnal, del Rincón y Latorre, 1992; Bisquerra, 2004).

Participaron no estudo 419 suxeitos. A súa distribución en función das características de xénero, idade e ámbito científico da súa titulación aparece recollida nas seguintes táboas.

		Xénero			
		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Válidos	Home	161	38,4	38,4	38,4
	Muller	258	61,6	61,6	100,0
Total		419	100,0		

Táboa 1: Características da mostra por xénero.

Concretamente, na táboa 1, aparece a distribución de homes e mulleres. Os datos reflicten unha maior porcentaxe de mulleres (61,6%) que de homes, algo que ven sendo habitual nas estatísticas sobre a distribución por xénero na universidade.

Idade					
		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Válidos	26 a 29 anos	96	23,0	23,0	23,0
	30 a 33 anos	174	41,6	41,7	64,7
	34-37 anos	71	17,0	17,0	81,8
	38-41 anos	47	11,2	11,3	93,0
	42 ou máis anos	29	6,9	7,0	100,0
	Total	417	99,8	100,0	
Perdidos	Sistema	1	,2		
Total		418	100,0		

Táboa 2: Características da mostra por idade.

En canto á idade (táboa 2), observamos que case a metade dos participantes está entre os 30 e os 33 anos (41,7%). Incluso unha porcentaxe considerable (23%) ten menos de 29 anos. Estes datos reflicten as características da mostra que xa indicamos anteriormente (estudiantes que está a realizar o CAP e que maioritariamente non fai moito que remataron os seus estudos universitarios). En menor medida están representadas as outras franxas de idade: un 17% para os que teñen entre 34 e 37 anos; 11,3% para os que están entre os 38 e os 41 anos e un 7% para os de máis de 41 anos.

Ámbito científico					
		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Válidos	Ciencias	53	12,7	12,8	12,8
	Ciencias da saúde	25	6,0	6,0	18,8
	Técnico	108	25,8	26,1	44,9
	Xurídico-Social	153	36,6	37,0	81,9
	Arte e Humanidades	75	17,9	18,1	100,0
	Total	414	99,0	100,0	
Perdidos	Sistema	4	1,0		
Total		418	100,0		

Táboa 3: Características da mostra por ámbito científico.

Por ámbito científico (táboa 3), as maiores porcentaxes concéntranse no ámbito Xurídico-Social (37%) e Técnico (26,1%). En terceiro lugar con 18,1% están os estudantes de Arte e Humanidades, seguidos dos de Ciencias (12,8%) e por último os de Ciencias da Saúde (6%).

4. Resultados

Cada unha destas opcións era independente, de aí que os participantes tiñan que responder por separado a cada un dos catro ítems que agrupamos conxuntamente en cada unha das táboas que comentaremos seguidamente. Para as análises teremos en conta as porcentaxes de resposta afirmativa, xa que indica as persoas que estaban de acordo con esa opción.

		Busco emprego unicamente en Galicia		Busco emprego fóra de Galicia, pero só se non o atopo aquí		Busco emprego fora de Galicia, pero en España		Busco emprego noutros países, fora de España	
		n	%	n	%	n	%	n	%
VALIDOS	SI	138	33,2	196	47,1	72	17,3	78	18,7
	NON	278	66,8	220	52,9	344	82,1	338	81,3
	Total	416	100,0	416	100,0	416	100,0	416	100,0

Táboa 4: Frecuencias e porcentaxes do ítem “mobilidade na procura de emprego”.

Na táboa 4, pódese observar que un tercio dos participantes busca emprego só en Galicia. Ademais, case a metade só acepta marcharse a traballar fora de Galicia se non atopa emprego na súa comunidade. Estes datos reflicten un escaso interese pola mobilidade laboral.

Esta idea vaise corroborar se temos en conta a resposta ás outras dúas cuestións: só un 17,3% buscaría emprego fora de Galicia pero sen saír de España e un 18,7% estaría disposto a marchar a traballar ó estranxeiro.

Analizando os resultados en función do xénero (táboa 5), atopamos algunhas diferencias de resposta que comentaremos seguidamente.

Case a metade dos homes (41,9%) buscarían traballo fora de Galicia se non o atopasen aquí. A cuarta parte dos homes está a buscar emprego no estranxeiro e a quinta parte estaría disposto a traballar noutra comunidade española. Algo máis dun tercio só quere traballar en Galicia.

A resposta das mulleres varía nalgúns aspectos. A metade estaría disposta a irse de Galicia se aquí non atopa traballo (50%). Sen embargo, só un 15,1% procura

			Busco emprego únicamente en Galicia		Busco emprego fora de Galicia, pero só se non atopo aquí		Busco emprego fora de Galicia, pero en España		Busco emprego noutros países, fora de España	
			n	%	n	%	n	%	n	%
HOME	Válidos	Sí	58	36,3	67	41,9	32	20,0	39	24,4
		Non	101	63,1	93	58,1	128	80,0	121	75,6
	Perdidos	Sistema	1	,6	-	-	-	-	-	-
	Total		160	100	160	100	160	100	160	100
MULLER	Válidos	Sí	80	31,0	129	50,0	40	15,5	39	15,1
		Non	175	67,8	126	48,8	215	83,3	216	83,7
	Perdidos	Sistema	3	1,2	3	1,2	3	1,2	3	1,2
	Total		255	98,8	255	98,8	258	100	258	100

Táboa 5: Frecuencias e porcentaxes por xénero do ítem “mobilidade na procura de emprego”.

emprego no estranxeiro e só un 15,5% noutra comunidade distinta a Galicia. O 31% só quere traballar en Galicia.

Así pois, as mulleres están dispostas en maior medida a marchar fora se non atopan traballo en Galicia. Aínda que despois diminúe o número de mulleres respecto ós homes que están á procura de emprego en España ou no estranxeiro.

Parécenos interesante contrastar estas opinións cos datos reais de mobilidade no estado español nos últimos cinco anos. Así pois, no perfil de mobilidade que se reflexa no informe SEPE (2011), sinalan que no último ano se ten experimentado un incremento na taxa de mobilidade feminina (que pasa de 9.0 a 9.3) mentres que a masculina se mantén en niveis similares (14.7)

As intencións na procura de emprego varían en función da idade (táboa 6). A idea de buscar só emprego en Galicia é considerablemente maior nos participantes con máis idade. Así por exemplo, o 70,2% dos que ten entre 38 e 41 anos e mais da metade dos que superan esta idade (51,7%) só buscan emprego en Galicia. Tal e como apuntan os estudos e informes tanto nacionais coma internacionais, as razóns de tipo familiar poden ter unha maior incidencia nesta franxa de idade onde os traballadores e traballadoras teñen maiores responsabilidades familiares. Esta tendencia confírmase se miramos os resultados dos participantes máis novos, onde tamén se aprecia que a porcentaxe de intención de quedarse en Galicia aumenta coa idade.

Na análise dos resultados do segundo ítem referido á procura de emprego fora de Galicia cando non se atopa nesta comunidade confirma os datos xa comentados. As porcentaxes diminúen considerablemente a medida que aumenta a idade. Así pois, parece que os titulados universitarios maiores de corenta anos non marcharían a traballar fora de Galicia aínda que aquí non atoparan emprego (só 17,2% de mais de

			Busco emprego únicamente en Galicia		Busco emprego fora de Galicia, pero só se non atopo aquí		Busco emprego fora de Galicia, pero en España		Busco emprego noutros países, fora de España	
			n	%	n	%	n	%	n	%
26 a 29 anos	Válidos	Sí	19	19,8	59	61,5	21	21,9	19	19,8
		Non	77	80,2	37	38,5	75	78,1	77	80,2
		Total	96	100,0	96	100,0	96	100,0	96	100,0
	Perdidos	Sistema	-	-	-	-	-	-	-	-
30 a 33 anos	Válidos	Sí	43	24,7	90	51,7	34	19,5	41	23,6
		Non	131	75,3	84	48,3	140	80,5	133	76,4
		Total	174	100,0	174	100,0	174	100,0	174	100,0
	Perdidos	Sistema	-	-	-	-	-	-	-	-
34-37 anos	Válidos	Sí	27	38,0	33	46,5	8	11,3	10	14,1
		Non	43	60,6	38	53,5	63	88,7	61	85,9
		Total	71	100	71	100,0	71	100,0	71	100,0
	Perdidos	Sistema	1	1,4	-	-	-	-	-	-
38-41 anos	Válidos	Sí	33	70,2	8	17,0	5	10,6	5	10,6
		Non	13	27,7	38	80,9	41	87,2	41	87,2
		Total	46	97,9	46	97,9	46	97,9	46	97,9
	Perdidos	Sistema	1	2,1	1	2,1	1	2,1	1	2,1
42 ou máis anos	Válidos	Sí	15	51,7	5	17,2	4	13,8	3	10,3
		Non	12	41,4	22	75,9	23	79,3	24	82,8
		Total	27	93,1	27	93,1	27	93,1	27	93,1
	Perdidos	Sistema	2	6,9	2	6,9	2	6,9	2	6,9

Táboa 6: Frecuencias e porcentaxes por idade do ítem “mobilidade na procura de emprego”

37 anos buscaría emprego fora). Pola contra, a xente nova sí estaría disposta a saír de Galicia (61,5% os que teñen menos de 30 anos; o 51,7% dos que teñen entre 30 e 33 anos e o 46,5% dos comprendidos entre 34 e 37 anos).

As porcentaxes dos que procuran emprego noutras zonas de España son semellantes e non se aprecian grandes diferencias en función da idade. Estes resultados contrastan cos obtidos na análise da mobilidade profesional acontecida en España nos últimos cinco anos segundo o estudio elaborado polo Observatorio de las Ocupaciones do Ministerio de Trabajo e Inmigración. Efectivamente, a nivel do estado español, no informe SEPE (2011), atoparon que as taxas máis altas de mobilidade sitúanse en menores de 45 anos, especialmente nos ubicados no tramo de 25 a 34 anos de idade. Aínda que tamén sinalan que se constataron incrementos de mobilidade en todos os intervalos de idade

En canto á procura de emprego no estranxeiro a tendencia é maior na xente mais nova e decrece cando aumenta a idade. En torno ó 10% dos que teñen máis de 37 anos estaría disposto a traballar fora de España, mentres que esta é unha opción que aceptarían sobre o 20% dos que teñen menos de 34 anos.

Seguidamente analizaremos os datos obtidos tomando como referencia os estudos universitarios realizados polos participantes (táboa 7). Para facilitar as comparacións agrupamos as diversas titulacións cursadas nos cinco ámbitos científicos que habitualmente se toman en consideración no eido da educación superior: ciencias, ciencias da saúde, técnico, xurídico-social e arte e humanidades.

Máis da metade dos que estudaron carreiras de ciencias, estarían dispostos a buscar traballo fora de Galicia se non o atopan aquí (concretamente, o 62,3%). A distribución nos outros ítems é semellante: en torno a unha quinta parte dos estudantes (18,9%) busca só emprego en Galicia ou en España e, en menor medida, fora de España (13,2%).

As expectativas de mobilidade nos estudantes que cursaron carreiras de ciencias da saúde é totalmente diferente. Máis da metade (56%) prefire buscar emprego só en Galicia. Só o 20% iría fora da comunidade se aquí non atopa traballo. As porcentaxes dos que buscan emprego en España ou non estranxeiro tamén son inferiores: 12% en España e 16% no estranxeiro.

Unha porcentaxe importante dos estudantes de carreiras do ámbito técnico irían fora de Galicia se non atopasen traballo aquí (o 42,6%). Aínda que algo máis da terceira parte, só buscarían emprego en Galicia (37%). As porcentaxes dos que traballarían en España ou no estranxeiro son similares (21,3% e 19,4%, respectivamente).

A metade dos estudantes de carreiras do ámbito xurídico-social buscaría traballo fora de Galicia en caso de que aquí non houbera opción de emprego. A terceira parte prefire quedarse en Galicia (34%) para traballar. Xunto cos de ciencias son os menos interesados en traballar no estranxeiro (13,7%). Tampouco mostran moita dispoñibilidade para traballar en España (15%).

Os estudantes de titulacións de Arte e Humanidades son os máis dispostos a traballar no estranxeiro (33,3%): unha terceira parte está buscando emprego fora de España. Esta posición concorda co dato referido á procura de emprego só e Galicia, xa que son os que en menor medida están a buscar traballo únicamente en Galicia (28%). De todos xeitos case a metade manifesta que só marcharía de Galicia se aquí non atopa traballo (44%). Un 17% tamén sinala que está buscando emprego en España.

			Busco emprego únicamente en Galicia		Busco emprego fora de Galicia, pero só se non atopo aquí		Busco emprego fora de Galicia, pero en España		Busco emprego noutros países, fora de España	
			n	%	n	%	n	%	n	%
Ciencias	Válidos	Sí	10	18,9	33	62,3	10	18,9	7	13,2
		Non	43	81,1	20	37,7	43	81,1	46	86,8
		Total	53	100,0	53	100,0	53	100,0	53	100,0
	Perdidos	Sistema	-	-	-	-	-	-	-	-
Ciencias da Saúde	Válidos	Sí	14	56,0	5	20,0	3	12,0	4	16,0
		Non	10	40,0	19	76,0	21	84,0	20	80,0
		Total	24	96,0	24	96,0	24	96,0	24	96,0
	Perdidos	Sistema	1	4,0	1	4,0	1	4,0	1	4,0
Técnico	Válidos	Sí	40	37,0	46	42,6	23	21,3	21	19,4
		Non	68	63,0	62	57,4	85	78,7	87	80,6
		Total	108	100,0	108	100,0	108	100,0	108	100,0
	Perdidos	Sistema	-	-	-	-	-	-	-	-
Xurídico-Social	Válidos	Sí	52	34,0	77	50,3	23	15,0	21	13,7
		Non	98	64	74	48,4	128	83,7	130	85,0
		Total	150	98	151	98,7	151	98,7	151	98,7
	Perdidos	Sistema	3	2	2	1,3	2	1,3	2	1,3
Arte e Humanidades	Válidos	Sí	21	28,0	33	44,0	13	17,3	25	33,3
		Non	54	72,0	42	56,0	62	82,7	50	66,7
		Total	75	100,0	75	100,0	75	100,0	75	100,0
	Perdidos	Sistema	-	-	-	-	-	-	-	-

Táboa 7: Frecuencias e porcentaxes por ámbito científico do item “mobilidade na procura de emprego”.

5. Conclusións

Nun mercado laboral cada vez máis globalizado e con evidentes desigualdades territoriais en canto ás oportunidades de emprego, o cambio de residencia para atopar traballo amplía as oportunidades profesionais. Así mesmo, a mobilidade xeográfica é un elemento diferenciador no CV que merece ser destacado á hora de buscar emprego. A situación de crise na que estamos vivindo ten influencias diverxentes, e mesmo a veces contradictorias, sobre as opcións de mobilidade no emprego. Efectivamente “nun escenario de crise como o actual, os indicadores de mobilidade xeográfica tense comportado de distinta forma, ralentizándose nuns casos e potenciándose noutros. Globalmente pódese considerar que se nun principio se observou incluso un maior

dinamismo, posteriormente reduciuse e durante o último ano parece que se retomou o que parecía ser a tendencia anterior á crise, de continuo incremento nos desprazamentos provinciais de traballadores” (Sepe, 2011, 6)

Os resultados globais acadados na enquisa que realizamos ós participantes na nosa investigación non reflicten unha grande interese pola mobilidade nos titulados superiores. A intención de permanecer en Galicia é a opción que suscita maior consenso, aínda que non se desbota a posibilidade de saír se aquí non se atopa traballo. A mobilidade aparece como resposta á ausencia de emprego e non representa unha elección valiosa por si mesma. En calquera caso, os datos tamén permiten unha visión máis optimista cara á mobilidade se temos en conta que a suma das porcentaxes das persoas que están a buscar traballo fora de Galicia (tanto en España como no estranxeiro) supera as que só o procuran na nosa comunidade. Estes datos xerais varían se temos en conta variables coma o xénero, a idade ou os estudos universitarios realizados. Por exemplo, o número de homes que está procurando emprego fora de Galicia é maior que o de mulleres (tanto se miramos os que se quedarían en España coma os que están dispostos a saír fora das fronteiras do estado español). Por idade, obsérvase que a intención de mobilidade diminúe segundo pasan os anos: tanto no sentido de maior porcentaxe dos que só queren traballar en Galicia coma de menor porcentaxe dos que están procurando emprego fora (en España ou no estranxeiro). Por tipo de estudos realizados, aprécianse variacións importantes. Os máis dispostos a traballar no estranxeiro son os de titulacións de arte e humanidades, e os que menos os de ciencias e de xurídico-social. A posibilidade de emprego en España representa unha opción de similar atractivo para todos os grupos, aínda que algo superior para os de estudos técnicos. Maioritariamente, só están a buscar emprego en Galicia os de ciencias da saúde. E as maiores porcentaxes dos que irían fora de Galicia se aquí non atopan traballo corresponden ós de ciencias.

Se comparamos os resultados da nosa investigación cos que aparecen no estudo sobre a inserción laboral das persoas egresadas da UDC dende o curso 2000-2001 ata o 2007-2008 atopamos coherencia, destacando todos eles a escasa mobilidade. As persoas que estarían dispostas a traballar fora de Galicia no resto das Comunidades só acadan ó 9,57% e os que exercen a súa actividade no estranxeiro non chega ó 2% (Freire Seone, 2010).

Unha das posibles explicacións a estes resultados (tanto os que nós obtivemos desde a idea de intención de procurar emprego coma os da investigación de Freire Seoane sobre a situación real dos egresados) quizás reside en que aínda non está suficientemente desenvolvida a idea de mobilidade nin asumida a nova cultura laboral que segundo os informes citados anteriormente está definindo as transaccións económicas e caracterizando os mercados e as dinámicas de emprego na actualidade e máis aínda no futuro.

A tendencia crecente de internacionalización en todos os sectores, o incremento das comunicacións a través de sistemas máis accesibles e baratos, as facilidades para difundir e compartir información e coñecemento, a xeneralización das tecnoloxías da información e da comunicación, así como outros factores como o desigual reparto de riqueza, as diferencias en canto ós niveis de paro, ou os conflitos sociais; constitúen elementos que van a potenciar cualitativa e cuantitativamente a mobilidade.

6. Bibliografía

- Arnal, J. del Rincón, D. e Latorre, A. (1992). *Investigación educativa*. Fundamentos y metodología. Barcelona: Labor.
- Bisquerra, R. (coord.) (2004). *Metodología de la investigación educativa*. Madrid: Editorial la Muralla.
- Cohen, L. e Manion, L. (1990). *Métodos de investigación educativa*. Madrid: La Muralla.
- Freire Seoane, M. J. (2010). *La inserción laboral de los graduados de la Universidad de A Coruña 2007/2008*. A Coruña: Universidade da Coruña. Observatorio Ocupacional.
- Fuentes Abeledo, E. e González Sanmamed, M. (2002). “L'échange et la formation, plusieurs voix, plusieurs pratiques.”. En AA.VV.: *Présence et distance dans la formation a l'échange*. Pavia: Ibis, pp. 29-42.
- González, J. e Wagenaar, R. (2003). *Tuning Educational Structures in Europe*. Informe Final, fase uno. Bilbao: Universidad de Deusto.
- McMillan, J. H. e Schumacher, S. (2005). *Investigación educativa*. Madrid: Pearson Addison Wesley.
- Randstad (2010). *IV Estudio de movilidad laboral internacional*. Consultado o 30 de xuño do 2011 en <http://www.randstad.es/content/aboutrandstad/publicaciones/informes/>
- Torrado, M. (2004). Estudios de encuesta, en Bisquerra, R. (coord.) *Metodología de la investigación educativa*. Madrid: Editorial la Muralla. 231-257.
- SEPE (2011): Observatorio de las ocupaciones. Datos básicos de movilidad 2011. Contratación y movilidad geográfica de los trabajadores en España. Datos 2010. Madrid, Ministerio de Trabajo e Inmigración. Consultado o 30 xuño do 2011 en <https://sede.sepe.gob.es/es/portalttrabaja/resources/pdf/observatorio/1642-1.pdf>

Iniciativas e mecanismos para a procura de emprego

EDUARDO FUENTES ABELEDO
Universidade de Santiago de Compostela

NEVES ARZA ARZA
Universidade da Coruña

PABLO CÉSAR MUÑOZ CARRIL
Universidade de Santiago de Compostela

1. Introducción

A busca de emprego esixe investimento de tempo, a aplicación de distintos medios e técnicas, así como adoptar unha actitude positiva fronte á situación e as alternativas dispoñibles. Na comunicación que presentamos analízanse os medios e técnicas de busca de emprego utilizadas por un grupo de titulados universitarios que están matriculados no Curso de Aptitude Pedagóxica na Universidade da Coruña. A información obtida expónse desagregada por sexo, idade e universidade de procedencia.

2. Xustificación teórica

O éxito na busca de emprego está en relación con algúns factores persoais que poden ser adquiridos ou mellorados por medio da orientación profesional. Para Blanch (1990) estas variables persoais serían as habilidades sociais e o perfil psico-social ou empregabilidade que integra cinco variables: valores e valencias laborais,

dispoñibilidade ó emprego, autoimaxe profesional, atribucións ó emprego/desemprego e estilo de afrontamento do desemprego. Para Montané (1993) os coñecementos de inserción, as técnicas e procesos de inserción, a madurez ocupacional, a autoestima profesional e a dispoñibilidade laboral, entendida como a dedicación e amplitude da busca, constitúen os factores sobre os que a orientación profesional ten capacidade de intervir.

A busca de emprego esixe adoptar determinadas actitudes e condutas e pór en marcha un conxunto de ferramentas e procedementos. Neste senso, fálase de competencias de empregabilidade, entre as que se inclúen as de busca de emprego, como por exemplo, a exploración do mercado profesional, coñecemento dos recursos existentes para a busca de emprego e para o autoemprego, habilidades para o emprendimento, planificación da busca de emprego, elaboración e utilización das ferramentas (curriculum vitae, carta de presentación, autocandidatura, probas psicotécnicas, entrevista, etc.).

A adquisición das competencias de empregabilidade ten sido obxecto das accións de orientación desenvolvidas tanto nos servizos públicos de emprego como nos servizos de orientación das universidades. Un estudo recente (Sánchez García, 2008) sobre os servizos de orientación universitaria conclúe que as actividades que máis despregan son as relativas ás competencias de empregabilidade.

Os cambios operados no mercado laboral tamén se estenden ós métodos de busca de emprego e de selección de persoal, que se van ampliar e renovar. As técnicas máis tradicionais como o curriculum vitae, a entrevista de selección, a planificación da busca de emprego, a rede de contactos, actualízanse e refórzanse coas novas posibilidades que ofrece a web 2.0.

A finais da década dos 90 do século XX, internet irrumpe con forza e os portais de emprego convértense nunha nova ferramenta de busca de emprego. Ás persoas demandantes de emprego, permítelles a escolla de ofertas, utilizando filtros, como o país, a provincia, o sector da actividade, a titulación requirida, as condicións laborais, etc. Unha das súas principais características é que permite publicar e actualizar o curriculum vitae para poñelo o alcance das empresas que ofertan emprego. Outra das vantaxes dos portais de emprego é que permite ampliar o espacio xeográfico da busca. As empresas utilizan esta ferramenta para iniciar unha busca escollendo as características do/a traballador/a que precisan.

Máis recentemente a web 2.0 da cabida a novas técnicas e ferramentas que van máis aló dos portais de emprego e que se vinculan a novos termos como etiqueta persoal, posición ou identidade dixital, networking a través de internet, redes sociais e profesionais, etc. Alaustrey (2009) divide as ferramentas que nos ofrece internet en dous tipos: as de promoción persoal e as de busca de emprego.

No que fai a eficacia dos distintos métodos utilizados para a busca de emprego por titulados/as universitarios/as, o estudio de García Montalvo e Mora (2000) - citado

por Sánchez García, (2004) - revela que os métodos máis eficaces son por esta orde: os contactos persoais (pais, amigos e coñecidos), cunha efectividade do 50%; a resposta a anuncios e os contactos con empresarios, cunha efectividade do 27% e 28%, respectivamente. Os medios menos efectivos foran os servizos públicos de emprego (8%).

Nesta mesma liña, hai que mencionar o estudio de inserción laboral dos titulados da UDC 2007/2008 (Freire Seoane, 2010). Segundo este informe, as vías polas que conseguiron emprego foron, por orde de importancia: os contactos persoais (24,9%), a autocandidatura (24,7%) e internet (13,2%). Os anuncios (7,9%) e os servizos públicos de emprego (4,25%) teñen sido os menos efectivos para a consecución do emprego. Comparativamente con estudos anteriores, Internet gaña importancia mentras que a perden os anuncios. Segundo este mesmo informe, as titulacións que acceden ó emprego maioritariamente por Internet son algunhas da rama de Enxeñaría e Arquitectura.

3. Metodoloxía

Os resultados que presentamos forman parte dun estudio descritivo máis amplo que perseguía os seguintes obxectivos:

- Identificar o nivel e os ámbitos de utilización da titoría durante os estudos universitarios.
- Coñecer a orientación profesional que se recibiu durante a realización dos estudos universitarios e a que se precisou para a inserción laboral.
- Coñecer a valoración da importancia das competencias e as necesidades de formación que suscitan.

A poboación obxecto de estudio foi o alumnado matriculado no Curso de Aptitude Pedagóxica na Universidade da Coruña no ano académico 2007-2008. O instrumento de recollida de información foi un cuestionario, elaborado especificamente para esta pesquisa.

3.1. Características da mostra

O cuestionario foi aplicado a finais do curso a todo o alumnado que asistía ás aulas na data seleccionada para a recollida de datos. A mostra resultante quedou composta por 419 persoas, que representan algo máis da metade da poboación.

Na composición da mostra existe unha maior presenza de mulleres (61,6% fronte ó 38,4%). Esta diferenza é algo máis alta ca observada entre os titulados e tituladas do ensino universitario.

Sexo					
		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Válidos	Home	161	38,4	38,4	38,4
	Muller	258	61,6	61,6	100,0
Total		419	100,0		

Táboa 1: Distribución da mostra por sexo

Idade					
		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Válidos	26 a 29 anos	96	23,0	23,0	23,0
	30 a 33 anos	174	41,6	41,7	64,7
	34-37 anos	71	17,0	17,0	81,8
	38-41 anos	47	11,2	11,3	93,0
	42 ou máis anos	29	6,9	7,0	100,0
	Total	417	99,8	100,0	
Perdidos	Sistema	1	,2		
Total		418	100,0		

Táboa 2: Distribución da mostra por idade

A distribución da mostra por idade (táboa 2) caracterízase pola presenza minoritaria (23%) do grupo de idade (de 26 a 29 anos) que corresponde ás persoas recién tituladas. O grupo de idade máis numeroso é o de 30 a 33 anos (48,6%), sendo de destacar que as persoas que teñen máis de 38 anos acadan unha taxa do 18%.

Universidade na que se titulou					
		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Válidos	U. A Coruña	279	66,7	67,1	67,1
	U. Santiago	81	19,4	19,5	86,5
	U.Vigo	19	4,5	4,6	91,1
	Outra	37	8,9	8,9	100,0
	Total	416	99,5	100,0	
Perdidos	Sistema	2	,5		
Total		418	100,0		

Táboa 3: Distribución da mostra por universidade de procedencia

Por Universidade de procedencia (táboa 3), a ampla maioría (66,7%) procede da Universidade da Coruña (UDC). Das Universidades galegas a maior porcentaxe correspóndelle á de Santiago (19,5%).

4. Resultados

Unha das preguntas do cuestionario indagaba sobre as actividades que tiñan realizado nos últimos seis meses para buscar emprego. As alternativas de resposta que se formulaban abranguían as 12 accións seguintes: preparar oposicións, acudir ó servizo galego de colocación, ás empresas de traballo temporal e o servizo de orientación da universidade, consultar ofertas de emprego na prensa, consultar a oferta de emprego público nos boletíns oficiais, consultar en internet páxinas sobre emprego e bolsas de emprego, preguntar ao profesorado da facultade ou escola na que estudaron, pedir consello e axuda á familia, ós amigos e a outras persoas coñecidas.

4.1. Actividades despregadas para a busca de emprego

Da lectura da táboa 4 cabe tirar as seguintes conclusións:

- Os tres medios de busca de emprego máis utilizados teñen sido, por esta orde, Internet (62,1%), consultar as ofertas de emprego na prensa (52%) e a autocandidatura ou envío do curriculum vitae (49,9%).
- A utilización da canle institucional, acudir o Servizo Galego de Colocación, sería, a bastante distancia, a segunda actividade máis desenvolvida (36,8%).
- A activación da rede de contactos de amigos (38%), familiares (32%) e coñecidos (26,7%) constituiría o terceiro grupo de accións máis despregadas, observándose diferencias en función da rede da que se trate. Do profesorado é as redes de contacto fan un uso menor: só a terían utilizado un 10% das persoas informantes.
- A porcentaxe das persoas que están a preparase para acceder ó emprego público representa o 22,4%. Unha porcentaxe algo superior (28,4%) ten consultado a oferta pública de emprego nos boletíns oficiais.
- Os tres medios menos despregados foron acudir ás empresas de traballo temporal (18,9%), acudir ao servizo de orientación da propia universidade (12,2%) e preguntar ó profesorado (10%).

	SI		NON		TOTAL	
	N	%	N	%	n	%
Preparar oposicións	94	22,4	325	77,6	419	100,0
Acudir o servizo galego de colocación	154	36,8	265	63,2	419	100,0
Acudir a empresas de traballo temporal	79	18,9	340	81,1	419	100,0
Consultar as ofertas de emprego na prensa	218	52,0	201	48,0	419	100,0
Preguntar ao profesorado da Facultade ou Escola	42	10,0	377	90,0	419	100,0
Pedir consello/axuda na familia	134	32,0	285	68,0	419	100,0
Acudir ao servizo de orientación de universidade	51	12,2	368	87,8	419	100,0
Consultar en Internet páxinas sobre emprego	260	62,1	159	37,9	419	100,0
Consultar a oferta pública de emprego nos boletíns oficiais	119	28,4	300	71,6	419	100,0
Enviar currículum vitae	209	49,9	210	50,1	419	100,0
Pedir consello/axuda ós amigos	159	37,9	260	62,1	419	100,0
Pedir consello/axuda a outros coñecidos	112	26,7	307	73,3	419	100,0

Táboa 4: Actividades para a busca de emprego

4.2. Actividades despregadas para a busca de emprego por sexo

No tocante ás diferencias en relación co sexo e segundo os datos da táboa 5, cabe destacar a seguinte información:

- a) A porcentaxe de mulleres que desenvolveu actividades para a busca de emprego é maior que as dos homes en case tódalas accións consideradas. As excepcións son, con pouca diferenza, a preparación de oposicións (24,4% nos homes fronte ó 21,3% nas mulleres) e na solicitude de axuda a algún profesor (11.3% dos homes fronte ó 9.3% das mulleres) .
- b) As maiores diferencias a favor das muller áchanse nas seguintes actividades:
 - Acudir ó Servizo Galego de Colocación (42% fronte ó 28,1%) e o servizo de orientación da universidade (15% fronte o 7.5%)
 - A autocandidatura ou envío do curriculum vitae (54,7% fronte ó 42,5%)
 - Consultar a oferta de emprego na prensa (56.2% fronte ó 45,6)
 - Pedir consello ós amigos (41,5 %fronte ó 32,5%)

	Home		Muller	
	N	%	n	%
Preparar oposicións	39	24,4	55	21,3
Acudir ao Servizo Galego de Colocación	45	28,1	109	42,2
Acudir a Empresas de Traballo Temporal	24	15,0	55	21,3
Consultar as ofertas de emprego na prensa	73	45,6	145	56,2
Preguntar ao profesorado da Facultade ou Escola	18	11,3	24	9,3
Pedir consello/axuda na familia	44	27,5	90	34,9
Acudir ao servizo de orientación da Universidade	12	7,5	39	15,1
Consultar en internet páxinas sobre emprego e bolsas de emprego	95	59,4	165	64,0
Consultar a oferta pública de emprego nos boletíns oficiais.	42	26,3	77	29,8
Enviar curriculum vitae	68	42,5	141	54,7
Pedir consello/axuda ós amigos	52	32,5	107	41,5
Pedir consello/axuda a outros coñecidos	39	24,4	73	28,3

Táboa 5: Actividades para a busca de emprego por sexo

4.3. Actividades para a busca de emprego por idade

A idade marca diferencias no que fai á maior ou menor utilización dos distintos mecanismos de busca de emprego. Nesta liña, tiramos as seguintes conclusións (táboa 6):

- a) O grupo de idade de 34 a 37 anos é o que utilizou máis ós distintos mecanismos de busca de emprego. Na case totalidade das actividades presenta as taxas máis altas. En relación cos grupos de menor idade, estes terían utilizado en menor medida as redes de contactos vencelladas ó profesorado e a familia.
- b) O segundo grupo de idade máis activo na busca de emprego é o de 30 a 33 anos. En case tódalas accións presenta as segundas taxas máis altas. É o grupo de idade que máis activa a rede de contactos da familia, dos amigos, das persoas coñecidas e do profesorado.
- c) A utilización dos distintos mecanismos de busca de emprego é menor no grupo de máis idade (42 ou máis anos). Este grupo de idade, coa excepción da consulta dos boletíns oficias, en tódalas actividades presenta as taxas máis baixas.
- d) A preparación de oposicións presenta as taxas máis altas (do 23,6% ó 28,2%) nos grupos de idade de 30 a 41 anos. O grupo de máis idade (42 ou máis anos) é o que presenta a porcentaxe máis baixa dos que están a optar ó emprego público (10,3%). O grupo dos máis xoves (26 a 29 anos) situaríase a continuación coa segunda taxa máis baixa (17,7%).

	26 a 29 anos		30 a 33 anos		34-37 anos		38-41 anos		42 ou máis anos	
	n	%	n	%	n	%	n	%	n	%
Preparar oposicións	17	17,7	41	23,6	20	28,2	13	27,7	3	10,3
Servizo Galego de Colocación	36	37,5	70	40,2	31	43,7	13	27,7	4	13,8
Empresas de Traballo Temporal	18	18,8	36	20,7	20	28,2	5	10,6	-	-
Consultar ofertas na prensa	46	47,9	98	56,3	45	63,4	18	38,3	10	34,5
Preguntar ao profesorado	10	10,4	23	13,2	4	5,6	1	2,1	4	13,8
Consello/axuda na familia	37	38,5	67	38,5	21	29,6	8	17,0	1	3,4
Servizo de orientación da universidade	11	11,5	30	17,2	9	12,7	-	-	1	3,4
Consultar en internet páxinas sobre emprego e bolsas de emprego	58	60,4	118	67,8	50	70,4	23	48,9	10	34,5
Consultar a oferta pública de emprego nos boletíns oficiais.	20	20,8	52	29,9	30	42,3	9	19,1	7	24,1
Enviar curriculum vitae	43	44,8	94	54,0	44	62,0	20	42,6	7	24,1
Consello/axuda ós amigos	36	37,5	78	44,8	26	36,6	13	27,7	6	20,7
Consello/axuda a outros coñecidos	22	22,9	54	31,0	21	29,6	10	21,3	5	17,2

Táboa 6: Actividades realizadas para a busca de emprego por idade

4.4. Actividades de busca de emprego por universidade de procedencia

Por universidade de procedencia, cabe salientar as seguintes observacións:

- a) Preparar oposicións é a opción máis presente entre o alumnado que procede das Universidades de Santiago (30,9%) e doutras universidades de fora de Galicia (37,8%). Este último grupo é tamén o que rexistra as porcentaxes máis altas na consulta da oferta pública de emprego. Os/as titulados/as da Universidade da Coruña son os que menos están a optar polo emprego público. O feito de que sexa o alumnado procedente de universidade de fora de Galicia o que acade a porcentaxe máis alta na preparación de oposicións, explícase pola titulación deste alumnado, na súa case totalidade son licenciados en Ciencias da Actividade Física e do Deporte e a súa opción de inserción laboral é o acceso a docencia no ensino público.

- b) As persoas que acudiron en maior medida ó Servicio Galego de Colocación proceden das Universidades de Santiago e Vigo (43,2% e 41,0%, respectivamente).
- c) A utilización da rede de contactos (familia, amigos e coñecidos) é maior entre o alumnado da UDC e da USC. A consulta ó profesorado é maior entre o alumnado que procede de universidades non galegas (13,5%) e da UDC (11,8%).
- d) A utilización do Servicio Galego de Colocación é maior entre o alumnado da USC (43,2%) e da Universidade de Vigo (42,1%).

5. Conclusións

Á hora de buscar emprego a mostra de titulados/as universitarios/as estudiada fai uso dun amplo abano de ferramentas. Internet, a consulta da prensa e a autocandidatura foron os tres procedementos máis utilizados. Dentro da rede de contactos, acudiron sobre todo ós amigos e á familia. As persoas coñecidas e o profesorado tiveron unha menor presenza na busca de emprego.

As mulleres presentan un perfil máis activo na busca de emprego: a case totalidade das actividades acadan as porcentaxes máis altas de uso nas tituladas universitarias. Por idade, as persoas máis activas teñen entre 30 e 37 anos. As menos activas son as de 42 e máis anos. Un dato a destacar é a escasa utilización do servizo de orientación da universidade especializado na orientación para o emprego.

A crise económica actual ten importantes repercusións no emprego afectando tanto os que están a traballar coma os que aínda están na procura de emprego, sobre todo, para os que queren iniciarse na vida laboral. Non é de extrañar que, nesta conxuntura marcada pola desaceleración económica, España sexa un dos países nos que se manifieste, por parte dos seus cidadáns, unha maior insatisfacción en canto á dispoñibilidade de boas oportunidades de traballo. En concreto, a Organización Internacional do Traballo e o Instituto Internacional de Estudos Laborais (2011) cuantificaron este grao de insatisfacción no 77%.

A tarefa non é sinxela, máis segundo Torres (2011, ¶ 12-20), citado por OIT (2011a), unha transformación estrutural, dirixida cara una nova economía e que faga fronte á situación deteriorada do emprego, podería lograrse a través de:

- Un sistema financeiro sólido, que priorice inversións productivas, en lugar de alimentar a burbulla inmobiliaria ou premiar beneficios a curto prazo.
- Facilitar a creación de empresas e as inversións, en especial en sectores que teñen un potencial de crecemento significativo.

		Universidade da Coruña		Universidade de Santiago de Compostela		Universidade de Vigo		Outras Universidades	
		N	%	N	%	N	%	n	%
Preparar oposicións	Sí	51	18,3	25	30,9	4	21,1	14	37,8
	Non	228	81,7	56	69,1	15	78,9	23	62,2
	Total	279	100,0	81	100,0	19	100,0	37	100,0
Acudir ao Servizo Galego de Colocación	Sí	99	35,5	35	43,2	8	42,1	12	32,4
	Non	180	64,5	46	56,8	11	57,9	25	67,6
	Total	279	100,0	81	100,0	19	100,0	37	100,0
Acudir a Empresas de Tráballo Temporal	Sí	49	17,6	23	28,4	2	10,5	5	13,5
	Non	230	82,4	58	71,6	17	89,5	32	86,5
	Total	279	100,0	81	100,0	19	100,0	37	100,0
Consultar as ofertas de emprego na prensa	Sí	143	51,3	45	55,6	12	63,2	18	48,6
	Non	136	48,7	36	44,4	7	36,8	19	51,4
	Total	279	100,0	81	100,0	19	100,0	37	100,0
Preguntar ao profesorado da Facultade ou Escola	Sí	33	11,8	3	3,7	1	5,3	5	13,5
	Non	246	88,2	78	96,3	18	94,7	32	86,5
	Total	279	100,0	81	100,0	19	100,0	37	100,0
Pedir consello/axuda na familia	Sí	94	33,7	26	32,1	5	26,3	9	24,3
	Non	185	66,3	55	67,9	14	73,7	28	75,7
	Total	279	100,0	81	100,0	19	100,0	37	100,0
Acudir ao servizo de orientación da Universidade	Sí	42	15,1	7	8,6	-	-	2	5,4
	Non	237	84,9	74	91,4	19	100,0	35	94,6
	Total	279	100,0	81	100,0	19	100,0	37	100,0
Consultar en internet páxinas sobre emprego e bolsas de emprego	Sí	175	62,7	50	61,7	13	68,4	22	59,5
	Non	104	37,3	31	38,3	6	31,6	15	40,5
	Total	279	100,0	81	100,0	19	100,0	37	100,0
Consultar a oferta pública de emprego nos boletíns oficiais.	Sí	74	26,5	24	29,6	6	31,6	15	40,5
	Non	205	73,5	57	70,4	13	68,4	22	59,5
	Total	279	100,0	81	100,0	19	100,0	37	100,0
Enviar curriculum vitae	Sí	141	50,5	41	50,6	12	63,2	15	40,5
	Non	138	49,5	40	49,4	7	36,8	22	59,5
	Total	279	100,0	81	100,0	19	100,0	37	100,0
Pedir consello/axuda ós amigos	Sí	111	39,8	32	39,5	6	31,6	10	27,0
	Non	279	100,0	81	100,0	19	100,0	37	100,0
	Total	75	26,9	23	28,4	5	26,3	9	24,3
Pedir consello/axuda a outros coñecidos	Sí	204	73,1	58	71,6	14	73,7	28	75,7
	Non	279	100,0	81	100,0	19	100,0	37	100,0
	Total								

Táboa 7: Táboa actividades de busca de emprego por universidade de procedencia

- Loitar contra o fracaso escolar e potenciar as calificacións en sintonía coas actividades económicas emerxentes.
- Evitar unha espiral de reducións salariais reais, que deprimiría aínda máis a economía e frenaría á transformación estrutural.
- Un plan de “choque” para que calquera persoa nova que non esté a estudar, se lle ofrezca algunha forma de garantía de actividade, isto e, una oportunidade de traballar, de formarse ou de participar nalgunha medida de activación.
- Supervisión das reformas recentes da negociación colectiva axudaría a avaliar os seus efectos sobre o emprego e renda. Isto podería ser alcanzado a través da creación dun órgano composto por expertos de avaliación tripartita.
- Aumentar a eficiencia dos programas de emprego e asegurar que os servizos públicos de emprego (SPE) teñan recursos suficientes.
- Garantir o financiamento para as novas contas individuais que poderían axudar a impulsar a creación de máis e mellores empregos, facilitando a mobilidade, esencial en tempos de transformación estrutural.
- Promover o diálogo social como un medio para “aumentar a coherencia entre as políticas económicas, sociais e de emprego.”

Sorprende que os participantes no estudio non utilizaran en maior medida os servizos de emprego. Sen embargo, desde diversos sectores se segue apostando pola importancia destes organismos posto que serán os encargados da xestión de gran parte das novas políticas de emprego, as cales se dirixirán especialmente aos xoves titulados e a súa formación nos novos xacementos de emprego e nos novos sectores de crecemento. De feito, o Acordo Económico e Social Europeo adoptou, en febreiro de 2011 fomentar medidas para mellorar o desempeño dos Servizos Públicos de Emprego, incluíndo: (i) a prestación de novos recursos, tanto en número de persoal e tecnoloxía, (ii) mellorar a coordinación dos SPE nacionais, (iii) a mellora en canto á planificación, xestión e avaliación dos servizos de emprego (OIT, 2011b, p. 153).

6. Referencias

- Alaustruey, R. (2009). *Empleo 2.0*. Barcelona: Editorial UOC
- Alaustruey, R. (2010). *El networking*. Barcelona: Editorial UOC
- Blanch, J.M. (1990). *Del nuevo al viejo paro*. Barcelona: PPU
- Montané, J. (1993). *Orientación Ocupacional*. Barcelona: Editorial CEAC
- Freire Seoane, M. J. (2010). *La inserción laboral de los graduados de la Universidad de A Coruña 2007/2008*. A Coruña: Universidade da Coruña. Observatorio Ocupacional.
- Organización Internacional del Trabajo (2011a). En un nuevo estudio sobre España, la OIT urge políticas centradas en el empleo para consolidar la frágil recuperación.

Comunicado de prensa do 27 de xuño de 2011. Recuperado de http://www.ilo.org/global/about-the-ilo/press-and-media-centre/news/WCMS_158639/lang--es/index.htm o 02 de novembro de 2011.

Organización Internacional del Trabajo (2011b). *Tendencias mundiales del empleo 2011. El desafío de la recuperación del empleo*. Ginebra: OIT.

Organización Internacional del Trabajo e Instituto Internacional de Estudios Laborales (2011). *Estudio sobre el crecimiento con equidad. España: empleos de calidad para una nueva economía*. Ginebra: Servicio de Publicaciones, Instituto Internacional de Estudios Laborales.

Sánchez García, M. F. (2004). *Orientación laboral para la diversidad y el cambio*. Madrid: Sanz y Torres.

Sánchez García, M. F. (2008) (coord). Situación actual dos servizos de orientación universitarios: estudo descritivo. *Revista de Educación*, 345, 329-352.

Aprendizaxe-servizo e desenvolvemento de competencias para a vida laboral

ALEXANDRE SOTELINO LOSADA
GI-Esulca
Universidade de Santiago de Compostela

Nunha sociedade en mutación e inmersos nun mundo cada vez máis globalizado, a adquisición de valores, habilidades e actitudes de corte cívico, sociorelacional e intercultural percíbense como unha necesidade para afrontar as novas realidades sociais e laborais que se presentan. Aínda que isto parece claro, a Universidade non parece estar preparada para estas rápidas modificacións, e segue a perpetuar un modelo de ensino superior tradicional, baseada no rendemento dos alumnos en diferentes disciplinas do currículo das súas respectivas cualificacións.

A Universidade como unha institución educativa, debe estar vinculada co seu entorno social inmediato e non ser unha illa no amplo e diverso océano social, senón ser un elemento do mesmo, e mesmo unha das súas forzas motrices. Esta relación faise mesmo necesaria para desenvolver a súa función de investigación, porque as realidades das que parte e as que despois traslada os resultados son xeralmente as máis inmediatas. Isto xa se reflicte na primeira sección da Lei Orgánica 6 / 2001 de 21 de decembro (BOE 24/12/2001) Universidades, modificada pola Lei 4 / 2007, do 12 de abril de 2007 (BOE 13 / 04/2007) que destaca as funcións da universidade (Art. 2).

“Son funciones de la Universidad al servicio de la sociedad:

- a) La creación, desarrollo, transmisión y crítica de la ciencia, de la técnica y de la cultura.*
- b) La preparación para el ejercicio de actividades profesionales que exijan la aplicación de conocimientos y métodos científicos y para la creación artística.*
- c) La difusión, la valorización y la transferencia del conocimiento al servicio de la cultura, de la calidad de la vida, y del desarrollo económico.*
- d) La difusión del conocimiento y la cultura a través de la extensión universitaria y la formación a lo largo de toda la vida.”*

Polo tanto, a relación entre sociedade e universidade debe ser fluída e pragmática no senso de que non sexa só unha conexión teórica e pouco efectiva. Así, a comunidade universitaria debe participar na vida social, mergullarse, e participar dela. E do mesmo xeito, a sociedade debe na Universidade unha institución que pode axudar a mellorar e construír a sociedade civil (Santos e Lorenzo, 2007). En suma, unha institución de para todos os cidadáns da cal todos podemos beneficiarnos.

A Universidade ten as súas propias formas institucionais de relacionarse co ambiente social. Os Consellos sociais son unha vía, que, como órganos colexiados, serven como un encontro entre sociedade civil e a academia, facilitando a comunicación e colaboración entre os dous organismos para axudar ao desenvolvemento educativo, social, económico, cultural, , laboral e tecnolóxico. Nacidos como tal a partir da Lei 6/2001, del 21 de Diciembre, (BOE 24/12/2001) de Universidades, modificada por la Lei Orgánica 4/2007 del 12 de Abril de 2007 (BOE 13/04/2007) que los define cómo: “(...) *el órgano de participación de la sociedad en la Universidad*”. En Galicia, as súas funcións están especificadas na Lei 1 / 2003, 09 maio (DOG 2003/05/30) dos Consellos Sociais do Sistema Universidade de Galicia, onde a definición se amplía, dicindo que é: “(...) *el órgano de participación de la sociedad gallega en las universidades públicas que integran el Sistema Universitario de Galicia, que impulsa la colaboración entre estas y aquella mediante la satisfacción por las universidades de las necesidades de su contorno, contribuyendo eficazmente al desarrollo social, profesional, económico, tecnológico y cultural de Galicia, al avance de la calidad del servicio público de la educación superior universitaria y más a la obtención de los recursos precisos para procurar la su suficiencia económica y financiera*” Outro punto de encontro son os servizos de voluntariado e participación, que representan a función de extensión unversitaria, facilitando a implicación das mozas e mozos en proxectos sociais.

Chegados a este punto, hai que reflexionar sobre se son suficientes estas canles de relación universidade-sociedade, ou polo contrario, deberiamos optimizar este nexo. A evolución da práctica universitaria lévanos a pensar que quizais débemos repensar e cuestionar esta visión. Así, a tendencia leva a unha cada vez máis dunha docencia menos expositiva a unha máis centrada na praxes.

O que aquí propoñemos é o Aprendizaxe-Servizo (Service Learning) como unha metodoloxía útil na Universidade, posto que ademais da súa potencial aportación a

calidade do ensino, pode contribuír a adquisición de valores e competencias de carácter cívico-social e intercultural, sen as cales non existe formación integral. Isto pódese facer posible vinculando curriculum e servizo a comunidade no marco de proxectos holísticos consistentes coa perspectiva académica e co servizo a comunidade. Puig, et al.(2007, p. 20) defínenos como unha “(...) *propuesta educativa que combina procesos de aprendizaje y de servicio la comunidad en un solo proyecto bien articulado en el que los participantes se forman al trabajar sobre necesidades reales del entorno con el objetivo de mejorarlo*”. Kielsmeier. (Neal, 2003), pola súa parte, identifica segundo tres elementos: como filosofía, como modelo de desenvolvemento comunitario e como método de ensino-aprendizaxe. Como filosofía, por considerar aos mozos como un recurso valioso para a comunidade; como modelo de desenvolvemento comunitario, tendo en conta que pode contribuír a producir cambios sociais; e como metodoloxía de ensino-aprendizaxe, en tanto que se fomenta o pensamento crítico e a capacidade de resolver problemas.

No noso ámbito máis inmediato, referíndonos a Comunidade Galega, son os profesores Miguel A. Santos Rego e Mar Lorenzo Moledo nunha das súas últimas publicacións os que fa referencia ao Aprendizaxe Servizo como “(...) actividades escolares con clara proxección social. O obxectivo é que os alumnos adquiran os contidos académicos programados dende o currículo das diferentes materias, pero debe facerse realizando un servizo de utilidade social no medio” Santos y Lorenzo (2009, p. 81). Nesta mesma obra citada, os autores fan referencia a que en Galicia, a eficacia desta metodoloxía de aprendizaxe pódese ver reforzada pola gran cantidade de estímulos ligados ao territorio e á cultura, que son intrínsecos á nosa realidade, polo que se presenta como unha gran oportunidade.

Todos os autores e institucións parecen incidir nos mesmos aspectos, pero a maioría das ocasións con pequenos matices diferenciais entre unhas definicións e outras. O que faremos a continuación será recoller os aspectos comúns a moitas delas e así ver cales son os elementos básicos que identifican ao Aprendizaxe-Servizo e que debemos de ter en conta a hora de implementar un programa destas características¹

- **Aprendizaxe:** Nos proxectos de APS o aprendizaxe será sistematizado. Esta metodoloxía permite traballar contidos de forma global e interdisciplinaria, potenciando competencias transversais. O aprendizaxe que se desenvolverá corresponderase co que no seu día Jacques Delors (2004) identificaba como os catro pilares da educación.
- **Servizo:** Os proxectos de Aprendizaxe-Servizo partirán dun análise das necesidades sociais do entorno inmediato, onde se planificará un plan de servizo co obxectivo final de mellorar a situación.

1 Ver la *Guía de Butxaca: Aprentatge servei* del Centre Promotor de Aprentatge Servei. www.aprentatgeservei.cat

- **Proxecto:** Debe ter unha clara intencionalidade pedagóxica, un proxecto educativo, planificado e avaliado por parte do educador. A articulación entre aprendizaxe e servizo ten que ser rigurosa, para que o aprendizaxe non quede en algo figurativo e que o servizo sexa eficaz e de calidade.
- **Participación activa:** Tense que promover a implicación dos destinatarios en todas as fases do proxecto, para que sexa así máis motivador e se sinta como de todos.
- **Reflexión:** O proxecto ten que supoñer unha avaliación continua do proceso, onde se someta a reflexión e análise todos os pasos que se van conseguindo. Isto permite integrar os aprendizaxes, adecualos ao servizo e mellorar así a calidade do proxecto.

A maioría de autores coinciden en dicir que John Dewey é o gran precursor desta metodoloxía, a partir do seu modelo pedagóxico do *Learning by Doing* (Dewey, 1918). O propio Dewey (1995, pp. 30-31), expuxo no seu libro *Democracia y Educación*² que


“El ambiente social consiste en todas las actividades de todos los seres semejantes que interviene en el desarrollo de las actividades de todos sus miembros. Aquel es verdaderamente educador en sus efectos en la medida en que un individuo comparte o participa en alguna actividad conjunta. Al realizar su participación en la actividad asociada, el individuo se apropia el propósito que la motiva, se familiariza con sus métodos y materias, adquiere la destreza necesaria y se satura de su espíritu emocional”.

A partir disto, e seguindo ao propio Dewey extraemos a idea de que o coñecemento verdadeiro ou auténtico é o que se deriva da experiencia mediante un proceso metodolóxico-deductivo. Así, as persoas conseguen realizarse utilizando os seus talentos peculiares a fin de contribuír ao benestar da súa comunidade.

O Aprendizaxe Servizo diferénciase por ofrecer ao mesmo tempo unha alta calidade de servizo en relación cun alto nivel de aprendizaxe. Isto conséguese mediante unha vinculación explícita co currículo académico. Polo que, aínda que se pode confundir co voluntariado —e non podemos negar que ten moito disto— vai mais aló. Enténdese así que é un paso máis aló, unha volta de porca, dos traballos de campo ou o voluntariado, a diferenza tal e como antes indicábase radica na perfecta conexión entre servizo e aprendizaxe, de tal xeito que ningún perda peso en valor do outro. Isto conséguese sistematizando o aprendizaxe e sendo conscientes en todo momento de que estamos ante unha experiencia educativa. Isto é moi importante debido a tendencia e impulso de centrarse só no servizo. A continuación presentamos un cadro onde tentamos mostrar de xeito máis gráfico a diferenza con outras prácticas sociais.

2 A versión que utilizamos é unha Tradución de Lorenzo Luzuriaga publicada por Edicións Morata de Madrid en 1995 da obra de John Dewey, *Democracy and education. An Introduction to the Philosophy of Education*. A versión orixinal foi escrita en 1916.

Cadro 1. Os cuadrantes do Aprendizaxe e o Servizo



Adaptación de: Service –Learning Quadrants, Service-Learning 200 center, Stanford University, California, 1996. Citado en Tapia (2004, p. 16).

Así é como esta metodoloxía debe partir de (ver Tapia 2004, p. 20):

- Un servizo solidario desenvolto polos estudantes.
- Un servizo que atenda, en forma acotada e eficaz, as necesidades reais e efectivamente sentidas nunha comunidade.
- Un servizo planificado institucionalmente en forma integrada co currículo, en función da aprendizaxe dos estudantes.

Como características propias desta metodoloxía destacaremos (ver Puig e Palos 2006, pp. 60-63):

1. É un método apropiado para a educación formal e non formal, válido para todas as idades e aplicable en distintos espazos temporais.
2. Proponse levar a cabo un servizo auténtico a comunidade que permita aprender e colaborar no marco dunha reciprocidade.
3. Desencadea procesos sistemáticos e ocasionais de adquisición de coñecementos e competencias para a vida.
4. Supón unha pedagogía da experiencia e a reflexión.
5. Require unha rede de alianzas entre as institucións educativas e as entidades sociais que facilitan servizos a comunidade.
6. Provoca efectos no desenvolvemento persoal, cambios nas institucións educativas e sociais que o impulsan, e melloras no entorno comunitario que recibe o servizo.

Cadro 2. Trazos pedagóxicos do Aprendizaxe Servizo.

Pedagogía do Aprendizaxe-Servizo	
O aprendizaxe servizo	Un proxecto educativo con utilidade social
	Un método para a educación formal e non formal, para todas as idades e que debe contar con un espazo temporal preciso.
	Un servizo para aprender e colaborar nun marco de reciprocidade
	Un proceso de adquisición de coñecementos e competencias para a vida
	Un método de pedagogía activa que precisa un educador máis que un ensinante
	Unha rede de <i>partenaires</i> e de instancias de conexión e apoio
	Un impacto formativo e transformador múltiple

Adaptación de Puig, Batle, Boch y Palos. (2007, p. 55)

Se falamos de desenvolvemento de competencias, o aprendizaxe-servizo quizais sexa unha proposta completa neste senso. Recordemos que as competencias básicas son “(...) *aquellas que todas las personas precisan para su realización y desarrollo personales, así como para la ciudadanía activa, la integración social y el empleo.*” (Comisión de las comunidades europeas, 2006³). As competencias básicas falannos do conxunto de destrezas que todas as persoas precisan para integrarse en todos os ámbitos da sociedade. Para o desenvolvemento das competencias debemos ter en conta un aspecto, que á contextualización dos aprendizaxes. Isto implica plantexar en situacións cotiás e reais, para que sexan percibidas e interiorizadas polo alumnado. Así, o APS poder atender ao múltiple abano que recolle a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de Maio de Educación:

- **Competencia en comunicación lingüística.** O aprendizaxe-servizo implica desenvolver habilidades relacionais a partir de negociación e a convivencia con outros suxeitos. O traballo en grupo e para con os demais é un dos piares que sustenta lle da sentido ao ApS.
- **Competencia matemática.** En algúns proxectos o feito de ter que calcular presupostos, horarios, estatísticas... axuda a desenvolver as capacidades básicas desta competencia. Mesmo en titulación propias do ámbito científico poden desenvolverse experiencias de ApS máis concretas e dirixidas.
- **Competencia no coñecemento e a interacción co medio físico.** A maior parte das experiencias de Aprendizaxe-Servizo implican unha relación directa co medio inmediato. Isto implica un análise e coñecemento das características do mesmo. Recordemos unha das finalidades do ApS é a atención dalgunha

3 Textos aprobados polo Parlamento europeo. Martes 26 de Setembro de 2006 – Estrasburgo Aprendizaxe permanente. Competencias clave.

necesidade social e a realización dun servizo co obxectivo de mellorar esa situación.

- **Tratamento da información e competencia dixital.** O ApS implica o manexo de diferentes fontes de información para poder ter un maior coñecemento tanto do entorno como da intervención a desenvolver. Así, deberán ser múltiples as vías polas que documentarse, desde as físicas como libros, revistas, monográficos...; virtuais como blogs, páxinas web, foros...; ou mesmo técnicas como a entrevista, diarios de campo, enquisa...
- **Competencia social e cidadá.** Sobra falar demasiado da potencia que o ApS ten neste senso porque xa sería reiterativo, posto que xa se comentou de maneira ampla anteriormente. Soamente dicir que o aprendizaxe-servizo supón poñer en práctica os valores propiamente democráticos, a partir dunha implicación directa dos alumnos.
- **Competencia cultural e artística.** Esta competencia non solo destaca pola capacidade para apreciar e aprender da manifestacións culturais e o arte; senón tamén por pola importancia de desenvolver un xuízo crítico ao respecto e adquirir un senso de identidade a vez que se respecta a diversidade. (Giraldez, A. 2010.). O aprendizaxe-servizo promove a capacidade creativa para o desenvolvemento de actividades con claro peso cultural e social; esixindo un nivel de calidade para o cal deberase facer unha comparación e análise doutras manifestacións semellantes.
- **Competencia para aprender a aprender.** O aprender a aprender, é a base do aprendizaxe permanente, polo cal é a competencia máis básica. Supón reflexión e capacidade de autonomía, sendo estes dous aspectos chaves no aprendizaxe-servizo. As experiencias de ApS requiren unha reconstrución sobre a práctica, o que conleva o desenvolvemento estratexias de decisión, que implican reflexión profunda e continuada, isto é un gran entramento para outros procesos de ensino-aprendizaxe.
- **Autonomía e iniciativa persoal.** No parágrafo anterior comentabamos o desenvolvemento da autonomía como factor crucial para o aprendizaxe-servizo. Efectivamente, este tipo de experiencias supoñen ter iniciativa persoal, sen caer no individualismo, senón con capacidade cara o diálogo e tendo en todo momento como obxectivos aprender, e traballar xuntos. Neste senso, cremos que o ApS é unha oportunidade excepcional de promover a boa vontade e a ilusión por traballar a prol da comunidade.

O que parecía unha tendencia, e permítase o termo de “titulitis”, entendida esta como unha obsesión pola acumulación de acreditacións e títulos de diferente índole; está sendo desprazada polo propio mercado laboral, no senso de que se teñen máis en conta outros factores como os desenvolvementos nas competencias anteriormente expostas.

Así, habilidades de carácter sociorelacional, a iniciativa persoal, a capacidade de reciclaxe profesional... son especialmente apreciados polos directivos das empresas para a contratación de novos profesionais e mesmo para a renovación de contratos.

As Universidades e outras institución educativas deberán atender, sempre desde unha perspectiva crítica, as novidades que presenta o mundo laboral. Neste senso, as metodoloxías que favorezan o desenvolvemento das competencias básicas, como é o aprendizaxe-servizo serán as que teñen que desenvolverse cada vez máis na formación inicial dos novos profesionais.

Conclusiones

A Universidade constitúe un contexto propicio para a educación cívica, aínda que parece que concentra todos os seus esforzos na cualificación técnica dos seus alumnos, sen considerar suficientemente outras variables no marco das competencias cívico-sociais, aspecto clave na formación universitaria e na converxencia europea. Por esta razón, cremos que se debe seguir articulando unha pedagogía da sociedade civil que aproveite a oportunidade de sensibilizar a alumnos, profesores e demais persoal a favor dunha tarefa que non solo redundará en beneficios persoais senón tamén profesionais. O que se resumiría en aprender da vida e aprender para a vida. Seguindo a Martínez, M. (2008, p. 23)

“(...) dado que el mundo de los valores se aprende en la cotidianidad de aprender y del convivir, la Universidad no puede ser un espacio externo al aprender y al convivir y es un buen lugar para aprender éticamente. Obviamente, no todas las formas de enseñar y aprender son adecuadas para (...) construir matrices de valores personales orientadas a la consolidación de estilos de vida personal y comunitaria, activa y democrática, de igual forma ocurre con las propuestas de aprendizaje servicio”

A Universidade ten unha clara responsabilidade social, máis alá do cauce institucional dos Consellos Sociais, senón que se terán que concretar en propostas pragmáticas co alumnado por medio dos plans de estudo, procurando vínculos coa comunidade que aporten un ingrediente humano aos fríos curriculums. No momento no que nos movemos, o profesorado terá que asumir de maneira clara estas premisas e buscar novas formas de orientar as súas materias para que, ademais de aprender contidos específicos, se transmitan valores cívico-sociais. Cando propoñemos o Aprendizaxe-Servizo como metodoloxía é porque favorece o establecemento dun vínculo pragmático entre o currículo e as realidades sociais inmediatas. En consecuencia, o aprendizaxe non solo sería máis contextualizado e real, senón tamén unha forma de introducir ao alumnado na realidade na que posteriormente terán que desenvolver a súa actividade profesional.

A cidadanía que debemos promover desde as entidades educativas é aquela que rebase as boas intencións, aquela na que prime o común, deixando a un lado os individualismos egocéntricos, bosquexando así unha sociedade implicada en proxectos de alcance civilizador, desenvolvendo unha participación non reducida a exercer o dereito ao voto nunhas eleccións; porque participar implica colaborar, exixir, disfrutar, integrarse, compartir... En definitiva, significa vivir como membro activo do corpo social de pertenza e no seo dunha sociedade positivamente multicultural, superando as tendencias centrípetas e achegándose cara o sentimento de pertenzas múltiples en novos espazos de identificación. Porque como xa comentamos anteriormente, no escenario social que se presenta actualmente, deben primar a partes iguais as capacidades e habilidades de carácter intercultural e cívico, e os coñecementos das diferentes áreas de coñecemento. Desta maneira, será a única forma de poder chegar e achegarse a poboación atendida.

Bibliografía

- Dewey, J. (1918). *Las escuelas del mañana*. Madrid: Librería de los sucesores de Hernando.
- Dewey, J. (1995). *Democracia y educación*. Traducción de Lorenzo Luzuriaga. Segunda Edición. Madrid: Morata.
- Giraldez, A. (2010). Competencia cultural y artística, en Bolívar, A. (coord.). *Competencias Básicas*. Barcelona: Wolters Kluwer. 123-145.
- Martínez, M. (2008). *Aprendizaje Servicio y responsabilidad social de las universidades*. Barcelona: Octaedro.
- Santos, M.A. y Lorenzo, M. (2007): *Universidade e construción da sociedade civil en Galicia*. Vigo: Edicións Xerais.
- Santos, M.A. y Lorenzo, M. (2009). *Educación para a cidadanía e os profesores. Visión e desafío*. Vigo: Edicións Xerais.
- Neal, M. (2003). *Service Learning in K-12 Education*. www.nylc.org. (Consulta: 23 de Mayo de 2009).
- Puig, J. M.; Batlle, R.; Bosch, C. y Palos, J. (2007): *Aprendizaje-Servicio. Educar para la ciudadanía*. Barcelona: Octaedro.
- Puig, J.M. y Palos, J. (2006). Rasgos pedagógicos del aprendizaje-servicio, en *Cuadernos de Pedagogía exemplar adicado a Aprendizaje-Servicio* .357. 60-63.
- Tapia, M.N. (2004). *Aprendizaje y servicio solidario*. Madrid: CCS.ICCE

O papel da ordenación territorial da Formación Profesional inicial na inserción laboral: o caso dunha comarca galega

LAURA REGO AGRASO
Grupo de investigación GEFIL
Universidade de Santiago de Compostela

1. A Formación Profesional Inicial como alternativa ao problema social do desemprego xuvenil

Abrir os sistemas de educación e formación ao mundo exterior, ese é un dos obxectivos estratéxicos propostos no Programa de Traballo establecido polo Consello Europeo no ano 2001, a raíz da celebración do mesmo en Lisboa no ano 2000. Un programa que pon de manifesto a necesidade de mellorar os sistemas de formación co propósito de acadar unhas maiores (e mellores) cotas de inserción laboral nos países da Unión. Todo isto aparece, en parte, a partir da constatación de grandes disfuncións ao respecto da inserción laboral dos mozos/as titulados. Tal como sinala Rial Sánchez (2005:83) un dos factores que se sinalan como favorecedores desta situación é unha falla de sincronía entre a formación inicial e o mercado laboral, aspecto tamén remarcado en distintos estudos elaborados a nivel internacional (OCDE: 1999; OCDE: 2000; OIT: 2004). Sen embargo cabe preguntarse que tipo de sincronía é a que debemos establecer entre ambos sistemas e como imos formular ese proceso.

Por outra banda, o feito de ter un traballo, de estar empregado por conta propia ou allea, é un dos pasos máis importantes na integración social das persoas, especialmente da xente nova. Así o deixaban entrever xa na década dos oitenta, organismos como o Comité Económico e Social da CEE (1983) ou a propia OCDE (1985) cando salientaban nas súas publicacións oficiais que o paro xuvenil é un dos problemas máis graves ao que se enfrontan os Estados, a sociedade e as Institucións Europeas, dado que se constitúe como un elemento desestabilizador que contribúe á reprodución e mantemento de situacións de marxinação social.

Ata o de agora a Formación Profesional en España ven respostando a estas carencias tratando de achegar ambos sistemas e poñendo en marcha medidas como a creación dun Instituto Nacional das Cualificacións¹, o cal deberá, entre outras tarefas, seguir a evolución dos perfís profesionais actuais e tamén daqueles emerxentes para posteriormente, establecer os correspondentes cambios no sistema formativo. Sen embargo semella que o territorio español é demasiado amplo e os postos de traballo, así como os perfís profesionais demandados polo tecido produtivo moi diferenciados en función das distintas rexións. A partir desta constatación e cos obxectivos de: *Observar a evolución das ocupacións e das cualificacións; determinar as cualificacións profesionais nos diferentes sectores produtivos e acreditar as cualificacións profesionais da poboación activa de Galicia*, nace o Instituto Galego das Cualificacións no ano 1999 (DOG 19/04/1999).

Este proceso de descentralización política está estreitamente vencellado á Formación Profesional, sen embargo actualmente non existe un proceso de descentralización no sistema educativo estatal (do cal depende a Formación Profesional Inicial en Galicia) que permita realizar modificacións con calado nos distintos ciclos formativos a partir dos cambios detectados nos mercados laborais rexionais polo Instituto Galego das Cualificacións ou polos propios centros de Formación.

2. A vinculación da Formación Profesional Inicial cos territorios locais e comarcais en Galicia.

En Galicia podemos entender a comarca como unha entidade socioeconómica con entidade propia. En concreto, segundo García Docampo (2003:161) son *ecosistemas*

1 O Instituto Nacional das Cualificacións (INCUAL) en España nace ao abeiro do II Plan Nacional de Formación Profesional. Será o propio Consello Xeral da FP o encargado de formular esta proposta de creación ao goberno, polo que no ano 1999, crease o INCUAL mediante o Real Decreto 375/1999, do 5 de marzo (BOE 16/03/1999) Neste mesmo documento o INCUAL é presentado como un instrumento técnico dependente do Consello Xeral da FP, quen determinará cales van ser as súas funcións. De tódolos xeitos, dende o ano 2004, coa publicación do Real Decreto 1553/2004, do 20 de xuño polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica

sociais de fonda raizame [...], unidades socioeconómicas que comparten comportamentos culturais homoxéneos (a nivel lingüístico, con respecto a festexos ou feiras, técnicas de cultivo ou tipoloxía das construcións) e unha economía e xeografía comúns.

Tal e como indica Mira Lema (1998:31), a planificación e distribución inicial da oferta de Formación Profesional Inicial actual en Galicia levouse a cabo tomando a comarca como ámbito territorial de referencia, polo que os ciclos formativos aparecen distribuídos ao longo do territorio galego aparentemente, vinculados a esta unidade socioeconómica e administrativa que vimos sinalando.

Por outra banda, o propio Estatuto de Autonomía de Galicia (1981) no seu artigo 40º indica que *poderá recoñecerse a comarca como entidade local con personalidade xurídica e demarcación de seu*, polo que, tal e como indica o propio García Docampo (2003:161) a existencia das mesmas non suporá a desaparición dos concellos que a integran. En síntese, a comarca ten certa entidade territorial e é considerada como unha demarcación cunhas características socioeconómicas que lle son comúns. De aí a nosa aposta pola posibilidade de ordenación dos ciclos formativos acorde ás necesidades destes territorios, dado que son o suficientemente amplos como para contar cun mercado laboral propio e determinado por características que lle son comúns. Ademais, a oferta formativa está distribuída nos distintos centros que forman parte do propio territorio, o cal facilita a distribución e (modificación) dos propios ciclos.

Os territorios locais ou comarcais son promotores dunha serie de servizos de cara ao cidadán e caracterízanse esencialmente, pola súa proximidade ao mesmo, tal e como xa indicaba Merino (2003:43). Unha das súas maiores fortalezas de cara á prestación de servizos públicos é a posibilidade de proporcionarlle ao cidadán unha resposta pronta e adaptada ás súas necesidades reais. Sen embargo, as competencias en materia educativa seguen en mans dos poderes estatais ou autonómicos, coa imposibilidade de que nos territorios locais ou comarcais se poidan formular cambios que incidan na mellor inserción dos titulados/as no propio territorio. A vinculación formación-emprego en Galicia semella ser máis estreita no caso da recentemente denominada *Formación para o traballo* (ocupacional e continua), xa que as accións propostas lévanse a cabo tomando como referente as necesidades detectadas a nivel local ou comarcal e de forma vinculada directamente ao Servizo Galego de Colocación.

Ben é certo que por outra banda, semella que para os concellos galegos, *a intervención en educación segue a ser un tema subsidiario carente de criterios definidos de actuación, unha carga que se leva [...] sen conciencia da forte incidencia que sobre a poboación ten este servizo* (Candedo, Mosquera, Ojea e Rodríguez: 1990:262). Así

do Ministerio de Educación e Ciencia (BOE 26.06.2004), o INCUAL vai pasar a depender organicamente da Secretaría Xeral de Educación, dentro do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte.

debuxadas as competencias en educación a nivel municipal, parece difícil que estas administracións se impliquen máis no deseño da formación ou na mellora da inserción dos titulados/as en Formación Profesional Inicial que cursan ciclos formativos nos seus propios territorios.

A tendencia en Europa sen embargo, semella ser ben distinta. Tal e como afirma Banks (1993:10) en países como Francia, Bélxica, Dinamarca, Alemaña, Holanda ou o Reino Unido maniféstase unha crecente corrente rexionalista con respecto ás competencias en materia de definición de necesidades da Formación Profesional co obxectivo esencial de acelerar a resposta deste subsistema educativo ás esixencias dos territorios locais e rexionais.

De especial relevancia é o caso francés, xa que a partir do proceso de descentralización levado a cabo no ano 1980 as políticas en torno á Formación Profesional Inicial mudaron substancialmente e foron delegadas en cada unha das 26 rexións que conforman o Estado (CEDEFOP, 2008:21). É a propia rexión a encargada de establecer un *Plan de Desenvolvemento Rexional da Formación Profesional* para coordinar os distintos cursos de formación profesional para os mozos/as e tamén para os solicitantes de emprego (formación ocupacional) e para aqueles que se atopan empregados (formación continua). Colaborarían directamente no mesmo, os distintos axentes sociais implicados (o goberno, os sindicatos de traballadores/as e tamén os empresarios/as), creando así un modelo de xestión da Formación Profesional que integra aos distintos subsistemas nun mesmo proxecto de actuación.

3. A Formación Profesional Inicial e o mercado laboral na comarca do Barbanza. Breve síntese dos resultados do estudo.

A comunicación que aquí presentamos basease nun estudo realizado acerca dunha comarca galega (a comarca do Barbanza, situada ao sur da provincia de A Coruña), no cal se analiza, a oferta formativa inicial existente na mesma para facer unha comparativa entre esta e o mercado laboral da zona (Rego Agraso, 2009). Tratamos así de facer un primeiro achegamento á vinculación formación-traballo a nivel comarcal en Galicia para posteriormente poder facer unha valoración dos propios ciclos dende a perspectiva das posibilidades de inserción laboral dos titulados/as. En definitiva, analizamos deste xeito, o papel que pode xogar a ordenación territorial dos ciclos formativos nas posibilidades de inserción dos alumnos/as no propio territorio onde recibiron a súa formación.

Dito traballo céntrase en analizar unha comarca galega dende o punto de vista da oferta de Formación Profesional Inicial existente na mesma, así como o seu mercado

laboral de forma comparativa² no ano académico 2008/2009. A comarca analizada é a do Barbanza, situada ao sur da provincia de A Coruña e composta polos concellos de: Boiro, Ribeira, A Pobra do Caramiñal e Rianxo³.

Con respecto á **oferta formativa** existente no territorio proposto é preciso comezar por destacar, entre outros aspectos, os ciclos existentes, os cales son os que seguen a continuación:

<ul style="list-style-type: none"> ■ CM de Xestión Administrativa ■ CM de Equipos Electrónicos e de Consumo ■ CM de Operación, Control e Mantemento de Máquinas e Instalacións do Buque ■ CM de Montaxe e Mantemento de instalacións de frío, climatización e produción de calor ■ CM de Carrozaría ■ CM de Equipos e Instalacións Electrotécnicas ■ CM de Electromecánica de Vehículos ■ CM Atención Sociosanitaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CS de Coidados Auxiliares de Enfermaría. ■ CS de Administración e Finanzas. ■ CS de Supervisión e Control de Máquinas e Instalacións do Buque. ■ CS de Automoción. ■ CS de Instalacións Electrotécnicas. ■ CS de Administración de Sistemas Informáticos. ■ CS de Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas. ■ CS de Dietética.
---	--

A pesar de aparecer nomeados aquí 16 ciclos formativos, en realidade na comarca, estanse levando a cabo 18, xa que existen dous que se desenvolven en dous dos centros diferentes: o CM de *Xestión Administrativa* e o CS de *Administración e Finanzas*, ambos pertencentes á familia de *Administración*. Por outra banda, é de interese o feito de que a maior parte dos ciclos sexan de grao medio, concretamente o 55'6% dos mesmos, mentres que de grao superior son o 44'4% restante. Destacan entón, ciclos da familia de *Administración* como os que máis se ofertan, representando ao 22'2% dos mesmos. Seguiríalle a familia de *Electricidade e Electrónica* e a de *Mantemento de Vehículos* cun 16'7% cada unha. As familias máis clásicas da FP son as que máis se están impartindo nesta comarca. Existen tamén outros títulos pero en moita menor medida. Ditas titulacións comezaron a estenderse progresivamente a mediados dos anos 90 e tal como podemos apreciar, subsisten hoxe en día⁴.

- 2 Para coñecer en profundidade o “como se fixo” ou metodoloxía deste traballo que citamos, así como os resultados do mesmo de forma pormenorizada, ver Rego Agraso (2009).
- 3 Dada a complexidade e extensión do traballo de investigación no que nos baseamos, en lugar de describir a súa metodoloxía e resultados de forma pormenorizada, ímonos centrar en destacar algúns dos aspectos máis relevantes do mesmo en función da temática que nos ocupa.
- 4 Isto podemos constatalo se aludimos á variable *Número de anos que leva impartíndose o Ciclo Formativo no centro*, xa que a maior parte deles, o 66'7% concretamente, levan entre 10 e 14 anos ininterrompidos no mesmo centro. Posteriormente, o 27'8% levaría entre 5 e 9 anos, mentres que só existe un ciclo de nova implantación neste ano académico 2008/2009 (Rego Agraso, 2009: 385). Constatamos así, a escasa variación das titulacións dentro da mesma comarca, xa que a ampla maioría lévanse impartindo máis de 5 anos.

Por outra banda, con respecto ao **mercado laboral** da comarca do Barbanza, podemos destacar inicialmente, a existencia de dúas cadeas produtivas como as máis relevantes. Estas cadeas serían en primeiro lugar, aquela que relaciona tódolos sectores que dependen das *actividades marítimo-pesqueiras* e en segundo lugar, aquelas empresas que dependen do mundo da *construción*. Tal e como destacamos anteriormente, o 27% do tecido produtivo depende da pesca e outro 21'1% dependen da construción.

Á hora de constatar se estas cifras se ven reflectidas na oferta formativa inicial da comarca, observamos que na súa maior parte non é así. A continuación, podemos apreciar a relación *mercado laboral-formación* en función dun dos subsectores máis destacados da comarca: as *actividades marítimo-pesqueiras*.




Ilustración1_ Relación entre as actividades vinculadas á pesca nos tres sectores e oferta de formación profesional inicial asociada. Fonte: Elaboración propia a partir de IGE (2008) e Instituto Galego das Cualificacións (2008).

Tal e como podemos apreciar, non existe ningún ciclo formativo relacionado coa manufactura de produtos mariños nin tampouco vinculado co comercio de produtos alimenticios. Ambas actividades están relacionadas directamente coa pesca e conforman unha grande parte das empresas e das contratacións realizadas na comarca, polo que chama a atención a ausencia de formación inicial neste ámbito. Especialmente relevante é o caso da industria manufactureira do peixe, a cal se constitúe como un dos piares da comarca en canto a creación de emprego.⁵ Ademais, segundo os datos

5 Tal e así, que ao longo do ano 2009 foi a única actividade que non destruíu emprego na comarca, mentres que outros sectores se viron especialmente afectados polos efectos da crise económica. Na prensa local apareceron dende xaneiro do 2009 distintas referencias neste

analizados, *peón de industria manufacturera* é unha das ocupacións máis demandadas, sendo persoas, na súa maior parte, sen cualificación, as máis contratadas na comarca baixo esta denominación profesional. É pois, especialmente significativa a ausencia de ciclos formativos que formen aos traballadores/as que posteriormente se incorporarán a estas industrias.

Por outra banda, algo similar ao descrito para a actividade pesqueira, ocorre para o ámbito da construción. Neste senso, cabe destacar a ausencia total de formación inicial para os traballadores/as do sector, polo que dada a investigación realizada, sería moi interesante formar a persoal cualificado no mesmo⁶. Na seguinte ilustración



Ilustración 2_ Relación entre as actividades vinculadas á construción en tres sectores económicos e oferta de formación profesional inicial asociada na comarca do Barbanza. Fonte: Elaboración propia a partir de IGE (2008) e Instituto Galego das Cualificacións (2008).

senso, destacando especialmente novas como: *Solo Barbanza se salvó en enero de los estragos del paro* (La Voz de Galicia, 05.02.09); *Garantías de que se mantendrán los puestos de trabajo, pese a la crisis económica*. (La Voz de Galicia, 21.02.09) ou *El paro volvió a ser benévolo con Barbanza durante el mes de febrero*. (La Voz de Galicia, 04.03.09). En todas elas se destaca o papel xogado polas conserveiras da zona na xeración de emprego e no mantemento do xa existente.

6 É preciso aclarar que, a pesar da caída que sufriu o sector da construción na comarca, este segue representando unha porcentaxe elevada do tecido empresarial, especialmente se temos en conta aquelas actividades que se vinculan a ela de forma indirecta

podemos apreciar as relacións que se dan entre os distintos sectores, mantendo a actividade da construción como nexos común a todos eles, así como a formación inicial existente ao respecto.

A oferta formativa existente en relación ás actividades vinculadas coa construción semella ser bastante escasa, dada a presenza case absoluta de PCPIs tanto no sector secundario como no propio sector da construción. Ao mesmo tempo, as actividades inmobiliarias só contan con ciclos formativos relacionados coa Administración, os cales levan varios anos desenvolvéndose na comarca e en dous centros distintos, polo que pode existir unha saturación do mercado ao respecto.

Por outra banda, existen unha serie de actividades que, polo seu volume de contratación e o elevado número de empresas tamén representan sectores fortes dentro da comarca, polo que se requiriría tamén formación vinculada ás mesmas. Estámonos a referir por exemplo ao sector do transporte, no que máis contratacións se realizaron no ano 2008 (IGE: 2008), ou o sector das actividades sanitarias, así como a hostalaría e o mantemento e servizos á produción.

4. A relación entre os ciclos formativos e o mercado laboral na comarca do Barbanza. A ordenación territorial dos mesmos no alcance de mellores cotas de inserción

Inicialmente e trala investigación realizada, debemos valorar a unidade territorial que tomamos como referencia pensando na súa idoneidade como entidade con mercado propio e con recursos suficientes para ser considerada como elemento de desenvolvemento territorial. Efectivamente, mediante este traballo puidemos constatar que a comarca, lonxe de ser un territorio cunha extensión limitada para o desenvolvemento profesional da poboación e a súa inserción laboral, eríxese como unha unidade diferenciada do resto cunhas características propias dentro da xeografía galega. Isto implica que, tal e como puidemos comprobar mediante os datos recollidos e analizados, ten capacidade de contratación suficiente para dar cabida á súa propia poboación activa no senso de que debería ser quen de xerar emprego propio nun volume considerable. Isto non implica que non haxa parados na comarca, que efectivamente si os hai, senón que este territorio se pode (e debe) entender como unidade de referencia para que ditos parados deixen de selo. Ademais, cada unha ten unhas características socioeconómicas propias e diferenciadas do resto, polo que require dunha ordenación formativa e socioeconómica do territorio de acordo ás mesmas e ás necesidades que se xeran a partir delas. Apostamos pois, pola comarca como unidade de referencia válida para realizar un posible ordenamento da oferta de Formación Profesional Inicial en función do mercado existente en Galicia.

Outro dos aspectos que destacaríamos é a necesidade de que a oferta formativa varíe, é dicir, que os ciclos formativos non permaneza no mesmo territorio por un número ilimitado de anos. En vistas das grandes mobilidades e variacións que se producen no mercado laboral, a FP non pode nin debe permanecer allea, senón que debe mudar case en consonancia cos requirimentos do mesmo. O mercado comarcal pode non ter capacidade ilimitada para acoller un determinado número de titulados/as cada ano procedentes do mesmo ciclo formativo, xa que se non se trata dun sector especialmente forte e xerador de emprego, chegará un momento no que estes titulados/as terán que buscar traballo noutra zona, o cal implicaría unha desvinculación directa entre a formación e o traballo no propio territorio, en vistas de que unha non responde ás necesidades do outro. Se entendemos a Formación Profesional como un dos motores de desenvolvemento produtivo do territorio, non podemos formar traballadores/as que posteriormente non atoparán traballo daquilo para o que se cualificaron, senón que é preciso manter como referente da FP a inserción laboral. Esta é unha situación que se da na comarca analizada, xa que tal e como puidemos comprobar, o 64'7% dos ciclos formativos levan impartíndose entre 10 e 14 anos (Rego Agraso, 2009:403). Habería que comprobar as posibilidades reais de inserción dos titulados/as de cada un destes ciclos dentro da mesma comarca, o cal probablemente implicaría a existencia de certas limitacións, xa que se trata dun volume de anos considerable.

Con respecto á incertidume que caracteriza ao mercado laboral, especialmente cando se producen momentos de crises económicas, é necesario destacar a necesidade de ter en conta as posibilidades que neste senso ofrece a Formación Profesional. Dende o comezo deste traballo, levámola entendendo como un motor de desenvolvemento do territorio, especialmente das comarcas, e dende esta perspectiva, consideramos que unha poboación formada e cualificada trae consigo un aumento do desenvolvemento do territorio a nivel educativo, social e tamén económico. De aí a necesidade de prestar atención á ordenación territorial dos ciclos formativos en Galicia e de establecer uns criterios claros a partir dos cales se levará a cabo a súa distribución nas distintas comarcas. Deste xeito, estaremos vinculando de forma estreita a oferta formativa co mercado laboral e atendendo, ao mesmo tempo, ás necesidades de empregabilidade que demanda unha poboación concreta.

5. Referencias Bibliográficas

- Banks, J. A. (1993). *Les transitions entre l'éducation et le monde du travail*. Conseil de l'Europe. Séminaire sur Education: structures, politiques et strategies. Strasbourg.
- Candedo, M.D., Mosquera, M.J., Ojea, R. e Rodríguez, X.M. (1990). Concellos e Educación. En Caride, J.A. (Dir.): *A educación en Galicia. Problemas e perspectivas*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

- Centro Europeo para o Desenvolvemento da Formación Profesional (*European Centre for the Development of Vocational Training*) (CEDEFOP) (2008). *Formation et enseignement professionnels en France: Une brève description*. Tesaloniki: CEDEFOP.
- Comité Económico y Social (1983). *L'emploi des jeunes*. Bruxelas: Unión Europea.
- Consello da Unión Europea (2000). *Conclusiones de la Presidencia*. Lisboa: 23 y 24 de marzo de 2000. Dispoñible en: http://www.europarl.europa.eu/summits/lis1_es.htm (Consulta 20/04/2009).
- Decreto 93/1999, do 8 de abril, polo que se crea e se regula o Instituto Galego das Cualificacións (DOG 19.04.99).
- El paro volvió a ser benévolo con Barbanza durante el mes de febrero.* (2009, 04 de marzo) *La Voz de Galicia* En <http://www.lavozdeg Galicia.es> (Consulta 04/03/2009)
- Garantías de que se mantendrán los puestos de trabajo, pese a la crisis económica.* (2009, febreiro, 21) *La Voz de Galicia* (digital) http://www.lavozdeg Galicia.es/barbanza/2009/02/21/0003_7543942.htm?utm_source=buscavoz&utm_medium=buscavoz El paro volvió a ser benévolo con Barbanza durante el mes de febrero. (2009, 04 de marzo) *La Voz de Galicia* En <http://www.lavozdeg Galicia.es>
- García Docampo, M. (2003). *A construción social do territorio galego*. Santiago de Compostela: Tresctres Editores.
- Informe do Consello “Educación” ao Consello Europeo, do 14 de febreiro de 2001, sobre os futuros obxectivos precisos dos sistemas de educación e formación. (5680/91 EDU 18- non publicado en Diario Oficial). Dispoñible en: http://europa.eu/legislation_summaries/education_training_youth/general_framework/c11049_es.htm (Consulta 05/02/2009)
- Instituto Galego de Estatística (IGE) (2008). *Datos estatísticos básicos de Galicia 2008*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Instituto Galego das Cualificacións (2008). *Estudo do mercado laboral en Galicia 2007*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia (BOE 28/04/1981)
- Longueira, T. (2009, Febreiro, 02). *Solo Barbanza se salvó en enero de los estragos del paro*. *La Voz de Galicia* (digital). Dispoñible en: http://www.lavozdeg Galicia.es/dinero/2009/02/05/0003_7508128.htm?utm_source=buscavoz&utm_medium=buscavoz (Consulta: 02/02/2009)
- Merino, A. (2003). Descentralización, participación popular y gestión local: alcance y límites para el desarrollo social. En Merino, A. *Desde la proximidad democrática*. Barcelona: Ediciones del Serbal.
- Mira Lema , J.L. (1998). Un novo modelo de Formación Profesional. Implantación en Galicia. *Revista Galega do Ensino*, 20 —Especial Formación Profesional—, 21-47.

- Organización Internacional do Traballo (OIT) (2004). *Tendencias mundiales del empleo juvenil*. Xenebra: OIT
- Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE). (1983) *Polítics novatrices en faveur des jeunes*. París: OCDE.
- Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE). (1999). *Preparing Youth for the 21st century: the transition from education to the labour market. Proceedings of the Washington D.C. Conference. 23-24 February 1999*. París: OCDE.
- Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) (2000). *Estudios económicos de la OCDE 1999-2000*. París: Mundi Prensa.
- Real Decreto 375/1999, do 5 de marzo polo que se crea o Instituto Nacional das Cualificacións. (BOE 16/03/1999)
- Real Decreto 1553/2004, do 20 de xuño polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Educación e Ciencia (BOE 26.06.2004).
- Rego Agraso, L. (2009). *A relación entre a oferta de Formación Profesional Inicial e o mercado laboral nos territorios comarcais: O Barbanza. Traballo de Investigación Tutelado*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Rial Sánchez, A. (2005). Transicións educación/formación y traballo. En Ministerio de Educación y Ciencia. *La Formación Profesional como vía para el autoempleo. Promoción del espíritu emprendedor*. Colección Aulas de Verano. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia.

Mesa de Comunicaci3n 4
Diversidade laboral

As interpretacións do colectivo de profesionais no acceso das mulleres con discapacidade ao emprego

ALICIA DÍAZ BALADO
Universidade de Santiago de Compostela

1. Introducción

O estudio da diversidade aproxímase á análise das experiencias no eido ocupacional ou laboral por parte de colectivos poboacionais diferenciados, como as persoas con discapacidade. Especificamente, o acceso das mulleres con discapacidade ao emprego —a través de canais como a inserción ocupacional, o emprego protexido ou a inserción laboral ordinaria— susténtase no conxunto de políticas que ao respecto se foron articulando nos estados europeos, a partir da aparición do Manifesto das Mulleres con Discapacidade en 1997.

En 2006, aparece o *I Plan de Acción para las Mujeres con Discapacidad* —primeiro plan de igualdade específico para as mulleres con discapacidade— elaborado polo Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales en 2006, que coincidirá no tempo co *I Plan Integral de Acción para Mujeres con Discapacidad 2005-2008*, redactado polo *Comité Español de Representantes de Personas con Discapacidad* (CERMI).

2. Xustificación teórica

Nos últimos anos ten xurdido, tanto desde o ámbito académico como desde as organizacións do movemento, un interese crecente sobre a problemática que lles atinxe ás mulleres con discapacidade. Certamente, na aparición desta tendencia influíron as investigacións relacionadas cos Estudos de Xénero e en concreto cos denominados *Feminist Disability Studies*, que teñen incorporado a perspectiva feminista á investigación na discapacidade. Os *Feminist Disability Studies* iniciáronse a partir da temática de xénero e saúde e posteriormente foron ampliando o seu estudo ata un corpo máis amplo de coñecementos. Neste novo espectro figura a discapacidade como lugar de opresión, na que se reflicte o carácter das relacións entre a sociedade e as mulleres con minusvalías, estudado no seu momento por Fine e Asch (1988) ou Morris (1991).

A EDDDES-99 —*Encuesta sobre Discapacidades, Deficiencias y Estado de Salud*— mostra cifras extremadamente baixas acerca da participación laboral do colectivo con discapacidade. A situación vírse dunha maior complexidade para as mulleres do colectivo, quen tradicionalmente non foron obxecto da observación focalizada a través de estudos e análises de seu. Na citada enquisa, a taxa de actividade sinalábase no 40,6% para os varóns con discapacidade de entre 16 e 64 anos, mentres que para os varóns sen discapacidade, a taxa alcanzaba o 79,3%. Para as mulleres con discapacidade, a taxa revelaba unha actividade do 23,7%, fronte á taxa de actividade do 49,6% das mulleres sen discapacidade.

A investigación da que se da conta neste foro participa da mencionada liña, xa que analiza a evolución da inserción ocupacional e laboral do colectivo das mulleres con discapacidade. Na presente intervención, particularmente, achéganse as voces da mostra dos representantes dos Centros Ocupacionais e dos Centros Especiais de Emprego da provincia de A Coruña, en relación á evolución da inserción ocupacional e laboral do colectivo de interese.

É posible referir, por orde consecutiva, os seguintes obxectivos —xeral e específico—:

- analizar a situación das mulleres con discapacidade nos distintos ámbitos da sociedade, a partir dos centros ocupacionais e dos centros especiais de emprego e das achegas dos e das profesionais,
- analizar a visión do colectivo de profesionais en relación á inserción das mulleres; desde os ámbitos familiar, formativo, de participación social e ocupacional e laboral.

A hipótese singular da investigación, referida ao espazo ocupacional e laboral, establece: “Ao igual que acontece coas dificultades que outros colectivos marxidados experimentan no acceso ao mercado laboral, a discriminación laboral das mulleres con discapacidade resposta a cuestións sociais estruturais”.

3. Metodoloxía

Os puntos centrais do presente apartado inclúen o deseño da investigación, a poboación e a mostra, o entorno da investigación, o enfoque metodolóxico e a análise estatística.

O deseño da investigación empregou un deseño bibliográfico, un deseño de enquisas, un deseño de campo e un deseño estatístico. A recollida dos datos produciuse nun ambiente natural mediante a aplicación do cuestionario, nas súas diferentes modalidades, aos grupos específicos da mostra seleccionada. A investigación estruturouse a través das fases teórica, metodolóxica e de validación empírica, para finalizar coa fase analítica, de interpretación dos resultados, tanto cuantitativa como cualitativa.

A poboación fai referencia ás mulleres usuarias e traballadoras dos centros ocupacionais e especiais de emprego, así coma aos representantes dos mesmos, na provincia de A Coruña. Segundo o artigo 53 da LISMI, os centros ocupacionais posúen como finalidade asegurar os servizos de terapia ocupacional e de axuste persoal e social a aquelas persoas nas cales o carácter da súa minusvalía constitúe un impedimento para a súa integración nunha empresa ou nun Centro Especial de Emprego. Pola súa banda, Pérez Marín (1996) define os Centros Especiais de Emprego como constituintes daquela forma de emprego na cal a colocación individual no lugar ordinario de produción é acompañada de medidas de apoio, entendida como un sistema subsidiario, no caso de que non sexa posible a integración do traballador ou traballadora con discapacidade no medio ordinario.

A mostra seleccionouse a partir daqueles centros que accederon a colaborar como participantes na investigación, proceso que, no caso dos Centros Ocupacionais, resultou relativamente sinxelo. En canto aos Centros Especiais de Emprego, o seu réxime laboral imposibilitou o cumprimento do cuestionario, debido ás interrupcións que conlevaba no horario laboral das traballadoras. Por este motivo e como se pode constatar, a súa presenza no conxunto dos centros da mostra, é moito menor.

En canto ao entorno da investigación, entre os 16 centros finalmente seleccionados, diferenciouse entre centros de influencia urbana e centros de influencia rural. Os centros de influencia urbana refírense a aqueles ubicados nunha cidade ou no seu radio de influencia e os centros de influencia rural son aqueles alonxados do radio de acción das principais cidades galegas. O tamaño dos centros participantes varía considerablemente en función do volume de persoas usuarias ou traballadoras. Nun entorno de influencia urbana, o centro ocupacional cun menor volumen acollía a asistencia de 11 persoas usuarias, en contraste coas 132 persoas usuarias doutro dos centros ocupacionais.

En cada centro contouse coa colaboración dun representante, entendido como aquel ou aquela profesional que desenvolve a súa función na institución; unha persoa

coñecedora da dinámica, do funcionamento e do proceso de inserción do colectivo. En 14 centros, os representantes dedicábanse a tarefas de dirección ou xerencia e nos 2 centros restantes, seleccionáronse unha profesora de Educación Primaria en Comisión de Servizos e unha monitora. En canto á súa formación, dous representantes posuían estudos en Psicoloxía e un terceiro en Filosofía.

En relación ao enfoque metodolóxico do estudo, o cuestionario foi o instrumento escollido para a recollida de datos, estruturado a partir das dimensións cualitativa e cuantitativa. O instrumento foi previamente validado polos axentes correspondentes e tívose especial coidado en que a totalidade dos ítems resultase intelixible para as mulleres integrantes da mostra. Na presente investigación, o método cuantitativo foi o prioritario e o método cualitativo, aquel considerado secundario. Nos distintos casos, suscitouse ademais a entrevista aberta. A información adicional cualitativa recollida a partir das respostas ao cuestionario —propiciada desde a súa estrutura semiaberta ou aberta—, reforzou os datos obtidos cuantitativamente.

O cuestionario foi cumprimentado tanto polo colectivo de representantes como polas mulleres usuarias e traballadoras dos centros da mostra. Á súa vez, o modelo para os representantes diversificouse en dúas modalidades, A e B.

O cuestionario A centrouse na recollida de información sobre aspectos identificativos dos centros: actividade desenvolvida, datos sobre a plantilla e volume do centro, a clasificación da discapacidade das persoas usuarias ou traballadoras e a súa evolución para un período aleatorio de 5 anos, desde os centros ocupacionais cara ao emprego protexido ou ordinario.

O cuestionario B incorporou ítems centrados no labor profesional do ou da representante: nun conxunto de 9 ítems, 8 pertencían á área ocupacional e só 1 á área de participación social.

Dun xeito xeral, pretendeuse analizar as causas das dificultades da inserción laboral nas mulleres con discapacidade, a partir, entre outros, de ítems que indagan sobre as diferencias de xénero en canto á empregabilidade e a contratación. Ademais, tamén se procurou coñecer as principais razóns sobre o rexeitamento das persoas con discapacidade no acceso ao emprego, así como as causas do incumprimento do cupo de reserva; ambas constitúen variables fundamentais na problemática central da inserción das mulleres con discapacidade.

En canto á análise estadística, utilizouse o programa de análise de datos SPSS. A análise dos datos cuantitativos complementouse coa interpretación dos contidos das categorías cualitativas, nas que se agrupou a información adicional obtida a través da aplicación do instrumento.

O conxunto de información obtida de carácter cualitativo organizouse ao redor do seguinte grupo de categorías cualitativas de resposta: roles das mulleres con discapacidade, distribución de roles nos centros, preponderancia do entorno familiar,

sobreprotección familiar, oportunidades laborais e marketing empresarial. O seu contido concrétase máis polo miúdo no seguinte apartado.

4. Resultados

O medo ao baixo rendemento, o descoñecemento do colectivo e a evitación de complicacións constitúen as respostas prioritarias que o colectivo de representantes achegou para a explicación do rexeitamento de certas empresas na empregabilidade das persoas con discapacidade.

En canto á problemática específica que apremia ao colectivo de mulleres, é posible mencionar as seguintes cuestións, que retardan ou frean a súa inserción laboral, así coma o seu desenvolvemento social:

- nunha grande medida, debido á inseguridade do mercado, as familias das persoas con discapacidade —sobre todo no caso das mulleres con discapacidade intelectual— móstranse remisas a renunciar á seguridade da prestación económica recibida;
- no caso das mulleres con discapacidade intelectual, acontece que aquelas que presentan unhas mellores condicións de cara á inserción laboral, son as mulleres que nos fogares realizan as tarefas cunha maior resolutividade, circunstancia que incide na súa interrupción en canto a asistencia aos centros. É dicir, semella que a súa “utilidade” no fogar reduce a súa asiduidade ás institucións de inserción;
- o propio contexto investigado é herdeiro dunha cultura na que as funcións e os roles son diversos e asimétricos para os homes e para as mulleres. Algúns representantes da mostra afirman ter vencellado o seu traballo nos centros a favor do equilibrio de roles de xénero entre homes e mulleres.

Respecto a esta última cuestión —a procura da equiparación de roles— nos centros soe resultar complicada. Nun dos centros da mostra incluíanse, entre os seus obxectivos iniciais, a eliminación dos roles de xénero estereotipados, punto de interese que o representante admite terse conseguido despois dun arduo esforzo.

Ao fío desta cuestión, un dos representantes manifesta que grande parte dos obradoiros de emprego, así como dos cursos de formación ofertados e dirixidos ao colectivo, soen contemplar, maioritariamente, perfís masculinos, a través da formación asociada á construción —cursos de albanelería ou de pintura de edificios— ou cursos de xardiñería. Este punto dificulta a implantación do equilibrio na participación de ambos xéneros no proceso de inserción.

Así, en canto á oferta laboral dos concellos, é tamén habitual que, como se indica, esta vaia encamiñada cara sectores de emprego predominantemente masculinos, coma tamén acontece entre os centros ou asociacións empresariais que ofertan formación.

Nas súas respostas, o colectivo de representantes faise eco tamén das condicións no acceso laboral á Administración. Dous representantes culpan á propia Administración por non ter velado polos dereitos e intereses do colectivo e por ter descoidado o establecemento de sancións ás empresas ordinarias que non respectan o cupo de reserva do 2% de postos para traballadores e traballadoras con discapacidade.

Ao respecto, a Lei de Integración Social de Minusválidos (LISMI) (1982), no artigo 38, establece que as empresas públicas e privadas cun número de 50 ou máis traballadores en nómina, están obrigadas á contratación, cando menos, do 2% de traballadores con discapacidade. En virtude do RD 27/2000 establecéronse medidas alternativas ao cumprimento do cupo de reserva a favor das persoas con discapacidade, que diversificaron a que antes era a única opción, consistentes na contratación cun centro especial de emprego, cunha traballadora ou traballador autónomo con discapacidade ou na doazón ou accións de patrocinio, para o desenvolvemento de actividades de inserción laboral e de creación de emprego para o colectivo.

Na práctica, o cumprimento do cupo de reserva soe efectuarse coa continuación en plantilla de antigos traballadores en nómina que teñen adquirido unha discapacidade con posterioridade á súa contratación. Pola súa parte, nun dos centros, o representante aseguraba que o incumprimento do cupo de reserva nas prazas mantíñase, porque deste xeito evítábanse complicacións nos mesmos.

Sobre a evolución do emprego nos centros, dous representantes sinalan o incumprimento dos obxectivos iniciais cos que os centros foron creados. O representante dun Centro Especial de Emprego afirma que desde esta clase de centros non se promoven contratacións cara a empresa ordinaria: os traballadores e as traballadoras continúan nos mesmos de forma permanente. Entre o conxunto de respostas, tense aludido que en grande parte das ocasións, o colectivo non reúne os requisitos que se soen demandar nas ofertas de emprego, como, por exemplo, contar coa obtención do carnet de conducir.

A actitude do colectivo de representantes, xeralmente, é sensible respecto ás cuestións de xénero en canto á inserción das mulleres con discapacidade, xa que este constitúe un aspecto que perciben na súa actividade diaria. Mais compróbase que tamén existen excepcións a esta actitude xeral. Neste sentido, é reseñable o feito de que o representante dun centro ocupacional non considere que exista discriminación engadida para as mulleres. Sostén que estas non afrontan unha discriminación por xénero, xa que ao empresariado só lle interesa que as traballadoras e os traballadores posúan as aptitudes para o posto en cuestión. Este representante detecta problemas noutra dirección, sinalada tamén por outros dos seus colegas, ao afirmar que a LISMI é unha “grande mentira”, porque demostrou carecer de eficacia na promoción do emprego. Así, as dificultades que identifica para as mulleres refírense ao contexto xeral da inserción, antes que aos problemas de xénero.

Nas respostas achegadas polo grupo de representantes percíbese un desaxuste entre o obxectivo inicial co cal os Centros Ocupacionais foron creados e a función que foron adquirindo posteriormente, máis cercana ao acollemento xeralizado colectivo, independentemente das características da súa discapacidade. Un dos participantes da mostra no conxunto do colectivo de representantes sinala a inqueda de que a integración se teña transformado nunha moda pasaxeira, e expresa a preocupación de que na práctica, poucas persoas con discapacidade teñan mostrado verdadeira vontade de se insertar laboralmente.

Os resultados finais da investigación – coincidentes coa hipótese xeral e singular para a dimensión ocupacional-laboral - teñen confirmado a raíz estrutural da cuestión.

5. Conclusións

As estadísticas e enquisas reflicten as baixas porcentaxes de contratación do colectivo en profesións escasamente cualificadas e con baixos salarios; como xa se apuntou ao inicio do presente texto.

As respostas do colectivo de profesionais tratan de ofrecer unha interpretación para a baixa inserción do grupo de mulleres, así como para as dificultades atopadas en canto á incorporación plena á dinámica dos centros.

En primeiro lugar, indícanse cuestións xa mencionadas, como o medo ao baixo rendemento e o descoñecemento do colectivo, coa inexistencia dunha cultura asociada á participación laboral do colectivo de persoas con discapacidade, que se traduce na falta de información por parte dos empregadores. Ao respecto, téñense implementado, por parte dos poderes públicos, campañas de sensibilización e información sobre as posibilidades de contratación do colectivo.

Nunha sociedade androcéntrica, os prexuízos de xénero limitan, tamén, as oportunidades de desenvolvemento para as mulleres con discapacidade: por longo tempo; a reivindicación dunhas condicións laborais e salariais dignas non atinxiu a este grupo específico, cuestión que anda a mudar. Na actualidade, as mulleres con discapacidade constitúen un grupo contemplado na grande maioría dos plans de igualdade deseñados por organismos diferenciados.

As respostas do colectivo de representantes transmiten unha certa sensación de fracaso, en canto ás condicións e á dinámica dos centros, nos que quizá se somete a unha maior crítica ás condicións estruturais da inserción socio-laboral que ás cuestións relativas ao tratamento de xénero. Nesta liña, voces diversas consideran que a prestación percibida polo colectivo actúa como unha trampa que dificulta o proceso de inserción.

Nomeadamente, o momento económico actual, agravado nos últimos tempos, dificulta considerablemente o proceso de inserción do colectivo. A limitación dos

orxamentos públicos de apoio á iniciativa privada extremou as marxes de precariedade entre as que habitualmente se ten situado o colectivo.

Aínda partindo destes presupostos, nas respostas obtidas teñen cabida tamén certos trazos positivos. O colectivo de representantes afirma que, salvadas as reticencias iniciais, as empresas soen mostrar un alto grao de satisfacción en relación ao desenvolvemento das persoas con discapacidade contratadas. Nesta liña, o papel dos e das profesionais nos centros é fundamental de cara á orientación no proceso de transición do colectivo con discapacidade cara ao emprego, por realizar funcións de mediación entre a Administración e o sector privado.

Referencias bibliográficas

- Fine, M.; Asch, A. (1988). Disability Beyond Stigma: Social Interaction, Discrimination, and Activism. *Journal of Social Issues*, 44 (1), 3-21.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (INE) (2001). *Encuesta sobre Discapacidades, Deficiencias y Estado de Salud 1999. Resultados detallados*. Madrid.
- Morris, J. (1991). Impairment and Disability: Constructing an Ethics of Care That Promotes Human Rights. *Hypatia*, 16(4), 1-16.
- PÉREZ MARÍN, J. (1996): Del empleo especial al empleo ordinario: Análisis de experiencias de integración laboral de personas con discapacidade. En V.V.A.A., *La discapacidade en el siglo XXI. Plan de Acción. Una proposta de futuro*. (pp. 125-139). Madrid: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.

Referencias lexislativas

- Ley 13/1982, de 7 de abril, de Integración Social de los Minusválidos (LISMI). *Boletín Oficial del Estado*, núm. 103 (30 de abril de 1982), págs. 11106 - 11112

A cuestión laboral nos modelos teóricos da discapacidade

ALICIA DÍAZ BALADO
Universidade de Santiago de Compostela

1. Introducción

Os modelos da discapacidade constitúen a carta de presentación e o vehículo a través do que a minusvalía se reflicte na sociedade. Estes representan o marco a través do cal se estruturan as pautas e o estilo de vida do colectivo.

Deste xeito, os distintos modelos son consecuentes cos presupostos dun estándar de sociedade determinado, e abren os cauces para o desenvolvemento do colectivo a través de liñas de actuación diferenciadas.

2. Xustificación teórica

Os Estudos da Discapacidade desenvolven a ollada que a sociedade posúe respecto á situación dos homes e das mulleres con discapacidade, a través dunha diversidade de perspectivas. Cada unha das visións ensaiadas permite a análise das relacións entre o colectivo e o conxunto da sociedade desde puntos de vista diferenciados. A súa revisión revela información precisa no estudio das posicións que teñen ocupado as persoas con discapacidade e na interacción coas distintas circunstancias individuais e sociais, entre a que se atopa o ámbito da inserción laboral.

A grandes rasgos, a pauta común presenta dúas amplas dimensións ou modelos, xa clásicos na clasificación da discapacidade: o modelo médico e o modelo social.

A) O modelo médico

O modelo médico ten sido cuestionado durante a década dos 60 como modelo exclusivamente explicativo da discapacidade, en coincidencia cos inicios da participación do colectivo na vida social.

Pero ata esa data, o modelo médico ou paradigma da rehabilitación considerouse a representación por excelencia a partir da cal se articulou a reflexión e a actuación na discapacidade.

A tradicional consideración das persoas con discapacidade como simples pacientes da área médica, propiciou a ausencia do recoñecemento das súas diversas necesidades nas distintos espazos sociais, entre os que se atopa a inserción ou desempeño laboral.

Na actualidade, téndese a posicionar o modelo médico nunha esfera de normalización. Neste sentido, o dereito extensivo á atención sanitaria tradúcese, no caso das persoas con discapacidade, na posibilidade de mantemento dun estado físico ou intelectual nas mellores condicións.

Hoxe en día, o acceso aos servizos médicos é un dereito para o conxunto da poboación, un presuposto básico que debe achegar as condicións de saúde óptimas de cara á participación na sociedade das persoas con discapacidade. A conservación dunha boa calidade de vida para o colectivo constitúe o fundamento para a participación en condicións de igualdade nas restantes esferas sociais.

O colectivo mostra a súa presenza na sociedade, particularmente a través do acceso e da permanencia no espazo ocupacional e laboral. Enténdese que a deficiencia rebasa a vertente sanitaria, de xeito que esta interactúa coas múltiples dimensións sociais. Na conxunción destas coa deficiencia biolóxica orixínase a discapacidade, entendida como a restricción ou a ausencia da capacidade de realización dunha actividade na forma ou dentro da marxe aceptada como normal.

Polo tanto, o colectivo ten superado fortes obstáculos, baixo a forma das barreiras que antano imposibilitaban o seu o acceso á participación social e laboral.

B) O modelo social.

Na década dos 60 déronse as condicións necesarias para o cambio cualitativo que se produciu na interpretación da discapacidade. Esta mudanza posibilitou unha nova dimensión na mesma, que implicou o propio autorrecoñecemento do colectivo e a proxección da súa identidade cara a sociedade. No século XX é o momento no que o home e a muller con discapacidade abandoa o rol exclusivo de paciente e incorpórase á cidadanía activa, a través da reivindicación de dereitos e deberes individuais e

colectivos. O modelo social introduciu na axenda do colectivo vocablos como empoderamento ou autocontrol e proporcionou os cauces para a capacitación do colectivo.

Aspectos como o acceso á educación e á formación laboral, o emprego ou a vida autónoma incorporáronse ás demandas do movemento, que deu os seus primeiros pasos nun tempo de fondos cambios sociais. A evolución e realización do colectivo débéronse, en parte, á iniciativa liderada por Ed Roberts desde 1970 na Universidade de Berkeley, en relación á aposta pola Vida Independente e Autónoma.

O aparición paulatina do modelo social posibilitou que a sociedade se fose implicando na formación do colectivo para a inserción laboral e as formas ocupacionais de transición ao emprego.

A Constitución Española de 1978 define a protección dos dereitos fundamentais da cidadanía: no artigo 35 garante o dereito e o deber ao traballo e o artigo 49 protexe os dereitos das persoas con discapacidade e a súa atención nas políticas públicas. Ademais, téñense implantado unha serie de Plans de Acción para a promoción do emprego das persoas con discapacidade, como o Plan de Acción Europeo sobre Igualdad de Oportunidades para las Personas con Discapacidad (2004-2010), proposto pola Comisión Europea ou o Plan de Acción para las Mujeres con Discapacidad, de 2006, elaborado desde o Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.

3. Resultados

A inserción laboral representa unha cuestión complexa, con multitude de vertentes no seu plantexamento e evolución. O acceso á vida autónoma do colectivo implica o desenvolvemento do proceso de inserción no contexto socioeconómico da sociedade actual, no marco das oportunidades achegadas desde o modelo social.

No transcurso dunha investigación realizada sobre a inserción laboral das persoas con discapacidade desde unha perspectiva de xénero, centrada na provincia de A Coruña, confirmáronse as seguintes hipóteses relacionadas, consecutivamente, coas dimensións formativa e laboral, esbozadas nas liñas seguintes. As hipóteses citadas inclúen un enfoque de xénero na formulación específica sobre a inserción laboral do colectivo:

“A ausencia de opcións formativas acordes coas características da discapacidade e os roles tradicionais femininos interactúan negativamente na frecuencia e calidade da actividade das mulleres con discapacidade”.

“Ao igual que acontece coas dificultades que outros colectivos marxinados experimentan no acceso ao mercado laboral, a discriminación laboral das mulleres con discapacidade respoosta a cuestións sociais estruturais”.

Como se observa, o colectivo con discapacidade caracterízase pola súa homoxeidade, formado por varóns e mulleres con distintas minusvalías, persoas de procedencia e formación diversa, con distintas idades e con experiencias vitais diferenciadas. Pola contra, as consecuencias da súa diversidade así coma o resultado final do proceso varían tamén en virtude dos condicionamentos de xénero. As condicións do modelo social permiten a observación das diferencias de xénero, tamén no caso do colectivo con discapacidade.

Constitue un punto de interese a incidencia nas cuestións sociais derivadas da interacción do xénero coa discapacidade e as condicións no acceso laboral do grupo das mulleres. Téñense referenciado as condicións sociais estruturais como parte da lóxica do modelo social. O sector textil e de servizos representan, no conxunto dos datos derivados da mencionada investigación, os ámbitos con maior posibilidade de emprego para as mulleres. Pola contra, os sectores madereiro e da construción semellan aglutinar grande parte da oferta de emprego á que se acollen os varóns con discapacidade.

Nos centros, a división das ocupacións non beneficia, en liñas xerais, o proceso de inserción feminino: os datos sinalan a tendencia a estruturar por xénero as actividades asociadas aos oficios. Polo tanto, o destino laboral das persoas que estiveron ocupadas nos centros, é sumamente inestable e precario, pois as mulleres con discapacidade soen situarse na base da pirámide económica.

Ademais, os homes e as mulleres con discapacidade que chegan ao mercado laboral, houberon de superar unha serie de censuras ou condicionantes previos. Neste punto inflúe tamén o baixo nivel formativo do colectivo, do que se fan eco as organizacións de persoas con discapacidade física.

4. Conclusións

Superadas as ataduras do modelo médico e aceptado o modelo social, as persoas con discapacidade transforman o seu rol a partir do vello estatus de pacientes. Cuestión pola que semella pagarse un prezo, porque o colectivo incorpórase a unha sociedade que aínda carece da cultura necesaria en referencia á participación na sociedade, a través da inserción laboral.

O modelo social foi transitando por un proceso de transformación desde os inicios da incorporación do colectivo á sociedade nos seus distintos espazos, tanto desde o labor das organizacións como desde as propias achegas individuais.

De feito, a temática laboral revélase como un ámbito de estudo que foi prescindible ou “inexistente” por longo tempo. Esta, contemplada desde o centro do modelo social, constitúe un aspecto central no eido, relacionado con outras múltiples dimensións relevantes na discapacidade, como a formación, a adaptabilidade dos espazos ou a integración na esfera social.

Referencias bibliográficas

- Gómez-Acebo, P. (1999-2000). Los Centros Especiales de Empleo y las Empresas de Inserción. *Documentación Social*, 117-118, 321-328.
- Herrero, A. (1994). Integración laboral de los minusválidos en el mercado ordinario de trabajo. *Minusval*, 88, 25-27.
- Instituto Nacional de Estadística (INE) (2001). *Encuesta sobre Discapacidades, Deficiencias y Estado de Salud 1999. Resultados detallados*. Madrid.
- Mechanic, D.; Rochefort, D.A. (1996). Comparative Medical Systems. *Annual of Review Sociology*, 22, 239-270.
- Scotch, R.; Schriener, K. (1997). Disability as Human Variation: Implications for Policy. *Annals of the American Academy*. AAPSS, 549, 149-159.

El empleo con apoyo desde un enfoque pedagógico: la formación de preparadores laborales en el contexto universitario

JUAN J. LEIVA OLIVENCIA
Dpto. Didáctica y Organización Escolar
Universidad de Málaga

1. Introducción

Es obvia la existencia de diferentes instrumentos de inserción laboral para jóvenes con diversidad funcional. Un ejemplo de ello serían los programas de inserción sociolaboral impulsados por asociaciones de familiares, ONGs, y fundaciones públicas y privadas que se desarrollan en todas las Comunidades Autónomas de nuestro país. Por ejemplo, el Grupo Fundosa (creado por la Fundación ONCE en 1989) lleva desarrollando programas de inserción laboral de jóvenes con dificultades mediante convenios de colaboración con empresas privadas de sectores muy diversos. Por su parte, los Centros Especiales de Empleo (CEE), que surgen a raíz de la LISMI (1982), y que son generalmente empresas creadas a instancias de asociaciones de personas con discapacidad o por sus familiares, como mínimo, el 70 % de la plantilla debe estar compuesto por trabajadores con discapacidad. Actualmente sigue siendo una opción muy relevante en el panorama de la integración laboral de las personas con discapacidad. En estos CEE se desarrollan actividades muy diversas, incluida la producción de bienes y la prestación de servicios en sectores diversos del tejido productivo, industrial y sobre todo de servicios.

Por otro lado, hay que señalar que, alrededor de todo lo que significa la inserción laboral de las personas con diversidad funcional, tienen cada vez más importancia la emergencia de las denominadas empresas de inserción, que son aquellas que tienen derecho a recibir ayudas y bonificaciones por la contratación de personas con diversidad funcional o en situación de exclusión social. Se trata de empresas que permiten realizar un aprendizaje en un contexto laboral en un ambiente normalizado, con un personal laboral heterogéneo. Por sectores, cabe señalar las empresas dedicadas a la recogida de residuos, el reciclaje, construcción, jardinería, comercio y restauración.

En este marco, cobra cada vez mayor relevancia la formación de preparadores laborales en el contexto universitario, y es que todavía son escasos los recursos de formación diseñados desde el ámbito universitario y para la profesionalización de los jóvenes universitarios en un reto social y cultural como es la inserción laboral de las personas con diversidad funcional. Un ejemplo de ello es que únicamente existe en la Universidad de Málaga, en las titulaciones de Educación Social y Maestro/a, una asignatura optativa denominada “*Formación e inserción laboral de jóvenes con dificultades*”, adscrita al área de Didáctica y Organización Escolar, y que se extingue en este presente curso académico 2010/2011. En este trabajo analizamos aspectos básicos del empleo con apoyo e indagamos en las concepciones pedagógicas que tienen alumnos/as de la titulación de Maestro/a, especialidad Educación Especial, sobre la integración laboral de los jóvenes con diversidad funcional.

2. El empleo con apoyo: presenta y futuro de la diversidad funcional

El empleo con apoyo se configura como una modalidad de inserción laboral de personas con discapacidad muy relevante en el actual panorama sociolaboral de nuestro país. Aunque todavía su implantación no es tan generalizada como en otros países de nuestro entorno europeo (sobre todo los países nórdicos), es una herramienta inclusiva clave para la mejora del bienestar y la calidad de vida de las personas con diversidad funcional. Así mismo, el empleo con apoyo implica una figura clave que se encarga de la formación de los trabajadores, asesoramiento, orientación y su adaptación al puesto de trabajo, así como de las tareas posteriores de seguimiento (MTAS, 2007). Se trata del preparador laboral. A continuación, apuntamos algunas ideas que consideramos relevantes para ilustrar la relevancia de los programas de empleo con apoyo.

- Los programas de empleo con apoyo son una modalidad relativamente nueva de inserción laboral de la persona con diversidad funcional. Tiene como objetivo la inclusión plena de estas personas en el mercado ordinario de trabajo.

- El preparador laboral es la persona que ayuda a la persona discapacitada en el trabajo, le acompaña al puesto de trabajo y le facilita a que desempeñe su laboral. Además realiza una evaluación y un seguimiento personalizado de la situación de la persona en la empresa.
- Supone un reconocimiento a una labor que realizaban las asociaciones e implica todo un avance para la construcción de una sociedad más justa e inclusiva.
- El Empleo con Apoyo consiste en un conjunto de servicios y acciones centradas en la persona, fundamentalmente individualizadas, para que la persona con discapacidad y con especiales dificultades pueda acceder, mantenerse y promocionarse en una empresa ordinaria en el mercado de trabajo abierto, con el apoyo de profesionales y otros tipos de apoyos.
- Entendemos por personas con especiales dificultades, aquellas que necesitan de un apoyo continuado, puntual o intermitente en el desarrollo de su actividad laboral, siendo la intensidad y duración de estos servicios la necesaria para el mantenimiento del lugar de trabajo y asegurando, un seguimiento que garantice la continuidad y promoción del trabajador.

Ahora, la pregunta clave tiene que ver con cuáles serían los objetivos del empleo con apoyo, y por tanto, indagar en las claves significativas que tienen que guiar el sentido, carácter y orientación de las iniciativas formativo-laborales del empleo con apoyo:

- Conseguir para la persona con discapacidad un lugar de trabajo integrado en el mercado ordinario.
- Promover la inserción social de las personas con discapacidad a través de la realización de un trabajo, como medio para la incorporación plena del individuo en la comunidad.
- Mejorar la calidad de vida y la independencia y autonomía de las personas con discapacidad.
- Posibilitar la promoción personal y laboral de las personas con discapacidad en la comunidad y la empresa.

En este punto, tal y como viene recogido en el Real Decreto 870/2007, de 2 de julio, por el que se regula el programa de empleo con apoyo como medida de fomento de empleo de personas con discapacidad, cabe subrayar que lo importante es que quede constancia que el empleo con apoyo se fundamente en un sistema de apoyo individualizado, consistente en la provisión de la ayuda imprescindible proporcionada a la persona para que pueda desarrollar por ella misma una actividad laboral, en un momento determinado de su trayectoria vital. Esto, lógicamente, implica un cúmulo de iniciativas y de acciones complejas que se deben sistematizar en todo el proceso de orientación y asesoramiento laboral que necesita la persona con discapacidad. ¿Qué acciones, desde un punto de vista global, implica? Indicamos algunas acciones que nos

parecen importantes en el desarrollo del rol del preparador o asistente laboral, y es que resulta obvio afirmar que el empleo con apoyo facilita el proceso de inserción laboral con las siguientes acciones:

- Difusión del programa en un sentido amplio (Red Pública de Orientación, población general, entidades educativas, empresas, servicios sociales, agentes sociales, etc.) por tal de dar a conocer el Empleo con Apoyo y facilitar el acceso a las personas con discapacidad.
- Prospección de lugares de trabajo a través de la difusión del programa al mundo empresarial.
- Atención individualizada durante todo el proceso, partiendo de un plan personal de trabajo que se fundamenta en la presa de decisiones por parte de la persona con discapacidad.
- Orientación y asesoramiento laboral y/o personal a la persona con discapacidad y, si es el caso, a su familia.
- Asesoría técnica y legal a los diferentes agentes de la entidad empleadora, en temas relacionados con tipos de contratos, ayudas a la contratación y otros aspectos administrativos, así como espaldarazo en aspectos de tipo relacional hacia la persona con discapacidad.
- Acompañamiento y entrenamiento en el mismo puesto de trabajo, así como en otras situaciones naturales consideradas en el plan personal de trabajo.
- Asesoramiento en adaptaciones del lugar de trabajo y ayudas ergonómicas.
- Búsqueda de apoyos naturales del entorno laboral y social, para la consecución y mantenimiento de los objetivos de inserción.

Así mismo, es muy importante tener claro las fases del empleo con apoyo, que puede implicar el desarrollo de diferentes iniciativas o acciones formativo-laborales desde la perspectiva del preparador o asistente laboral. El proceso de trabajo se desarrolla mediante las siguientes fases, que pueden incluir una o más de las acciones anteriormente explicitadas:

- Preparación para la incorporación al mercado laboral: elaboración del perfil laboral del candidato, información y orientación laboral de los candidatos en relación a búsqueda de trabajo, actitudes y aptitudes laborales, conocimiento de las organizaciones, normas sanitarias y de seguridad básicas, normativa laboral y red de servicios comunitarios.
- Búsqueda de trabajo personalizado y búsqueda activa de trabajo, asegurando un puesto de trabajo adecuado a cada persona mediante la difusión del programa, la prospección del mercado laboral, el asesoramiento y estimulación a la empresa, el análisis de puestos de trabajo y condiciones laborales y el análisis de compatibilidad entre candidato y lugar de trabajo.
- Adaptación y entrenamiento en el puesto de trabajo para la adquisición de aspectos técnicos y la integración relacional y completa en la empresa, con

búsqueda de apoyo natural y la retirada progresiva del preparador laboral a medida que el proceso se hace efectivo.

- Seguimiento por el mantenimiento del lugar de trabajo, mejora de las condiciones laborales y promoción, en un sentido de evaluación preventiva y anticipadora de las necesidades del trabajador con discapacidad y de la entidad empleadora, así como de detección de situaciones conflictivas y la aplicación de medidas correctivas.
- Autonomía de la persona inserta laboralmente: el proceso del Empleo con Apoyo finaliza cuando se logra la autonomía laboral de la persona con discapacidad, a través de una salida positiva o alta del programa. Esta salida se dará siempre que no se produzcan incidencias durante un periodo de tiempo previamente determinado y existiendo un acuerdo explícito entre el programa, la empresa, el trabajador con discapacidad y, si es el caso, su familia.

3. Concepciones pedagógicas sobre el empleo con apoyo: reflexionando sobre debilidades y oportunidades

En clase de la asignatura “*Formación e Inserción Laboral de Jóvenes con Dificultades*”, con un total de 60 alumnos matriculados y con una asistencia media a clase de 45 alumnos, un aspecto clave en el debate que se generaba en torno a las potencialidades y dificultades de los jóvenes con discapacidad tenía que ver con el factor familiar. Esto significaba para muchos alumnos que la posibilidad de la inclusión laboral dependía mucho de las actitudes y de la propia mentalidad colectiva, no sólo social, sino también familiar, de cada uno de los jóvenes con discapacidad. Así lo argumentaba una alumna:

“Los padres sobreprotegen a los hijos pero creo que ellos no lo hacen con ninguna mala intención sino que por su bien aunque no se dan cuenta que eso no es así, ya que el niño tendrá la necesidad de tener a sus padre siempre a su lado y cuando estos ya no estén se sentirá perdido en una sociedad que no ha sido capaz de llevar solo. Los padres obviamente debe proteger a sus hijos pero no hasta llegar a este punto. Creo además que ellos no son conscientes de lo que les están afectando a su hijo” (Alumna 1)

El factor familiar era relacionado por los alumnos de clase fundamentalmente con dos aspectos: por un lado, la sobreprotección familiar, y, por otro, con la necesidad de generar hábitos y competencias de vida autónoma. Todo estas cuestiones surgieron en clase a raíz de la construcción cooperativa de un DAFO, un instrumento de análisis de la realidad social y cultural que se centra en las debilidades, amenazas, fortalezas y oportunidades de una determinada situación o hecho social. Dicho esto, muchos alumnos se centraban en criticar la problemática de la sobreprotección familiar hacia

los niños y jóvenes con discapacidad. Esta problemática, según estos alumnos, tiene un origen social que emerge con fuerza incluso desde el contexto escolar donde muchos docentes pueden percibir como la atención que tienen algunos padres hacia sus hijos con necesidades educativas especiales es diferente a los padres con hijos que no presentan ningún tipo de hándicap. Así mismo, otra cuestión importante en relación a la potencialidad laboral de los jóvenes con diversidad funcional tiene que ver con el desconocimiento que tienen los padres sobre las opciones de inclusión laboral que tienen sus hijos en una realidad compleja, en la actual coyuntura de crisis económica, pero que es determinante a la hora de poder afrontar la formación e inserción formativo-laboral de las personas con diversidad funcional (Palliser, Valls y Vilá, 2004). Con estas palabras lo expresaba un alumno de clase:

“Yo creo que si existe una sobreprotección generalizada en padres con hijos con necesidades educativas especiales, pero sin embargo, creo que la problemática que esto provoca en estas personas en cuanto a la mejor o peor inserción en la sociedad o ser lo mas independiente posible es mas provocada por la falta de información y del “saber que hacer”, puesto que la ignorancia les lleva a limitarlos en sus posibilidades sean cuales sean” (Alumno 2)

No obstante, es obvio que este tema de debate, la sobreprotección familiar y la posibilidad de que las familias sean herramientas potenciadoras de la iniciativa formativo-laboral de los jóvenes con discapacidad fue un tema polémico y relevante entre los alumnos y alumnas de clase. En muchas ocasiones establecemos debates críticos sobre el ámbito social y comunitario desde una perspectiva crítica, pero, en ocasiones, resulta necesario “mirar hacia dentro”, focalizar la mirada en las propias familias de hijos con discapacidad para comprender que hay aspectos muy determinantes que ayudan o no a la posibilidad de que sus hijos tengan una vida plena, y la dimensión laboral resulta trascendental en la vida de cualquier joven de hoy en día. Ahora bien, como docente no podía permitir que el análisis crítico únicamente fuera dirigido a las familias y, por tanto, también se analizarían factores de mercado laboral y factores de índole empresarial para indagar en la realidad compleja, dinámica y cambiante que supone la incorporación progresiva de jóvenes con diversidad funcional al mercado ordinario, y no únicamente a nichos de empleo “exclusivos”, en el sentido de talleres ocupacionales o centros especiales de empleo, o incluso a través de enclaves laborales de subcontratación entre centros especiales de empleo y empresas ordinarias. Por ello, había ya alumnos que entendían que el debate no sólo se podía ceñir al ámbito familiar y que era imprescindible proyectar un análisis crítico de la mentalidad empresarial y del mercado laboral en relación a la inclusión laboral de los jóvenes con diversidad funcional.

“En mi opinión estoy en desacuerdo con que los padres sean uno de los principales factores que entorpecen la inserción laboral de estos jóvenes. Si, es un problema importante, pero creo que

tan solo es una de las consecuencias de la conciencia que aun hoy en día tiene la sociedad sobre las personas con dificultades, y es que ningún padre quiere que su hijo sea menospreciado, o como dijimos en clase, apartado del resto de compañeros para estar encerrado en un almacén guardando cosas en cajas. Para acabar con la sobreprotección paterna primero hemos de acabar con los prejuicios que tienen las empresas y la sociedad en general sobre la labor que pueden desempeñar estas personas, y para ello debemos preparar en las escuelas a personas competentes que sean capaz de demostrar todo lo que pueden llegar a hacer” (Alumna 4).

Hay un aspecto importante en este análisis sociocultural sobre el mercado laboral y tiene que ver con la interacción entre factor laboral, social y familiar, en el sentido de que existen condicionantes sociales e individuales sobre la inserción laboral. Estos condicionantes también son asumidos incluso por los jóvenes con discapacidad, que observan con miedo el horizonte de la integración laboral, también porque existen aspectos de valores sociales y educativos que no resultan positivos para ello. En este punto, la falta de confianza en ellos mismos y también por parte de sus padres, así como la ignorancia por instrumentos válidos y eficaces de orientación laboral, y el desconocimiento por las bonificaciones fiscales y las ayudas a los empresarios para la integración laboral de los jóvenes con discapacidad, son variables muy relevantes en la comprensión de las conductas favorables hacia la inclusión o, por el contrario, hacia conductas escasamente valientes y de confianza hacia la posibilidad de que los jóvenes con diversidad funcional puedan incorporarse óptimamente al mercado laboral. De esta manera lo expresaba un alumno:

“...efectivamente (pienso yo) los problemas que venimos contando sobre la inserción laboral de los jóvenes con dificultades se alejan en cierta medida de la sobreprotección de los padres, que están “condicionados” por esta sociedad individualizada a la que, por el momento, cuesta introducir cambios considerables y obliga con ello a ciertas conductas inapropiadas (pero comprensibles) de los padres” (Alumno 8).

Por otra parte, es importante destacar que el alumnado universitario es consciente de que para promover actitudes de responsabilidad social y de confianza hacia la integración laboral de jóvenes con dificultades, resulta fundamental el trabajo académico desde las más tempranas edades, es decir, que la escuela tiene mucho que decir en todo lo que tiene que ver con la proyección laboral futura de los niños y niñas con diversidad funcional (Echeita, 2006). Dicho de otro modo, es clave que la escuela asuma su responsabilidad social y laboral y que fomente habilidades de autonomía para que el alumnado con necesidades educativas especiales vea más allá de su escolarización y que, los maestros, asuman su responsabilidad de que enseñan para la vida y para el trabajo (Arnáiz, 2003). En este sentido, algunos alumnos de clase eran críticos con muchos docentes de educación especial que sólo se ciñen a los aprendizajes escolares sin proyección o relevancia práctica y futura para la inclusión laboral de los alumnos con discapacidad. En todo caso, el alumnado se mostraba a favor de reforzar la relevancia

práctica de los aprendizajes escolares para que éstos sirvan para su futuro formativo-laboral. Estas eran las reflexiones de un alumno al respecto:

Para além desta comparação, procuramos também perceber em que medida o género influencia as percepções de auto-eficácia para a aprendizagem ao longo da vida. Na revisão da literatura foi possível verificar que, alguns estudos, evidenciaram diferenças no que concerne as escolhas vocacionais, tendo em conta a variável género. A este nível, salientaram o papel das percepções de auto-eficácia na restrição das alternativas laborais para as mulheres, mais determinantes que os seus interesses, valores e capacidades (Hackett & Betz, 1981). Por fim, este estudo visa, ainda, a elaboração e avaliação de um modelo de intervenção no domínio do desenvolvimento vocacional e, concretamente, na promoção da auto-eficácia para a aprendizagem auto-dirigida e ao longo da vida em adultos.

Longe de entender as práticas de orientação como panaceia para a resolução de todos os problemas de investimento na aprendizagem, será importante reflectir acerca da pertinência de uma filosofia de orientação ao longo da vida tendo em conta os desafios que as formas de organização social actuais colocam aos seus elementos. Como refere Norbert Elias na sua obra —A Sociedade dos indivíduos— (1993), no seio das sociedades altamente diferenciadas, centralizadas e urbanizadas o ser humano singular está muito mais dependente apenas de si mesmo, sendo confrontado com um crescente número de alternativas e dispondo de uma maior margem de escolha. No entanto, salienta que —maior margem de escolha e maior risco constituem uma unidade—, verificando-se que os indivíduos são confrontados com a necessidade de decidirem cada vez mais sozinhos, levando a cabo tarefas de tomada de decisão —com importantes

implicações vocacionais— que colocam em perspectiva as alternativas não escolhidas, as oportunidades não aproveitadas, vidas não vividas, papéis não desempenhados, um conjunto de não acontecimentos.

As tarefas desenvolvimentais, de resolução de problemas, de coping exigem, assim, cada vez mais, a construção de um quadro de referência pessoal que permita ao sujeito interpretar e integrar a complexidade, paradoxalidade e contradição que caracterizam as sociedades actuais, atribuindo significado à sua existência e às suas escolhas no seio de uma constelação semântica de incerteza, instabilidade, precariedade, turbulência, risco, insegurança, não linearidade, etc.. Importa, pois, pensar nas respostas que a intervenção em orientação vocacional poderá proporcionar aos adultos pouco escolarizados no que concerne à gestão das suas —contas de aprendizagem— e ao nível da construção de significados que permitam alcançar continuidade em contextos de real descontinuidade provocada por aceleradas e permanentes mutações em termos económicos, tecnológicos, culturais e sociais.

Vários especialistas na área da aprendizagem, e alguns particularmente ligados à educação de adultos, salientam que (e. g., Brockett & Hiemstra, 1991; Garrison, 1992; Jézégou, 2002; Oddi, 1986, 1987), os sujeitos podem possuir boas competências de planificação da aprendizagem, não sendo estas, contudo, garantia de que eles persistirão na aprendizagem, ao longo da vida. A persistência, segundo Oddi (1987, p.26), por exemplo é uma variável psicológica, que não está, necessariamente, dependente da capacidade, mas da personalidade do educando. Neste sentido, o objectivo último de intervenções nos domínios pedagógico e vocacional deverá ser o de desencadear auto-reacções favoráveis, as quais promovem crenças positivas acerca de si próprio enquanto aprendente, incrementam a percepção de auto-eficácia, promovem orientações mais centradas nos objectivos de aprendizagem (Dweck, 1988) e incrementam o interesse intrínseco nas tarefas escolares (Zimmerman & Kisantas, 1997). Pretende-se minimizar ou evitar as respostas defensivas enquanto esforço para proteger a própria imagem, evitando a exposição às actividades de aprendizagem e realização. A finalidade é aumentar a satisfação pessoal no aprender.

Referências

- Bandura, A. (1986). *Social foundations of thought & action: a social cognitive theory*. Englewood. Cliffs, NJ: Prentice-Hall.
- Bandura, A. (1997). *Self-Efficacy. The exercise of control*. New York: Freeman.
- Bandura, A., & Wood, R. E. (1989). Effect of perceived controllability and performance standards on self-regulation on complex decision making. *Journal of Personality and Social Psychology*, 56 (5), 805-814.
- Betz, N. E., & Hackett, G. (1981). The relationship of career-related self-efficacy expectations to perceived career options in college women and men. *Journal of Counseling Psychology*, 28, 399-410.

- Brockett, R. G., & Hiemstra, R. (1991). *Self-direction in adult learning: Perspectives on theory, research and practice*. London: Routledge.
- Dweck, C. S. (1988). Motivational processes affecting learning. *American Psychologist*, 41, 1040-1048.
- Elias, N. (1993). *A sociedade dos indivíduos. A questão cardeal da sociologia*. Lisboa: Publicações Dom Quixote.
- Garrison, D. R. (1992). Critical thinking and self-directed learning in adult education: An analysis of responsibility and control issues. *Adult Education Quarterly*, 42(3), 136-148.
- Gist, M. E. (1989). The influence of training methods on self-efficacy and ideas generation among managers. *Personnel Psychology*, 42, 787-805.
- Hackett, G. (1999). Autoeficacia em la selección y el desarrollo profesional. In A. Bandura (ed.): *Autoeficacia: como afrontar los cambios de la sociedad actual*. Bilbao: Desclée de Brouwer.
- Hackett, G., & Betz, N. (1981). A self-efficacy approach to the career development of women. *Journal of Vocational Behavior*, 18, 326-339.
- Hammond, C, & Feinstein, L. (2005). The effects of adult learning on self-efficacy. *London Review of Education*, 3 (3), 265-287.
- Holden, G. (1991). The relationship of self-efficacy appraisals to subsequent health related outcomes: A meta-analysis. *Social Work in Health Care*, 16, 53-93.
- Holden, G., Moncher, M. S., Schinke, S. P., & Barker, K. M. (1990). Self-efficacy of children and adolescents: A meta-analysis. *Psychological Reports*, 66, 1044-1046.
- Jézégou, A. (2002). Formations ouvertes et autodirection: Pour une articulation entre libertés de choix et engagement cognitive de l'apprenant. *Education Permanente*, 152 (3), 43-53.
- Lent, R. W., Brown, S. D., & Hackett, G. (1994). Toward a unifying social cognitive theory of career and academic interest, choice, and performance [Monograph]. *Journal of Vocational Behavior*, 45, 79-122.
- Lent, R. W., Brown, S. D., & Hackett, G. (1996). Career development from a social cognitive perspective. In D. Brown, L. Brooks, & Associates (Eds.), *Career choice and development* (3rd ed., pp 373-421). San Francisco: Jossey-Bass.
- Lent, R., Brown, S., & Larkin, K. (1984). Relation of self-efficacy expectations to academic achievement and persistence. *Journal of Counseling Psychology*, 31, 356-362.
- Oddi, L. F. (1987). Perspectives on self-directed learning. *Adult Education Quarterly*, 38(1), 21-31.
- Oddi, L. F. (1986). Development and validation of an instrument to identify self-directed continuing learners.. *Adult Education Quarterly*, 36, 97-107.
- Olaz, F. O. (2001). *La Teoría Social Cognitiva de la Autoeficacia. Contribuciones a la Explicación del Comportamiento Vocacional*. Tesis de licenciatura. Facultad de Psicología. UNC Argentina.

- MacCraken, M., & Watson, S. (2000, March). Personal development – I'm not really interested!: Perceptions on Barriers to Learning for Mid-Career, Middle Level Managers in the Scottish Life assurance Industry. Paper presented at the AHRD Conference, Symposium 19 in Increasing Participation in Learning, Raleigh-Durham, NC.
- Matsui, T., Ikeda, H., & Ohnishi, R. (1989). Relations of sex-typed socializations to career self-efficacy expectations of college students. *Journal of Vocational Behavior*, 35, 1-16.
- Multon, K. D., Brown, S. D., & Lent, R. W. (1991). Relation of self-efficacy beliefs to academic autocomes: A meta-analytic investigation. *Journal of Counseling Psychology*, 38, 30-38.
- Salanova, M., Grau, R., Martínez, I, Cifre, E., Llorens, S., & García-Renedo, M. (Eds). (2004). *Nuevos Horizontes en la Investigación sobre la Autoeficacia*. Castelló de la Plana: Publicacions de la Universitat Jaume I.
- Schommer, M. (1994). An emerging conceptualization of epistemological beliefs and their role in learning. In R. Garner & P. A. Alexander (Eds.), *Beliefs about text and instruction with text* (pp. 25-40). Hillsdale: LEA Publishers.
- Schuller, T., Brassett-Grundy, A., Green, A., Hammond, C., & Preston, J. (2002). *Learning, continuity and change in adult life, wider benefits of learning research report no.3* (London, Centre for Research on the Wider Benefits of Learning).
- Stevens, C. K., & Gist, M. E. (1998). Effects of Self-efficacy and goal-orientation training on negotiation skill maintenance: what are de mechanism. *Personnel Psychology*, 50, 955-978.
- Stojkovic, A. D., & Luthans, F. (1998). Self-efficacy and work related performance: a meta-analysis. *Psychological Bulletin*, 124 (2), 240-261.
- Valente, A. C., Carvalho, L. X., & Carvalho, A. X. (2009). *Estudos de caso de Centros Novas Oportunidades* (1.ª ed.). Lisboa: Agência Nacional para a Qualificação, I. P.
- Zimmerman, B. J., & Kisantas, A. (1997). Development phases in self-regulation: Shifting from process to outcome goals. *Journal of Educational Psychology*, 89 (1), 29-36.

Identificación e análise de *boas prácticas* de formación nas empresas galegas

M^a LUISA RODICIO-GARCÍA (COORD.)
Universidade de A Coruña

M^a ISABEL DOVAL RUIZ / ADOLFO PÉREZ ABELLÁS / HÉCTOR M. RODRÍGUEZ CAGIAO
ALFONSO CID SABUCEDO / MANUELA RAPOSO RIVAS / EDUARDO FUENTES ABELEDO
PABLO C. MUÑOZ CARRIL / RAQUEL MARIÑO FERNÁNDEZ

M^a ESTHER MARTÍNEZ FIGUEIRA
Universidades de Vigo e Santiago de Compostela

1. Introducción

A través do Programa de Promoción Xeral de Investigación do Plan Galego de Investigación, Desenrolo e Innovación Tecnolóxica (INCITE) subvencionouse para o período 2008-2011 a investigación titulada *A formación como recurso competitivo na sociedade do coñecemento: análise da situación en Galicia e propostas de innovación*¹. Entre as cuestións ás que se pretende dar resposta figuran *¿qué iniciativas de formación, actualmente en curso, poderían considerarse como boas prácticas?, ¿cómo poderíamos identificalas, analízalas e facelas visibles para que poidan servir de referente para a mellora da calidade da formación na Comunidade Autónoma de Galicia?*

Estas cuestións derivan en que un dos obxectivos planteados foi: *identificar diversas boas prácticas no ámbito da formación nas empresas galegas e rescatar os seus aspectos básicos, con iso poderase facer “visibles” diversas formas eficaces de planificar a*

1 Ref. INCITE08PXIB214178PR (Diario Oficial de Galicia do 1 de outubro de 2008).

formación e extraer propostas para orientar a súa mellora na nosa Comunidade Autónoma (Zabalza, 2008 dir.).

Para identificar esas “boas prácticas” na formación consultamos diferentes documentos científicos nos que se trataba a temática e así ver cales eran os criterios que se manexaban á hora de identificalas. Poidemos constatar o cada vez maior interés polo tema xustificándose a pertinencia de traballar con boas prácticas, tal e como sinala Cabrera (2004), polo interés por aprender de exemplos de actuación exitosos, orixinais e innovadores en calquera ámbito da acción humana. Se ben, da diferente literatura consultada podemos concluir que o tema das “boas prácticas” non é algo pechado e estático senón que é algo aberto e dinámico e estamos cos que opinan que a pluralidade e o carácter dos seus elementos desbordan calquera pretensión de confinala no observable e obxectivo, de codificala como algo estable e predeterminado por riba de contextos, contidos e propósitos sigulares (Escudero, 2009:115).

Aínda tendo isto claro, e considerando a dinamicidade dos criterios e a adecuación a contextos, parécenos interesante destacar os indicadores para a caracterización de “boas prácticas”, suxeridos polo Instituto de Goberno de Políticas Públicas (IGOP) da Universidade de Barcelona, quenes referíndose ás prácticas en pro da inclusión social, sinala uns criterios para a caracterización das boas prácticas que ven se poderían ter en conta no caso da formación, con todas as matizacións e as reservas derivadas do anteriormente dito. Estes indicadores ou criterios son: innovación, estratexia, integralidade, efectividade, participación, fundamento, transferibilidade, pluralismo e transversalidade.

É evidente que, no noso caso, por tratase de empresas galegas adicadas a diferentes sectores de produción, con realidades diferentes, supostos de partida distintos así como obxectivos propios e tamén diversos, haberá que ser cautos á hora de interpretar os resultados; pero isto non é obvia para partir duns indicadores comúns que, despois poidan atoparse na realidade en maior ou menor medida segundo o caso ou que, incluso, teñamos que mudar unha vez cotexados coa realidade analizada.

Partimos do suposto ou hipótese de que aquela empresa que tivo unha proxección exitosa tanto no eido económico coma social, alberga unha boa política de xestión da formación dos recursos humanos que a integran.

As empresas que participaron na investigación están ubicadas nas catro provincias galegas e abarcan diferentes sectores productivos:

- Finanzas: Banco Pastor, Banesto.
- Enerxía: Gas Natural Fenosa.
- Alimentación: Gadisa, Jealsa Rianxeira S.A., Feiraco Coren.
- Educación: CEFORE, Cooperativa escolar, Academia Galega de Seguridade Pública.
- Telecomunicacións: Televés, Telefónica.

- Construcción: Constructora San José.
- Farmacéutico: CZ Veterinaria S.A.
- Automoción: Citroën.

2. Instrumento de investigación e proceso de aplicación

Para a recollida de información sobre *boas prácticas* na formación, elaboróuse *ad hoc* un instrumento consistente nunha entrevista semi-estructurada baseada no seguinte esquema de traballo:




Gráfico 1: Esquema para a construción da entrevista

A entrevista está articulada de xeito que recolle información sobre cada unha destas dimensións que se teñen definido como articuladoras da formación. Trátase, como xa dixemos, dunha entrevista semi-estructurada na que se contemplan sete grandes apartados que versan sobre cuestións relacionadas cos eixos previamente definidos, deixando unha marxe para a incorporación de novos aspectos relacionados con cada un deles, ó fio da conversa. Os apartados concréntanse nos seguintes:

- 1) **Aspectos xerais** que axudan a contextualizar a empresa sobre a que se vai a falar ó longo da entrevista.
- 2) **Organización da formación**, onde se trata de recoller información sobre aspectos como: de quen depende, recursos destinados a ela, quen a imparte, dende cando está en marcha, a quen se dirixe, cando se realiza, como se valora, entre outros.
- 3) **Procesos desenrolados**, atendendo especialmente ás temáticas, modo de concretala (cursos, seminarios, etc.), avaliación do rendemento dos receptores da mesma, incorporación das TIC e e-learning, materiais empregados, etc.
- 4) **Exemplos**, destacados por eles, das súas experiencias de formación.

- 5) **Impacto** da formación realizada, grao de satisfacción, valor engadido, etc.
- 6) **Valoración global da formación:** valor que se lle está dando nas empresas e qué están facendo ben e mal as empresas galegas neste eido.
- 7) **Consideracións finais.**

Xa co instrumento rematado e consensuado no seo do equipo investigador, procedéuse a aplicalo nunha mostra piloto para ver en qué medida era acollido e respostado para, en caso necesario, introducir as melloras que se considerasen oportunas.

Elaborouse unha carta de presentación para enviar as empresas coas que contactamos nun primeiro momento, e se lles enviaba xunto co protocolo da entrevista para que tivesen información de primeira man sobre o contido da mesma e, asimesmo, poidesen preparala. Despois se fixou unha data para a súa realización deixando constancia da mesma mediante grabación da sesión. Unha vez transcrita a mesma se lles volvía a remitir para que fixeran as correccións ou matizacións que considerasen oportunas.

A entrevista resultou ben en canto a estrutura e contidos e a penas se fixeron cambios na mesma. O seu carácter semi-estructurado permitiu bastante flexibilidade para tratar temas que ían xurdindo en cada caso, así como non deixar fora outras cuestións relevantes que si tiñamos incluídas, e elo facilitou a súa adecuación a cada contexto. Unha vez recollida a información (segundo o protocolo de entrevista proxectado polo equipo de investigación), procedéuse á transcripción da mesma e posterior análise.

As variables derivadas deste instrumento céntranse en catro eixos clave na formación: o *sentido* da mesma, a súa *organización*, o *impacto* da formación para os que a reciben e para a institución e, finalmente, a referencia ó que as empresas contactadas identifican coma *experiencias de boas prácticas* na formación. Pasamos a continuación a referir os principais datos acadados en cada unha deles.

3. O sentido da formación

En relación co primeiro dos eixos contemplados, SENTIDO da formación, abordamos tres cuestións fundamentais:

- ¿Qué importancia e sentido ten a formación?
- ¿Qué é o prioritario, ó que se lle dan máis importancia na formación?
- ¿Cáles son as crenzas, implícitas ou explícitas, acerca da mesma?

3.1) ¿Qué importancia e sentido ten a formación?

Este aspecto é respostado polos entrevistados sinalando que é algo moi importante que debe estar perfectamente integrado na actividade da empresa. Contemplase, por unha banda, coma un complemento á formación regrada e como adecuación das

plantillas á tecnoloxía, pero non queda ahí, xa que tamén son moitos os que sinalan que debe atender non só ó desenrolo técnico senón tamén ó persoal, “con el paso del tiempo, se ha pasado más de una formación técnica y una formación pura en conocimientos, a una formación más ligada al desarrollo, habilidades y a competencias” (BP2:2).

Diferencian moitas das empresas entrevistadas, entre formación interna e externa. A primeira é a que se da ós traballadores en xeral, e a externa resérvase para os altos mandos.

O actual momento de crise é destacado coma un incentivo de cara á formación xa que consideran que é importante que a xente se forme máis e mellor para poder salir dela “... Creo que no se debe de perder la tendencia a más formación” (BP8:8).

Outro aspecto que nos parece interesante destacar é a ligazón que se fai entre a formación e a calidade da empresa, sinalando que esta é un elemento de enorme importancia para conquerila.

En definitiva, vese a formación coma una necesidade da empresa de cara a adecuarse ás novas necesidades sociais e de desenrolo profesional do persoal, sinalándose que “... La formación es un elemento clave en el crecimiento empresarial, toda organización que tenga por objetivo desarrollarse, expandirse y crear valor, tendrá necesariamente que contar con un equipo de profesionales técnicamente bien formado (BP14:1); “Yo creo que es una fuente de valor competitivo dentro de la empresa, es decir, al final, mediante formación mejoras el capital humano, mejoras los procesos, mejoras tu capital relacional también y, lógicamente todo eso repercute en beneficios para la empresa” (BP4:12); “Yo creo que la formación, todos nosotros, bueno yo creo que todos los países desarrollados han apostado por ella y no vamos, no vamos a ser nosotros los que digamos que... Además, yo estoy convencido de que no, de que la formación realmente es un bien y es un bien personal, de cada persona, además de las empresas, de cada persona” (BP6:8).

3.2) ¿Qué é o prioritario, ó que se lle dan máis importancia na formación?

A calidade aparece con forza cando se trata de dirimir acerca do que é máis relevante para eles dentro da formación. Os compoñentes “cualitativos” da mesma adquiren importancia, entendendo por eles a persona que a imparte, o interese que amosa, a relación cos diferentes departamentos e recursos humanos da organización, “...Sí es básico el formador (...) el mismo programa puede ser muy bueno o muy malo en función del formador” (BP2:8). “Actualmente las empresas ya han tomado conciencia de que la formación es una herramienta estratégica que hay que usar y fomentar” (BP14:8); “O profesor é moi bó, pero se non transmite, se os coñecementos que él ten, se non lle chega ó alumno, para nós non nos serve, nin lle serve ao alumno, nin él mesmo” (BP7:16).

Outro aspecto recorrente é a idea de que a formación ten que permitir ós traballadores adaptarse ás necesidades dos clientes, xerando valor engadido. Do mesmo xeito hai quen opina que a formación que se precisa é aquela que resulta útil para o traballador e a que él demande, "... Preguntémosle al trabajador qué es lo que quiere y, en la mayoría de los casos nos detecta fuentes de formación que a lo mejor nosotros no conocíamos" (BP6: 8).

Observase unha defensa da formación interna en relación á externa. Dende dentro da organización é dende onde mellor se poden acometer os procesos formativos, xa que os que mellor saben o que necesitan son os que están dentro. Nesta liña hai quen "critica" o feito de deixar en mans de terceiros este tema, contratando a empresas de formación a impartición de cursos sen ter moito en conta as verdadeiras necesidades. Isto debe ser así cando "hay tanta oferta de formación transversal o genérica, en la cual se está invirtiendo muchísima cantidad de euros y menos en formación más a medida y más de dentro de la organización" (BP8:9), "...a formación que non se xenera dentro dun centro é una formación que ten unha eficacia moitísimo menor" (BP9:16).

No que todos os entrevistados coinciden, ben facéndoo explícito ou de xeito implícito, é que a formación continua debería ter carácter obrigatorio.

En resumen, o prioritario é: apostar pola tecnoloxía e porque os empregados saiban manexala, que responde ás esixencias do mercado, da sociedade, que redunde en beneficio da organización, que atenda tanto ás competencias técnicas, como ás metodolóxicas, sociais e participativas e que aposta pola calidade.

3.3) ¿Cáles son as crenzas, implícitas ou explícitas, acerca da mesma?

De todas as entrevistas realizadas se extrae un fío argumental en canto as crenzas que teñen en canto á formación: ten que partir dun verdadeiro análise de necesidades, enténdese coma unha fonte de valor competitivo que se adquire ó longo da vida, e coma unha inversión de futuro. Nesta liña recolleemos diferentes opinións:

"Yo creo que es una fuente de valor competitivo dentro de la empresa, es decir al final, mediante formación mejoras el capital humano, mejoras los procesos, mejoras tu capital relacional también y, lógicamente todo eso repercute en beneficios para la empresa" (BP4:12).

"... yo entiendo que la formación tiene que entenderse, no como era antes la formación de aula, de estar sentado en un sitio sino... la formación en el puesto de trabajo..." (BP3:8). "Seguramente la gente dude, a la hora de si tiene que hacer formación o no formación, el coste que tiene, cómo se va a reintegrar ese coste en el bien de la empresa. Yo..., mi opinión es que nosotros lo seguimos haciendo y nos va bien, sin ninguna duda. Yo..., mi consejo le daría a todo el mundo es que lo hiciesen, que lo hiciesen. Lo que sí es que solo daría como consejo que la formación que se dé, sea útil para el trabajador y la que el trabajador requiera, no dar formación por formación" (BP6:1).

“ (...) creo que hay ciertos tipos de formación que van sobre la cultura de la organización, y que intenta desarrollar el sentido de pertenencia de los trabajadores en la empresa, el orgullo, el sentirse valorados, sentirse reconocidos, en general, fidelidad en esa empresa...” (BP8:8). “... non podemos pretender tampouco a través da formación achegarnos a todo o coñecemento, pero sí ter a axuda que os profesionais necesitamos en calquera profesión, axuda para acompañarnos na, digamos na nosa estratexia de autofomación...” (BP9:23). “La formación debe ir en línea con el futuro de la empresa, a corto, medio y largo plazo, para que sea efectiva. Igualmente debe tener una coherencia” (BP12:8). “(...) la formación es un pilar que permite responder a las necesidades y contribuir al desarrollo de una economía basada en el conocimiento” (BP13:9). “La formación es una herramienta más que ayuda a alcanzar los resultados” (BP14:1).

O que parece estar de fondo en ditas crenzas é a idea de competitividade empresarial sen perder de vista o desenrolo persoal, a formación como impulsora da calidade e das “boas prácticas”. A formación en líña ou *e-learning* se concibe coma un xeito de mellorar a transparencia na organización e a comunicación interna “... crear una cultura de compartir mejores prácticas y de compartir conocimiento... (...) Creo que es uno de los retos y para lo que puede servir el *e-learning*” (BP2:6). Ademais supón aforro de custes: “Si, cada vez máis. Eh... E eu creo que é o que se vai tender e, sobre todo na administración, polo aforro de costes económicos que ten. E despois polo... Polo, por o que, xa non o aforro, senón o non facer moverse ás persoas” (BP7: 18).

4. A organización da formación

Neste apartado abordáronse as cuestións que presentamos a continuación: a oferta formativa que fan e en qué a basean, o deseño da mesma (contidos, modalidades...), cáles son as fontes de financiación e quen son os formadores.

4.1) A oferta formativa que fan e en qué a basean

En xeral, as temáticas que abordan a maioría de empresas entrevistadas teñen que ver con: as tecnoloxías, os idiomas, a calidade, lexislación e xestión de proxectos. Responden a necesidades sociais e dos propios empregados, tal e como quedou de manifesto no apartado anterior.

“Lógicamente el negocio es lo que más demanda, porque lógicamente, todos los años van cambiando las tecnologías, se mueven las personas, se cambian las organizaciones y, lógicamente lo primero que nos da de comer es el negocio” (BP4:6)

Xeralmente teñen un plan de formación aprobado anualmente, deixando unha marxe para incorporar algún contidos en función das demandas que se van producindo

o de feitos extraordinarios. “Hay dos tipos de formación, la planificada (plan anual con presupuesto estimado) y la no planificada (que obedece a necesidades puntuales no previstas)” (BP1:1).

A temática está en función das necesidades da empresa, de ahí o apostar polos idiomas ó terse internacionalizado moitas das empresas entrevistadas, motivado pola globalización.

O máis habitual son cursos de actualización en lexislación e novas prácticas.

4.2) O deseño da mesma (contidos, modalidades....)

O deseño da formación soe estar previsto de antemán. O departamento responsable da mesma, (xeralmente o de Recursos Humanos), fai unha programación anual na que se trata de recoller as necesidades manifestadas polas diferentes áreas de negocio.

A modalidade de formación é mixta, incorporando partes presenciais e outras *on line*. A duración é variable, dende cursos de dúas ou tres horas a outros máis longos de ata 16 horas ou, incluso, meses.

“Manejamos muchas maneras de llegar a los alumnos desde una formación a través de píldoras formativas de 2 o 3 horas, que serían cursos básicos, recordatorios de esa formación básica a través de formación a distancia de manuales de carteles a través de herramientas de comunicación como puede ser la revista de empresa, tenemos otros modelos que son aproximadamente dos días de duración, que serían cursos de aproximadamente 16hs...” (BP3:4).

“... básicamente utilizamos cursos en sus diferentes modalidades ya sean presenciales, *on line*, *blended*, pero también utilizamos mucho lo que nosotros llamamos las jornadas de empresa” (BP4:6).

Parécenos interesante destacar o caso dunha das empresas entrevistadas, que conta cun sistema peculiar de organización da formación dos seus empregados, ó ter fundado o que eles denominan *Universidade Corporativa*.

4.3) Cáles son as fontes de financiación

En canto á financiación a maioría das empresas entrevistadas teñen un presuposto anual adicado a formación. Este presuposto oscila entre o 1,2% ata o 4,6% da inversión da empresa en gastos de persoal.

“Depende más de cual sea el plan de formación, de los objetivos y de las necesidades en ese plan de formación, que realmente de un porcentaje sobre los presupuestos generales” (BP8:3).

Contan, ademáis dos seus propios recursos, coa financiación por parte da Fundación para a formación na empresa, a fundación tripartita e o Fondo Social Europeo.

4.4) Quen son os formadores

Xeralmente, existe un Departamento de Recursos Humanos (RRHH) que organiza e xestiona a formación. “La formación se organiza y gestiona desde el Departamento de Recursos Humanos. No hay una persona dedicada exclusivamente (...) sino que lo compatibiliza con otras actividades” (BP1:1).

Outro aspecto que se destaca é que os formadores poden ser externos ou internos. En xeral, as empresas apostan por un modelo mixto, no que na maioría dos casos se aposta por persoas da propia organización, “los que sabemos de nuestro negocio, somos nosotros” (BP4:); si ben, noutros casos é inevitable que sexan agentes externos os que se encarguen da formación. No caso dos formadores internos si hai preocupación porque non queden desfasados nos seus coñecementos e, para elo, se elixen a aquelas persoas que destacan no seu posto. “(...) está integrada toda la línea de mando de la empresa, participando a través de la valoración del desempeño” (BP8:2). Así, algunha empresa fala *de xestores de formación*, que son empregados que ademais do seu posto se encargan da mesma. En esta línea se argumenta “... vamos a potenciar una red de formadores internos, pero que estén en el día a día en su trabajo. Es decir, ellos tienen su trabajo, su perfil profesional, y la parte de formación es un extra dentro de su trabajo, que también les va a ayudar para su desarrollo, etc.” (BP2:2).

A especificidade dalgunhas empresas oblígalles a contratar cursos e seminarios específicos con empresas privadas. Asimesmo, hai outras que teñen uns formadores de man que van chamando ano tras ano; pero no que todas coinciden é en que “Las empresas que cuentan con buenos equipos técnicos y gestores obtienen mejores resultados” (BP14:1).

Finalmente, podemos dicir que os Departamentos de RRHH ou de formación das empresas, co que todas elas contan, son os que van valorando a efectividade da formación de xeito regular e o que a empresa precisa en cada momento.

5. O impacto da formación para os que a reciben e para a institución

Para averiguar o impacto da formación se plantexaron tres cuestións fundamentais: ¿Cómo se avalía a formación e ós formandos?, ¿Qué beneficios aporta a formación á empresa e ós suxeitos?, ¿Cómo se acredita ou certifica?

5.1) ¿Cómo se avalía a formación e ós formandos?

A enquisa de valoración soe ser o instrumento máis empregado para facer a avaliación tanto das accións formativas coma dos formandos; pero é indubidable, coma

así o sinalan, que o máis importante é o seguimento do desempeño no posto de traballo. O adquirido na formación ten que ser despois visible no traballo diario, “... al acabar la acción formativa (...) todo el mundo se tiene que llevar un plan de acción establecido con un plazo y un horizonte temporal, que puede ser dos, tres, cuatro meses (...) su superior le tiene que hacer un seguimiento y nos tiene que enviar el feedback de cómo ha aplicado el plan de acción” (BP2: 5-6). Tan só nun caso se sinala que ó finalizar a formación fáise un exame, si ben recoñecen que o seguimento do traballo posterior é o que mellor fala do impacto da formación, como xa indicamos.

Son varias as empresas que falan dunha avaliación xusto ó rematar a actividade formativa e outra pasados algúns meses “... la valoración en caliente se realiza nada más finalizar la formación y si la persona que realiza el curso tiene un terminal informático o un puesto informático se realiza a través de su correo electrónico, sería: usted ayer realizó un curso...me podría contestar a estas preguntas... el trabajador responde y eso se trata desde una aplicación central... Y luego tenemos la valoración en frío es decir pasado un tiempo recibe otro correo y este está más incidida en si se acuerda que hizo usted un curso si lo que aprendió lo ha podido utilizar ahora, y también le llega un correo a su terminal y responde y eso tiene un tratamiento en esa aplicación” (BP11:10).

A avaliación do impacto dos cursos soe someterse a criterios de avaliación da calidade, sendo dúas as empresas entrevistadas as que sinalan que fixeron algún exercicio de cálculo do ROI (*Return On Investment*), pero admiten que é bastante difícil facelo.

Un aspecto importante na avaliación é a satisfacción dos usuarios da mesma, é dicir, dos propios traballadores. Tódalas empresas entrevistadas mencionan este aspecto nalgún momento. “(...) la satisfacción de los trabajadores nos da una señal de que realmente las cosas se están haciendo bien” (BP8:6).

A conclusión que se pode extraer dos datos analizados é que o que se fai habitualmente é avaliación da formación a través de resultados obxectivos e da opinión dos participantes e, en moita menor medida, se fai avaliación do impacto da formación que é polo que nos preguntabamos. Dentro desa avaliación dos resultados da formación cada empresa opta por un tipo de cuestionario empregándose nalgúns casos, o soporte informático para a obtención dos datos. Así se sinala que “... todo este proceso está informatizado e a valoración tamén está informatizada entónces o profesorado cando remata a actividade e lle chega un correo electrónico onde se lle invita a facer a valoración, e esa valoración pasa automáticamente a un programa, a unha aplicación” (BP9:10).

Finalmente, moitos admiten que, na medida que a formación estea ben planificada dende o inicio, a avaliación resulta moito máis doada, “...avaliar algo sobre o que tes algo elaborado tamén é máis doado, á hora de avaliar un plan de formación se ti tes algo delimitado, máis marcado, é máis fácil avaliar...” (BP10:17).

5.2) ¿Cómo se acredita ou certifica?

A maioría das empresas entrevistadas admiten entregar un diploma ou certificación ó traballador toda vez que ten rematada unha acción formativa. Son os xa coñecidos *certificados de asistencia*, que tratan de ir máis aló para certificar tamén o aproveitamento da acción, “... internamente generamos una certificación para el trabajador, que justifica tanto el aprovechamiento como la impartición de esa acción formativa” (BP8:3).

Ese diploma pode servir para promocionar na empresa, para ter opción a un incremento salarial, para a mobilidade, etc.. “O diploma de aproveitamento, para eles, que lles sirve, para o tema da mobilidade que falábamos antes, para todo, para o propio título de currículo, tamén” (BP7:24).

O tema dos diplomas xera inquedanza e fai que, nalgún caso se plantee a utilidade da formación admitindo que “... sempre unha discusión e unha pelexa de si a formación vale máis ou vale menos ¿non?, hai unha larga tradición de enfrentamento entre a administración e en ese sentido tamén cos propios centros de formación a favor de que habitualmente defenden que teña máis valor simplemente a propia antigüidade” (BP9:10).

Sexa como sexa, a participación na formación forma parte da historia persoal de cada traballador. “Sí, cada curso que se hace, la persona que lo hace tiene que traer su certificado de asistencia y se incluye a la ficha el trabajador. Cada trabajador tiene una ficha donde está registrada toda la formación que realiza, para sí... necesitas información sobre una promoción o cualquier cosa, poder recurrir a su ficha” (BP5:3).

Só en dous casos, se admite non entregar diplomas de asistencia aos cursos, simplemente consta no historial do trabajador telo realizado e, en caso quen o precise, expídeselle un certificado.

5.3) ¿Qué beneficios aporta a formación á empresa e ós suxeitos?

O beneficio da formación para a empresa: incorporación de sistemas de calidade (normas ISO,...), mellora dos dispositivos institucionais e mellora de resultados.

Nesta liña se manifestan os entrevistados pertencentes, sobre todo, a empresas vencelladas ás tecnoloxías, cando sinalan, “...los equipos están cambiando continuamente, los procesos están cambiando continuamente, los materiales, .. está cambiando todo tan deprisa que, o la gente está actualizada o te quedas fuera de juego inmediatamente” (BP4:10).

A formación é unha boa fonte de retroalimentación de todo o sistema activando canles de comunicación, mellorando as relacións humanas e o clima organizacional, e todo elo redunda nun maior rendemento.

Unha opinión que reflexa moi ben os beneficios para a empresa dí: “Estamos teniendo un impacto positivo puesto que existe un aumento de la especialización de nuestros profesionales, lo cual se traduce en un mayor conocimiento a nivel de gestión de equipos, motivación, además de un mayor nivel tecnológico, fortaleciendo la competitividad y fomentando un crecimiento empresarial que nos permite adaptarnos a los cambios” (BP14:10).

O beneficio da formación para o traballador: a xulgar por las respostas dadas, o traballador sae reforzado da formación que vai contribuir á mellora da súa empregabilidade, a estabilidade laboral así coma a posibilidade de crecemento e desenrolo profesional na empresa. A dúbida que se xera nalgún deles, é a motivación última que trae o traballador si é porque quere saber máis, formarse máis, ou simplemente porque é un requisito para outro tipo de cousas, como a mobilidade no traballo por exemplo. Así, o recoñece máis dun ó sinalar: “O ano pasado se suspenderon cursos porque non había xente, este ano nos sobra, nos sobra xente. Por eso agora a dúbida que temos é, ¿veñen pola formación ou veñen pola mobilidade?” (BP7:11). Ou cando a formación vai seguida dun recoñecemento por parte da empresa: “(...) en muchos casos se ha dado una mejor valoración del desempeño de ese trabajador que se transformará en algunos casos en una promoción profesional, que en otros casos esa promoción profesional va acompañada de una promoción económica...” BP8:7).

Cando a asistencia á formación é obrigatoria, como ocorre na maioría das empresas, e se imparte en horario laboral, esta dúbida desaparece aínda que se poidan plantexar outras cuestións, coma si a formación é axeitada, si o traballador está satisfeito coa mesma ou si realmente redunde en beneficio da organización. O que parece ser certo é que se nota cando uns traballadores teñen formación no seu posto de traballo. Como indicaba un informante: “Moita xente cando falo con ela me dí, nótase dentro dos centros... quen é a xente que habitualmente está nas actividades de formación...” (BP9:11).

Finalmente recollemos unha frase que sintentiza o dito sobre os beneficios para as persoas: “A mayor formación, mayor capacitación, y habitualmente, una progresión hacia otros puestos de mayor cualificación” (BP12:10).

6. Experiencias de boas prácticas na formación

No último apartado da entrevista, dábamos a oportunidade ós nosos informantes, de lembrar algunha práctica formativa levada a cabo na súa empresa da que se sentiran especialmente orgullosos, e que sinalaran os motivos que os levaban a recoñecer esa, e non outra, de xeito especial.

Tódalas empresas entrevistadas teñen moitas iniciativas de formación que consideran relevantes e senten dificultade á hora de decantarse por unha delas. Séntense orgullosos co que fan, cren no que fan e ademais considerano fundamental para manter a competitividade nun mundo cada vez máis global.

Os rasgos que poderíamos catalogar coma comúns en todas as experiencias narradas, son:

- Que se trata de accións encamiñadas á mellora das competencias tanto técnicas coma persoais. “Nuestro programa formativo se ha orientado a mejorar las competencias técnicas y profesionales de las personas en el trabajo, a enriquecer sus conocimientos, a desarrollar sus aptitudes y a mejorar sus capacidades. Para ello también contamos con la formación de los Contrato-Programa y con el diseño de Planes de Carrera enfocados fundamentalmente a futuros Directivos.” (BP14:9).
- A énfase na satisfacción dos usuarios coma medida de éxito da experiencia formativa, coa convicción de que soamente así se consegue mellorar o rendemento da empresa. “Yo creo que tanto la empresa reconoce el esfuerzo como que los trabajadores reconocen el esfuerzo que hace la empresa” (BP6: 7).
- Os destinatarios destas accións soen ser os mandos intermedios ou aquelas persoas con posibilidades de promoción, é dicir, os futuros directivos. Isto deixa patente a necesidade que ven as empresas de non deixar ó azar a formación dos seus xerentes e directivos, traballando moito todo o que ten que ver coa fidelización. “Creo que venimos de una época donde generalmente la formación ha sido café con leche para todos y creo que cada vez hay que diferenciar más y dar a cada uno lo que encaja y también lo que se merece...” (BP2: 7). A xente valóraa positivamente porque ve que a empresa preocúpase polo desenrolo persoal e profesional dos seus empregados.
- En relación co anterior, a importancia que lle conceden á formación en valores, valores da empresa que contribúen a que o traballador a sinta coma propia e aposte por ela. Moitas de elas falan da “formación de talentos na organización”.
- Outro aspecto que destacan bastante é a oportunidade que lle dan as actividades formativas de compartir con outros o que fan e como o fan, xerándose un clima moi bo, no que se deixa de lado a competitividade “...son grupos muy heterogéneos, en los que realmente la gente se conoce más entre sí, conoce los puntos fuertes, cuales son las cosas que se están haciendo en otros departamentos, cuales son las necesidades, y entre todos consensúan un poco cuáles son las propuestas de mejorar” (BP8:5-6).
- A rendabilidade para a empresa e para o traballador son aspectos destacables nas prácticas de formación que narran. Os empregados agradecen todo

aquelo que lles vai repercutir na súa práctica diaria “... porque o que facíamos, e os acordos, os instrumentos, todo o que pasaba alí, claro incidía despois nos centros...” (BP9:16). Denota a satisfacción cun tipo de formación no que, contando en ocasións con asesoramento externo, conleve un proceso interno grupal e continuo de reflexión-formación-acción-reflexión... coherente coa filosofía e valores do centro e no que participan os diferentes compoñentes da comunidade.

Finalmente, sinalan como motivos á hora de destacar unhas accións formativas concretas, xiran arredor de aspectos como: a contribución da acción a internacionalización, á adaptación a normativa existente, a satisfacción de necesidades nos empregados e na empresa en xeral, e a posibilidade dos cursos para a mellora das relacións persoais dentro da empresa.

7. Consideracións finais

Aínda que o comentario ás boas prácticas narrado no punto anterior serve como conclusión final das características comúns que presentan as prácticas formativas que realizan as empresas seleccionadas imos engadir algunha consideración final que pon en relación todo o proceso seguido na investigación sobre “boas prácticas”, co agora atopado na análise das entrevistas.

Lembremos que a selección foi feita tendo en conta a traxectoria das empresas contactadas, a imaxe exterior que proxectaban e a súa forte presenza na vida das persoas na nosa Comunidade Autónoma.

Cómpre dicir que as nosas expectativas foron cumpridas e o obxectivo da investigación, consistente en IDENTIFICAR E ANALIZAR BOAS PRÁCTICAS NA FORMACIÓN, foi acadado. O proceso seguido, a rigorosidade do traballo de campo feito e o respecto polas opinións vertidas polos nosos informantes, estivo sempre presente.

Os achádenos falan de que as *boas prácticas* na formación pasan pola consideración de todos e cada un dos implicados na mesma: directivos da empresa, responsables de formación, mandos intermedios, traballadores, colaboradores externos, etc.

Así mesmo, queda constancia da importancia dos cambios sociais (políticos, tecnolóxicos, económicos...), á hora de acometer tarefas de formación e que a planificación da mesma é unha peza fundamental no seu éxito. Esa planificación ten que pasar por dar resposta as necesidades productivas da organización, así coma ós intereses persoais e colectivos, de tódolos implicados.

Finalmente, compre destacar o papel central que lle outorgan á formación para a vida, ao longo da vida e para o desenrolo da empresa. Unha empresa sen plan de formación está abocada ó fracaso e soamente prestándolle a atención debida, pode

ser competitiva e poderá plantearse novos retos, algo imprescindible nos tempos que corren. O coñecemento non é algo pechado senón en constante evolución, algo que teñen moi presente as empresas, que ven como todo muda moi rápido e hai que estar en constante actualización.

Referencias bibliográficas

- Cabrera, P. (2004). Qué es una buena práctica. Instituto de Gobierno y Políticas Públicas (IGOP) Disponible en: www.caritaspamplona.org
- Escudero, J.M.(2009). “Buenas prácticas y programas extraordinarios de atención al alumnado en riesgo de exclusión educativa”, Profesorado, 13, (3), 115.
- Zabalza Beraza, M.A. (2008, dir.). *A formación como recurso competitivo na sociedade do coñecemento: análise da situación en Galicia e propostas de innovación*. Proxecto de investigación. Documento policopiado.

Análisis de los dispositivos de formación vigentes en Galicia

MARÍA DEL MAR SANJUÁN ROCA / ANTONIO RIAL SÁNCHEZ
PILAR CARNOTA CARNEIRO / ROCÍO GARCÍA PAZOS / RAQUEL MARIÑO FERNÁNDEZ
MARGARITA VALCARCE FERNÁNDEZ / ELISA ZAMORA RODRÍGUEZ
Grupo GEFIL
Universidade de Santiago de Compostela

Introducción

La realidad actual del mercado de trabajo nos hace pensar, quizás con demasiada frecuencia, que además de que el empleo por razones coyunturales en estos momentos escasea, lo que también ha fallado en los últimos tiempos ha sido la formación que han recibido los trabajadores. Sea la realidad incierta de los puestos de trabajo o el desajuste de la formación recibida, lo cierto, es que hoy por hoy la necesidad de formación para la integración adecuada en el contexto laboral es un hecho.

A lo largo del último decenio, la idea de la formación ha sufrido transformaciones, hablamos de la profusión de formatos (talleres, seminarios, grupos de trabajo,...) y modalidades (presencial, a distancia o *e-learning*¹ o semipresencial). Aunque lo que podríamos considerar que hemos puesto en valor es la importancia de la cualificación

1 Término utilizado indistintamente con *on line*, teleformación, formación virtual, formación en línea.

profesional adquirida en función de dicha formación y las “puertas que abre” en el mundo del trabajo, y por supuesto, otro de los puntales a la hora de estudiar la realidad de la formación en la actualidad es la necesidad de formación permanente, lo que se denomina “formación a lo largo de la vida”. Esta interesante introducción de la formación como parte integrante de la vida del individuo hace que sea incuestionable que la que se adquiere en un primer momento no es un proceso terminado, sino más bien el inicio de un andamiaje que le acompañará a lo largo de toda su vida profesional.

Estas razones nos han llevado a considerar de interés analizar la realidad formativa gallega, en concreto la formación de profesionales, sea esta inicial o formación para el trabajo (ocupacional y continua).

Desde esta perspectiva, no era tan interesante recoger toda la oferta para el año 2010 y primera mitad del 2011 (que por otro lado está abocada a la caducidad de los datos conforme se imparten los cursos) como conocer cuáles eran las directrices en esta oferta, por esta razón los datos que se presentan a continuación, no han pretendido ser una recogida exhaustiva de la oferta formativa de la CCAA de Galicia, sino más bien datos que nos muestren las tendencias en cuanto a formación ofertada desde distintos gestores o proveedores de la formación en Galicia. Si bien, somos conscientes, que han quedado otros proveedores de formación fuera de nuestro análisis consideramos que la muestra establece los rasgos de lo que en el momento de la realización del estudio tenemos y que en este trabajo presentamos haciendo un análisis de la oferta recogida.

En las siguientes líneas mostraremos qué pretendíamos, qué pasos dimos para ello y qué panorama nos muestran los datos que ofrecemos.

1. Objetivos de la investigación

El proyecto permitió compartir la experiencia de desarrollo del conocimiento a través de la discusión sobre los libros leídos, escogidos por los miembros de clubs de lectura de los distintos países. El objetivo del proyecto era el desarrollo de hábitos lectores entre adultos como un modo de mantenerse intelectual y socialmente activo.

Esquema 1: Subprogramas del PAP



- *PROYECTO: NOVAS DINÁMICAS PARA O EMPREGO*

El proyecto organizado por el CEPA San Blas – Manzanares - España y con socios en Rumania, Portugal y España, pretende desarrollar estrategias de reinserción para que las personas destinatarias del mismo adquieran habilidades sociales que les faciliten el acceso a una nueva vida personal, familiar, social y laboral.

Las personas destinatarias son internos, ex-internos y desempleados/as. Pretendemos alcanzar nuestros objetivos principalmente a través de: sesiones de formación para el alumnado y los profesores/as o personal implicado; intercambio de buenas prácticas en relación con la reinserción; colaboración entre las instituciones implicadas; diseño de una guía de recursos, un portfolio personal y un manual de buenas prácticas.

Las instituciones asociadas desarrollarán estas estrategias de acuerdo con sus respectivos contextos sociales reales, adaptando los propósitos generales del proyecto y compartiendo sus experiencias con el resto de los socios en las movibilidades: sesiones de intercambio y evaluación.

- *PROYECTO: INTERGENERATIONAL ICT SKILLS*

El proyecto organizado por el Instituto Superior de Contabilidade e Administração do Porto - S. Mamede Infesta- tiene como objetivo explorar modelos para el desarrollo de oportunidades de aprendizaje entre generaciones, promoviendo la motivación de los más mayores para el desarrollo de cualificaciones básicas relacionadas con las tecnologías de información, a través de la transferencia intergeneracional. En conjunto, ellos van a crear su “historia de familia” con texto, imágenes y pequeñas secuencias de vídeo (si lo desean) y, en la medida de lo posible, harán la descarga de estos materiales en un sitio web.

Esta situación contribuirá a que las generaciones más jóvenes comprendan el contexto histórico de los mayores y desarrollen una reflexión conjunta que permitirá el aumento de la tolerancia entre generaciones y la reducción de los prejuicios.

Los socios son un equipo equilibrado de instituciones de varios estados miembros, Austria, República Checa, Islandia, Italia y Portugal. Incluye instituciones de investigación, de voluntariado y de formación de adultos.

Proyectos del programa GRUNDTVIG con socios españoles

Hemos seleccionado también tres proyectos: el primero buscar potenciar la competencia social y relacional de grupos excluidos o con riesgo de exclusión a través del arte, el segundo contribuye a fortalecer las capacidades de las personas adultas haciéndoles conscientes de sus oportunidades y el tercero, desarrolla habilidades sociales en colectivos vulnerables.

- *PROYECTO: EUROPEAN WHISPERS*

El CEPA (Centro de Educación de Personas Adultas) de Santoña se presentó, en 2009, a un proyecto Grundtvig, coordinado por Noruega, que establece un convenio

de colaboración entre siete países europeos (Reino Unido, Francia, Grecia, Dinamarca, Alemania, España y Noruega) desde el 1 de septiembre de 2009 hasta el 30 de junio de 2011.

La idea esencial del proyecto es fomentar la competencia social de grupos excluidos o con riesgo de exclusión a través de compartir un elemento llamado “storytellings”. Storytelling puede ser cualquier relato literario, la letra de una canción o cualquier expresión artística en general, que sea producida por una persona adulta del grupo mencionado. El objeto fundamental es compartir los “storytellings” entre los países socios, trasmitiéndolos de un país a otro permitiendo la traducción, interpretación, réplica y/o modificación de éstos.

Para llevarlos de un país a otro tenemos dos vías: Transmisión on-line, a través de una herramienta web 2.0 que admita intercambio de información en formato escrito, sonoro y de video y presentaciones “in situ” por parte del alumnado participante en algunos de los países colaboradores.

- *PROYECTO: LA FORESTA DI FANGORN*

Este proyecto⁷ asocia a tres organizaciones europeas: Camino de Alemania, Arbor & Sens de Francia y CeiMigra de España. Estas tres organizaciones tienen un común denominador y es el trabajo con personas vulnerables, excluidas o en peligro de exclusión social como pueden ser los niños, jóvenes, adultos, migrantes, y que, apostando por la formación y el desarrollo de competencias buscan fortalecer sus capacidades. Estos objetivos se pretenden dentro del proyecto Grundvig a través del uso y aplicación del “árbol del conocimiento” que permite entre otras cosas el desarrollo de las competencias y el desenvolvimiento de las personas adultas pertenecientes a grupos sociales vulnerables o que se encuentran en contextos sociales de marginación.

- *PROYECTO: MIND THE GAP*

La asociación de aprendizaje Mind the Gap fue creada gracias a un seminario de contacto Grundtvig celebrado en Murcia (España) en noviembre de 2007.

Las organizaciones que componen esta asociación de aprendizaje desarrollan programas de formación y educación con jóvenes adultos, de edades comprendidas entre los 16 y 25 años, en el que algunos de ellos son personas socialmente desfavorecidas o han fracasado en la escuela y tienen un bajo nivel de habilidades sociales básicas.

Cada uno de los socios (España, Francia, Noruega, Alemania, Holanda) enseña habilidades sociales desde diferentes perspectivas y con diferentes enfoques metodológicos, y han decidido compartirlos con el fin de aprender unos de otros. Por lo tanto, el objetivo fundamental del proyecto es compartir, comparar, intercambiar y evaluar las diferentes metodologías de trabajo y procedimientos con el fin de mejorar la cali-

7 http://www.ceimigra.net/images/stories /C_E_I_M_I_G_R_A_-LA_FORESTA_DI_FANGORN.pdf

dad de la formación ofrecida, las competencias docentes de los profesores, el nivel de formación alcanzado por los alumnos, contribuyendo así a hacer más fácil la inclusión social de los jóvenes participantes en el proyecto⁸.

Como resultados del proyecto, está previsto elaborar una guía metodológica, que incluye las buenas prácticas utilizadas por las organizaciones socias, así como difundir los resultados entre otros profesionales de educación a través de una página web y la celebración de seminarios temáticos en los diferentes países.

La perspectiva de futuro de la Educación de Adultos en Europa se recoge en las Conclusiones del Consejo de 12 de mayo de 2009, sobre un marco estratégico para la cooperación europea en el ámbito de la educación y la formación (ET 2020) [Diario Oficial C119/2 de 28 de mayo de 2009] en la que se afirma que los objetivos de la Estrategia de Educación y formación 2020 son:

- 1) hacer realidad el aprendizaje permanente y la movilidad;
- 2) mejorar la calidad y la eficacia de la educación y la formación;
- 3) promover la equidad, la cohesión social y la ciudadanía activa;
- 4) incrementar la creatividad y la innovación, incluido el espíritu empresarial, en todos los niveles de la educación y la formación.

Para poder efectuar un seguimiento de los progresos y definir los desafíos fija, sobre la educación y formación de adultos los siguientes niveles de referencia del rendimiento medio europeo a alcanzar en 2020 (MEC, 2011):

- a) una media de un 15% como mínimo de los adultos debería participar en el aprendizaje permanente.
- b) el porcentaje de jóvenes de quince años con un bajo rendimiento en lectura, matemáticas y ciencias deberá ser inferior al 15 %.
- c) la proporción de abandonos prematuros de la educación y formación debería estar por debajo del 10 %.

Iniciativas de Portugal y España en materia de educación y formación de personas adultas

En Portugal, los cursos de Educación y Formación de Adultos pretenden elevar los niveles de habilitación escolar y profesional de la población portuguesa adulta, a través de una oferta integrada de educación y formación que potencie sus condiciones de empleabilidad y certifique las competencias adquiridas a lo largo de la vida. Esta formación tiene una importancia estratégica en el contexto de la educación política y la formación permanente, ya que tiene como objetivo mejorar las habilidades de la

8 <http://columbares.org/minthegap/es/grundvitprogramme/index.htm>

población adulta, a través de la mejora de las competencias adquiridas a lo largo de la vida, en diferentes contextos con el fin de aumentar la competitividad de la empresa, dados los retos que plantea la globalización económica y la innovación tecnológica.

Las personas destinatarias de la educación de adultos deben tener edad igual o superior a 18 años en el momento de iniciar la formación sin la cualificación necesaria para la inserción o la progresión en el mercado de trabajo o sin haber concluido la enseñanza básica o la enseñanza secundaria. Esta formación se imparte a través de distintos programas, en especial los EFA (*Educacao e Formacao de Adultos*) (MEC, 2011:26).

Los cursos pueden ser de dos tipos:

- Cursos EFA de nivel básico de educación y nivel 2 de formación profesional

Tabla 9. Cursos EFA de nivel básico

Itinerarios (Nivel de desarrollo)	Carga Horario del itinerario formativo (horas)			Duración total (horas)
	Aprender con autonomía	Formación de base	Formación tecnológica	
Básico 1	40	100-400	100-360	240-800
Básico 2	40	100-450	100-360	240-850
Básico 1 + 2	40	100-850	100-360	240-1250
Básico 3/ nivel 2 de FP	40	100-900	100-1200	240-2140
Básico 2 + 3/ nivel 2 de FP	40	100-1350	100-1200	240-2590

- Cursos EFA de nivel secundario de educación y nivel 3 de formación profesional

Tabla 10. Cursos EFA de nivel secundario

Itinerario	Carga Horario del itinerario formativo (horas)			Duración total (horas)
	Portafolio reflexivo de aprendizaje	Formación de base		
		CP*	STC*	CLC*
EFA nivel 3 + nivel secundario de educación	100-200	100-1100	100-1910	300-3210

* CP = Ciudadanía y profesionalidad; STC = Sociedad, Tecnología y Ciencia; CLC = Cultura, Lengua y Comunicación

Realizar, con aprovechamiento, un curso de educación y formación de adultos, de doble certificación, otorga un certificado de 3º ciclo de enseñanza básica y el nivel

2 de formación profesional, o un certificado de enseñanza secundaria y el nivel 3 de formación profesional. En el caso de los cursos EFA de habilitación escolar se consiguen los certificados de 1º, 2º o 3º ciclo de enseñanza básica y su conclusión da incluso la concesión de un diploma de la enseñanza primaria para los cursos de nivel B3 y diploma de enseñanza secundaria, cuando se trata de cursos EFA de nivel secundario. Realizar estos cursos garantiza, así mismo, en el marco del reconocimiento y la validación de las competencias, la concesión de un certificado de aptitud profesional, para aquellos casos que no permiten la obtención de los certificados o diplomas anteriormente referidos.

La legislación al respecto de la educación y formación de adultos es la siguiente:

- Despacho Conjunto n.º 650/2001, de 20 de Julho
- Despacho n.º 26401/2006, de 29 de Dezembro
- Portaria 817/2007, de 27 de Julho
- Portaria 230/2008, de 7 de Março⁹

En Portugal desde el año 2000 se ha establecido una Red de Centros para el Reconocimiento, Validación y Certificación de Competencias (RVCC), que proporcionan a los ciudadanos/as una doble certificación, educativa y/o profesional.

En España, en el momento actual, la vigente Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación (LOE) ofrece un marco general para la formación de adultos, en el que se han previsto una serie de mecanismos para favorecer el acceso y promoción de los adultos en la enseñanza secundaria, la formación profesional y la enseñanza universitaria. La oferta educativa de la Educación de Personas Adultas integra distintas iniciativas, tanto de formación reglada como no reglada, a disposición de los mayores de 18 años:

- Enseñanzas Iniciales de nivel I (Alfabetización)
- Enseñanzas Iniciales de nivel II (Consolidación de conocimientos y técnicas instrumentales)
- Enseñanzas de nivel III, de Educación Secundaria para Personas Adultas (ESPA), equivalentes a la ESO de régimen ordinario, disponibles en dos modalidades: presencial y a distancia.
- Enseñanzas para la obtención del Título de Graduado en Educación Secundaria, también disponibles en modalidad presencial y a distancia.
- Aprendizajes flexibles que permitan la adquisición de competencias básicas y de las titulaciones a los jóvenes y adultos que abandonen el sistema educativo sin ninguna titulación.
- Prueba de Acceso a los Ciclos de Grado Medio de Formación Profesional, sin el Título de Graduado en ESO, que tiene por objeto comprobar que el alumno tiene conocimientos suficientes para cursarlo con aprovechamiento. Se requiere ser mayor de 18 años.

9 http://www.iefp.pt/formacao/ModalidadesFormacao/CursosAdultos/Documents/EFA_2008-Portaria%20230.pdf

Quienes hayan superado un Programa de Cualificación Profesional Inicial, un Certificado de Profesionalidad o tengan experiencia laboral de al menos un año a jornada completa en un campo profesional relacionado, podrán ser eximidos de parte de la prueba.

- Prueba de Acceso a los Ciclos de Grado Superior de Formación Profesional, sin el Título de Bachiller, que tiene por objeto comprobar la madurez del alumno para cursarlos con éxito. Se requiere ser mayor de 20 años, o 19 si se posee un Título de FP de Grado Medio.
- Oferta de cursos para preparar las pruebas de acceso a los Ciclos formativos (de grado medio por parte de los que hubieran superado un Programa de Cualificación Profesional Inicial y para el acceso a la Formación Profesional de Grado Superior para el alumnado que ostentara el título de Técnico). Las calificaciones obtenidas en estos cursos se tendrán en consideración en la nota final de la respectiva prueba de acceso.
- Obtención de Títulos de FP a través de matriculación parcial y acumulación de módulos profesionales, con adaptaciones formativas a las necesidades de determinados colectivos.
- Acceso a la Universidad para mayores de 25 años. Se oferta a distancia a través de la UNED.

Tal como recoge Rodríguez Alvariño (2008) en el período de vigencia de la LOE se han producido modificaciones en la estructura de la formación de adultos en el sistema educativo. En la reciente remodelación del Ministerio de Educación, Política Social y Deporte, en julio de 2008, el CNICE ha sido suprimido y el CIDEAD ha recuperado su autonomía, creándose por otra parte el Instituto Superior de Formación y Recursos en Red para el Profesorado (ISFTIC), que viene a sustituir al Instituto Superior de Formación del Profesorado.

El CIDEAD, Aula Mentor y la Formación de Personas Adultas, dependen de la Subdirección General de Aprendizaje a lo largo de la vida, que asume el diseño y coordinación de acciones de enseñanza reglada y no reglada para facilitar el aprendizaje permanente, incluida la Educación a Distancia. En ese ámbito se inscriben el CIDEAD, que continúa ofertando las enseñanzas a distancia para las que fue concebido y Aula Mentor, que dispone de actividades formativas no formales on-line.

Además en la educación y formación de Adultos en España se deberá considerar la oferta formativa del Ministerio de Trabajo e Inmigración referida al ámbito laboral.

En el año 2007 se aprobó el Real Decreto 395/2007, regulador del subsistema de Formación Profesional para el Empleo, sobre la base de acuerdos previos con los Agentes Sociales. Esta regulación tiene como principal objetivo promover un modelo integrado de formación dirigida a personas desempleadas (antigua formación ocupacional), y la dirigida a trabajadores/as ocupados/as (antigua formación continua).

Para desarrollar sus objetivos el sistema dispone de tres iniciativas de formación:

- La formación de demanda, organizada por las empresas para cubrir las necesidades formativas de las empresas y de su cuadro de personal. Son las empresas las que planifican y gestionan esta formación, acogiéndose a un sistema de bonificaciones en las cuotas que pagan a la Seguridad Social, y que no tienen carácter de subvención. En la formación de demanda se incluyen los Permisos Individuales de Formación, de hasta 200 horas, solicitados por los trabajadores para cursar una formación reglada, reconocida con una acreditación oficial, o bien para participar en el reconocimiento de las competencias adquiridas por la experiencia laboral, cuando el sistema sea desarrollado.
- La formación de oferta, que comprende los planes de formación dirigidos preferentemente a trabajadores/as desempleados/as o trabajadores/as ocupados/as. En la formación dirigida a desempleados/as, el objetivo general es proporcionar un Certificado de Profesionalidad, de niveles 1, 2 o 3. Actualmente se encuentra en desarrollo el Repertorio de Certificados, elaborados en concordancia con las Unidades de Competencia del Catálogo Nacional de Cualificaciones, lo que permitirá a las autoridades laborales la certificación de esta formación. En la formación dirigida a trabajadores/as ocupados/as, se pretende incentivar la incorporación de acciones vinculadas al Catálogo de las Cualificaciones Profesionales. Estas acciones son certificables con carácter acumulativo, de modo que eventualmente se puedan completar las Unidades de Competencia de un Certificado de Profesionalidad, o de un Título de Formación Profesional. Cuando los trabajadores/as no completen el programa formativo, podrán recibir una acreditación parcial de lo superado.
- La formación en alternancia con el empleo, permite a los trabajadores/as compatibilizar su formación con el trabajo. Está constituida por los contratos para la formación y los programas públicos de empleo-formación. En los contratos para la formación se deberá dedicar a formación un tiempo no inferior al 15% de la jornada laboral, que será impartida fuera del puesto de trabajo, y que deberá contener los módulos asociados a las unidades de competencia del Catálogo de las Cualificaciones. Los Programas públicos de empleo-formación, dirigidos a desempleados/as, tienen unas características similares a los anteriores.

Las acciones formativas de estas iniciativas están dirigidas a la adquisición o mejora de las competencias profesionales. Actualmente se gestionan en ámbito estatal o autonómico, ya que las Comunidades Autónomas tienen transferidas competencias de gestión de la formación de desempleados/as (ocupacional) y parte de la formación de oferta.

Conclusiones

En la actual situación socio económica, la acreditación de competencias profesionales es un objetivo prioritario y además en el que se conjugan intereses formativos y laborales, razón suficiente para establecer vínculos que permitan el trasvase de personas adultas en proceso de formación permanente, facilitándoseles el acceso.

Para todo ello será necesario que se instruyan los mecanismos que permitan que se trabaje conjuntamente desde los diferentes subsistemas y conseguir así cualificar, “recualificar” y proporcionar orientación a la población adulta que así lo requiera, porque en estos momentos nadie duda de la necesidad de que la formación permanente es tan imprescindible tanto para personas ocupadas como para las desempleadas (MEC, 2011), sea para actualizar como para desarrollar cualificaciones y, como mencionábamos en líneas anteriores, para orientar a unos y a otros en la tarea de reinserción laboral o mejora de su puesto de trabajo.

El proyecto Grundtvig a pesar de tener el presupuesto más pequeño de los programas educativos de Europa, ha generado toda una serie de impactos positivos. Por mencionar sólo un éxito: todos los años, cerca de 2000 organizaciones de más de 30 países se acercan en el Grundtvig “asociaciones de aprendizaje” para trabajar en proyectos en los que participa directamente el alumnado adulto. Son más de 80000 personas participantes y para la mayoría de ellas es su primer contacto de cooperación e intercambio con otro país europeo.

En España sería necesario concederle un papel relevante a los Centros de Segunda Oportunidad que, quizás tomando como referencia el modelo portugués y, sobre la base de un acuerdo político y una decisión conjunta de los Ministerios de Educación y Trabajo. Tal como apunta Rodríguez Alvariño (2008) el Consejo Escolar del Estado ya recomendaba en su informe del curso 2006/07 el establecimiento de una Red de Centros de Segunda Oportunidad que ofrezcan información, atención personalizada y formación en competencias básicas, atrayendo a la población adulta sin el nivel de educación secundaria superior y sin certificación de formación profesional específica. A esta Red se deberían incorporar los Centros Integrados de Formación Profesional y los Institutos con capacidad para ofrecer horarios de tarde/noche. Pero hasta el momento esta opción no se oferta en dichos centros públicos sólo en algunas entidades privadas que, efectivamente, están consiguiendo buenos resultados.

Asumimos además las conclusiones de Vassiliou (Comisaria Europea de Educación, Cultura, Multilingüismo y Juventud) que en su discurso¹⁰, pronunciado en la Conferencia del X Aniversario Grundtvig, celebrada en Copenhague en 2010 bajo el título: Cooperación Europea en Educación de Adultos: Forjemos el futuro, afirmaba que: tenemos que desarrollar la educación de adultos para:

10 <http://ec.europa.eu/education/grundtvig/doc/10th/vassiliou.pdf> (consultado el 18-06-2011)

- Poder preservar nuestros valores y nuestro tejido social, mientras configuramos el futuro, en un espíritu de respeto mutuo y para mejorar la autoestima y la confianza de las personas.
- Preparar a los adultos jóvenes para sus carreras vitales y desarrollar su pasión por los nuevos retos, para que se constituyan en pensadores/as críticos/as que sepan resolver problemas y aprendan durante toda su vida.

También es necesario insistir en que algunas personas predicen que el siglo XXI será el siglo de la educación de adultos al igual que el XIX y el XX fueron los siglos de la escuela y de la universidad. Nos encantaría que este pronóstico no estuviese equivocado y que la visión que aporta Europa desde programas como el Grundtvig esté ayudando a dar forma al futuro.

Referencias bibliográficas

- Alberici, A y Serrera, P. (2005). *Competencias y formación en la edad adulta: el balance de competencias*. Barcelona: Laertes.
- EACEA. P9 Eurydice (2011). *La educación formal de adultos en Europa: Políticas y prácticas*. Madrid: Ministerio de Educación. (Disponible en: http://eacea.ec.europa.eu/education/eurydice/documents/thematic_reports/128ES.pdf).
- Lima, L. C. y Guimarães, P. (Eds.) (2004). *Perspectives on adult education in Portugal*. Braga: Universidad de Minho/Unidad de Educación de Adultos.
- López-Barajas, E. (Coord.) (2006). *Estrategias de formación en el siglo XXI*. Barcelona: Ariel.
- López-Barajas, E. y Sarrate, M^a L. (Coords.) (2002). *La educación de personas adultas: reto de nuestro tiempo*. Madrid: Dykinson.
- Lucio-Villegas, E. L. (Ed.). (2004). *Investigación y práctica en la educación de personas adultas*. Valencia: Nau Llibres.
- MEC (2011). *Objetivos Educativos Europeos y Españoles Estrategia Educación y Formación 2020. Informe español 2010-2011*. Madrid: Secretaría General Técnica. (Disponible en <http://www.educacion.gob.es/dctm/ievaluacion/indicadores-educativos/objetivos-et2020-informe-2011.pdf?documentId=0901e72b80faaff5>).
- Requejo Osorio, A. (2005). *Educação permanente e educação de adultos*. Lisboa: Instituto Piaget.
- Rodríguez Alvariño, M. (2008). Evolución de la oferta educativa para adultos: de la educación a distancia a los centros de segunda oportunidad. *CEE Participación Educativa*, 9, 30-52.
- Sanjuán, M.M. (2008). *El módulo de formación y orientación laboral en los ciclos formativos de grado medio y superior de formación profesional: Características y*

transversalidad en la formación de profesionales. Tesis Doctoral. Santiago de Compostela: Servicio de Publicaciones e Intercambio Científico.

Vassiliou, A. (2010). "Adult learning – a key instrument for European programmes and policy in the Europe 2020 perspective". Conferencia pronunciada en el décimo aniversario de los programas GRUNDTVIG en Copenhagen el 23 September 2010. (Disponible en: <http://ec.europa.eu/education/grundtvig/doc/10th/vassiliou.pdf>).

**Mesa de Comunicacións 6
Indicadores e Circunstancias
da Mobilidade**

A inmigración portuguesa cara Galicia: unha ollada ás novas necesidades de formación

DIANA PRIEGUE CAAMAÑO
CRISTINA VARELA PORTELA
Grupo de Investigación ESCULCA
Universidade de Santiago de Compostela

1. Introducción

Os movementos migratorios a través das fronteiras internacionais fóronse conformando ao longo destas últimas décadas como un fenómeno de crecente importancia, unha cuestión fundamental nas axendas políticas da maior parte dos países e, sobre todo, un dos máis importantes retos a xestionar pola sociedade no seu conxunto e, en particular, polas Administracións públicas. Asistimos á formación dun escenario mundial caracterizado pola elevada interconexión global e transnacional no que se integran complexas redes relacionais entre comunidades, estados, organizacións cívicas e entidades locais, xunto a outras.

Asemade, neste contexto de relacións globalizadas, ten lugar unha aproximación na construción social das aspiracións e necesidades de todos os cidadáns que compoñen a poboación mundial, debido, fundamentalmente, aos múltiples cambios que veñen producindo como resultado da intensificación do intercambio económico entre as distintas rexións e, sobre todo, por unha difusión cultural de alcance global, onde a inmigración, entre outros factores, xogou un papel determinante.

As diferenzas nos niveis de desenvolvemento entre os distintos países do mundo, o aumento da interdependencia económica internacional, os avances nos medios de comunicación e transporte, son axentes que impulsan unha mobilidade sen precedentes na historia. No que a Galicia se refire, a proximidade xeográfica e os vínculos históricos, sociais e culturais favorecen a chegada de cidadáns do país luso, nacionalidade máis numerosa no total das persoas de orixe estranxeira que residen na nosa comunidade.

Como trataremos de poñer en evidencia a continuación, a repercusión adquirida polo fenómeno migratorio nos últimos anos implica facer fronte a novos desafíos a todos os niveis. Certamente, este é un novo reto para a sociedade galega, máis acostumada a xestionar saída de persoas que a súa entrada. No entanto, o panorama actual esixe das administracións públicas un maior compromiso na asunción das responsabilidades vinculadas á integración social, educativa e, por suposto laboral, destas persoas.

2. Os movementos migratorios na Galicia do S.XXI: entre os vínculos co pasado e as novas tendencias

A chegada de inmigrantes a terras galegas ten un significado especial nunha comunidade onde a tendencia tradicional sempre foi a emigración, o fenómeno social de maior repercusión na historia contemporánea de Galicia. A situación actual da nosa Comunidade é agora distinta. O número de inmigrantes afincados en terras galegas increméntase ano tras ano e, aínda que non podemos dicir que a porcentaxe de estranxeiros sexa tan elevada como noutras comunidades (Madrid, Cataluña,...), tampouco podemos obviar o crecemento continuo dos fluxos migratorios dun tempo a esta parte. Ademais, en estreita vinculación co noso pasado emigrante, Galicia ocupa un dos primeiros postos na inmigración de retorno, tanto desde outras Comunidades Autónomas como desde países estranxeiros.

A paisaxe migratoria galega é dunha gran complexidade, motivada, en gran parte, pola influencia da emigración galega dos períodos históricos anteriores e a resultante configuración de vínculos e redes sociais con diversas zonas xeográficas afastadas no mapa, que co tempo se converteron en países emisores de inmigrantes. É por iso que na análise sobre as causas do incremento da inmigración cara ao noroeste atlántico debemos ter en conta, necesariamente, a historia migratoria de Galicia, ao que haberá que sumar os factores que caracterizan o panorama actual e cuxa confluencia, polo menos en parte, podería proporcionarnos unha explicación razoable achega do incremento dos fluxos migratorios.

Desde unha perspectiva moi similar, diversos investigadores (Lamela, López de Lera e Oso, 2005) tentaron enmarcar a variedade de situacións migratorias detectadas en Galicia a fin de propor unha tipoloxía válida sobre a inmigración internacional.

Das análises realizadas con esta finalidade conclúese que a nacionalidade non pode considerarse un variable determinante para clasificar as distintas traxectorias migratorias, senón que outras variables como o lugar de nacemento e de socialización ou as relacións familiares coa emigración galega, terían unha repercusión maior.

A pesar da influencia histórica, as redes migratorias máis importantes en Galicia teñen como protagonistas a cidadáns de países que non tiveron vínculos cos períodos anteriores de emigración galega. Este é o caso dos chegados desde Portugal e Colombia, dous dos países con maior número de representantes entre a poboación inmigrante que reside na nosa Comunidade. Concretamente, González Pérez (2008) fai referencia a un modelo inmigratorio estranxeiro en Galicia ao redor do cal é posible explicar moitas das dinámicas sociolaborais e dos comportamentos territoriais que caracterizan o fenómeno migratorio en Galicia. Concretamente, o referido autor apunta a dous tipos de fluxos que se ben diverxen en procedencia coinciden no principal motivo para emigrar:

- O Fluxo do Sur: procedente, sobre todo, dos países menos desenvolvidos, pero especialmente dos latinoamericanos. Aínda que inicialmente os fluxos se iniciaban naquelas zonas coas que no pasado foron destinos da emigración galega, ao longo da última década os territorios de orixe fóronse diversificando. A procura de mellores condicións de vida a través do emprego é a principal razón para emigrar.
- O Fluxo do Norte: onde destaca sobremaneira Portugal como zona de orixe, tanto de forma permanente como eventual. Tal e como veremos de seguido, xunto coa motivación laboral é importante á proximidade cultural, lingüística e xeográfica.

De acordo con Rinken (2006), a multidireccionalidade e a circularidade dos movementos migratorios, así como a emerxencia de espazos sociais transnacionais, son feitos recentes derivados dos avances tecnolóxicos e do proceso de globalización. Así pois, se ben en épocas anteriores os emigrantes rompían calquera relación social e cultural coas súas sociedades de orixe, na actualidade os proxectos vitais no proceso migratorio desenvólvense en maior medida entre a sociedade de partida e a de acoillida. En palabras de Portes e Dewind (2004), trátase dun movemento de ida e volta, que capacita aos migrantes a manter unha presenza en dúas sociedades e culturas e aproveitar as oportunidades económicas e políticas creadas por esas vidas duais. Este é o caso, entre outros, de boa parte do colectivo portugués afincado en Galicia.

3. Galicia como novo destino da inmigración: a importancia dos fluxos procedentes de Portugal


Nas últimas décadas do pasado século na fronteira hispano-portuguesa producíronse grandes cambios motivados, en gran medida, pola entrada de España e Portugal

na Unión Europea no ano 1986. A partir deste momento, este territorio fronteirizo convértese nun espazo de fronteira interna dentro do ámbito común da comunidade europea e favorece a mobilidade entre os traballadores de ambos países.

A entrada de portugueses en España e, fundamentalmente en Galicia, é especialmente importante durante as últimas décadas do S.XX. Segundo os datos que manexa González Pérez (2008), xa nos anos cincuenta o 74% dos portugueses residentes en España se situaban nos territorios raianos, sendo as provincias de Pontevedra e Ourense dous dos destinos máis escollidos polos cidadáns lusos. Como vimos de comentar, os cambios políticos e, sobre todo, a apertura das fronteiras entre os países que conformaban a comunidade europea, impulsaron unha corrente migratoria de portugueses cara Galicia e cara outros territorios peninsulares, caso de Castela León e Asturias. Neste senso, entre os movementos máis importantes de traballadores transfronteirizos entre España e Portugal, Medina (2008) destaca a presenza de numerosos portugueses na conca mineira de León, durante os anos sesenta e setenta; o emprego temporal de numerosos portugueses na recolección das colleitas estivais, principalmente nos regadíos das concas do Guadiana e do Tietar; e a presenza de numerosas cuadrillas de traballadores portugueses empregados no sector da construción.

A pesar desta diversificación de destinos españois, os nacionais do país luso son a nacionalidade estranxeira mellor representada en Galicia dende a última década do pasado século. Xunto ca inmigración residencial de forma máis ou menos definitiva, foron importantes outras tipoloxías como a de tempada, de gran relevancia xa na década dos 1980, e a transfronteiriza sobre todo a partir do Tratado da Unión Europea (1992) (González Pérez, 2008).

Gráfica 1: Estranxeiros empadroados en Galicia




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do I.G.E. (2010)

Na actualidade, a nosa Comunidade segue a ser o destino que escollen preferentemente os nacionais do país luso. Concretamente, en Galicia reside o 15% do total de portugueses afincados no territorio español (142.520) (ver www.ige.eu). Os seguintes postos neste *ranking* ocúpanos Madrid (12,3%), Cataluña (12,1%), e Castela e León (11%). Así pois, tal e como sucede no resto de España, a poboación estranxeira residente en Galicia experimenta crecementos anuais, se ben os incrementos rexistrados son aínda moi inferiores aos doutras comunidades. A tendencia á alza obsérvase con claridade na seguinte gráfica. Nela podemos contemplar como na última década a poboación estranxeira empadroada acadou cifras que anos atrás eran inimaxinables.

Volvendo ás cifras de estranxeiros residentes en Galicia, e centrándonos agora na provincia de asentamento, observamos que Pontevedra (39.794) e A Coruña (38.989) son as que rexistran un maior número de estranxeiros en termos absolutos (ver gráfica 2).

Gráfica 2: Estranxeiros empadroados en Galicia segundo provincia




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do I.G.E. (2010)

Atendendo agora ás cifras dos estranxeiros segundo o continente do que proceden, o colectivo maioritario é o constituído polos latinoamericanos (49.245), os cales representan preto do 45% do total da poboación estranxeira que hai en Galicia. A continuación sitúanse os chegados dalgún país da Unión Europea que, aínda sendo menos, manteñen un índice de representación significativo (37,3%) se o comparamos co que alcanzan na nosa Comunidade os procedentes doutros continentes (ver gráfica 3).

Moi por detrás dos procedentes de Latinoamérica e da Europa comunitaria temos aos nados no continente africano (10,6%), dos cales a gran maioría son marroquís, seguidos dos nacionais do continente asiático (3,3%) e da Europa non comunitaria (2,2%). Os últimos postos ocúpanos os naturais de América do Norte (1,6%) e de Oceanía (0,1%).

Gráfica 3: Estranxeiros empadroados en Galicia segundo procedencia




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do I.G.E. (2010)

No que se refire ao país de procedencia, Portugal é o que máis nacionais (21.434) chega ao colectivo de estranxeiros afincados en terras galegas, representando o 19,5% do total dos residentes e superando o 52% de todos os chegados da Europa comunitaria (ver gráfica 14). Faremos referencia agora aos procedentes de Brasil (11.645) e Colombia (8.983), como os nacionais latinoamericanos con máis compatriotas nesta parte do mapa. O cuarto país con máis compatriotas empadroados en é Romanía (7.178). En canto aos marroquís (6.380), supoñen o 55% dos provenientes do continente africano (11.588) e as súas preferencias de asentamento sitúanse nas grandes áreas industriais de Vigo e A Coruña, ou ben naqueles municipios que teñen entre 5.000 e 10.000 habitantes.

Así pois, o país luso ademais der o que máis nacionais chega ás cifras de estranxeiros afincados en Galicia en tres provincias galegas é a nacionalidade que prevalece sobre as demais. Na provincia da Coruña é onde atopamos a excepción pois nela están empadroados un maior número de cidadáns brasileiros. No entanto, no último quinquenio, as comunidades que maior incremento experimentaron en Galicia foron a romana e a búlgara, unha tendencia que tamén se produciu a nivel estatal.

Gráfica 4: Estranxeiros empadroados en Galicia segundo nacionalidade




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do I.G.E. (2010)

4. O perfil socio-laboral dos traballadores portugueses no mercado laboral de Galicia

Antes de centrarnos na análise do perfil socio-laboral dos estranxeiros portugueses empadroados en Galicia, cómpre atender a súa distribución xeográfica pois, como veremos, esta é unha variable estreitamente relacionada coas motivacións para emigrar. Tal e como se reflicte na gráfica 5, Ourense, e sobre todo, Pontevedra, (6.856 e 8.581, respectivamente) son as principais zonas de asentamento dos chegados desde o país veciño. Non é demasiado ousado dicir que o elevado número de portugueses na zona sur de Galicia se debe á proximidade xeográfica entre ambas provincias e o país luso.

Gráfica 5: Portugueses empadroados en Galicia segundo provincia




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do I.G.E. (2010)

Tal e como se pode ver na figura 1, a cor predominante reflicte con claridade a importancia cuantitativa do colectivo portugués nas distintas comarcas de Galicia. Tal relevancia é aínda máis evidente nos territorios do sur e, novamente, constata que a proximidade xeográfica é un criterio determinante na decisión de emigrar. Ademais, outro dos factores que semella ter unha gran influencia son as maiores oportunidades laborais, o que anima a estas persoas a situarse en zonas próximas aos grandes núcleos urbanos, caso das cidades de Vigo e A Coruña.

En total acordo con González Pérez (2008), son dúas as características que definen a localización dos estranxeiros no territorio galego. Dunha parte, as motivacións laborais como principal razón para emigrar e, doutra, a importancia de Portugal como principal procedencia da inmigración que recibe a nosa Comunidade Autónoma. Así pois, a zonas de Galicia cunha maior capacidade de xeración de emprego e os espazos fronteirizos con Portugal, por outro, constitúen as zonas de maior concentración dos traballadores chegados dende o país veciño.

Figura 1.: Distribución territorial dos fluxos procedentes do estranxeiro en Galicia



Fonte: Mallo e Cortés (2009, p. 23)

Se facemos a análise por Concellos volvemos a atoparnos cunha situación idéntica na que se volven a cruzar as dúas variables que vimos de referir: a proximidade

xeográfica e as oportunidades laborais. Na provincia de A Coruña e Lugo, o maior número de cidadáns nados en Portugal encontrámolo nos principais núcleos urbanos de cada unha delas (ver táboa). Pero é nas provincias do sur de Galicia onde se reflicte co maior claridade a importancia estratéxica da fronteira portuguesa, pois son os concellos limítrofes os que acollen en maior medida aos chegados dende o país veciño.


Táboa 1: Concellos por provincia con maior número de empadroados portugueses

Provincia	Concello	Nacionais de Portugal
A Coruña	A Coruña	708
	Santiago de Compostela	359
Lugo	Lugo	423
	Monforte de Lemos	226
Ourense	Ourense	1.072
	O Barco de Valdeorras	718
	Verín	1.192
Pontevedra	Tui	468
	O Porriño	418
	Vigo	2.675

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do I.G.E. (2010)

Aínda que polo xeral os fluxos migratorios que chegan Galicia se caracterizan por unha distribución equitativa segundo o sexo, en función da zona de procedencia atopamos importantes diferenzas. Por exemplo, os máis masculinizados proceden da UE ou de África, mentres que aqueles nos que destacan as mulleres teñen a súa orixe en países latinoamericanos. No que se refire a Portugal, a análise desta variable pon de manifesto o maior protagonismo dos varóns nos desprazamentos: o 63,1% son homes e o 36,9% mulleres.

Gráfica 6: Etranxeiros portugueses segundo sexo




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do I.G.E. (2010)

Estamos en total acordo con Pérez González (2008) cando afirma que entre as consecuencias destas diferenzas estruturais por sexos segundo nacionalidade está a caracterización da actividade laboral e a existencia dunha certa asociación de xénero. Neste senso, o traballo na hostalería, servizo doméstico, e o coidado doutras persoas son traballos asociados ao xénero feminino e son cubertos polas mulleres latinoamericanas, mentres que en actividades como a construción predomina a presenza masculina e de europeos, caso dos portugueses.

Atendendo agora á idade, tal e como se pode ver na gráfica seguinte, a proporción de menores de 15 anos non alcanza o 9% e o daqueles que teñen 65 anos ou máis é aínda inferior. Os intervalos máis representados son o segundo (56,1%) e o terceiro (28,3%), é dicir, aqueles que se corresponden cos tramos de idade que permiten participar do mercado laboral. Ao respecto, cómpre sinalar que se ten definido un modelo segundo o cal os colectivos chegados dende países máis desenvolvidos acostuman a ter unha estrutura por idades máis avellentada. Así pois, aínda que entre os non nacionais existe un claro predominio de poboación nova e en idade de traballar, a nivel estatal existen diferenzas importantes entre os chegados dende a Unión Europea (caso dos xubilados europeos) e outras zonas xeográficas, caso de Latinoamérica ou África.

Segundo os datos *Ministerio de Trabajo e Inmigración* (2010), en Galicia as diferenzas son menos acusadas polo peso dos latinoamericanos no total de estranxeiros que, en certa medida, compensa a maior idade media do continxente portugués (36,9). Aínda así, a idade media dos estranxeiros que viven na nosa Comunidade (37,1) supera levemente a estatal (36,5), se ben nas provincias do sur de Galicia as diferenzas son maiores polo continxente de traballadores lusos.

Gráfica 7: Estranxeiros portugueses segundo idade



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do I.G.E. (2010)

Segundo os datos da Enquisa de Poboación Activa elaborada polo INE para o primeiro trimestre do 2010, en Galicia existen 73.390 persoas estranxeiras que participan de forma activa no mercado de traballo; delas 56.130 son clasificados como ocupadas, case o 5,% do total de empregados de Galicia. A poboación estranxeira en Galicia presenta unha taxa de ocupación superior á da poboación galega, concretamente algo máis de 10 puntos porcentuais, se ben nos últimos anos estas diferenzas foron diminuindo por mor da crise económica. Malia a súa elevada participación laboral, a poboación inmigrante enfróntase a unha taxa de paro que tamén supera a dos autóctonos (24,49% e 14,87% respectivamente) e cunha clara tendencia o crecemento.

Outra das variables que nos interesa analizar é o nivel de cualificación dos traballadores en activo e, máis concretamente, o tipo de actividade laboral realizada en función do nivel de estudos. A imposibilidade de dispoñer de datos máis recentes para afondar nas diferenzas que existen en función da nacionalidade, obríganos a empregar os recollidos nun informe elaborado dende a Xunta de Galicia e coordinado por Mallo e Cortés (2009). As cifras que aparecen en dito informe corresponden á media de activos de 2008 e constatan que os estranxeiros teñen unha porcentaxe moito menor de activos con educación superior e superan aos autóctonos nos niveis de ensino inferiores. Na realidade isto tradúcese nun mercado laboral cunha menor presenza dos estranxeiros nas categorías de maior cualificación.

Táboa 3: Poboación activa segundo o nivel de formación acadado

	Galegos	Porcentaxe	Estranxeiros	Porcentaxe	Total
Analfabetos e estudos primarios	153,5	12,3	15,4	22,9	169,0
Educación Secundaria. Primeira etapa	409,3	32,8	26,5	39,4	435,9
Educación Secundaria. Segunda etapa	263,6	21,1	13,3	19,8	276,9
Educación Superior	421,1	33,8	12,0	17,8	433,1
Total	1.247,5	100,0	67,3	100,0	1.314,8

Fonte: Mallo e Cortés (2009, p. 32)

Novamente, vémonos obrigados a utilizar datos do 2008 para analizar as actividades con maior proporción de empregados estranxeiros. Tal e como se mostra na táboa, en primeiro lugar sitúanse a construción (29,25%) e a hostalaría (18,2%). Estes dous sectores concentran case a metade das afiliacións existentes no referido ano no réxime xeral. Neste caso tampouco é posible afondar nas diferenzas que poden existir segundo a nacionalidade orixe.

Táboa 4: Actividades destacadas entre as afiliacións de estranxeiros no réxime xeral


Descrición	Afiacións estranxeiros		Porcentaxe de afiacións na poboación galega
	2008	Porcentaxe	
Construción	9.256	29,25	12,11
Hostalaría	5.760	18,20	4,91
Transporte terrestre; transporte por tubos	1.887	5,96	2,82
Comercio polo miúdo, agás o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, reparación de efectos persoais e utensilios domésticos	1.821	5,75	9,31
Outras actividades empresariais	1.772	5,60	9,63
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	1.452	4,59	5,53
Industria de produtos alimentarios e bebidas	877	2,77	3,38
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	814	2,57	8,62
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	706	2,23	2,55
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	639	2,02	1,6

Fonte: Mallo e Cortés (2009, p.51)

Os resultados derivados da análise das afiliacións segundo o país de orixe amosan que os nacionais de Portugal constituían no 2008 (último dato dispoñible por esta variable) o colectivo máis numeroso entre a poboación estranxeira afiliada á Seguridade Social. Concretamente, este país estaba representado no mercado laboral galego con 11.733 efectivos, o que viña representar nesa data case o 33% do total das nacionalidades. O segundo colectivo máis numeroso é o constituído polos colombianos, que en Galicia rexistraban 3.642 afiliados, é dicir, o 10% do total de afiliacións de estranxeiros á Seguridade Social. Os seguintes postos segundo a nacionalidade ocúpanos os brasileiros, romaneses, peruanos e marroquí; todos eles cunha cifra superior aos 2.000 afiliados.

En canto ao réxime de afiliación, no xeral as cinco nacionalidades máis numerosas correspóndense coas que achegan un maior número de efectivos no total da poboación estranxeira para o 2008. A única excepción encontrámola nos nacionais de Arxentina, que substitúen aos chegados de Perú en importancia cuantitativa. Deste xeito, portugueses, colombianos, brasileiros, arxentinos e romaneses achegan por esta orde o maior número de efectivos ao réxime xeral.

Gráfica 8: Afiliacións de estranxeiros á Seguridade Social segundo nacionalidade. Media decembro 2008.



Fonte: Mallo e Cortés (2009, p. 53)

No réxime de autónomos, que aglutina a inmensa maioría dos traballadores por conta propia, o primeiro lugar vólveno a ocupar os portugueses. Na situación contraria atópanse, os procedentes de Colombia, Brasil e Perú que teñen menor actividade autónoma, mentres que chineses, arxentinos e italianos emerxeron como os traballadores con maior iniciativa empresarial e constituíronse como traballadores por conta propia. No réxime agrario os traballadores portugueses volven a ter unha importante presenza. Estes, xunto cos romaneses e marroquís aglutinan case o 70% do total de afiliados.

O réxime do mar tamén rexistra unha gran concentración en traballadores de tres nacionalidades: portugueses, peruanos e marroquís son os traballadores estranxeiros que destacan na actividade pesqueira.

La formación de profesores continúa siendo un aspecto central de las reformas educativas actuales y es citada en algunos de los procesos de integración entre países europeos y latinoamericanos. De este modo, es fundamental realizar esta mirada hacia las políticas y prácticas de formación de profesores universitarios a partir del prisma de la transnacionalización, puesto que son procesos interrelacionados.

Consideramos necesario repensar las relaciones entre trabajo y formación, profundizando los estudios y reflexiones sobre estos fenómenos, de modo a construir una interdependencia sana, equilibrada y crítica, contestando la superposición del factor económico sobre el educativo y la imposición de un pensamiento único.

Conscientes de que todavía nos queda un largo camino para alcanzar los objetivos inicialmente planteados, presentamos estas reflexiones inaugurales y las abrimos al debate, con la expectativa de profundizar y de compartir futuramente los nuevos avances en la investigación.

Bibliografía

- Antunes, F. (2008). *A nova ordem educacional: Espaço Europeu de Educação e Aprendizagem ao longo da vida*. Coimbra: Almedina.
- Azevedo, M.L.N. (2008). A formação de espaços regionais de educação superior: um olhar meridional - para o Mercosul. *Avaliação: Revista da Avaliação da Educação Superior* (Campinas) v.13, n.3, Sorocaba.
- Bernardini, D. y Pedrosa, F. (2010). Educación superior para una América Latina global. *Revista Iberoamericana de Ciencia, Tecnología y Sociedad*.
- Brasil (1995). Ley 9.131/95 de 24 de noviembre. Brasilia, Diario Oficial da Uniao.

- Brasil (1996). Ley 9394/96 de 20 de diciembre. Brasilia, Diario Oficial da Uniao, 23/12/96.
- Brasil (2006). PL 7200/06 de 12 de junio. *Projeto de Lei de Reforma Universitária*. Establece normas generales para la educación superior.
- Brasil (2007). Decreto 6.096 de 24 de abril. Instituye el *Programa de Apoio a Planos de Reestruturação e Expansão das Universidades Federais – REUNI*.
- Carnoy, M. (2000). *Mundialização e reforma na educação: o que os planejadores devem saber*. Brasília: UNESCO.
- Correia, J. A. y Matos, M. (2001). *Solidões e solidariedades nos quotidianos dos professores*. Porto: ASA.
- Dale, R. (2004). Globalização e Educação: demonstrando a existência de uma “Cultura Educacional Mundial Comum” ou localizando uma “Agenda Globalmente estruturada para a Educação”? *Educação & Sociedade*, 87, 423-460.
- Da Silva, L. L. (2010). *¿Quién forma el formador? Diferentes perspectivas sobre la formación del profesorado universitario en el contexto del Espacio Europeo de Educación Superior: los casos de la URV y de la UP*. Trabajo Final de Máster. Universidad de Granada.
- Delors, J. (1995). *Educação: um tesouro a descobrir*. Relatório da Comissão Internacional sobre Educação para o século XXI. Paris: UNESCO.
- Dias Sobrinho, J. (2005). *Dilemas da educação superior no mundo globalizado: sociedade do conhecimento ou economia do conhecimento?* São Paulo: Casa do Psicólogo.
- España. Ley Org 6/2001 de Universidades de 21 de noviembre. Boletín Oficial del Estado núm. 307 de 24/12/2001, p. 49400-49425.
- España. Ley Orgánica 11/1983, de 25 de agosto, de Reforma Universitaria. Boletín Oficial del Estado núm. 209 de 1/9/1983, p. 24034-24042
- Fernández Lamarra, N. (2010). Hacia la creación de un Espacio Común Latinoamericano de Educación Superior. Su convergencia con el Europeo. En: TEODORO, A. (org). *A Educação Superior no Espaço Iberoamericano. Do Elitismo à Transnacionalização*. Lisboa: Edições Universitárias Lusófonas, 139-166.
- Fernández Lamarra, N.; Mollis M.; Dono, S. (2005). La Educación Comparada en América Latina. Situación y desafíos para su consolidación académica. *Revista Española de Educación Comparada*, 11, 161-187.
- Ferrer, F. (2002). *La educación comparada actual*. Barcelona: Ariel.
- Freire, P. (2001). *Pedagogia da autonomia*. São Paulo: Paz e Terra.
- Hornilla, T. (1999). *Formación del profesorado universitario y calidad de la enseñanza*. Zarautz: Servicio Editorial Universidad del País Vasco.
- Mendes, M. (2010). *A globalização e os processos de transnacionalização das políticas educativas*. Comunicación disponible en la Web, consulta realizada en junio 2010.

- Montanè, A. et al. (2010). Del elitismo a la internacionalización. Desafíos, recorridos y cambios en las políticas de educación superior en España. En: TEODORO, A. (org). *A Educação Superior no Espaço Iberoamericano. Do Elitismo à Transnacionalização*. Lisboa: Edições Universitárias Lusófonas.
- Pedró, F. (2004). *Fauna Académica. La profesión docente en las universidades europeas*. Barcelona: UOC.
- Resnik, J. (2006). International Organizations, the “Education-Economic Growth” Black Box, and the Development of World Education Culture. *Comparative Education Review*, v.50, n.2, may, 173-196.
- Ruiz Bueno, C.; Mas, O.; Tejada, J. y Navio, A. (2008). Funciones y escenarios de actuación del profesor universitario. Apuntes para la definición del perfil basado en competencias. *Revista de Educación Superior*, v.37, n.146, México abr./jun.
- Sabariego, M.; Dorio, I. y Massot, M. I. (2004). Métodos de Investigación Cualitativa. En: BISQUERRA, R. (coord.) *Metodología de la Investigación Educativa*. Madrid: La Muralla, 293-328.
- Schriewer, J. (1996). Sistema Mundial y Redes de Interrelación: La Internacionalización de la Educación y el Papel de la Investigación Comparada. En: M. A., Pereyra y otros (orgs). *Globalización y Descentralización de los Sistemas Educativos*. Barcelona: Ediciones Pomares-Corredor, 17-58.
- Seixas, A. M. (2001). Políticas Educativas para o Ensino Superior: A Globalização Neo-liberal e a Emergência de Novas Formas de Regulação Estatal. En: Stephen R. Stoer, Luiza Cortesão e José A. Correia (orgs). *Transnacionalização da Educação: da Crise da Educação à “Educação” da Crise* (pp. 209-238). Porto: Afrontamento.
- Sousa Santos, B. (2001). *Globalização: Fatalidade ou utopia?* Porto: Afrontamento.
- Teichler, U. (2010). *Sistemas Comparados de educación superior en Europa. Marcos conceptuales, resultados empíricos y perspectivas de futuro*. Edición Especial CIDUI. Barcelona: Octaedro.
- Tejada, J. (2000). La educación en el marco de una sociedad global: algunos principios y nuevas exigencias. *Revista de Currículum y Formación del Profesorado*, n. 4, (1).
- Tejada, J. y Fernández, M. (2009). La calificación de los actores de la formación: una mirada desde la profesionalización docente. En: *Estrategias de innovación en la formación para el trabajo. V Congreso Internacional de Formación para el Trabajo*. Libro de Actas. Madrid: Tornapunta, 13-44.
- Zabalza, M. A. (2002). La enseñanza universitaria: el escenario y sus protagonistas. Madrid: Narcea.

Cruzando a raia
Galegos no Norte de Portugal. Unha emigración histórica

ROCÍO BOTANA IGLESIAS
Departamento de Historia Contemporánea e América
Universidade de Santiago de Compostela

Vistam-me um peralvilho de Lisboa com uns calções de burel, uma jaqueta d'abas, um colete vermelho acertoado, calcem-lhe uns çapatos grossos, deem-lhe uma fouce, e mandem-no para o Alentejo: chamar-lhe-ao gallego, como em Lisboa é gallego todo o homem da Beira, em Coimbra o do Porto, no Porto o do Alto-Minho¹.

1 A emigración galega a Portugal, a pesares de ser aínda pouco estudada, foi moi importante para as dúas beiras da *raia*. Nun dos eidos nos que se pode contrastar este feito é no cultural, xa que moitas son as acepcións de “galego” recollidas en escritos portugueses ao longo dos séculos. Nelas sóese identificar aos galegos, ben como portugueses do norte; ben como á poboación que vive en duras condicións nese país, e que se lle reconece tanto pola vestimenta como pola profesión. As liñas coas que decidimos comezar estas páxinas, pertencen á moi coñecida novela pícaro de Alexandre Herculano, *Typos Portuguezes*. O *gallego*, e son unha pequena mostra disto que se está a contar. Pero habería outras moitas, como por exemplo as que se atopan nos dicionarios lusos do século XIX, onde se poden ler cousas como: *diz-se gallego, o serviçal de recados, portes, carretos, [...] que está a ganho pelas esquinas, nas alfandegas* (corresponde á 5ª edición do *Grande Dicionário da Língua Portuguesa* de António de Moraes Silva); ou na que se sinala ao galego como *moço de fretes que outrora era geralmente da Galiza* (10ª edición do mesmo dicionario); ou tamén na que se di que o galego é aquel que *é natural do Norte de País, sobretudo das Beiras* (Ibidem). Encomezamos entón, estas liñas, poñendo de relevo a importancia da emigración galega a Portugal, e como esta corrente migratoria histórica deixou unha profunda pegada na sociedade de acollida.


1. Introducción

Día tras día, lemos nos xornais artigos sobre a actual onda migratoria dos galegos. Vólvese a encher unha maleta que non se chegou a baleirar de todo. E aínda que o que está a suceder non é comparable a outras correntes migratorias, basta con repasar as últimas cifras do Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE), para comprobar o imparable aumento do número de galegos emigrados, que se no 2009 eran xa de 383.599, no 2010 chégase aos 401.068. Uns datos máis que preocupantes, e se a isto lle engadimos que son agora os máis novos e mellor preparados os que emprenden o camiño cara outros países, cabe reflexionar sobre a cuestión.

Non buscan estes mozos un futuro mellor, non, simplemente van na procura dun futuro laboral que unha vez máis parece que se resiste nas súas vilas e cidades, que se resiste en Galicia. Así, se no 2007, aínda sen crise, 15.000 galegos menores de trinta anos estaban en paro (o 6,7%), hoxe son máis do dobre, aproximadamente uns 74.000 (30,9%) de galegos que queren traballar e non poden.

Pero esta *historia* non é nova. Ciclicamente, vagas de galegos deixan á súa familia, amigos e casa co desexo de acadar unha mellor situación laboral. E é que sen ser un fenómeno exclusivo de Galicia, a emigración constitúe un dos trazos máis característicos da súa poboación, un dos fitos máis importantes da nosa historia. Afectou a toda a súa xeografía, aínda que con diferenzas comarcais segundo os períodos cronolóxicos durante os cales tivo lugar este proceso.

Esta práctica migratoria comeza a facerse tradición en Galicia na época do grande crecemento poboacional dos séculos XVI e XVII, cando os recursos empezan a escasear.



Galegos. Grabado costumbrista de Henry Levlèque

Dende ese período, a emigración non é o único mecanismo (voluntario ou involuntario) que serve de regulador do desaxuste, tamén están o atraso do acceso feminino ao matrimonio, a redución da descendencia familiar, o incremento do celibato por parte das mulleres ou o agravamento das crises de mortalidade. Pero será a emigración a que se converta nunha forma de vida. Será a tradición de cómo subsistir, obter máis ingresos para a familia ou mesmo progresar, converténdose nun elemento estrutural do sistema socioeconómico.

Pois ben, trataremos aquí de retrotraernos no tempo para trazar a

historia dunha emigración, a dos galegos en Portugal. Será unha achega histórica á inserción laboral dos galegos no norte do país veciño. Serán trazos moi sucintos, pero que nos permitirán coñecer un pouco máis esta emigración que estivo solapada polos numerosos estudos da emigración á América, e que as veces fai que pareza que non houbo outra, pero nos descubriremos aquí que non foi así.

2. Historiografía da emigración a Portugal

A monografía de A. Meijide Pardo sobre a emigración galega intrapeninsular no século XVIII, publicada en 1960, marca o punto de partida da investigación sobre o éxodo a Portugal. Nese mesmo ano, outro historiador, neste caso portugués, A. Vieira Braga, poñía nomes e apelidos, a través das informacións de obrigas e contratos de obras, a unha serie de mestres de cantaría galegos afincados en Guimaraes no século XVIII. Xa no 1973, o primeiro destes autores chamaba de novo a atención sobre a presenza de galegos en territorio portugués, neste caso dedicados á pesca e ao comercio de pescado no século XVIII, actividades que foran determinantes precisamente no asentamento de mariñeiros e comerciantes galegos en distintos portos do norte de Portugal xa a partir da Baixa Idade Media e con continuidade nos tempos modernos.

Con estes precedentes será precisamente a partir dos anos 70 cando a historiografía modernista galega empece a prestar atención á análise da emigración galega peninsular, en particular en toda unha serie de monografías comarcais, na súa maior parte teses de doutoramento, que mediante o uso das fontes parroquiais (actas de matrimonio e actas de honras fúnebres por falecidos ausentes), anunciaban xa a diversidade dos modelos migratorios galegos peninsulares.

Con posterioridade, coa mirada posta en América, a prolongación dos estudos migratorios ate o século XIX permitiu a exploración e incorporación de novas fontes documentais, como os censos locais, os expedientes de Quintas, os expedientes de asuntos matrimoniais ou finalmente as listaxes de prófugos publicadas nos Boletíns Oficiais Provinciais.

A I Conferencia Europea da Comisión Internacional de Demografía Histórica (1993) constituíu xa a ocasión propicia para substituír a visión “americanista”, dominante nos últimos anos, por outra centrada nas migracións interiores a curta e media distancia e, polo tanto, no caso galego, nas correntes emigratorias tradicionais para os reinos de Castela e León, para Andalucía e finalmente para o reino de Portugal. Nesta reunión científica, o relatorio de O. Rey Castelao sobre as migracións galegas presentaba xa unha primeira síntese dos ritmos e características da corrente migratoria portuguesa, que aparecen no 1993. Deste ano, datan precisamente os artigos de D. González Lopo sobre a emigración a Portugal a partir do suroeste galego no século XVIII e primeira

metade do século XIX e, á súa vez, de J. A. López Taboada sobre o éxodo galego na primeira parte do s. XIX, baseados en fontes de natureza diferentes: no primeiro caso, en fontes parroquiais; no segundo, na documentación existente no Consulado Xeral de Lisboa e nas listas de prófugos publicadas no boletín Oficial da provincia da Coruña.

Da outra beira da fronteira, deixando á marxe o artigo xa citado de A. Vieira Braga (1960) sobre o traballo temporal de mestres de cantaría en Guimaraes e doutros dous estudos máis, neste caso publicados a comezos da década de 1980, sobre o asentamento de galegos respectivamente nos portos de Viana do Castelo e de Póvoa de Varzim, o interese pola inmigración galega só adquire impulso a partir dos anos 1990 tras a publicación no 1987 da monografía de N. Amorim sobre Guimaraes, que no decenio seguinte se converte no modelo de referencia de toda unha serie de monografías parroquiais, que co apoio da información dos libros sacramentais de matrimonios e de defuntos, documentan a presenza de inmigrantes galegos en diferentes comunidades rurais do norte de Portugal.

Contemporaneamente, outros estudos, neste caso, baseados xa nos rexistros de pasaportes internos e nos títulos de residencia anual e permanente, confirmaban igualmente a presenza de galegos nos portos de Vila do Conde e do Porto, nuns casos como residentes e noutros como “viaxeiros” en tránsito para outros destinos.

Houbo pois que esperar, e ata non fai moito, por estudos de carácter histórico que abordasen o éxodo galego cara Portugal, e case sempre, na época moderna, que se ben é certo, foi a de maior impacto. Desexamos que isto non sexa máis que o comezo, e que as investigacións consigan abranguer unha cronoloxía completa.

3. Galegos no Norte de Portugal. Unha emigración histórica

O movemento de poboación galega máis común durante as centurias do XVI ao XVIII foi cara zonas de Castela, Andalucía e Portugal. É a emigración intrapeninsular da época moderna.

A maioría das comarcas galegas experimentaron dende o século XVI, e sobre todo, durante o XVII e no XVIII, algunha modalidade desta emigración, que presenta diferenzas territoriais marcadas pola elección do destino, da duración (curto, medio ou longo prazo) e a ocupación laboral.

Así, a emigración estacional a Castela pode considerarse como o fenómeno migratorio máis tradicional da Galicia do Antigo Réxime. Documentados, polo menos a partir do século XVII e cunha gran continuidade ata o período contemporáneo, os desprazamentos temporais ás segas de Castela, aínda que dificilmente cuantificables, alimentaban un fluxo migratorio no que participaban miles de campesiños galegos á busca dun complemento aos ingresos familiares.

Entre os movementos migratorios de ciclo curto, tamén salientaba a emigración temporal de persoas que desempeñaban oficios relacionados coa construción (canteiros, telleiros, carpinteiros, etc.), co metal (afiadores) ou co tráfico ambulante (ferrancheiros, trapeiros, etc.).

Pero ademais dos movementos migratorios estacionais, en Galicia tamén se expandiu a emigración intrapeninsular por varios anos ou con carácter definitivo. Así, a emigración plurianual ou permanente en Madrid e noutras cidades castelás, deixa constancia de galegos dedicados maiormente en ocupacións con escasa cualificación profesional: mozos de cordel, criados de almacén, labregos, e un longo etc.

No século XVIII o destino andaluz tende a substituír con forza á emigración a Castela. Soen ser estes, desprazamentos temporais de 3-4 anos de duración, onde os galegos acudían para traballar estacionalmente nas vendimas e noutras tarefas agrícolas, pero sobre todo, para permanecer durante anos traballando como augadores, portadores, serventes, xornaleiros e noutros oficios en urbes como Granada, Córdoba, e fundamentalmente nas cidades relacionadas co tráfico americano, como por exemplo Cádiz, xa que estas eran o trampolín para pasar a América durante o tempo no que houbo restricións legais que prohibían dirixirse cara ós novos países independentes.

E se ate mediados do século XVIII Castela e Andalucía foron os destinos maioritarios da emigración galega, a partir dos anos 20 desa centuria, estes ceden terreo diante do crecente protagonismo da emigración ao territorio portugués. Moitos galegos buscarán traballo nesas terras aproveitando as novas oportunidades de emprego. Portugal pasará a ser entón, o novo lar de moitos galegos, tanto a curto como a medio prazo.

Pero por qué emigraban estes galegos? Moitas son as circunstancias que levaban aos nosos devanceiros a emprender camiño cara outros territorios. Así, na base da mobilidade está a peculiaridade do minifundio unido a sistemas hereditarios ríxidos,



Imaxe de Porto, 1850

a falta de expectativas de traballo para unha poboación que debe dedicarse á artesanía e traballos manuais por falta de terra, unha presión fiscal moi importante, ademais dun “imposto de sangue” (recrutamento militar) pesado, selectivo e penalizador para os máis pobres. E, de vez en cando, guerras fratricidas ou crises de subsistencia que desencadean incrementos anómalos nos

fluxos normais. Así, falar das migracións dos galegos é case esboza-lo mesmo cadro: preto do 30% dos ausentes na poboación activa masculina das aldeas rurais comprobados a través das listas de confessados; perfís de idade marcados pola xuventude; unha intensa fuga ó recrutamento que, sen embargo, en ocasións era coincidencia cun patrón tradicional de saída da casa a partir de anos temperáns, para inicia-la aprendizaxe dos oficios e da vida; a permanencia das mulleres na casa para aseguraren as tarefas agrícolas na propiedade exigua e insuficiente; un retorno que oscila en torno ó 40-50%, e que leva ó investimento na terra das contías aforradas na emigración.

Así, cando os “bandos” de galegos atravesaban as fronteiras e entraban en Portugal non viñan resolver por si sós un problema de falta de man de obra orixinado pola emigración, no Norte, ou pola débil densidade de ocupación, no Sur. País de emigración, Portugal é tamén país de inmigración e de intensas migracións internas. En verdade, grande parte da poboación do Norte movíase en adaptación continua e os galegos incorporábanse nese movemento, que ocasionaba a recomposición do mercado de traballo. Sendo o Noroeste unha zona de minifundio, verificase frecuentemente un excedente de forza de traballo nas casas agrícolas, que, estratexicamente, importaba rendibilizar. Ademais das típicas migracións estacionais para o Sur, a emigración para Brasil ou para as cidades, vai entón obedecer a un proceso máis real de distribución profesional no interior da familia, no sentido de garanti-la autonomía dos diversos fillos e permiti-la transmisión da terra na súa integridade á xeración seguinte. Previñanse, deste modo, de antemán e con seguridade, os momentos de sucesión, principalmente antes das décadas finais do século pasado, cando a emigración para Brasil asumía aínda un carácter moi selectivo.

Pero a saída dos mozos debilita moitos casais no referente á man de obra, feminizando e envellecendo moitas familias, polo que ou se intensifican as potencialidades de traballo dos elementos residuais, en especial os do sexo feminino, ou se recorre á adquisición doutras fórmulas máis baratas e precarias (criados e xornaleiros). É nesta perspectiva que a emigración provoca migracións de substitución, moi visibles no Noroeste, en particular no litoral do distrito de Porto: son mozos de zonas máis interiores e afastadas que chegan á rexión para ocupa-lo espazo deixado polos que parten, aínda que aí pasen a vivi-lo clima social favorable á emigración que moitos deles van despois experimentar, nun traxecto migratorio por etapas. Estamos ante o coñecido fenómeno de *contra-correntes*² migratorias, no que individuos con menores posibilidades (económicas, culturais, etc) van ocupar temporalmente os segmentos de mercado de traballo deixados por outros interesados en migracións máis rendibles.

2 Como así lle chama Jorge Fernandes Alves.

Así, a circulación de persoas e de bens e mercadoría a un lado e ao outro da *raia*, aínda que certamente moi anterior no tempo³, adquire un impulso sen precedentes ao longo da época moderna, se ben non en todas as fases presenta a mesma fluidez e intensidade; así, no período intermedio, entre o inicio da Guerra de Restauración (1640) e o fin da Guerra de Sucesión española (1714), os intercambios restrínxense poderosamente, pero de novo tras a pacificación vólvese intensificar a circulación de persoas e os intercambios comerciais, tan só interrompidos ata comezos do século XIX en dous momentos puntuais, en concreto en 1762, con ocasión da “Guerra Fantástica”⁴ e, á súa vez, no 1801 con ocasión da “Guerra das Laranxas”⁵.

Con posterioridade, durante o primeiro terzo do século XIX, son xa os propios avatares políticos e bélicos internos de cada reino os que non crean o clima máis propicio para o desprazamento e a estanza de galegos, que, malia iso, seguen entrando en territorio portugués como traballadores nos sectores xa tradicionais da agricultura, da construción e do comercio, pero tamén, a causa de alternancias de poder no reino hispánico, en calidade de exiliados, refuxiados e facciosos políticos segundo as épocas de partidos políticos diferentes –realistas, liberais e carlistas–, algúns dos cales organizan partidas e cuadrillas que fustigan ao exército real nas zonas fronteirizas. Tamén durante este período inicial do século XIX se multiplica a presenza de galegos prófugos do servizo militar, en particular dende a primeira guerra carlista, entre 1835 e 1839, anos en que se decretan precisamente sendas levas extraordinarias e no intermedio da cal se establece o servizo militar obrigatorio (1837).

No período anterior á Guerra de Sucesión española son poucas as noticias que temos sobre a presenza de galegos no norte de Portugal; en parte, porque só a partir do final do citado conflito bélico é cando o éxodo galego a estas áreas experimenta un impulso sen precedentes. Así, as publicacións máis recentes sobre a emigración galega a Portugal sitúan este cambio de magnitude a partir do decenio de 1720 e, polo tanto, tamén o momento de mudanza do modelo emigratorio nalgunhas bisbarras galegas

3 A relación entre Galicia e Portugal vén de antigo, e non só coas comarcas máis próximas á fronteira, onde os contactos pesqueiros e comerciais foron moi intensos dende a época medieval. Xa en documentos lusos datados en 1371 consta a presenza dunha máis que discreta colonia galega, neste caso en Lisboa, dedicada a actividades modestas e de pouco aprecio por parte dos naturais, que non vian con bos ollos a aqueles northeños aos que acusan de miserables, dos que a cidade non obtiña proveito, senón que perdía polo diñeiro que levaban ao regresar aos seus lugares de orixe.

4 Recordemos que a chamada “Guerra Fantástica”, ou tamén “Guerra dos Pactos de Familia”, foi aquela pola cal quedou coñecida a participación de Portugal na “Guerra dos Sete Anos” (1756-1763).

5 A “Guerra das Laranxas” foi un breve conflito militar que enfrontou a Portugal contra Francia e España en 1801.

do sueste da provincia de Pontevedra e do interior ourensano, que abandonan progresivamente os antigos destinos casteláns ou andaluces polos portugueses.

No aspecto da mobilidade, a separación entre galegos e miñotos, por exemplo, era case só marcada pola liña da fronteira, elemento de separación para os políticos e para a administración, pero espazo de relación para a poboación en xeral, cunha grande parte desta en *giro contínuo*, como reconece algunha da lexislación que tenta colocar orde nestes movementos dun lado para o outro, ó tempo e en grande medida incontrolables. Sen embargo, para parte do século XIX, esta lexislación da mobilidade interna e externa acabou por producir rexistros de control que hoxe lanzan algunha luz sobre o movemento: referímonos, no caso da entrada de estranxeiros, ós *vistos* en pasaportes e ós permisos de residencia, estes destinados ós que permanecían máis tempo en Portugal, pois non o precisaban os que *em contínuo giro entram n'este reino ou d'elle saem por causa do seu constante commercio e relações en Portugal e Hespanha*, os cales soamente estaban suxeitos a un simple salvoconducto⁶.

A información cuantitativa, proveniente dos permisos de residencia, comeza a ser máis fidedigna a partir de 1870, en cumprimento da convención consular que establecía criterios de reciprocidade no acollemento dos nacionais dos dous países e en que unha das preocupacións principais era combater-la fuga ó recrutamento. Listas de prófugos e desertores circulaban entón entre as autoridades administrativas e, por indicación governamental, fixéronse, entón, innumerables redadas policiais para dete-los indocumentados que, segundo o caso, poderían ser entregados ás autoridades españolas ou seren unicamente obrigados a inscribirse: no caso de Porto, as detencións chegaron a algunhas centenas. Pola súa vez eran habituais os chamamentos do consulado de España na prensa para que os individuos que non estivesen en regra legalizasen a súa situación, o cal reconecía que eran moitos os indocumentados.

Jorge Fernandes Alves, no seu estudo *Peregrinos do traballo, perspectivas sobre a inmigración galega a Porto* (1997), preséntanos unha aproximación do volume da comunidade española (pero practicamente toda galega, pois nos rexistros do lugar de nacemento a penas aparece Galicia, ás veces con mención a Pontevedra e Ourense, sen máis pormenores), que se atopaba en Porto entre os anos 1855 e 1912, unha época en que o cómputo é máis fidedigno, constando preto de 3 millares de individuos⁷, con cerca de 2000 a 2500 rexistros de tipo anual e algunhas centenas de residencia permanente⁸.

6 En Regulamento do 7 de abril de 1863.

7 Como ben indica Jorge Fernandes Alves, este volume preto dos tres millares de galegos en Porto está próximo ó presentado polo Censo de 1890 (3408 españois para a cidade, nun total de 27.138 para o país), sendo menos de metade do que Meijide Pardo apuntaba para a mesma época, que fai unha estimación de 60.000 para finais do século. Pero é un volume moi próximo ós cálculos efectuados polo cónsul de Porto que, baseándose en múltiples informacións

Na década dos 90 asístese a un refluxo importante nesta corrente inmigratoria que decae, aínda que lentamente, por sobreposición doutras oportunidades de emigración máis vantaxosas e dirixidas para o continente americano, sobre todo despois de que Vigo se converteu nun porto de escala importante nas carreiras de vapores transatlánticos, mesmo para os portugueses que se dirixían a Brasil¹. Feito que coincide coas afirmacións de diversos autores españois que sitúan por esta altura unha caída moi acentuada nas migracións intrapeninsulares de tipo tradicional.

Polos datos presentados pódese afirmar que, a pesar da grande circulación dos galegos, hai unha parte substancial que realiza estadias duradeiras ou mesmo definitivas en Portugal. Soamente unha pequena parte utiliza Porto como punto de partida para Brasil, un pouco máis elevada na fase de contratación de colonos por parte dos axentes brasileiros que operan en Portugal, diminuíndo logo coas maiores facilidades de embarque a partir de Vigo.

Respecto dos emigrantes, hai diferenzas de perfil de idade entre os diversos tipos de inmigrantes galegos: os de mobilidade máis acentuada presentan unha grande xuventude, destacando os mozos en idade militar, pero pódese dicir que a mobilidade é aínda moi acentuada ata os 50 anos, no que se refire ós homes. É dicir, a condición de migrante para moitos ocorre durante a vida enteira, non se limita á fase da xuventude. Xa para o pequeno número de mulleres o intervalo dos 20-30 anos é decisivo. Para os que optan pola residencia permanente en Portugal iso só acontece a partir dos 40 anos.

Esta “peregrinación” case permanente é realizada por individuos na súa maioría solteiros, como a forte xuventude antes referida deixa supor. Así, só o 35% dos migrantes que solicitan permiso de residencia anual son casados e do sexo masculino. A muller casada galega practicamente non emigra, que desprazarse só lle estea permitido ás solteiras e viúvas, condiciona, e moito, este feito. E no que se refire ó grupo dos que solicitan permiso de residencia permanente, verificase que a grande maioría está casado, e en máis da metade dos casos tamén con mulleres foráneas.

Pero por qué ao norte de Portugal? Esta afluencia sen precedentes de emigrantes galegos xustifícase polas indubidables oportunidades de emprego e de salarios en principio máis elevados, propiciadas pola expansión económica do norte de Portugal e, en particular, da rexión do Douro. Así, a documentación da época avala a expansión da produción cerealeira dende a década de 1710 á de 1760; confirma así mesmo a ampliación da superficie dedicada a oliveiral e, sobre todo, a viña, segundo C. Ribeiro de Castro (1796), en toda a provincia e, en particular, na rexión do Douro a raíz do forte

que non especifica, establece unha evolución de galegos en Portugal que oscila entre preto de 20.000, en 1861, e 24.000 en 1871, distribuíndoos en 19 clases ocupacionais.

8 Convén subliñar que o permiso de residencia permanente era obtido despois de cinco anos de estadía con permiso anual, sendo este renovado ata alcanzar aquel estatuto.

incremento das exportacións do viño de Porto cara ao mercado inglés e brasileiro. En consecuencia, a expansión da produción agrícola e, sobre todo, vitícola ampliou a demanda de forza de traballo e, por conseguinte, as oportunidades de emprego no sector, ben con carácter estacional (xornaleiros en cáva, na poda, nos plantíos, na vendima, etc.), ben con carácter temporal ou definitivo (criados de servir, criados de laboura), pero tamén no sector secundario, por canto a produción vinícola esixía o traballo de artesáns especializados como toneleiros, carpinteiros e, sobre todo, canteiros, neste caso imprescindibles para a composición e arranxo de socalcos e das paredes das viñas, pero tamén para a construción dos edificios de produción (lagares, adegas, almacéns), e así mesmo, no período precisamente en que o estilo barroco alcanza o seu apoxeo no norte de Portugal, para a edificación e remodelación de capelas e igrexas parroquiais e de casas de residencia señoriais, que proliferan na rexión duriense entre 1720-1730 e no período final do século.

Pero non son exclusivamente labradores, xornaleiros agrícolas e canteiros galegos os que veñen “aos ganhos”, porque con certa frecuencia se cruzan tamén con “almocreves”, tendeiros “vendilhaos” da mesma nacionalidade nestas terras portuguesas do norte, que, xunto ás da outra parte da fronteira, constitúen unha especie de área de complementariedade económica, en particular comercial, na que se moven e intercambian bens e mercadorías de produción rexional ante a insuficiencia duns a un lado da fronteira e doutros ao outro; con tal motivo, arrieiros, negociantes, tendeiros e quincalleiros galegos concorrián frecuentemente ás feiras do norte de Portugal.

As oportunidades de emprego no sector agrícola, principalmente no vitícola, no da construción e, finalmente, no ramo comercial atraen, en definitiva, a partir do termo da Guerra de Sucesión española a un continxente crecente de galegos ao norte de Portugal. O seu número é imposible de precisar, en termos absolutos, as estimacións existentes son escasas e tardías. Un informe portugués de 1873 estimaba en 5.000 os traballadores galegos que seguían chegando a principios desta década á rexión do Douro. Anos despois, o censo de 1890, nun momento xa de decadencia da emigración galega, cifraba en 3.075 os españois residentes, máis do 90% galegos, nos distritos de Bragança e de Vila Real.

A inserción en redes familiares ou de veciñanza era decisiva para encontrar ocupación duradeira non só nas cidades do norte, senón en todo Portugal, e non só para os galegos senón tamén para tódolos forasteiros. Por iso non sorprende que fosen predominantemente as profesións de baixo estatuto social as que esperaban pola maioría dos inmigrantes que do campo marchaban con rumbo á cidade.

Respecto á información sobre os datos persoais dos emigrantes galegos, as fontes, dun lado como doutro da fronteira, son certamente dispaes e irregulares á hora de proporcionar información, e sobre todo, das súas actividades profesionais. Pero ademais, cando se dispoñen destes datos, son tardíos. Pero para ir rematando,

débase destacar o emprego en catro sectores profesionais, sen que se poida concretar moi ben a súa respectiva importancia estatística: no servizo doméstico urbano, como asistentes ou criados de servir; na actividade agrícola como “criados de laboura” e como xornaleiros agrícolas; na cantería; e finalmente no transporte de mercadorías e no comercio como “almocreves”, negociantes, traficantes, tendeiros, “vendilhaos”, oleiros, sogueiros e cordeiros.

Xa a finais do século XIX, comeza a verdadeira emigración cara América, e moitos galegos cambian as súas preferencias migratorias, entre elas Portugal, e en concreto o norte dese país por un destino transatlántico, que os levará a Arxentina, Cuba, Uruguai, Brasil, etc. Sen embargo, aínda no ano 1890, e a pesar de representar ese momento de declive da inmigración galega, son censados 27.138 españois distribuídos por tódolos distritos de Portugal Continental, e unicamente non se rexistra a presenza de ningún español en 24 dos 263 concellos continentais, aínda que os dous grandes polos de concentración sexan Lisboa e Porto, isto para o compoñente máis estable, que estaba presente en Portugal na fase do final de ano correspondente á realización do censo. E como indica o Cónsul español de Porto, pódese considerar que o 97% dos residentes españois son galegos⁹.

4. Conclusión

Non hai semana, dende que comezou *a crise*, na que non atopemos algunha noticia nos xornais sobre a marcha de estranxeiros de Galicia. O colectivo de inmigrantes residentes nesta Comunidade Autónoma está encabezado por portugueses, que roldan a cifra de 22.000. Pero durante décadas, e centurias, houbo unha situación inversa, onde os españois, e en concreto, os galegos, cruzaban a *raia* cara o país veciño en busca de mellores perspectivas vitais. Apuntamos en páxinas anteriores que xa no século XIV hai indicios de galegos no país luso, un número que irá en aumento exponencialmente, ata o século XVIII-XIX, momento de maior auxe, e que irá perdendo vigor dende finais desa centuria e comezos do XX, período no que comeza o que se deu en chamar a *etapa de emigración masiva a América*, na que os galegos emprenden viaxe alén mar.

Sen embargo, a emigración a Portugal nunca se abandonou de todo, durante as primeiras décadas do século XX, pódese constatar, aínda que sexa con cifras moi miúdas, que segue habendo un tradición que leva aos galegos que marchan do seu lar, a decidirse por ese destino. Tamén durante a Guerra Civil Española, centos e centos de galegos foxen cruzando os montes que separan Galicia do norte do país luso, moitos acaban instalándose alí e vivindo ata os seus últimos días nese país. Xa durante a

9 Cifras extraídas de Jorge Fernandes Álves (1997).

época de posguerra, a partir da década dos anos de 1940, vólvese a reactivar uns fluxos migratorios nos que algúns galegos, aínda que cabe dicir que non eran en número comparable aos que emprendían viaxe cara Inglaterra, Alemaña ou Francia, elixen de novo o país veciño para probar sorte, sobre todo, no sector da hostalería¹⁰. E xa en anos máis recentes, na década de 1990 e inicios do novo decenio, hai unha corrente, con relativa importancia, de profesionais, neste caso licenciados, que elixen instalarse en Portugal porque ofrecen mellores condicións laborais, é sobradamente coñecido o caso dos profesionais da sanidade (hai uns cinco mil médicos e enfermeiros españois en Portugal, a maioría galegos, entre outras cousas, pola facilidade do idioma. É esta unha migración de curta duración, entre 3 e 4 anos).

Así, cabe dicir, que as migracións a Portugal, e en concreto ao norte deste país, foron das máis numerosas das que saíron de Galiza, e deixaron unha pegada moi fonda. Tanto, que nos escritos lusos os galegos non aparecen como españois, senón que nas actas notariais aparecen como *galegos* ou *fillos do Reino de Galiza*, unha marca distintiva que deixa en evidencia a importancia que supuxo para a historia portuguesa as correntes migratorias de galegos. A este respecto é anecdótico cando no 1801, no conflito que enfrontou a España e Portugal xa citado anteriormente, se plantexou por parte dos lusos a expulsión dos cidadáns galegos, pero desaconsellouse a medida por parte do Intendente General de Policia do Reino porque *se se mandassem embora não haveria quem servisse as cidades de Lisboa e Porto*.

Por todo o que se leva dito ao longo destas páxinas, pero sobre todo, por todo o que aínda non se dixo, a emigración galega a Portugal é unha cuestión histórica de fonda relevancia, e que merece, e necesita, un estudo moito máis profundo por parte dos investigadores de ambos lados da *raia*, sobre todo, no que atinxe á época contemporánea, pouco estudada, e que se intentá nunha vindeira ocasión.

5. Bibliografía

- Alves, J.F. (1997). Peregrinos do traballo. Perspectivas sobre a inmigración galega en Porto. *Revista de Estudos Migratorios*, 4, 69-81.
- Eiras Roel, A. (ed.) (1992). *Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Secretaría Galega de Relacións coas Comunidades Galegas.
- Eiras Roel, A. (1994). Migraciones internas y medium-distance en España en la Edad Moderna. *Migraciones internas y medium-distance en la Península Ibérica, 1500-1900*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, vol. II, 37-83.
- Fernández Cortizo, C. (2006). La emigración gallega a las provincias portuguesas del Miño y de Trás-os-Montes y Alto Duero durante el siglo XVIII y la primera mitad del XIX. *Noroeste. Revista de Historia*, 2, 39-51.

10 Apuntemos que o primeiro Sindicato Portugués de Hostalería foi fundado por galegos.

- Fernández Cortizo, C. (2007). Ir aos ganhos: a emigración galega ao norte de Portugal (1700-1850). *Pasado e presente do fenómeno migratorio galego en Europa*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 17-49.
- Fernández Cortizo, C. (2010). A imigración galega no Entre-Douro e Miño de 1700 a 1850: condicións persoais e ocupacións profesionais dos emigrantes. *Estudos regionais. Revista de cultura do Alto Minho*, 4, 13-33.
- González Lopo, D. (1993). A emigración a Portugal desde el suroeste de Galicia en los siglos XVIII al XIX. *Actas do Colóquio Internacional sobre Emigração e Imigração em Portugal (séc. XIX-XX)*. Lisboa: [s.n.], 373-391.
- González Lopo, D. (2006). Os galegos en Portugal: un exemplo típico de mobilidade na época pré-industrial. *As migracións en Galiza e Portugal. Contributos desde as Ciencias Sociais*. Santiago de Compostela: Candeia, 237-266.
- González Lopo, D. (2009). Gallegos en Portugal, una emigración (casi) olvidada (1700-1950). *Migrações, permanências e diversidades*. Porto: Afrontamento, 187-215.
- López Taboada, J.A. (1994). Emigración gallega a Portugal en la primera mitad del siglo XIX. *Migraciones internas y medium distance en la Península Ibérica, 1500-1900*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, vol. II, 417-426.
- Meijide Pardo, A. (1960). La emigración gallega intrapeninsular en el siglo XVIII. *Revista de Estudios de Historia social de España*, IV, 2, 489-522.
- Postigo Aldeamil, M^a J. /2007). Acerca de O Galego: Vida, ditos e feitos de Lázaro Tomé de Alexandre Herculano. *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península*. Sada: Edicións do Castro/Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG), 637-644.
- Rey Castelao, O. (1994). Movimientos migratorios en Galicia. *Migraciones internas y medium distance en la Península Ibérica, 1500-1900*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, vol. II, 85-130.
- Rey Castelao, O.; Reyes Hurtado, M. (2003). Las migraciones en la Galicia moderna: breve reflexión historiográfica. *Balance de la historiografía modernista, 1973-2001*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 77-92.

A migración feminina na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal: algúns apuntes para a investigación cualitativa e a orientación profesional a partir duns poucos datos relativos ao caso de Ourense

MARGARITA VALCARCE FERNÁNDEZ
Universidade de Vigo

1. Introducción

Galicia comparte con Portugal a mesma distancia territorial do resto de Europa, conectada coa rexión Norte de Portugal. As dúas constitúen unha eurorrexión enmarcada na periferia atlántica da Unión Europea.

A conexión atlántica do territorio galego está integrada polo eixo A Coruña-Santiago-Vigo e pola metade meridional de Galicia, en particular, a cidade de Ourense, amosándonos unha estreita relación coas estruturas de poboación do eixo atlántico que enlazan coa estrutura de poboamento da rexión Norte de Portugal.

A incorporación de Portugal e de España á Unión Europea representou unha oportunidade de impulsar as interrelacións entre as rexións do noroeste peninsular. Este proceso á vez, favoreceu a creación da Comunidade de Traballo Galicia mais o Norte de Portugal constituíndose no embrión dun marco institucional adecuado para a consolidación dunha das áreas transfronteirizas con maior potencial da Unión Europea e capacidade de reforzamento da cohesión ibérica (Faina, J.A. e Outros, 2002). É neste espazo no que nos propuxemos iniciar a exploración dalgúns datos acerca da

mobilitade laboral feminina, para extraer algunhas conclusións que pudesan amosar vías máis profundas de diagnóstico e análise das necesidades das mulleres en materia de orientación, formación e emprego neste contexto cultural, político, social, económico, educativo, formativo e de emprego.

A situación xeográfica de Galicia, necesariamente marcada pola veciñanza con Portugal, xerou unha particular realidade social e económica caracterizada polo constante fluxo de persoas, capitais e intereses entre a Comunidade Autónoma galega por un lado e o Norte de Portugal por outro lado. Son numerosas as repercusións de tal intercambio permanente, especialmente no eido laboral e da Seguridade Social, polo que tanto o ordenamento comunitario como os dereitos internos se dotaron de numerosas normas na materia, destinadas non só a favorecer a ansiada libre circulación, senón tamén a preservar os dereitos -sinaladamente laborais, de Seguridade Social ou en materia de prevención de riscos laborais- dos protagonistas da referida mobilidade (Fernández, M. e Outras, 2009).

Inda que no formal, distintas normas comunitarias (regulamentos, directivas), españolas (leis, reais decretos) e portuguesas (leis e decretos lei) regulan o tránsito das persoas dun país a outro por ter que desenvolver unha actividade laboral, son as protagonistas femininas da mobilidade clasificadas nos seguintes subgrupos tipolóxicos, as que nos ocupan nesta comunicación¹:

Traballadoras desprazadas	Sen libre dereito de circulación. Desprazadas pola empresa. Circulación amparada polo dereito á libre prestación de servizos que ten a empresa no ámbito comunitario con carácter transnacional ²
Traballadoras extracomunitarias	Sen libre dereito de circulación Consideradas estranxeiras precisan de autorización administrativa, tuteladas polo respectivo mercado de traballo
Traballadoras migrantes clásicas	Fixan a súa residencia no Estado do que non son nacionais e no que pasan a desenvolver a actividade.
Traballadoras fronteirizas/comunitarias	Desprázanse para traballar -por conta propia ou allea- ao país veciño diariamente. Libre circulación regulada pola normativa europea
Traballadoras de tempada	Desprázanse puntualmente por períodos de tempo curto para exercer unha actividade concreta contratadas pola empresa do país no que non son nacionais
Traballadoras - estudantes	Desprázanse para completar estudos universitarios ou participar en programas de formación para o emprego

Táboa 1. Elaboración propia.

Fonte: Informe sobre o mercado laboral da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e a mobilidade de traballadores. CEG, 2009

1 Fernández, M., Fernández, F., García, P. E Valcarce, M. (2009). O MERCADO LABORAL DA EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL E A MOBILIDADE DE TRABALLADORES. Santiago de Compostela: CEG

2 art. 49 e seguintes do TCE

Polo que se refire ás protagonistas da mobilidade, os datos refírense as “migrantes clásicas”, demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia e clasificadas polo mesmo, nas tres seguintes categorías:

- **Estudantes.** Demandantes de emprego que solicitan emprego ocasionalmente e que alternan este co estudo, non sendo o emprego o seu principal obxectivo.
- **Ocupadas que demandan mellor emprego.** Demandantes ocupadas que solicitan un emprego mellor. Ben por promoción profesional, melloras salariais, de xornada, da cualificación, xeográficas, etc., con fins de axuste e conciliación da vida persoal-familiar e laboral³.
- **Resto:** Demandantes de emprego en xeral que ben demandan emprego, solicitan formación ou buscan outros beneficios, tales como: acceder a servizos sociais locais, entre outros: tarxetas de autobús, acceso a centros de ocio, becas, axudas sociais para a unidade familiar, acceso a programas/proxectos piloto etc.

2. A mobilidade laboral das mulleres na eurrrexión

